

INDICE:

- 1. INTRODUCCIÓN.....PÁX. 5**
- A. O NOSO CENTRO RURAL AGRUPADO
 - B. CONTORNO ESCOLAR
 - C. ESPAZOS E MATERIAIS
- 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO.....PÁX. 8**
- 2.1 ELABORAR A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL COMO INSTRUMENTO GUÍA DO TRABALLO, ASUMIDO POR TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO.
 - 2.2 REVISAR E RENOVAR O PEC E AS NORMAS DE CONVIVENCIA Y CONDUCTA DO CENTRO.
 - 2.3 REVISAR O PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO
 - 2.4 REVISIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR. ACCIÓNS
 - 2.5 REVISAR O PROXECTO LECTOR DO CENTRO
 - 2.6. REVISAR E MELLORAR O PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 2.7 LEVAR A CABO A PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL NO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA(SECCIÓN BILINGÜES) E O PROXECTO PLURINFANTIL
 - 2.8. POÑER EN MARCHA O PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES.
 - 2.9 LEVAR A CABO O PROXECTO ROBOTICRÁ-PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN
 - 2.10 LEVAR A CABO O OS DIFERENTES PROXECTOS MEDIOAMBIENTAIS VOZ NATURA, PRESENTADOS PARA ESA NOVA EDICIÓN.
 - 2.11 MELLORAR OS ESPAZOS E EQUIPAMENTOS DAS ESCOLAS UNITARIAS DE ACORDO COA SÚA CONFIGURACIÓN COMO CENTRO RURAL AGRUPADO (SETE UNIDADES E SEDE).
 - 2.12 IMPLICAR DIRECTAMENTE E INFORMAR AOS PAIS/NAIS DE ALUMN@S SOBRE O PROCESO FORMATIVO E DE ADQUISICIÓN DE COÑECAMENTOS DOS SEUS FILLOS/AS.
 - 2.13 COLABORAR DIRECTAMENTE COA ANPA
 - 2.14 CELEBRACIÓN DE FESTIVAIS ESCOLARES E CONMEMORACIÓNS.
 - 2.15 MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DO CENTRO, DA NUBE E DOS BLOGS
 - 2.16 APLICACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DIXITAL
 - 2.17 APLICACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ORIENTACIÓN



3. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO.....PÁX. 18

3.1 PERIODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE E.I

3.2. CALENDARIO DE DÍAS NON LECTIVOS E DE LIBRE DISPOSICIÓN

4. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO.....PÁX. 19

A. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS CURSO 2021/2022

B. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E O HORARIO DA BIBLIOTECA DO CENTRO

C. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

5. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....PÁX. 28

A. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

B. XORNADA SEMANAL DO PROFESORADO

C. DURACIÓN SESIÓNS ESPECIALISTAS

D. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

E. PLAN DE SUBSTITUCIÓNS

F. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

G. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOVERNO

- Órganos de goberno unipersoais
- Órganos de goberno colexiados

H. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

I. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

J. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

K. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

L. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

6. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.....PÁX. 50



A. DESCRICIÓN DOS PROGRAMAS

7. PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....PÁX. 51

- A. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN
- B. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL
 - LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR 2021-2022
- C. PROXECTOS VOZ NATURA E MEDIAMBIENTAIS
 - "A NOSA PEGADA" (CAMPORRAPADO)
 - "PEGADAS SERGUDENSES" (SERGUDE)
 - "ECO+EDUCO=CONSUMO" (LESTEDO)
 - "O CARBALLO DAS MENTIRAS" (SARANDÓN)
 - "O HORTO DE S. XIÁN" (S. XIAN)
 - " UNHA MIRADA Á NOSA CARBALLEIRA". (S. FINS)
- D. PLAN PROXECTA
- E. FOGGA
- F. PROXECTO INTERCULTURAL
- G. PROXECTO GREENSEEDS
- H. PLAN ORIENTACIÓN



8. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....PÁX.168

- PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIALIZACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

9. TAREFAS EXTRAESCOLARES.....PÁX.175

10. PLAN DE CONVIVENCIA, IGUALDADE E BENESTAR.....PÁX.175

11. PLAN ANUAL DE LECTURA.....PÁX.193

12. PLAN DIXITAL.....PÁX.200

13. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS ESPECÍFICAS DO PLAN DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.....PÁX.214

14. CENTRO PLURILINGÜES.....PÁX.216

- SECCIÓN BILINGÜE



- PLURINFANTIL

15. AVALIACIÓN E APROBACIÓN DA PXA.....PÁX.244

- A. AVALIACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR
- B. APROBACIÓN POLO CLAUSTRO
- C. APROBACIÓN POLA DIRECCIÓN DO CENTRO



1. INTRODUCCIÓN

A presente programación Xeral Anual é un documento no que presentamos o Proxecto de actuación da Comunidade Educativa do CRA Boqueixón –Vedra "Neira Vilas" para o curso 2022-2023 no que se establece a súa organización e se fixan os obxectivos a acadar para o referido curso.

É un Proxecto, e como tal, ven a ser unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito da reflexión, que se fai a partir do coñecemento de recursos humanos e materiais dos que dispoñemos, coa pretensión de acadar o maior éxito escolar posible.

Esta Programación Xeral Anual, xustifícase por dúas razóns:

1.- Por imperativo legal, dado que así dispón:

- Lei Orgánica de Educación LOE. 2/2006, modificada pola LOMCE, Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa .
- Decreto 374/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.
- *DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece a ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- *Proxecto de Decreto xx/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*

2.- Como consecuencia de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación coa fixación de criterios de funcionamento compartidos e asumidos por todos os que formamos a Comunidade Educativa do Centro, aos que, en definitiva, nos corresponde mellorar e acadar o maior rendemento posible do mesmo.

Confiamos, convencidos, que esta Programación Xeral Anual vai ser un compromiso de eficacia e responsabilidade para tódolos que, directa ou indirectamente incidimos na actividade educativa do Centro.

A.O NOSO CENTRO RURAL AGRUPADO.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN.

Denominación: **CRA Boqueixón – Vedra "Neira Vilas"**

Domicilio: **Centro Sociocultural Camilo José Cela. Vilar s/n– 15881 Lestedo(Boqueixón)**

Tlf/Fax: **616440471**

Correo electrónico: cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- O horario de atención ao público na Sede do CRA en Lestedo é: - Setembro.- Do 1 ao 7, todos os días en horario de 9 a 14. O resto do curso é os martes de 15 a 16 e mércores de 9 a 14, previa cita. En xuño e xullo, durante o período non lectivo, a atención será de 9 a 14 h de luns a venres.

Número de unidades en funcionamento: Actualmente o CRA ten sete unidades por catálogo, 6 creadas e unha habilitada; das cales en tres delas se escolarizan alumn@s de 2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria e nas tres restantes alumnado unicamente do 2º ciclo de educación infantil.

ESCOLAS	UNIDADES
CEIP DE SARANDÓN	1
CEIP DE SAN FINS	1
EEI DE SAN XIAO	2
EEI DE SERGUDE	1
EEI DE LESTEDO	1
EEI DE CAMPORRAPADO	1

6

B. CONTORNO ESCOLAR

Xeograficamente os centros que compoñen este CRA están situados nos concellos de Boqueixón e Vedra: 3 escolas no primeiro concello, nas parroquias de Lestedo, Sergude e Camporrapado; e 3 escolas no concello de Vedra, nas parroquias de San Fins de Sales, San Xulián de Sales e San Miguel de Sarandón.

A actividade económica dos municipios está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios, agricultura e gandería, na que se ocupa gran parte da poboación activa. Tamén cabe destacar a existencia de importantes industrias manufactureiras nas que moitos dos pais e nais de alumnos/as están traballando, destacando á escola de Camporrapado.

A poboación pódese catalogar de clase media. A finais dos anos 90 comezaron a construírse urbanizacións nas que viven persoas de clase media-alta. As profesións que predominan son funcionarios, seguido de obreiros e asalariados.

En relación á nosa relación co contorno, dicir que con ámbolos dous concellos establecemos lazos de comunicación fluídos e ademais realizamos varios proxectos en conxunto como poden ser o proxecto intercultural, a semana da ciencia e a celebración do día do libro.

C. ESPAZOS E MATERIAIS

Cada unha das escolas ten uns espazos e materiais diferenciados polo que a continuación pasaremos a explicar os recursos materiais dos que dispoñemos en cada unha das escolas así como na sede administrativa do centro.

- EEI de Camporrapado: A escola de Camporrapado ten unha unidade na planta superior na están alumnos/as de 3, 4 e 5 anos. Na aula da planta inferior é onde se levan a cabo as especialidades de EF e os recreos a cuberto cando chove moito, pois desde o curso pasado contamos cunha cuberta no patio da escola que nos permite facer os recreos fóra cando chove.



Contamos cun pequeno almacén no que se gardan materiais de psicomotricidade, mobiliario excedente e os xogos do patio. Precisamente en relación ao patio dicir que contamos cun patio cuberto por un teito colocado no curso 2020-2021 de amplas dimensións no que están situados un areiro, uns columbios e unha casiña de madeira, o cal foi renovado e acondicionado no curso 2015-2016. En canto ás aulas as dúas contan con conexión a internet, material didáctico vario (quebracabezas, regretas, libros, construcións...), unha PDI, unha biblioteca de aula e o mobiliario oportuno para desenvolver a actividade docente. Estas características fanse extensibles ao resto das escolas do CRA. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente.

- EEI de Sergude: esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. O patio é exterior, o cal foi acondicionado polo Concello no curso 2009-2010 e consta de columbios, bambán, tobogán e areiro. No curso 21-22 foi completamente renovado cunha cuberta para poder facer o recreo no exterior se chove e accesorios novos. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto fachada exterior, carpintería, acabados, calefacción,..

- EEI de Lestedo: esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. A planta de abaixo conta cun pequeno almacén onde se gardan os xogos do patio e o material de limpeza, un baño e tamén hai outro local o cal lle solicitamos o Concello a súa rehabilitación para empregalo como patio cuberto e tamén para impartir a clase de EF. O patio exterior foi acondicionado polo Concello con chan de cortizo, bambáns e areiro fai varios anos pero no curso 2020-2021 engadíronlle un teito para poder baixar ao patio cando chove. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente

- EEI de San Xiao: dende fai sete cursos nesta escola temos unha unidade de infantil e outra de primaria, ademais conta cun patio exterior, que no curso 2009-2010 foi acondicionado cun pequeno espazo con xogos exteriores.

Dicir que esta aula sufriu un cambio notable fai tres cursos, xa que se levou a cabo unha remodelación e acondicionamento da mesma. No ano 2014 o Concello solicitou unha desafectación das vivendas desta escola e propuxo un proxecto de mellora para a escola. Renováronse os baños e o recibidor. Fai dous cursos remataron as obras na parte de arriba polo que desde o pasado curso xa está a disposición da escola. Deste xeito unha das aulas superiores empregariámola como aula de psicomotricidade e Educación Física e tamén contamos alí cos despachiños para A.L e P.T

- EEI de San Fins: Conta con dúas aulas: nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas Esta escola ademais conta cun patio exterior. Este patio foi acondicionado polo Concello no curso 2014-2015. A segunda aula desta escola foi reformada no curso 2020-2021, e a parte desta reforma se nos cedeu o uso da sala social que está na parte traseira da escola, bastante máis ampla e onde agora se realizan as clases de EF e psicomotricidade. Este curso 21-



22 estanse a realizar obras no exterior da escola: retirada do amianto e nova cuberta ao igual que pintado da fachada.

- CEIP de Sarandón: esta escola conta cunha unidade con cinco niveis e unha segunda aula donde se realizan actividades de psicomotricidade e educación física. Conta tamén cun patio exterior dotado con diferentes xogos nos que os pais e nais da escola estiveron moi implicados por conseguir xunto co centro e o concello. Deste xeito, hai tres cursos estrearon patio novo, ademais de acadar melloras como as portas e as fiestras na parte de arriba da escola. No curso 20-21 por mor da Covid e a necesidade de ventilar as escolas, abríronse ventanas novas na aula de abaixo.

8

2. **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO**

2.1. Elaborar a Programación Xeral Anual como instrumento guía do traballo, asumido por toda a Comunidade Educativa do Centro.

Accións:

- Repertorio de necesidades facilitado polos distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Formulación de obxectivos e establecemento de criterios.
- Elaboración do documento de acordo cos criterios establecidos.
- Aprobación. Temporalización:
- Setembro (recollida de suxestións e información por parte do Consello e o Claustro e elaboración da mesma).
- Outubro (aprobación pola directora).

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores.
- Consello Escolar

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.2 Revisar o PEC e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

- Repertorio de necesidades facilitado polos distintos sectores da Comunidade Educativa: sobre todo en canto a revisar o PEC de Centro e a mellorar a organización de centro en canto as actuación en caso de accidente escolar.

- Formulación de obxectivos e establecemento de criterios.
- Modificación do documento de ser necesario, de acordo cos criterios establecidos.
- Aprobación.

Temporalización:

- Setembro (renovación).



- Outubro (presentación ao Claustro e ao Consello e aprobación polo director).

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores.
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Anualmente (seguimento).

2.3 Revisar o Proxecto Lingüístico do Centro

Revisar o devandito Proxecto atendendo ao novo Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Será un obxectivo prioritario do EDLG do noso centro para este curso.

Accións:

- Situación sociolingüística do noso centro
- Fixación de obxectivos
- Elaboración dun plan de traballo
- Aprobación

Temporalización:

- Primeiro trimestre: elaboración do documento, revisión e aprobación. Implicados:
- Equipo directivo
- Claustro de profesores, en especial o EDLG
- Consello Escolar

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento)
- Fin de curso (memoria)

2.4 Revisión e perfeccionamento do Plan de convivencia escolar Accións:

- Estudio do Plan de convivencia escolar elaborado no curso 19-20 e melloralo se cabe.
- Renovación do Observatorio para a convivencia.
- Fixación de obxectivos.
- Revisión e mellora do plan de traballo anterior.
- Aprobación.

Temporalización:

● Primeiro trimestre: estudio da situación de partida, repaso das Normas de funcionamento e organización do Centro e elaboración de propostas. Estudio, debate e adopción de acordos. Modificación do documento, revisión e aprobación.

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores, especialmente os encargados da dinamización do plan de convivencia escolar.



- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.5 Revisar o Proxecto lector do centro.

Tal e como propón o Decreto 105 /2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9/7/07) en tódolos centros se deben elaborar proxectos que fomenten o hábito lector. En anos anteriores elaboramos o Proxecto Lector de centro, este ano cremos necesario revisalo para melloralo na medida do posible.

10

Accións:

- Estudio do tratamento por parte dos diferentes titores do fomento e animación da lectura nas aulas e avaliar se é necesario introducir modificacións.
- Fixación de obxectivos.
- Elaboración dun plan de traballo.
- Elaboración das pautas de actuación conxuntas por parte de tódolos docentes do CRA.
- Avaliación do deseño da introdución da media hora obrigatoria diaria establecida pola Lei dentro da xornada das escolas que imparten esta etapa educativa, levado a cabo en cursos anteriores.

- Aprobación.

Temporalización:

- Primeiro trimestre: estudio da situación de partida e elaboración de propostas.
- Segundo trimestre: estudio, debate e adopción de acordos.
- Terceiro trimestre: elaboración do documento, revisión e aprobación. Implicados:
- Equipo directivo.
- Claustro de profesores, en especial os dinamizadores da biblioteca escolar.
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.6. Revisar e mellorar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Tal e como propón o Decreto 229 /2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 21/12/11) en tódolos centros se debe elaborar este documento no que concretarán todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que se desenvolven para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Accións:



- Fixación de principios e obxectivos.
- Revisión, mellora do plan anterior adecuándoo ás necesidades educativas do centro neste curso .

- Aprobación.

Temporalización:

- Primeiro trimestre: Revisión, elaboración e aprobación.
- Segundo trimestre: Posta en práctica do Plan.
- Terceiro trimestre: elaboración da memoria do Plan e propostas de mellora para o vindeiro curso.

Implicados:

- CCP.
- Equipo directivo
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.7 Levar a cabo a Programación de educación plástica e visual no 1º ciclo de educación primaria (seccións bilingües) e o Proxecto Plurinfantil. . Neste curso foinos aprobado de novo a Sección Bilingüe na área de plástica para a etapa de EP e tamén a renovación do proxecto plurilingüe para etapa de EI no que levaremos a cabo unha serie de actividades combinando a área de linguaxes e comunicación coa de artística. Así mesmo contaremos novamente coa axuda dun auxiliar de conversa que se incorporará ao centro en outubro.

Accións:

- Levar a cabo a programación do proxecto presentado.
- Elaborar o horario do auxiliar de conversa adxudicado ao centro.
- Poñernos en contacto coas familias e outras persoas de fala inglesa que poidan colaborar con nós relacionadas co arte ou calquera manifestación artística e cultural.
- Expor os traballos dos alumnos/as e tratar de elaborar con eles vídeos,... empregando as tablets que logo se colgarán nos diversos blogs do centro.

Temporalización:

- Durante todo o curso: Execución.

Implicados:

- Coordinadora do proxecto, auxiliar de conversa e profesorado participante.
- Claustro de profesores.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).



2.8 Poñer en marcha o Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Este ano aínda non nos concederon a partida correspondente ao PLAMBE,. Este proxecto, deseñado e presentado en xuño está pensado para levarse a cabo de maneira conxunta por todos os docentes do CRA, para o cal levaremos a cabo as accións mencionadas no plan, as cales se poden ampliar e mellorar ao longo do curso. Todo este proxecto levarase a cabo co obxectivo de mellorar a biblioteca da sede administrativa, as bibliotecas das escolas, e sobre todo, potenciar no noso alumnado (e na comunidade educativa en xeral) o fomento e gusto pola lectura. Este curso, ao igual que o anterior creamos unha comisión de traballo que desenvolva o proxecto e coordine a todos os docentes neste bonito e ambicioso plan, *o cal está incluído enteiramente como anexo desta PXA.*

12

Accións:

- Seguir traballando no blog da biblioteca CRATECA.
- Implicar neste proxecto non só a todos os docentes do CRA, senón tamén a outros membros da comunidade educativa como son os familiares do alumnado, representantes das bibliotecas dos concellos, etc.
- Levar a cabo o proxecto aprobado pola Administración con tódalas actividades recollidas neste.
- Mellora do plan co enriquecemento e ampliación das actividades por parte de todo o claustro.

Temporalización:

- Desenvolvemento ó longo de todo o curso.

Execución:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores, en especial os/as implicados/as na dinamización da biblioteca escolar.
- Representantes das bibliotecas municipais dos concellos de Boqueixón e Vedra.
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.9 Levar a cabo o Proxecto Robotocrá-Plan de Tecnoloxías da información e comunicación.

Tal e como se recolle o Decreto 105 /2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9/9/14) é necesario realizar este proxecto. Levar a cabo o proxecto "ROBOTOCRÁ", que versa sobre todo na introdución da robótica nas aulas. Tamén traballar as tics como axuda aos alumnos/as con NEAE e reciclaxe do profesorado.

Mantemento da páxina web, da nova nube creada no curso 2020-2021 e blogs do centro.

Así mesmo abrimos unha conta no Facebook, como outra forma de manter informada á comunidade educativa.



Accións:

- Potenciar a Robótica nas aulas do noso centro. Mercar unha serie de robots e promover unha serie de actividades para levar a cabo nas aulas.
- Estudio da situación para este curso en relación sobre todo á formación docente e disposición de recursos, mellora do traballo realizado no curso pasado.
- Potenciar todas as posibilidades que nos ofrecen os encerados dixitais e as tablets.
- Continuar coa formación en novas tecnoloxías, intentando implicar ó máximo profesorado posible.
- Fixación de obxectivos.
- Elaboración dun plan de traballo.
- Mellora e modificación da páxina web do cole e emprego da aplicación abalar móbil para mellorar a seguridade na comunicación cas familias do noso alumnado.
- Mellora e maior aproveitamento da Nova Nube coa axuda de AMTEGA
- Aprobación.

Temporalización:

- Primeiro trimestre: estudio da situación de partida, mellora de recursos e de formación docente. Posta en marcha das actividades propostas para este trimestre, reparto de tarefas.
- Segundo trimestre: elaboración de materiais e posta en marchas das actividades deste 2º trimestre.
- Terceiro trimestre: Proposta de actividades, realización de materiais e remate do proxecto.

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores, en especial os dinamizadores das Tic no centro.
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).

2.10 Levar a cabo os diferentes proxectos medioambientais: Voz Natura, presentados para esa nova edición e outros.

Para iso, foinos outorgada unha dotación 1.250€, sendo as propias escolas as encargadas de levalo a cabo previa coordinación das mesmas e coa colaboración do profesorado especialista. As publicacións do traballo realizado par Voz Natura deberá ser exposto no blog do centro por propia petición de Voz Natura.

Accións:

- Levar a cabo o proxecto centrado na importancia do coidado do entorno, da natureza



e das hortas escolares. Fomentar o valor da nai Terra como ben para o día de hoxe e o día de mañá e facendo fincapé este ano no Ulla e a súa contorna Fixación de obxectivos e actividades.

- Poñernos en contacto cos Concellos de Boqueixón e Vedra para contar coa súa axuda para levar a cabo este proxecto.
- Continuar coa canle aberta de colaboración coas Consellerías de Medioambiente e Medio Rural para a consecución dos obxectivos deste proxecto.
- Levar a cabo dito proxecto e melloralo todo o posible coas aportacións de toda a comunidade educativa

Temporalización:

- Primeiro trimestre: planificación e contactos
- Segundo trimestre: execución.
- Terceiro trimestre: execución e avaliación.

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores, sobre todo a comisión dinamizadora de medioambiente .
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria)

2.11. Mellorar os espazos e equipamentos das escolas unitarias de acordo coa súa configuración como Centro Rural Agrupado (sete unidades e sede).

Accións:

- Análise da situación nas diferentes escolas e da sede administrativa.
- Estudio de necesidades materiais e persoais do centro e comunicación destas á Administración Educativa e Administración Local para que proceda á súa mellora.

Temporalización:

- Primeiro trimestre.

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores.
- Consello Escolar.

Avaliación:

- Trimestralmente (seguimento).
- Fin de curso (memoria).

2.12 Implicar directamente e informar aos pais/nais de alumn@s sobre o proceso formativo e de adquisición de coñecementos dos seus fillos/as.

Accións:

- Realizar unha reunión xeral conxunta de todas as familias do CRA, para informalos dos



proxectos e normas comúns e específicas do centro.

- Analizar as acción levadas a cabo o curso anterior neste aspecto e melloralas.
- Reunión dos titores/as de cada curso cos pais/nais dos alumnos/as antes do mes de novembro.
- Determinar o tipo de información a subministrar.
- Formas de transmisión: circulares, entrevistas, reunións, boletíns...
- Rexistro de datos.
- Control diario da asistencia dos alumnos/as ás clases para informar ós pais.
- Permiso escrito dos pais/nais cando algún alumno necesite ausentarse do colexio.
- Potenciar a participación directa das familias para o desenvolvemento do currículo e diferentes proxectos que levemos a cabo nas escolas.
- Potenciar a acción tutorial a través dun plan elaborado conxuntamente co departamento de orientación co que contamos deste curso 22-23.

Implicados:

- Equipo directivo.
- Claustro de profesores.
- Familias do alumnado.
- Departamento de Orientación

Temporalización:

- Ao longo de todo o curso.
- Puntual (segundo necesidades).

2.13 Colaborar directamente coa ANPA

Accións:

- Potenciar a adscrición do maior número posible de pais e nais á asociación.
- Colaborar estreitamente desde o centro coas propostas e actividades que a ANPA leve a cabo e poda favorecer na mellora do CRA e sobre todo do seu alumnado.

Execución:

- Equipo directivo.
- Profesores e titores.
- Pais e nais de alumnos/as

Temporalización:

- Outubro / Novembro (organización).
- Funcionamento (resto do ano).

2.14 Celebración de festivais escolares e conmemoracións.

Establecer os festivais escolares e tipo de celebracións que se van a levar a cabo no curso actual, partindo como propostas principais do claustro:



Magosto/Vendima.- Este ano celebraremos novamente co noso tradicional PASABODEGUIÑAS, o 28 de outubro, no que contaremos cun actuación subvencionada polo Concello de Vedra, para logo pasear polas adegas e leiras da zona, desfrutar do noso magosto e na última adega, dos xogos tradicionais cedidos pola Asociación San Campio de San Miguel de Sarandón.

Participaremos tamén decorando o Espazo infantil do Pasabodeghas decorándoos coas nosas cabazas tradicionais e outras ideas. As actividades realizadas serán recollidas nunha montaxe final que se subirá ao Rukutrú para desfrute do alumnado e familias.

- Nadal: O 22 de decembro volveremos realizar o noso característico e único festival de Nadal na Casa da Cultura de Camporrapado en horario de tarde para poidan asistir a maioría das familias e facilitar a conciliación familiar. As actividades realizadas serán recollidas nunha montaxe final que se subirá ao Rukutrú para desfrute do alumnado e familias.

- Entroido: O venres 17 de febreiro realizaremos novamente o noso festival entroido de centro, con desfile, actuacións e unha moi posible merenda organizada pola AMPA do centro, pola tarde para facilitar a conciliación familiar e que as familias poidan disfrutar desta actividade de raigame na zona. Tamén seguiremos a realizar nas escolas actividades para o mantemento de tradicións como os mandados do Burro. As actividades realizadas serán recollidas nunha montaxe final que se subirá ao Rukutrú para desfrute do alumnado e familias.

- Festa de fin de curso: A finais de xuño levaremos a cabo unha festa a nivel de centro para celebrar o fin de curso e a licenciatura e diplomatura excepcional do noso alumnado fóra do horario lectivo. A nosa AMPA organizará tamén. As actividades realizadas serán recollidas nunha montaxe final que se subirá ao Rukutrú para desfrute do alumnado e familias.

- Conmemoracións: as conmemoracións serán as que destaca a **Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia**: Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Constitución Española e Estatuto de Autonomía, Día da declaración universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Día internacional da Muller Traballadora, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana de Prensa, Día do libro, Día Mundial da Saúde, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente.

Accións:

- Este ano volveremos celebrar moitas destas conmemoracións en gran grupo como faciamos antes da pandemia podendo xuntarnos para excursións e festivais.

- Desde a coordinación de actividades complementarias e extraescolares propóranse actividades para estas conmemoracións, agrupando as que polo seu contido sexan factibles de traballar de xeito conxunto co alumnado e tendo en conta que determinadas conmemoracións serán organizadas polos equipos de centro debido a súa connotación e características específicas como por exemplo é A Semana das Letras Galegas que organizará e propondrá EDLG ou a Semana da Prensa e do Libro que organizará o Equipo da Biblioteca..

- Os especialistas colaborarán activamente tanto nas actividades, actuacións como nas propostas a desenvolver.



● Para as conmemoracións o equipo de actividades extraescolares e complementarias (formado por todos os membros do centro), revisaremos as actividades a realizar de xeito trimestral como mínimo.

Implicados:

- Equipo Directivo.
- Coordinadores de ciclo.
- Profesores e titores.
- Coordinador de Actividades Complementarias.

Temporalización:

- Todo o ano.

2.15 Mantemento da páxina web do centro, da Nova nube e do blog.

Trataremos de manter vivo o blog de centro e de seguir enchendo a páxina web do colexio.

Accións:

- Mellora da estrutura da páxina web e mantemento da mesma para unha mellor comunicación de cara á nosa Comunidade Educativa, da Nova nube e do blog do colexio.
- Formar ao profesorado sobre o uso e manexo da páxina, da nova nube e do blog.
- Actualizar os contidos da páxina, da nube e do blog.

Implicados:

- Equipo directivo como motor de inicio.
- Claustro de profesores.
- Pais e nais de alumnos/as como receptores/as e colaboradores/as.

Temporalización:

- Todo o curso: mantemento e renovación da páxina web, da nube e máis do blog do centro. Actualización constante da páxina, da nube e do blog.

2.16 Aplicación e seguimento do Plan Dixital do centro

Unha vez realizado o Plan dixital de Centro faremos o seguimento do mesmo a través do Equipo dixital do centro que coincide co Equipo Tics.

Accións:

- Revisar o Plan Dixital realizado durante o PFPP do curso pasado
- Aplícalo seguindo as pautas e temporalización indicada no mesmo

Implicados:

- A directora do centro como coordinadora do Plan dixital.
- O equipo tic por ser membros do Equipo do Plan dixital
- Todos os membros do centro, pois todos formamos parte un centro que pola súa casuística e distancia entre as escolas necesita que o profesorado esté formado e informado en todo momento deste Plan, dos obxectivos e as actividades a levar a cabo en cada escola.

Temporalización:



- Todo o curso

2.17 Aplicación e seguimento do Plan de Orientación

Contamos por primeira vez con Orientadora en Centro polo que é unha novidade para nós.

Accións:

- Elaboración do Plan de Orientación
- Reunións dos membros do Equipo para a posta en marcha do D.O.
Temporización:
- Todo o curso

3. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

O calendario escolar polo que se rexe o CRA, no actual curso 2022-2023 foi aprobado pola Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa na [Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia](#). O horario lectivo establecido nas seis escolas durante este curso é de 9 a 14 horas.

Non dispoñemos de servizo de madrugadores e comedor.

A realización dos horarios dos grupos e do profesorado do centro, que se poden consultar no DOC rexeranse polos seguintes criterios:

- 1) Correcto funcionamento das seccións bilingües e das áreas que se impartan en lingua estranxeira e outros proxectos establecidos ou que se establezan.
- 2) Prestarlle a mellor atención posible ás necesidades do alumnado do centro.
- 3) Rentabilizar ao máximo o capital humano dispoñible, actualizando o potencial creativo do grupo de persoal docente do colexio.
- 4) Consensuar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades e esforzos.

Sempre que foi posible tivéronse en conta os seguintes criterios:

1. Sempre que sexa posible deixárase as materias instrumentais para as primeiras horas da mañá.
2. Sempre que sexa posible non haberá a mesma especialidade dous días seguidos
3. Sempre que sexa posible o mestre/a itinerante non viaxará a máis de tres escolas no día
4. Sempre que sexa posible nas aulas de infantil tentarase que comencen os titores para recoller aos nenos/as.
5. Sempre que sexa posible facilitar a maior cantidade de horas de coordinación de biblioteca, para acadar un mellor funcionamento do PLAMBE

3.1 PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE E.I.

Planifícase este período para reducir ao máximo inseguridade, temores e ansiedade do alumnado fronte a nova situación e que o contacto coa escola poda xerar unha actitude positiva.

Lévase a cabo en 2 semanas para o alumnado de 4º de EI. Na primeira semana acudirán de 12 a 14 horas, a segunda semana acudirán de 11 a 14 e a terceira semana xa virán en horario completo.

Segundo recolle o calendario escolar para este curso 2022/2023 este período de adaptación



será da mínima duración posible e que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se prolongará máis alá do día 16 de setembro de 2022.

Informarase ás familias dos horarios durante o período de adaptación o cal os titores/as levarán a cabo. Nas semanas as mestras especialistas non impartirán as súas clases senón que farán apoio en aula para axudar aos mestres titores/as. Durante o primeiro mes deixarase certa flexibilidade horaria para todo o alumnado de E.I. tanto na entrada como na saída dos alumnos/as. Aqueles titores que teñen pais/nais que por casuísticas familiares (dous irmáns no centro,...) non poidan facer o período de adaptación poñerán en coñecemento de dirección estes casos. Calquera cambio que se faga no horario do período de adaptación será comunicado ao Equipo directivo.

Tamén se informará as familias a través do mail, whatsapp, a través da páxina do centro, e do Abalarmobil... da data de comezo de curso, do período de adaptación, da documentación necesaria para completar o expediente,...

Nos días previos ao comezo do curso farei unha reunión xeral de comezo de curso, na que presentarei ao profesorado, proxectos, actividades,.... toda aquela información relativa ao inicio escolar e explicarei detalladamente a organización do curso.

3.2 CALENDARIO DE DÍAS NON LECTIVOS DE LIBRE DISPOSICIÓN

Dado que o noso centro pertence a dous concellos diferentes, cos seus respectivos días festivos locais, decidimos coller un festivo do Concello de Vedra e outro do concello de Boqueixón, así que os días non lectivos para o curso 2020/21 serán:

- ❖ 19 de setembro: O Patio, festivo do Concello de Vedra.
- ❖ 18 de maio: A Ascensión, festivo do Concello de Boqueixón.

4. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

A. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS, CURSO 2022-2023.

*" Quero percorrer o mundo,
quero, meu ben, navegar,
quero ser un mariñeiro,
quero coñecer o mar.
Illas, cabos, continentes
no meu barco hei visitar,
coñecerei moitas xentes
polo camiño do mar. "*

Xosé Neira Vilas



No primeiro verso está condensado o obxectivo principal e o motor de toda actividade educativa, e de xeito especial, as actividades extraescolares. O coñecemento do mundo é a orixe e o punto de chegada de calquer aprendizaxe e de toda función docente. Como no curso pasado seguiremos contando ca presenza diaria do autor de Gres que da nome o noso Cra. Referente literario, notario da vida ullan, maxistral contador de historias de nenos e amigo do Cra. Na concepción, deseño e programación das actividades complementarias e extraescolares das escolas que conforman o C.R.A. Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" partimos do feito consustancial á nosa estrutura escolar: oito aulas, en seis escolas, en seis parroquias e dous concellos. Esta cara da realidade implica un xeito diverso e unitario de acometer o desenvolvemento destas actividades para acadar os obxectivos propostos.

Estimamos importantes tódolos obxectivos de tódalas áreas do coñecemento e que están xa detalladas na programación de cada escola, pero as actividades complementarias e extraescolares teñen que, ademais de ser reforzo de todo o traballo de aula, servir de estímulo, motivación, aprendizaxe e descubrimento da propia realidade de educandos e educadores, así como tamén, unha porta pola que entrar en mundos novos a descubrir por todos. A partires destas premisas xerais referimos os obxectivos que van a guiar o deseño e a realización das actividades complementarias e extraescolares:

- Interrelacionar uns alumnos cos outros.
- Motivar a cooperación e entre nenos e mestres.
- Descubrir o entorno próximo e lonxano.
- Coñecer outras realidades xeográficas, humanas e artísticas.
- Realizar representacións artísticas: gráficas, musicais, deportivas e teatrais.
- Tomar conciencia do outro a partires da propia realidade individual e colectiva.
- Celebrar as diversas conmemoracións e festas como integración do patrimonio cultural individual e colectivo na vida cotiá da escola.
- Afianzar as descubertas e aprendizaxes das demais áreas.
- Facer visible o CRA Boqueixon-Vedra "X. Neira Vilas" no entorno.

Como referimos mais arriba teremos en conta a realidade de cada escola, as actividades realizaránse por separado en cada escola, dentro dunha unidade de tarefas, así como outras actividades terán lugar con tódolos membros da comunidade educativa utilizando os medios telemáticos. Para tódalas actividades programadas teremos en conta: en primeiro lugar o calendario escolar (Orde de 20-V-2022, DOG do 2-VI-2022) no referido no artigo 8º a conmemoracións, e en segundo lugar ás celebracións e acontecementos propios e importantes das nosas parroquias, bisbarra e do calendario estacional.

Seguiremos o calendario inspirándonos no poema de Antonio Garcia Teijeiro "As choivas no calendario", deste xeito seguiremos a proposta do Consello de Europa de adicar desde o ano 2018 en adiante ó Patrimonio Cultural que no Cra centraremos no aproveitamento das augas e a súa importancia na nosa bisbarra. E non está demais invocar a chuvia nuns anos tan secos. Facer ver a importancia da auga.

"Chove en setembro"



Contra as xanelas

Choiva que esvara.

Choiva que enlea."

Moitas das actividades diarias faran referencia a importancia da familia e da agricultura como estes fundamentais no desenvolvemento propio individual e colectivo. O feito de que o CRA esta asentado no Val do Ulla con gran valor agrícola, gandeiro, forestal, paisaxístico e monumental. Consideramos unha obriga promover o seu coñecemento para fortalecer os lazos ca bisbarra, porque o amor nace a partires do coñecemento. Nesta tarefa están implicados tódolos membros da comunidade educativa do CRA.

Do mesmo xeito teremos en conta a declaración da ONU do ano 2022 como "Ano Internacional do vidro" destacando a importancia ó longo da historia dos pobos do vidro na vida cotián, no arte, na sanidade, nos usos, reutilización e reciclaxe dos materiais de vidro.

Así tamén durante o 2022 faremos referencia ó "Ano Internacional da pesca e da acuicultura" que engadiremos para destacar a importancia dos ríos e mares, do seu coidado e estudio como sustento da poboación mundial. Incluiremos a vida fluvial arredor do noso río Ulla e a súa significación dentro da configuración da bisbarra .

*"Chove en outubro
sobre o silencio.
Choiva saudosa.
Choiva-misterio.*

Neste curso 2022-2023 retomaremos as saídas conxuntas de tódalas escolas en autobuses para realizar visitas a teatro, museos, vilas, cidades e pobos da bisbarra. Polo menos unha ou dúas cada trimestre sempre que sexa interesante para o alumnado. Para isto contamos ca colaboración da Ampa e dos concellos de Boqueixón e Vedra.

Dentro das conmemoracións faremos actividades con este calendario:

O 1 de outubro 2022.- Día Internacional das Persoas de Idade.

Xornada adicada ó recoñecemento da importancia das persoas maiores, do seu valor como trasmisores de cultura e sabiduría. Da necesidade de respecto, cariño e atención.

O 5 de outubro 2022.- Día Mundial dos Mestres. Arredor da figura dos mestres, realizaremos un recorrido polas vivencias e lembranzas que as mestras e mestre do Cra tiveron dos seus propios mestres. Unha pequena exposición de material escolar do século pasado e o repaso sobre a importancia dos mestres en todo o mundo e na historia. Prepararemos en cada escola unha exposición de debuxos e pinturas para que cada neno debuxe o seu mestre.

O 13 de outubro 2022.- (12- X- 2022) Colón e o Descubrimento de América. En tódalas escolas farase referencia a importancia do legado de América, dos alimentos como a pataca, chocolate, millo na alimentación... da emigración dos galegos a América, dos medios de transporte na historia e a visión dos paisaxes, monumentos e mapas de América.

O 17 de outubro 2022.- (15-X-2022)Día Mundial da Alimentación (FAO) e o 18-X-2022. Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. Insistiremos en tódalas escolas na importancia dunha alimentación saudable. Recoñeceremos os diferentes alimentos, as súas características, propiedades



e procedencias. Falaremos dos problemas de alimentación e dos lugares e personas que viven en situación de fame, escaseza e miseria.

O 24 de outubro 2022.- Día das Nacións Unidas (ONU) e Día Mundial de Internet.- Viaxaremos virtualmente polo mundo realizando unha videoconferencia entre as escolas do Cra a modo da nosa ONU particular e subiremos á Nube actividades realizadas con anterioridade.

*"Chove en novembro
sobre as lembranzas.
Choiva que voa.
Choiva que danza.*

22

Na 1ª semana de novembro, falaremos da vida, dos mortos, das persoas que xa non están, dos que traballaron antes, dos familiares e veciños que axudaron a que nós teñamos a vida actual. Unha data contra o esquecemento.

O 10 de novembro 2022.- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento. A escola como lugar de coñecemento e experimentación científica. Faremos investigacións e descubertas arredor do patrimonio agrícola e forestal e a importancia da saúde vexetal para a vida do planeta. Motivar na querencia pola descuberta e investigación. Que os: "-Qué?...e...Por que? incen de preguntas a aula, o patio e a vida.

O 21 de novembro 2022.- (20-XI-2022) Día Universal da Infancia. Destacaremos o valor da infancia, a súa protección, coidado, educación e alimentación e tódolos dereitos consagrados pola ONU.

O 23 de novembro 2022.- Día Mundial das Fragas Autoctonas. Realizaremos saídas, recollida de material visual e sonoro das zonas arboradas mais próximas ás escolas, investigaremos as árbores dos patios das escolas e as mais senlleiras de cada parroquia, estudaremos a fauna e procederemos a realizar sementeiras e plantacións en terreos das parroquias. Visitaremos ca axuda das ferramentas Tics a plantación árbores que fixemos nos cursos pasados na ladeira do Pico Sacro que conforman a noso pequena fraga do Cra. Como desenvolvemento do proxecto solicitaremos diante da administración autonómica, consellería de Medio Ambiente, de Educación, cursos actividades e material que faga medrar a conciencia de respecto a natureza.

O 25 de novembro 2022.- Día Internacional contra a Violencia de Xenero. Estimular conciencia de igualdade entre todas e todos, con comportamentos de afecto, xenerosidade e non violencia.

*"Chove en decembro
sobre a xeadada.
Choiva friorenta.
Choiva nevada."*

O 3 de decembro de 2022.- Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Traballar na inclusión, respecto e atención a tódalas persoas en igualdade.

Do 5 ó 9 de decembro 2022.- Constitución Española e Estatuto de Autonomía de Galicia. Recoñecemento das normas de convivencia dadas entre tódolos cidadáns e a súa realidade na escola.



O 9 de decembro 2022 (10-XII-2022).- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Facer medrar entre os nenos actitudes solidarias de fraternidade, comprensión, respecto e igualdade.

*"Chove en xaneiro
sobre a campia.
Choiva moi mesta.
Choiva moi fría".*

O 30 de xaneiro 2023.- Día Internacional da Paz e Non Violencia. Estimular o respecto, a resolución de conflitos na escola e na vida diaria co diálogo, promover comportamentos solidarios e de cooperación .

*"Chove en febreiro
encol da terra.
Choiva que laia.
Choiva que berra".*

O 27 de febreiro 2023.- Día de Rosalía de Castro. Adicaremos a xornada a descubrir, estudar, cantar, ler, escoitar e vivenciar os versos da nosa poetisa. Rosalia na escola como motivadora de coidado do idioma na fala das crianzas. Murais, pinturas e debuxos serán un xeito tamen de promover o seu coñecemento entre as familias e as parroquias.

*"Chovisca en marzo
contra as esquinas.
Choiva lixeira.
Choiva ben fina".*

O 8 de marzo 2023.- Día Internacional da Muller. Recoñecer e valorar o esforzo e o traballo das mulleres e estimular actitudes de igualdade e integración na aula.

Do 13 ao 17 de marzo 2023.- Semana da Prensa. Realizaremos escollas de novas publicadas nos xornais segundo o criterio dos nenos e publicaremos un xornal en cada escola cas noticias que os nenos consideren importantes no transcurso das xornadas escolares.

O 15 de marzo 2023.- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. Estimular conductas de responsabilidade no uso das cousas e comprender o etiquetado dos produtos de consumo mais cotiás.

O 20 de marzo 2023.- Día Internacional da Felicidade. Crear na escola comportamentos e actitudes positivas cara un mesmo e cara os demais . A procura da felicidade compartida favorece as relacións humanas e o aprendizaxe.

O 21 de marzo 2023.- Día Internacional da Poesía. Destacar a poesía como creación artística e fomentar a súa lectura e motivar aos alumnos na escritura dos seus propios poemas.

*"Nenos e nenas, cantade
que sempre é feliz quen canta
cantade con alegría,
cantade con esperanza,
para que haxa no mundo*



flores e raiolas brancas."
X. Neira Vilas

O 22 de Marzo 2023.- Día Mundial da Auga. Reflexionaremos arredor da importancia e valor da auga en toda a creación artística, monumental, económica que significa para a vida.

*"Benvidas, augas,
zume da terra,
sangue dos agros,
festa nas eiras".*

X. Neira Vilas

24

O 27 de marzo 2023.- Día Mundial do Teatro. Representaremos contos, historias e a creación de personaxes a partires de situacións dadas da vida cotiá e de propostas fantásticas. O teatro como creación cultural e ferramenta de desenvolvemento da linguaxe e das competencias sociais.

*"Chove en abril
sobre as chorimas.
Choiva de vidro.
Choiva-andoriña".*

Do 11 ó 14 de abril lembraremos con diferentes actividades plásticas o cincuentenario da morte do pintor Pablo Picasso (8-IV-1973).

Do 17 ao 21 de abril 2023.- Semana do Libro (23 de abril Día Internacional do Libro).- Insistiremos na importancia dos escritores e dos libros como obxectos lúdicos, de coñecemento e de aprendizaxe. Desenvolveremos actividades con contos, poesías, teatro e lecturas arredor de personaxes creados polos propios alumnos.

*"Chovisca en maio
na madrugada.
Choiva quentiña.
Choiva calada".*

O 2 de maio 2023.-Día Internacional contra o Acoso Escolar. Estimular actitudes integradoras, de respecto, empatía e fraternidade en tódolos eidos e de xeito directo nas relacións escolares. Promover as declaracións e testemuñas de quen se sinta agredida, que o medo sexa vencido pola palabra.

O 9 de maio 2023.- Día de Europa. Durante a semana desenvolverase o "Proxecto Intercultural" en tódalas escolas dirixido e coordinado pola mestra e directora do CRA Boqueixon-Vedra "X. Neira Vilas" Elena García Iglesias, e ca colaboración do Centro Don Bosco de Santiago, Recuperaremos as visitas polas escolas das personas dos distintos países para dar a coñecer a súa procedencia. Unhas viaxes por Europa nas conversas, músicas, proxeccións, manualidades, xogos e gastronomía que nos abran as portas a mundos diversos nunha experiencia de viaxe sen saír da aula. As escolas do Cra incorporan idiomas e tradicións doutros países.

*"E se viñeras tí, se me colleras
as mans nas túas mans e me dixeras:
-"Aquela son, que algunha vez, de novo,
pasou á túa beira, de camiño,*



*e fixo nas noitebras do teu tobo
un cadoiro de xílgaros no niño,..,"*

Ricardo Carbalho Calero.

Do 15 ao 19 de maio 2023.-Semana das Letras Galegas. Seguiremos ó autor/autora proposto pola Real Academia Galega e manteremos actividades arredor da posta en valor do propio idioma galego, fomentando o seu coñecemento durante todo o curso e estimulando o interés polas obras literarias e autores en galego. Adicando especial estudio á figura de Francisco Fernández del Riego, ensaista, crítico literario, fundador da Editorial Galaxia a quen se lle adíca este ano o Día das Letras Galegas.

*"Falo e canto en idioma galego
que é a lingua que herdei de meus pais,
a mesma fala na que me arrolaron
con armónico e tenro cantar."*

X. Neira Vilas

25

O 15 de maio 2023.- Día Internacional da Familia. Realizaremos actividades que relacionen escola e familia e reforzaremos a conciencia dos distintos tipos de familia e a súa importancia como garantes do desenvolvemento afectivo, intelectual, físico e social de tódalas personas.

*"Chovisca en xuño
sobre as fogueiras.*

Choiva enmeigada.

Choiva algareira".

O 5 de xuño 2023.- Día Mundial do Medio Ambiente. Estimular o coidado do entorno escolar, familiar e de veciñanza no respecto a natureza e procurar o coñecemento dos arredores da escola con visitas, paseos e recoñecer no entorno as eivas e desfeitas que están preto de nós.

O 8 de xuño 2023.- Día Mundial dos Océanos. Facer actividades para recoñecer a importancia dos mares na vida do planeta. Recoñecer diferentes tipos de animais marinos e comprender os traballos relacionados co mar. Esta conmemoración estará relacionada ca declaración da ONU do ano 2022 como Ano Internacional da Pesca e da Acuicultura.

*"Chovisca en xullo
sobre a dozura.*

Choiva-salouco.

Choiva miuda".

Tódalas conmemoracións referidas realizaranse dentro de cada escola de xeito coordinado con actividades comúns e outras diferentes tendo en conta as condicións e características de cada parroquia, escola e alumnado.

*"Choiva en agosto
sobre as tronadas.*

Choiva rugosa.

Choiva amoucada".



Entre a derradeira semana de setembro e a primeira de outubro 2022 realizaremos a vendima nas escolas con feixes de actividades que axudan a entender o val e as parroquias das escolas arredor do mundo das uvas, algo tan propio da vida ullan.

*"Castaña ridente
redondiña e chea
achégate ó lume
que hai festa na aldea"*
X. Neira Vilas

Ademais, realizaremos actividades conxuntas con tódolos alumnos do CRA Boqueixón-Vedra "X. Neira Vilas" concentrados nos distintos lugares que determinaremos, tendo en conta as posibilidades de espazo, as condicións meteorolóxicas e de custe económico. Dentro deste apartado temos programado as seguintes actividades conxuntas:

Cada trimestre asistiremos a un espectáculo musical, teatral, de maxia, de títeres, contacontos... nas datas exactas aínda por determinar pois dependerá da programación das funcións en Santiago, Boqueixón ou Vedra. Aproveitaremos estas saídas para tamén realizar visitas polo entorno máis próximo e así coñecer a cidade monumental de Santiago e os nosos concellos. Con estas saídas fomentaremos a convivencia entre tódolos membros do CRA.

. Nos inicios do curso 2022-2023 solicitaremos a asistencia aos Concertos Didácticos no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Tamen sairemos ó teatro do Auditorio de Abanca para ver distintos espectáculos ó longo do curso.

O 28 de outubro 2022.-Arredor da castaña faremos diversas actividades nas aulas para rematar ca festa do Magosto e Samain na primeira saída conxunta do Cra a San Miguel de Sarandón para festexar o outono co "Pasabodeghiñas". Percorreremos a aldea de Ximonde enchendo de vida e cor as vellas corredeiras, pistas e camiños. Compartiremos cos veciños a celebración e o significado do remate do ano agrario ca recollida das colleitas (esfolia do millo, debullado das fabas,...) Incluiremos nese día unha sementeira de castañas, landras e outros froitos.

*"É tempo de seitura,
tempo de recoller,
maduran as anadas
e as abellas fan mel"*
X. Neira Vilas

En novembro, teremos unha lembranza especial en tódalas escolas para Xosé Neira Vilas, o escritor e amigo, de quen levamos o nome no Cra, e realizaremos con todo o alumnado unha visita a Gres, á Fundación Neira Vilas na que interpretaremos textos do autor. Novembro foi o seu nacemento e morte. No Cra descubrimos na súa obra o seu amor á natureza e ás xentes do noso mundo ullán.

Na semana do 19 ó 22 de decembro ocuparemos o tempo en preparar o Festival de Nadal que celebraremos todos xuntos cas familias pola tarde o 22 na Casa Cultural de Camporrapado. Cancións, villancicos, musicas e teatro serán a despedida ata xaneiro, desexandonos un feliz Nadal.

No mes de febreiro participaremos no concurso de pintura da Festa da Camelia en Santa Cruz de Ribadulla, e celebraremos xornadas de estudio arredor da camelia.



Do 13 ó 17 de febreiro 2023.- Entroido. Durante a semana nas escolas faremos actividades co tema central do Entroido, comidas, disfraces, coplas e costumes das diferentes zonas de Galicia, destacando os "Correos e Xenerais do Ulla" como patrimonio cultural común da bisbarra. Tentaremos coordinar un proxecto de recuperación, inclusión, coñecemento e posta en valor do Entroido tradicional Ullán para sementar o val de "Vivas!" e "Atranques". Teremos unha concentración, desfile e festa en Vedra o día 17 de febreiro pola tarde ca colaboración permanente da Ampa do Cra.

*"O entroido chegou
xa o temos aquí,
imos divertirnos
que a festa é así."*

X. Neira Vilas

27

Na semana do 20 ao 24 de marzo de 2023, na da entrada da primavera, dedicaremos un Día das Árbores ca plantación do noso bosque.

No remate de xuño de 2023 celebraremos a nosa tradicional Festa de Fin de Curso, na carballeira do Souto na parroquia de San Fins de Sales. Festa organizada pola Anpa. As familias, as mestras e os nenos pasando unha tarde de celebración e convivencia, con xogos, actuacións e merenda para un curso que se achega ao remate.

*"Cantade amigos na tardiña leda
que os grilos nas hortas xa cantando están
e cun aturuxo ben forte anunciade:
chegou o verán."*

X. Neira Vilas

Como xa me referín mais arriba, unhas actividades serán realizadas en cada escola individualmente, pero participaran tódolos nenos do CRA co uso da videoconferencia e Tics. Outras actividades desta programación serán realizadas conxuntamente en espazos fora dos recintos escolares, nas excursións. Deste xeito medra o contacto e a conciencia de grupo.

Estas celebracións e actividades complementarias e extraescolares non exclúen outras, que pola súa oportunidade xurdan e o claustro e a equipa directiva estimen precisos.

Cada escola pode realizar por si mesma outra actividade, sempre co coñecemento e autorización do Claustro e da Dirección do CRA.

Tódalas ao entorno da escola, contarán coa autorización previa do pai, nai ou titor legal do alumno coa antelación precisa.

Como contamos ao principio as actividades desta programación teñen como fin último aumentar o coñecemento do propio para ir a descuberta dos outros. Porque so desde o coñecemento nace o amor e é posible o desenvolvemento persoal e social.

As actividades extraescolares tamén realizan unha importante labor para que as mestras de tódalas escolas coñezan o entorno xeográfico e humano no que está integrado o CRA. Esta é unha función en moitos casos definitiva, porque despois de convivir no Val do Ulla ningún corazón queda indiferente.

No Cra Boqueixón-Vedra "X. Neira Vilas" a escola loita por ser a ama de chaves, ca certeza de non ser a única, que abre portas, fiestras e cancelos cara a conquista da eira grande do mundo.



Arrola soños, fantasías e aventuras nas montañas, bosques e camiños. Debuxa viaxes, descubertas e misterios nas conversas do patio. Conta centos de historias con milleiros de personaxes amoreados nos libros. E agasalla con luz a ollada fascinada de quen se apropia do universo con palabras.

Ca esperanza de recuperar a normalidade e voltar a unha vida sen os atrancos da pandemia Covid-19. Manteremos os coidados e as recomendacións das autoridades sanitarias, educativas e administrativas para que a vida nas escolas sexa segura e non ter que voltar nunca a ter que quedar na casa. Porque a vida extraescolar acontece fora, donde o Val debuxa horizontes de ilusión e descuberta.

*"Rentas do pozo da vida procuras da vida a verdade
Mais a verdade e a vida son unha, e están sobre a terra".
Ricardo Carbalho Calero*

28

Coordinador: Antonio Vázquez Turnes

B. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E O HORARIO DA BIBLIOTECA DO CENTRO:

A biblioteca do centro está situada no terceiro andar do edificio do Centro Sociocultural Camilo José Cela no que non existe ningunha escola e hai so as oficinas de dirección secretaria e reunións.

Hai dous cursos estivemos a reformar a súa estruturación polo que a mantivemos pechada ao público facendo os préstamos desde as escolas (esta reestruturación realizámola desde o Pfp do centro que contaba cunha liña de biblioteca e por mor da Covid, tamén permaneceu pechada ao público pero facendo empréstimo polas escolas para poder facer un illamento e corentena exhaustivo dos libros que se prestaban.

Este ano vendo o éxito que tivo o empréstimo desde as escolas, seguirá a realizarse e vendo que é moito máis factible e fácil de controlar, seguirá a facerse desde as escolas a través de caixas previamente preparadas polos membros do equipo de biblioteca e da súa coordinadora. O profesorado tamén poderá vir ata a Sede a facer acopio do material que lle fixese falta da mesma. A biblioteca está en remodelación e á espera da migración do catálogo segundo indique a Asesoría de Bibliotecas escolares.

C. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

Este ano participarán novamente sendo os nosos Reises Magos especiais que deixan agasallos nas escolas en coordinación cas necesidades que lles din as titoras/es.

Todas as outras actividades nas que a Anpa participaba e organizaba, como merendas dos festivais, talleres, axudas no pago das autobuses ás familias, festa de licenciatura e fin de curso, este ano volverán tamén e participaremos en todas as súas propostas e actividades como ata o de agora con moito gusto.

5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Engadimos a continuación toda a información que non aparece no DOC que xera o XADE



A. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Neste apartado expoñeremos a organización pedagóxica do centro onde incluiremos basicamente quen formamos o CRA e como nos organizamos.

- Alumnado curso 2022/23

	4ºInf	5ºInf	6ºInf	1ºPrim	2º Prim	Total
San Xián (2 unidades 1 creada e habilitada)	3	2	3	4	5	17
San Fins	1	4	2	4	0	11
Sarandón	2	0	1	3	5	11
Lestedo	3	1	4			8
Sergude	3	12	3			18
Camporrapado	2	4	2			8
Total	14	23	15	11	10	73

29

- Profesorado curso 2022/23

Ed. Infantil

- Eva Nieves Vieiro (E.E.I de Lestedo). Definitiva en centro.
- Ariana Álvarez Fernández (E.E.I de Sergude). Definitiva en centro.
- Sabela Sanmartín Castro (EEI. De San Xián 1, aula de infantil). Definitiva en centro.
- Sonia Iglesias Sánchez (EEI de San Fins) Definitiva en centro
- Mónica López Portas (E.E.I de Camporrapado). Definitiva en centro.
- Luz Balado Ferreiro(E.E.I de San Xian2)
- Marta de Dios Recamán, mestra de apoio de EI, definitiva en centro. Levará a cabo a súa labor en Camporrapado, Lestedo e Sergude.
- Andrea Pérez Fuentes, mestra de apoio de EI, provisional e mestra en prácticas. Levará a cabo a súa labor nas escolas de San Xian, San Fins e Sarandón.

Educación Primaria:

- Antonio Vázquez Turnes (CEIP de Sarandón). Definitivo en centro.

Lingua estranxeira- Inglés: Purificación Rodríguez Otero. Definitiva en centro.

Educación Musical: M^a Elena García Iglesias. Definitiva en centro.

Educación Física: Andrea Regueira Rodríguez. Definitiva en centro(baixa por maternidade).
Substituída por Olalla Paz Roa.



Formación Religiosa: Raquel García Fraga. Definitiva en centro. Adscrita ao claustro.

Audición e Linguaxe: Vanesa Cabado Ferreiro. Mestra en prácticas que cubre a comisión de servicios outorgada ao titular da praza con destino definitivo en centro.

Pedagogía Terapéutica: Lorena Sanín Sánchez. Compartida co CEIP Ortigueira e asistirá ao noso centro dous días á semana.

Orientadora: Carmen M^a Vieiro Silva. Interina

B. XORNADA SEMANAL DO PROFESORADO

30

O horario lectivo que quedou establecido, nas seis escolas durante este curso é de 9 a 14 horas ,tras a aprobación unánime da súa renovación por parte do Consello Escolar.

O profesorado permanecerá 30 horas no centro en horario de mañá e dúas horas pola tarde. Tódolos docentes permanecerán no centro dende as 8:45 a 14:15 tódolos días agás os martes e venres que estaremos de 8:45 a 14.

Cabe destacar que se acordou no claustro que aqueles pais/nais que pola súa conciliación familiar precisen deixar ou recoller ao seu fillo/a **dez minutos antes e/ou despois da hora de entrada**, poderano solicitar sempre e cando sexa por causa xustificada.

Tal é como recolle o acordo de itinerancias os docentes especialistas terán horas dentro do seu horario de compensación horaria por itinerancia, a cal será de permanencia en centro cando por necesidade do mesmo teña que ser así. Isto quere dicir que temos que estar a dispor do centro en horario de 8:45 a 14:15 (agás os martes e venres) como se indica en parágrafos anteriores.

Dedicaremos unha hora semanal a titoría de pais e nais os martes de 14 a 15 en cada escola, pois cremos que será máis cómodo para os pais e nais acudir á súa escola que a sede do CRA. Cabe destacar que tanto titores coma especialistas poderían cambiar a duración coma o lugar de atención aos pais/nais en caso de que así fose necesario.

Pola tarde reuniremonos por comisións, ciclos, celebración de claustros,.. de 16 a 18 h.. Os martes de 16 a 18h dedicaremos a reunións tanto de equipos de ciclo ou de EDNL como de comisións de TICs, medioambiental, convivencia, extraescolares, proxecta e biblioteca , pero ademais cando existan sesións de avaliacións ou claustros estes celebraranse posteriormente a esta hora coa duración que sexa oportuna en cada ocasión. En caso extraordinario as sesións de claustro ou consello escolar poderán celebrarse noutro día.

C. DURACIÓN SESIÓN ESPECIALISTAS

As sesións da mestra especialista de educación musical será unha semanal, educación física dúas en primaria e dúas de psicomotricidade en infantil, lingua inglesa e lingua inglesa-ART , dúas en cada escola agás en ART que será unha sesión e a mestra de L.Inglesa terá unha sesión nas aulas de EI e dúas nas de EP, terán unha duración de 50', contéplanse nos seus horarios o tempo de compensación horaria semanal pola quilometraxe recorrida, tal e como establece o acordo do 18 de febreiro de 2008 sobre itinerancias. A mestra de relixión impartirá unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel agás en segundo de priamria que serán dúas sesións.

A orientadora e a mestra especialista de AL realizarán en cada escola nas primeiras semanas



de curso unha observación/valoración dos posibles casos de alumnos/as con necesidades específicas desta área nos cursos de 5º e 6º de E.I e Primaria, cos que posteriormente realizará un programa de intervención dos mesmos **fóra da aula**, previa autorización dos titores legais. O resultado desta valoración e posterior intervención será informado ao Equipo directivo, así como ao titor/a de aula para a súa colaboración, e tamén á Inspección Educativa que autorizará se cabe esta intervención. Os nenos/as de 4º de E.I poderán ter unha intervención de A.L en caso de que por causa especial así o precise.

As sesións específicas a realizar se centrarán no alumnado que presenta maior necesidade, consta de informe de orientación, presenta informe pediátrico ou ten algunha discapacidade, tamén se favorecerá a atención ao alumnado dos últimos niveis. Cada vez son máis os nenos e nenas que presentan necesidades educativas que precisan atención específica da mestra de A:L que lle ocupan todo o horario.

A mestra especialista de PT ao estar compartida ven ao noso centro dous días á semana, realizará en Sergude, Lestedo, San Fins, Sarandón e San Xián Primaria sesións de apoio de reforzo educativo na que atenderá os casos específicos realizando un programa de intervención dos mesmos dentro da aula, salvo que en caso de necesidade, previa autorización dos titores legais, D.O. e Inspección Educativa, se precise realizalo fóra da aula.

Para completar o seu horario as/os mestras/es especialistas levarán a cabo actividades de apoio á educación infantil e primaria nas distintas escolas.

Durante as sesións das especialistas(EF, FI, EM,AL,FR e ART) os mestres titores NON estarán na aula sempre que dispoñan doutro lugar no que estar e dedicarán este tempo á planificación curricular da súa clase, de ter que queda na aula non intervirán a especialidade a non ser que así llo solicite a especialista; non así o profesorado de apoio que pode permanecer na aula a petición da especialista pois están para apoiar ao alumnado non ao titor/a.

D. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

Os recreos nas nosas escolas son vixiados polas titoras/es de cada unha delas e máis a especialista que lle corresponda estar nesa unitaria antes ou despois de dar a súa especialidade.

E. PLAN DE SUBSTITUCIÓNS

- Obxectivos:

1. Dispor en todo momento dalgún profesor/as dispoñible para substituír as posibles ausencias do profesorado.
2. Posibilitar a atención das actividades que sexan necesarias para o mellor funcionamento do centro (coordinación de equipos, ...).
3. Facilitar o cumprimento horario dos órganos unipersoais de goberno nas súas diversas funcións directivas.

- Criterios de substitucións:

1. Os profesores/as titores substituirán as posibles ausencias das especialistas nos seus respectivos grupos.
2. As mestras especialistas serán as que substituirán as ausencias dos titores/as. A



1º curso-	MATEMATICAS	1 PRI Matemáticas: CONSTRUYENDO MUNDOS . MOCHILA LIGERA EDITORIAL SANTILLANA 2022	978-84-680-7131-2	CAST ELÁN
1º curso-	LINGUA GALEGA	1 PRI LINGUA : CONSTRUÍNDO MUNDOS (1-2) OBRADOIRO EQUIPO EDITORIAL 2022	978-84-9185-532-3	GALE GO
1º curso-	LENGUA CASTELLANA	1 PRI LENGUA: PRIMEROS PASOS PAUTA. CONSTRUYENDO MUNDOS EDITORIAL SANTILLANA 2022	978-84-680-7160-2	CAST ELÁN

mestra de relixión substituirá na súa labor como apoio de aula e en ningún caso na área de Atención educativa.

3. En ningún dos casos os mestres titores/as impartirán en ausencia da especialista nada relativo da especialidade, remitíndose unicamente a facer labores propias da titoría.

4. Cando se produzan ausencias ineludibles que se poidan coñecer con anterioridade, o profesor/a afectado deberá deixar o traballo programado das súas clases coa entrega á directora da programación correspondente.

5. En caso de ser faltas de titorías de máis de medio día serán cubertas polas mestras de apoio 1 e 2 nas súas respectivas escolas.

F.LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

EDUCACIÓN



1º curso	CC SOCIAIS	1 PRI CC. SOCIAIS: CONSTRUÍNDO MUNDOS OBRADOIRO EQUIPO EDITORIAL 2022	978-84-9185-414-2	GALEGO
1º curso	CC NATURAIS	1 PRI CC. DA NATUREZA : CONSTRUÍNDO MUNDOS OBRADOIRO EQUIPO EDITORIAL 2022	978-84-9185-411-1	GALEGO
1º curso	INGLÉS	NEW TIGER 1 PUPIL'S BOOK PACK. Edt. Macmillan Heinemann	978-13-8001-1176	INGLÉS
1º curso-	RELIXIÓN	RELIXIÓN 1. Serie Operación Mundo. Editorial Anaya.2022	978-84-698-9736-2	GALEGO

33

EDUCACIÓN PRIMARIA- 2º

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
2º curso-	MATEMATICAS	2 PRI Matemáticas: SHCONTIGO MOCHILA LIGERA EDITORIAL SANTILLANA 2018	978-84-680-4747-8	CASTELÁN
2º curso-	LINGUA GALEGA	2 PRI LINGUA : MOCHILA LIXEIRA. SABER FACER CONTIGO OBRADOIRO EQUIPO EDITORIAL 2019	978-84-9185-062-5	GALEGO
2º curso-	LENGUA CASTELLANA	2 PRI LENGUA: SHCONTIGO MOCHILA LIGERA EDITORIAL SANTILLANA 2018	978-84-680-4746-1	CASTELÁN
2º curso	INGLÉS	NEW TIGER 1 PUPIL'S BOOK PACK. Edt. Macmillan Heinemann	978-13-8001-118-3	INGLÉS
2º curso-	RELIXIÓN	RELIXIÓN 2. Editorial Anaya.2018	978-84-698-4024-6	GALEGO

G. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOVERNO

Órganos de goberno unipersoais:

Son órganos unipersoais a Directora (a cal asume as competencias de Xefe/a de Estudos por tratarse dun centro de 7 unidades) e a Secretaria. Os seus nomeamentos, mandatos, funcións e ceses son os establecidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

CARGO	NOME E APELIDOS	DATA DE NOMEAMENTO
DIRECTORA	M ^a Elena García Iglesias	1-7-2022
SECRETARIA	Raquel García Fraga	1-7-2022

Sendo un CRA e ámbalas dúas mestras especialistas (a directora de Música e a Secretaria de Relixión), centralizamos o traballo de dirección na xornada do mércores, onde aproveitamos para recibir ás familias que así o solicitan ou precisan, facer a nosa reunión de coordinación de 9 a 10 e desenvolver o traballo de dirección e secretaría de oficina que non podemos levar a cabo nas escolas.

O resto das horas 1 de secretaría e 1 de dirección son levadas acabo de xeito individual na sede do CRA.

Cabe dicir que moito do traballo que desenvolvemos e levamos acabo temos que realizalo fora do horario lectivo pois non nos dan as horas para poder facer todo o traballo que vai xurdindo a diario ou temos que apoiar ou cubrir algunha escola ou incidencia .

PLAN DE ACTUACIÓNS:

Setembro:

- Organización do Claustro de comezo de curso.
- Organización xeral do curso
- Elaboración de horarios
- Reunión informativa cas familias do CRA de benvida e inicio de curso.
- Organización e planificación do Claustro e Consello para a aprobación da PXA
- Coordinación do proceso de elaboración de Programacións e revisión e actualización dos documentos do centro.
- Calculo anual/curso das itinerancias en base a horarios
- Calculo anual/curso dos gastos do centro
- Coordinación cos concellos para a solicitude dos días non lectivos.
- Detección de necesidade (material, equipamento...) e busca de solucións (adquisición de material, reparación, traslado ao concello ou entre escolas...)
- Coordinación co centro compartido co que temos á auxiliar de conversa.
- Intento de coordinación cos centros adscritos aos que foi o noso alumnado para unha coordinación previa ao inicio de curso.
- Revisión do PE e as NOF
- Revisión dos proxectos e plans de centro
- Elaboración da PXA
- Organización das reunións semanais do equipo docente (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Envío do parte de faltas do profesorado
- Xestión semanal das contas

Outubro.-



- Remate da PXA
- Acollida do auxiliar de conversa.
- Organización e planificación do Consello e o Claustro para informe e aprobación da PXA, e documentos do centro.
 - Presentación do DOC
 - Organización das reunións semanais dos equipos(informacións, novas, avisos, instrucións...)
 - Organización do proceso de renovación do Consello escolar .
 - Envío da PXA a Inspección
 - Envío do parte de faltas do profesorado
 - Xestión semanal das contas
 - Revisión dos plans de adaptación e continxencia polo covid-19

Novembro.-

- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
 - Organización das reunións semanais do equipo docente
 - Seguimento do proceso de eleccións dos membros do Consello escolar.
 - Envío do parte de faltas do profesorado
 - Xestión semanal das contas
 - Reunión do AMCRAGA

Decembro.-

- Xustificación das contas do exercicio anual.
- Organización do festival de Nadal(estes anos realizaranse actividades nas aulas)
- Organización das reunións semanais dos equipos(informacións, novas, avisos, instrucións...)
 - Xestión semanal das contas
 - Envío do parte de faltas do profesorado

Xaneiro.-

- Organización e planificación das reunións do Claustro e o novo Consello Escolar.
- Presentación das contas do exercicio anual.
- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
 - Organización das reunións semanais dos equipos(informacións, novas, avisos, instrucións...)
 - Xestión semanal das contas
 - Envío do parte de faltas do profesorado

Febreiro.-

- Xestión do proceso de reserva de praza en centro adscrito do alumnado de 6ª de infantil e 2º de primaria
 - Coordinación cos Concellos para o envío de información ás familias sobre a matrícula para



o vindeiro curso escolar.

- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
- Publicación da oferta de admisión.
- Organización das reunións semanais dos equipos (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Xestión semanal das contas
- Envío do parte de faltas do profesorado
- Reunión do AMCRAGA (No caso de non ser neste mes sería dentro de este trimestre)

Marzo.-

- Proceso de admisión escolar.
- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
- Organización das reunións semanais dos equipos (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Xestión semanal das contas
- Envío do parte de faltas do profesorado

Abril.-

- Organización e planificación das reunións de consello e claustro.
- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
- Coordinación co D.O para a solicitude de medidas extraordinarias de atención á diversidade
- Publicación da listaxe de admitidos provisionais.
- Organización das reunións semanais dos equipos (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Xestión semanal das contas
- Envío do parte de faltas do profesorado

Maio.-

- Publicación da listaxe definitiva de admitidos
- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
- Organización das reunións semanais dos equipos (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Coordinación cos centros adscritos para a organización da xornada de convivencia se as autoridades sanitarias nos deixan.
- Envío solicitude modificación da listaxe de libros
- Xestión semanal das contas
- Envío do parte de faltas do profesorado
- Reunión do AMCRAGA (No caso de non ser neste mes sería dentro de este terceiro trimestre)



Xuño.-

- Coordinación do proceso de elaboración das memorias.
- Organización e planificación das reunións de Claustro e Consello escolar: Memoria Final de curso...)
- Seguimento e xestión de actividades complementarias e extraescolares (recursos económicos, materiais, transporte escolar...)
- Matriculación do novo alumnado.
- Xestión da Aplicación fondo libros e creación dos vales de libros e material.
- Organización das reunións semanais dos equipos (informacións, novas, avisos, instrucións...)
- Xestión semanal das contas
- Envío do parte de faltas do profesorado

Xullo.-

- Presentación da memoria anual e das actas finais de avaliación á Inspección .
- Entrega dos vales dos libros e material ás familias.
- Organización do vindeiro curso escolar.

Órganos de goberno colexiados:

CONSELLO ESCOLAR

Segundo a lexislación vixente (Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, Colexios de Educación Primaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria) a constitución do noso Consello escolar por tratarse dun centro de sete unidades debe contar cos seguintes membros:

- Directora que actuará como presidenta.
- 3 membros do claustro docente.
- 3 representantes de pais e nais de alumnos/as.
- Un representante do concello.
- A secretaria que actuará con voz pero sen voto.
- Directora: M^a Elena García Iglesias.
- Secretaria: Raquel García Fraga.
- 3 membros do claustro docente; Sonia Iglesias Sánchez, Antonio Vázquez Turnes e M^a Luz Balado Ferreiro.
- 3 representantes de pais e nais de alumnos/as: M^a Pilar Mallo Ansemil, Carlos Miras e Estefanía Ferrero Diego
- Un representante do concello: Dona Marta Magina Copóns Neira, como representante do



Concello de Boqueixón entregará neste primeiro consello o voto ao representante do Concello de Vedra Manuel Costa Carneiro, ao cal lle toca delegar este ano como se ven facendo ano tras ano.

- Dentro do Consello Escolar hai as seguintes Comisións:

Comisión económica:

Presidenta: M^a Elena García Iglesias

Representante dos pais/nais: Carlos Mirás Bello

Representante da ANPA: Estefanía Ferrero Diego

Representante dos profesores: M^o de la Luz Balado Ferreiro

Secretaria: Raquel García Fraga

- Celebración de reunións: unha cada trimestre.

Extraordinarias: as que se estimen oportunas.

Comisión de Convivencia:

Presidenta: M^a Elena García Iglesias

Representante dos pais/nais: Pilar Mallo Ansemil

Representante dos profesores: Antonio Vázquez Turnes e Sonia Iglesias Sánchez

Coordinadora da Comisión de Convivencia: Raquel García Fraga

Secretaria: Raquel García Fraga

- Celebración de reunións: unha cada trimestre. Extraordinarias: as que se estimen oportunas.

✓ **CLAUSTRO.**

Como ben sabemos, o claustro está composto por todos os docentes do centro que ten que ter, en conta co catálogo de profesorado que temos aprobado para este curso 2022/23. Este consta de 8 mestres de Educación infantil e 1 de Educación primaria, unha especialista en lingua estranxeira, un especialista en educación musical, un especialista de educación física, un especialista en audición e linguaxe, unha mestra de PT compartida co CEIP de Ortigueira que ven ao noso centro 2 días á semana, unha orientadora compartida co CEIP de Ortigueira e unha mestra de formación relixiosa. Este profesorado é o seguinte:

Educación Infantil:

- Eva Nieves Vieiro (E.E.I de Lestedo). Definitiva en centro.
- Ariana Álvarez Fernández (E.E.I de Sergude). Definitiva en centro.
- Sabela Sanmartín Castro (EEI. De San Xián, aula de infantil). Definitiva en centro.
- M^a Luz Balado Ferreiro (EEI. De San Xián, aula de primaria). Definitiva en centro.
- Sonia Iglesias Sánchez (EEI de San Fins) Definitiva en centro



- Mónica López Portas (E.E.I de Camporrapado). Definitiva en centro.
- Marta de Dios Recamán, (Apoio EI nas escolas Boqueixón) mestra definitiva en centro.
- Andrea Pérez Fuentes, mestra de apoio de EI, provisional con permuta e en fase de prácticas. Levará a cabo a súa labor nas escolas do concello de Vedra.

Educación Primaria:

- Antonio Vázquez Turnes (CEIP de Sarandón). Definitivo en centro.

Lingua estranxeira- Inglés: Purificación Rodríguez Otero. Definitiva en centro.

Educación Musical: M^a Elena García Iglesias. Definitiva en centro.

Educación Física: Andrea Regueira Rodríguez. Definitiva en centro. Olalla Paz Roa substituta.

Formación Relixiosa: Raquel García Fraga. Definitiva en centro. Adscrita ao claustro.

Audición e Linguaxe: Vanesa Cabado Ferreiro. Provisional en prácticas que cubre unha comisión do titular da praza.

Pedagogía Terapéutica: Lorena Sanín Sánchez. Compartida co CEIP Ortigueira(centro base)

Orientadora.- Carmen M^a Vieiro Silva. Interina. Compartida co CEIP Ortigueira

Estes órganos de colexiados reuniranse unha vez ao trimestre con carácter ordinario e tantas veces como fose necesario para a organización do centro con carácter extraordinario.

A principio de curso o Claustro realiza dúas sesións con pouco espazo de tempo entre eles pois no primeiro realizamos a adscrición do profesorado e preparamos a organización do inicio de curso e no segundo informamos a PXA e documentos necesarios para enviar a inspección.

H. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Órganos de coordinación docente.

✓ **EQUIPOS DE CICLO:** órganos básicos, encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefa de estudos, as ensinanzas propias do ciclo. Están compostos por tódolos docentes que imparten docencia no correspondente ciclo, polo que se fai constar que os profesores/as especialistas que imparten docencia nos distintos ciclos son compoñentes dos mesmos e deben participar nas reunións necesarias para o bo funcionamento do Ciclo.

Obxectivos:

- Coordinar as funcións de tutoría dos alumnos de ciclo.
- Realizar as programacións de actividades e tarefas (PAT) ou P.A., a partir do P.E. de Centro.
- Formular propostas concretas ao Equipo Directivo e ao Consello escolar para a elaboración da PXA e das NOF do Centro.



- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a elaboración do PE.
- Prestar atención aos alumnos con N.E.A.E., solicitando, cando sexa posible, a intervención do Departamento de Orientación.
 - Decidir e coordinar o tipo de información que se deba transmitir ás familias para acadar a maior interacción posible familia-centro.
 - Colaborar coa secretaria na actualización do inventario do centro.
 - Responsabilizarse de que se levanta acta das reunións e de que se elabore a memoria de fin de curso.
 - Atender ás recomendacións da xefa de estudos, especialmente nas relativas ao reforzo educativo, adaptacións curriculares e actividades complementarias.
 - Coordinadoras de distintos equipos:
 - Educación Infantil: Ariana Álvarez Fernández
 - Educación Primaria: M^a Luz Balado Ferreiro (coordinadora dos niveis de primaria)

40

✓ **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:** integrada por todos os membros do claustro. Somos escolas rurais que mesturan alumnado e estamos separadas por quilómetros de distancia. A coordinación necesaria é de todos con todos para poder traballar conxuntamente e realizar as nosas actividades de coordinación que deste xeito faremos semanalmente nas reunións dos martes.

Obxectivos:

- Valorar as propostas feitas polos equipos de ciclo sobre os proxectos curriculares de etapa, melloralas na medida do posible e levar, de ser o caso, ao Claustro para a súa modificación.
- Facer un seguimento do grao de cumprimento e aplicación do PEC. Facer propostas ao Claustro, de ser o caso, das modificacións que procedan.
 - Facilitar a súa información e formación: temas lexislativos, cursiños, conferencias, etc.
 - Elaborar as directrices para o P.X.A.T.
 - Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
 - Canalizar as necesidades do profesorado na súa formación.
 - Propoñer aos profesores que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

Compoñentes:

- Presidenta / Directora: M^a Elena García Iglesias.
- Secretaria: Raquel García Fraga.
- Mestra de P.T.C.: Lorena Sanín Sánchez .
- Orientadora de Centro: Carmen M^a Vieiro Silva
- Coordinadora de Educación Infantil: Ariana Álvarez Fernández



- Dinamizadora de Educación Primaria: M^a Luz Balado Ferreiro
- Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Marta de Dios Recamán.
- Todos os membros do claustro.

✓ EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

Obxectivos:

- Levar a cabo o Plan de Dinamización da Lingua Galega e o PLC proposto para este curso.
- Propoñer ao equipo directivo os obxectivos de normalización lingüística que potencien a lingua galega e velar polo cumprimento do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
 - Facer un seguimento do grao de consecución dos obxectivos de N.L. fixados polo PEC do Centro. Facer propostas ó Claustro, de ser o caso, das modificacións que procedan.
 - Fomentar na Comunidade Educativa actitudes positivas que faciliten o uso da nosa lingua.
 - Potenciar o uso como medio vehicular de expresión oral e escrita nas relacións internas e externas de Centro.
 - Facilitar ao profesorado información sobre temas relacionados coa lingua e a cultura galega: cursos, encontros, xornadas, publicacións...
 - Prestar asesoramento ao Centro co fin de acadar a maior normalización e normativización da nosa lingua.
 - Motivar, organizar e facilitar a información precisa para a celebración de actividades conmemorativas de arraigo tradicional: Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...
 - Organizar e celebrar a Semana das Letras Galegas coa realización de traballos interdisciplinares feitos polos alumnos/as.
 - Estudar e formular propostas á Comisión Económica para a adquisición de material específico que fomente e facilite o uso e coñecemento da nosa lingua.
 - Promover aquelas outras funcións que a Consellería de Educación prevexa na súa normativa específica.

Compoñentes do equipo de EDLG:

- Coordinador: Marta de Dios Recamán
- Andrea Pérez Fuentes
- Carmen M^a Vieiro Silva
- Antonio Vázquez Turnes

✓ Outras comisións:



A LOE fai referencia á dinamización dos centros de tres aspectos que se consideran esenciais para lograr unha educación de calidade, e séguese mantendo na LOMCE e na LOMLOE, e por ese motivo e por todo o traballo que isto implica decidimos, como xa fixemos o curso pasado, establecer tres comisións que aborden estes temas, as cales son:

- Comisión de dinamización da biblioteca escolar: estará encargada de impulsar o programa de mellora de bibliotecas escolares, coordinar a todo o claustro en todo o proxecto e en desenvolver o Proxecto lector. Os integrantes desta comisión son: a titora da EEI de Sergude, a titora da EEI de San Xiao 2, a titora de Camporrapado (coordinadora) e a titora de Lestedo, tamén formarán parte de esta comisión, a especialista en Educación Física, Andrea Regueira Rodríguez substituída por Olalla Paz Roa e a especialista de Lingua Estranxeira Purificación Rodríguez Otero.

- Comisión de Convivencia Escolar e Igualdade: hai tres anos creouse o Plan de convivencia escolar do centro, que incluímos no PEC e lanzamos tódalas propostas que creemos adecuadas para a mellora do centro neste aspecto. Forman este ano esta comisión todos os mestres especialistas do centro, sendo a coordinadora Andrea Pérez Fuentes. No Consello Escolar actuará de representante desta Comisión, Raquel García Fraga.

Este ano seguiremos a traballar neste campo tendo en conta que voltamos a poder realizar actividades conxuntas de todas as escolas do CRA, o cal engrandecerá máis aínda o significado de Convivencia do que xa o estabamos a traballar nestes anos de pandemia.

Adicarémonos tamén a traballar no eido da educación emocional dándolle forma a un proxecto emocional que vincule a todo o centro educativo

- Comisión de dinamización das TIC: busca integrar as TIC de xeito real no desenvolvemento curricular do noso centro, a través da mellora da formación docente e do impulso de novos proxectos que acheguen ao alumnado a estas novas TIC. O manexo dos encerados dixitais, tablets, nube, páxina web, aula virtual e aplicacións corporativas por parte de docentes e alumnado será unha das prioridades desta comisión formada pola mestra de música, M^a Elena García Iglesias, a mestra de apoio 1, a mestra de San Fins que actuará como coordinadora e a mestra de formación relixiosa.

- Comisión Medioambiental: a cal ten como obxectivo achegar aos nosos alumnos á riqueza natural que posuímos na zona, fomentar o respecto e o coidado polo medioambiente e formar cidadáns implicados na conservación do mesmo. Integran esta comisión tod@s @s titor@s, en colaboración coas mestras de apoio e especialistas. Tres escolas participan no Proxecto Voz Natura.

Reunímonos sempre os martes pola tarde de 16 a 18 intentando organizar as sesións para que sexan o máis produtivas posible e podendo adiar ou xuntar nun mesmo martes varias reunións previstas por mor das sesións de avaliación ou outras reunións extraordinarias de carácter urxente que poidan acontecer.

1ºMARTES: C.C.P.- 16-16.45.- Infantil
16.45-17.15 Todos
17.15-18.- Primaria.

2º MARTES: EQUIPOS.- 16-16:30.- Reunión xeral do equipo docente



16.30-18.- EDLG/TICS/BIBLIO

3º MARTES: EQUIPOS.- 16-16:30.- Exposición equipos

16.30-18.- MEDIOAMBIENTAL/CONVIVENCIA E IGUALDADE

4º MARTES: 16-17.- PROXECTA/PFPP/FORMACIÓN TICS...

17-18.- D.O

I. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

43

A Comunidade Educativa é o lugar idóneo para o desenvolvemento da pedagogía, da participación en liberdade, e sobre todo nun contorno rural como o noso, onde a comunicación docente-familias é diaria e permite unha relación fluída. Ademais por estar dentro dun medio destas características é esencial que os nenos/as coñezan ben o seu contorno e potencien recursos dos que dispoñen, o cal lle debemos facilitar desde o CRA en colaboración coas demais institucións da zona.

Para potenciar a participación de todos/as, no CRA Boqueixón – Vedra "Neira Vilas", atenderemos, entre outros, aos seguintes aspectos:

A) Destacar a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos dos distintos sectores da Comunidade Educativa do Centro.

B) Propiciar a comunicación, cos pais/nais dos alumnos/as co fin de facelos partícipes das necesidades e intereses do Centro de modo que cheguen a asimilar normas de organización establecidas na escola.

C) Implicación das familias dentro das escolas en actividades como contar contos, visitas a lugares de interese da zoa, charlas sobre diferentes temas relacionados coas unidades didácticas a traballar, etc. Traballaremos de novo coas familias dentro da aula cando a actividade sexa propicia para isto.

D) Establecer e manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa ANPA.

E) Facilitar o bo uso das instalacións das distintas escolas para a realización de actividades organizadas pola ANPA.

F) Favorecer a relación coas institucións. Concello, Xunta, Asociación de veciños, ANPA.

G) Establecer canles fluídas de comunicación cos demais centros educativos da zoa especialmente cos nosos centros adscritos, é dicir, o CPI de Vedra e o CPI Antonio Orza Couto e co CEIP de Ortigueira con quen compartimos mestra de PT e agora taén orientadora.

H) Levar a cabo proxectos en conxunto coas corporacións locais, como son o Proxecto intercultural (para o cal contamos con voluntarios do Concello de Boqueixón e de Vedra nos anteriores cursos) e proxectos de impulso das bibliotecas municipais.

I) Levar a cabo actividades complementarias e extraescolares que se centren no coñecemento do contorno próximo.

PLAN PARA A POTENCIACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS

A Comunidade Educativa é o lugar idóneo para o desenvolvemento da pedagogía, da participación en liberdade, e sobre todo nun contorno rural como o noso, onde a comunicación



docente-familias é diaria e permite unha relación fluída. Ademais por estar dentro dun medio destas características é esencial que os nenos/as coñezan ben o seu contorno e potencien recursos dos que dispoñen, o cal lle debemos facilitar desde o CRA en colaboración coas demais institucións da zona.

Para potenciar a participación de todos/as, no CRA Boqueixón – Vedra "Neira Vilas", atenderemos, entre outros, aos seguintes aspectos:

- Destacar a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos dos distintos sectores da Comunidade Educativa do Centro.
- Propiciar a comunicación, cos pais/nais dos alumnos/as co fin de facelos partícipes das necesidades e intereses do Centro de modo que cheguen a asimilar normas de organización establecidas na escola.
- Implicación das familias dentro das escolas en actividades como contar contos, visitas a lugares de interese da zona, charlas sobre diferentes temas relacionados coas unidades didácticas a traballar, etc.
- Establecer e manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa ANPA.
- Facilitar o bo uso das instalacións das distintas escolas para a realización de actividades organizadas pola ANPA.
- Favorecer a relación coas institucións. Concello, Xunta, Asociación de veciños, ANPA.
- Establecer canles fluídas de comunicación cos demais centros educativos da zoa especialmente cos nosos centros adscritos, é dicir, o CPI de Vedra e o CPI Antonio Orza Couto.
- Levar a cabo actividades complementarias e extraescolares que se centren no coñecemento do contorno próximo.

J. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Previa petición dos Concellos ou da ANPA, a dirección do Centro pode autorizar o uso das escolas fora do horario lectivo. En ningún caso as escolas serán usadas fora dese horario para desenvolver actividades curriculares ou doutro tipo por parte de calquera docente do CRA nin, evidentemente, por persoas alleas ao persoal do centro. En caso de ser solicitada a escola para algunha actividade curricular de algún docente que implique aos alumnos/as do centro, estudarase a súa autorización por parte da dirección e/ou o inspector de zona.

No caso de que todas ou algunha das escolas sexa cedida a calquera outra actividade que nos pareza útil e educativa para os nosos alumnos/as, futuros alumnos/as e nenos/as do Concello, establecerase a correspondente tramitación coa Administración Educativa.

K. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Temos plans de autoprotección realizados polo Concello de Boqueixón para as escolas de Camporrapado, Sergude e Lestedo, e planos de evacuación das escolas de Vedra realizados tamén polo Concello de Vedra para cada unha delas. Elaboráronos no curso 18/19 e non sufriron modificacións de ningún tipo.



L. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

1. LEXISLACIÓN

- Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006
- Lei Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE) 8/2013
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
 - Orde do 25 de xuño de 2009 polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 105/2014 que establece o currículo de Educación Primaria.
 - Orde do 23 de novembro de 2007 que regula a avaliación en Educación Primaria
 - Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
 - Decreto 85/2007 que regula o Observatorio Galego da Convivencia
 - Decreto 30/2007 e a Orde do 17 de marzo de 2007 que regulan o sistema de admisión de alumnado.
 - DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
 - DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
 - Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumando dos centros docentes de Galicia.

45

2. SITUACIÓN DO CENTRO

O noso centro trátase dun centro público encadrado dentro dos Centros Rurais Agrupados de Galicia composto por 8 unidades, tres delas situadas no Concello de Boqueixón e cinco en Vedra. Dispoñemos de 6 escolas, xa que nas situadas en San Xián e Sarandón hai dúas unidades, e estas complétanse coas unidades de San Fins (en Vedra), Camporrapado, Sergude e Lestedo (estas últimas pertencentes a Boqueixón).

En canto o persoal do centro, dicir que, conforman o persoal docente un total de **quince mestres** distribuídos segundo as súas especialidades do seguinte xeito:

- Educación Infantil.....8
- Educación Primaria.....1
- Filoloxía Inglesa..... 1
- Educación Musical..... 1
- Audición e linguaxe..... 1
- Formación Relixiosa.....1
- Educación física.....1
- Orientadora.....1 Centro base CRA e compartida co CEIP de Ortigueira
- Pedagogía Terapéutica.....1 Compartida, centro base o CEIP de Ortigueira



Total.....15

En canto ó alumnado dicir que este curso contamos no centro con 73 alumnos/as matriculados distribuídos do seguinte xeito:

	4º Infantil	5º Infantil	6º infantil	1º Primaria	2º Primaria	Total
San Xián	3	2	3	4	5	17
San Fins	1	4	2	4	0	11
Sarandón	2	0	1	3	5	11
Lestedo	3	1	4			8
Sergude	3	12	3			18
Camporrapado	2	4	2			8
Total	14	23	15	11	10	73

46

A ratio media é de 11 alumnos/as por escola, aínda que como se pode comprobar no cadro anterior os grupos son diversos. Dentro deste grupo dicir que contamos con alumnado estranxeiro, pero aínda así podemos dicir que se trata dun grupo bastante homoxéneo en canto a características socioculturais.

Temos unha asociación de pais/nais no centro coa que mantemos unha moi boa relación, que se traduce na realización de actividades conxuntas.

En canto a relación coas Administracións locais é fluída e moi colaborativa. Recibimos moito apoio tanto do Concello de Boqueixón coma de Vedra en todas cantas actividades que realizamos.

Na zona temos contacto cordial cos outros tres centros da zona: CPI Antonio Orza Couto, CPI de Vedra e o CEIP de Ortigueira, se ben se traduce nun intercambio de información entre os equipos directivos. A principio de curso organizamos unha reunión entre titores do noso centro cos adscritos para unha mellor recepción do alumnado e coñecemento do mesmo. Tamén organizamos conxuntamente xornadas de convivencia a finais de curso para os alumnos/as que eran futuros alumnos e alumnas dos centros aos que estamos adscritos.

ÁMBITOS	OBXECTIVOS
O PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer o nivel de adecuación das infraestruturas, a suficiencia e funcionalidade do equipamento e a súa incidencia no proceso de ensinanza aprendizaxe. 2. Coñecer e valorar a dotación de recursos humanos en función do catálogo. 3. Coñecer o tipo de alumnado: ratios e a diversidade de necesidades educativas. 4. Coñecer e valorar o proceso de toma de decisións en canto horarios, espazos e organización de recursos. 5. Coñecer e valorar a contextualización dos obxectivos xerais á realidade do entorno e do alumnado; a funcionalidade das programacións de área e a coherencia coas programacións de



	<p>ciclo; o desenvolvemento de temas transversais; o uso de variables metodolóxicas; a coherencia da avaliación, así como os criterios e a promoción á hora da toma de decisións.</p> <p>6. Coñecer e valorar o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de acción Tutorial en todos os seus ámbitos dende a súa funcionalidade e suficiencia de obxectivos e contidos.</p> <p>7. Coñecer o nivel de suficiencia que alcanza o alumnado, analizar as causas e consecuencias e propoñer alternativas de mellora.</p>
A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer os distintos documentos do centro (PEC, PXA, PDC, MEMORIA,...) para valorar o axuste á normativa legal, a coherencia interna dos mesmos e a súa funcionalidade. 2. Coñecer o desenvolvemento dos procesos de planificación, execución e avaliación dos órganos de goberno e coordinación didáctica. 3. Coñecer e valorar a eficacia da xestión administrativa do centro e dos materiais, da economía, e a resposta as necesidades existentes. 4. Coñecer e valorar o asesoramento da Inspección educativa. 5. Coñecer e valorar a situación de convivencia de centro, as relacións internas: a funcionalidade das Normas de Organización e Funcionamento do Centro e os niveis de participación da comunidade educativa.
AS RELACIÓNS CO CONTORNO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Describir e valorar as posibilidades educativas do entorno, e o aproveitamento que o centro fai das mesmas. 2. Describir e valorar o nivel de relación e colaboración coa ANPA, coas Administracións Locais e con outras institucións. 3. Describir e valorar a programación de actividades extraescolares en canto o nivel de participación, satisfacción e coherencia coas intencións educativas.
OS PROCESOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Describir e valorar o propio Plan de Avaliación Interna e os plans de formación e innovación do centro



3. OBXECTIVOS DO PLAN DE AVALIACIÓN INTERNA EN FUNCIÓN DE CADA UN DOS ÁMBITOS

❖ OBXECTIVOS XERAIS:

1. Proporcionar ao Centro e á comunidade educativa elementos que lle permitan afondar no coñecemento e reflexión sobre a propia acción, para poder abordar de forma coherente todas aquelas decisións de mellora dirixidas a dar resposta de calidade.

2. Poñer a disposición da Administración educativa unha información suficiente, obxectiva e relevante sobre os procesos e resultados relacionados coa acción educativa levada a cabo no Centro, para poder introducir os reaxustes necesarios de cara a mellorar a calidade do sistema educativo.

48

❖ OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

4. INDICADORES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁMBITO	DIMENSIÓN	INDICADORES	CRITERIOS
O PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	1ª Condicións materiais, persoais e funcionais	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Infraestruturas e equipamento. ❖ Persoal docente ❖ Características do alumnado ❖ A organización dos grupos e a distribución de tempos e espazos 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Funcionalidade ❖ Suficiencia ❖ Coherencia ❖ Relevancia
	2ª Desenrolo do currículo	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Programacións didácticas de áreas e materias ❖ Plan de atención á diversidade ❖ Plan de acción titorial ❖ Proxectos de centro 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Funcionalidade ❖ Suficiencia ❖ Coherencia
	3ª Resultados escolares do alumnado	Resultados escolares do alumnado por áreas e materias de cada grupo e de nivel (EI e 1º ciclo de EP)	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Funcionalidade



A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DO CENTRO	4ª Documentos	Documentos programáticos, PEC, PXA, MEMORIA...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Funcionalidade ❖ Coherencia
	5ª Funcionamento do centro	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Órganos de goberno, de participación no control e na xestión, e órganos didácticos. ❖ Administración, xestión económica ❖ Asesoramento e colaboración 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Funcionalidade ❖ Suficiencia ❖ Coherencia ❖ Satisfacción ❖ Relevancia
	6ª Convivencia e colaboración	Convivencia, colaboración, problemática, respostas,....	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Coherencia ❖ Suficiencia ❖ Satisfacción
AS RELACIÓNS CO CONTORNO	7ª Características do contorno	Características do contorno: ubicación do centro, institucións, actividades educativas...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Suficiencia ❖ Relevancia
	8ª Relacións con outras institucións	Relacións institucionais: ANPA, Concellos, outros centros docentes, outras asociacións e institucións.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Funcionalidade ❖ Suficiencia ❖ Coherencia ❖ Satisfacción ❖ Relevancia
	9ª Actividades extraescolares	Actividades extraescolares	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Suficiencia ❖ Coherencia ❖ Satisfacción ❖ Relevancia



OS PROCESOS AVALIACIÓN	10ª Avaliación	Relación Cos obxectivos, planificación e desenvolvemento...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adecuación ❖ Suficiencia ❖ Coherencia ❖ Satisfacción ❖ Relevancia
-------------------------------	-----------------------	---	---

5. PROCEDIMENTOS

- ❖ Observación
- ❖ Recollida de opinións
- ❖ Análise de documentos

6. RESPONSABLES

- ❖ **Equipo directivo:** Elabora e executa o Plan de Avaliación Interna.(PAIC)
- ❖ **Consello Escolar:** Aproba o P.A.I.C
- ❖ **Claustro:** Establece criterios e valora resultados
- ❖ **Órganos didácticos:** Analiza cada un dos ámbitos
- ❖ **Institucións:** Análise
- ❖ **Familia:** Análise

50

6. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

A. Descrición dos programas.

Actividade formativa/programa: Pfp						
Descrición do programa	PFPP de carácter bianual con carácter completamente dixital. Buscamos a formación en Software libre, LINUX, que é o que nos está a propoñer e/ou impoñer a Consellería e ademais buscamos formarnos en edición de vídeo.					
Tipo	Curso	Grupo Trabajo	X Seminario	Xornada	Ponencia	Taller
Horas	Temporalización					
	1º T x		2º T x		3º T x	
Responsables	Cafi					
Participantes	14 mestres,			Hubo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Si x Non		
Nome coordinador	Mª Elena García Iglesias					
Nome asesores externo	Mª Carmen Vieites Salgado					



7. PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

A. PLAN DE INTRODUCCIÓN DA TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

51

"REDE ESCOLAS NA NUBE"

ROBOTICRA





C.R.A. BOQUEIXÓN- VEDRA “NEIRA VILAS” CURSO 2022-2023

INDICE

1. Estudo inicial do centro. Características da comunidade educativa
2. Obxectivos xerais
3. Metodoloxía
4. Actividades
5. Estratexias de coordinación do profesorado
6. Utilización e aproveitamento dos recursos existentes
7. Organización espazo - temporal do centro
8. Tratamento da diversidade, atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
9. Plan de avaliación anual
10. Medidas para difundir o proxecto entre a comunidade educativa en xeral
11. Membros da Comisión TICS do centro

52

1. ESTUDO INICIAL DO CENTRO. CARACTERÍSTICAS DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

Actualmente o CRA está formado por seis escolas e sete unidades, das cales no curso actual en dúas delas se escolarizan alumn@s de 2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria e nas catro restantes alumnado unicamente do 2º ciclo de educación infantil.

Xeograficamente os centros que compoñen este CRA están situados nos concellos de Boqueixón e Vedra: 3 escolas no primeiro concello, nas parroquias de Lestedo, Sergude e Camporrapado; e 3 escolas no concello de Vedra, nas parroquias de San Fins de Sales, San Xíán de Sales e San Miguel de Sarandón.

A poboación dos concellos nos que está ubicado o noso centro está repartida entre o sector agrícola e servizos, e destacando no sector industrial a industria manufactureira. A maior parte da poboación activa traballa en Santiago, sobre todo os procedentes das parroquias máis próximas. Desenvolven as súas actividades principalmente no sector servizos, ou no funcionariado. Outros traballan no medio rural como modernos agricultores e gandeiros ou como empresarios autónomos.

Aínda que falamos dun medio rural, hai que recordar que estamos tan só a 10 quilómetros da capital de Galicia, o cal se nota en diferentes aspectos como a plena incorporación da muller ó mundo laboral ou un nivel de estudantes universitarios alto dentro da mocidade dos dous concellos



Hai casas culturais de ámbolos dous concellos provistas de aulas de medios informáticos con varios ordenadores, impresoras e acceso a Internet. A concepción do CRA coma un só centro educativo mellorou cualitativamente grazas as posibilidades da NUBE no relativo de intercambio de información e comunicación entre profesorado e alumnado das distintas Escolas (Videoconferencia, mensaxería interna, Taboleiro, Faladoiro, Cartafoles compartidos).

Para o centro, o profesorado e máis o alumnado, a NUBE é un entorno de traballo, (un sistema operativo virtual) que se emprega nas escolas, na Sede e nas casas para acceder aos recursos, ferramentas e materiais educativos que compartimos, tanto entre profesorado, como co alumnado e as súas familias.

A nube supuxo unha revolución metodolóxica na forma de traballar e comunicarse no CRA, tanto para o alumnado como para o profesorado, titoras e mestres especialistas. Os contidos compartidos na nube, así como o taboleiro e a mensaxería interna na nube dos mestres resultan ser unhas excelentes canles de comunicación entre o profesorado que melloran e incrementan a coordinación, e por outro lado as videoconferencias, espertan o interese dos nenos e nenas por ver e comunicarse a tempo real cos seus compañeiros da REDE, do propio CRA, dos CPIs ou inclusive doutros centros. Este ano xa temos en marcha a nube nova na que compartimos diversa información e documentación facilitando así o bo funcionamento do centro. Seguimos indagando no seu funcionamento das posibilidades que nos pode ofrecer.

Neste curso seguiremos avanzando no mundo das tecnoloxías e aplicacións corporativas necesarias para un ensino telemático ou semipresencial, así coma nese mundo que agora suscita tanto interese como é a robótica educativa, proxecto que xa iniciamos hai varios cursos.

No curso 2017/2018 mercamos algúns robots para poñer en marcha o proxecto de centro (roboticra) e así introducir a robótica nas nosas escolas.

(6 unidades de Mouse Robot e 2 de Mio Robot).

EN CANTO AOS ALUMNOS/AS:

O interese prioritario do proxecto TICS do centro, integrado no proxecto Rede escolas na nube e no proxecto do centro Roboticra, é achegaraos nosos alumnos/as ás novas tecnoloxías dun xeito non só unicamente de uso lúdico, que tamén, senón que as empreguen como procura de información, contacto con outros nenos/as, coñecemento do seu entorno máis próximo, suscitar a motivación cara novos conceptos e espertar a súa curiosidade e interese.

Pedagoxicamente, temos que ter en conta, que a nosa labor ten que tentar desenvolver persoas autónomas e autosuficientes, seguindo un proceso de crecemento harmónico e integral dentro da sociedade. Co cal as novas tecnoloxías non deben ser un factor descoñecido, senón algo habitual integrado na súa vida diaria. Actualmente aos nosos nenos/as sempre lle reviste respecto o uso destes novos coñecementos, o medo a "rompelo" sempre predomina, temos que erradicalo e que eles/as vexan por si mesmos/as a utilidade destas novas formas de comunicación e relación, rompendo ó mesmo tempo o illamento do medio rural e das catro paredes da súa casa.

Tamén que vexan a estes novos integrantes da aula, "os robots", non como



xoguetes de radiocontrol e de comandos, se non como outro xeito de traballar ademais de cas cores, o lapis, a tablet ou o encerado dixital.

Tentaremos con aqueles máis maiores achegalos á linguaxe de programación dunha forma sinxela e que para eles sexa doado de entender para que despoisando teñan máis anos poidan ser auténticos programadores.

Outro dos fins polos que queremos poñer en marcha este proxecto é polos nenos/as con NEAE. Todos e cada un dos nosos alumnos/as teñen necesidades educativas e todos/as son especiais dun xeito ou outro, estean ou non diagnosticados e estamos convencidos de que as novas tecnoloxías merman esas diferenzas, conseguen diminuír a falta de atención, calmar a impulsividade, conseguen máis comunicación entre o alumno e o mestre e combaten a ansiedade, evidentemente sempre que esteamos preparados encómo usar as ferramentas tecnolóxicas en prol disto, que non é doado perotampouco imposible.

EN CANTO AO PROFESORADO:

Levaremos a cabo diversas actuacións en canto á reciclaxe do profesorado e posta a punto para ofrecer ao noso alumnado o mellor denós. Por iso seguiremos encamiñados na:

- Actualización de diversas ferramentas útiles para os mestres: dropbox, drive, powerpoint, pinterest, symbaloo, Canva...e diversas aplicacións de uso educativo como o QRdroid, hpReveal, plantanet,...
- Novas ferramentas de uso: smilebox, kizoa, thinglink, vivavideo, Openshot,...
- Continuación ca robótica: apps infantís de programación, mouse robot, escornabots, Miorobot (clementoni),...
- O PFPP do centro terá, un ano máis, unha liña encamiñada ao ámbito das Tics especificamente en formación de software libre e edición de vídeo.
- Ao mesmo tempo, o profesorado adaptouse a diversas medidas tomadas o curso da pandemia, que posiblemente veñan para quedarse ao igual que Abalarmóbil e aNube nova que xa temos en funcionamento.

2. OBXECTIVOS XERAIS

- Participar activamente no proxecto Rede Escolas na Nube: participando no taboleiro, compartindo ligazóns, aportando ideas, buscandomaterial educativo online, participar no faladoiro de Redenube.
- Empregar "a nube" para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Seguir renovando a páxina web do centro.

1. Fomentar o uso dos nosos blogs, como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
2. Promover o uso do encerado dixital, como xa fixemos este ano, aportando materiais e realizando actividades conxuntas sobre a mesma.
3. Participar activamente no proxecto Robótica: participando no taboleiro, compartindo ligazóns, aportando ideas, elaborando os materiais adecuados para dispoñer debaixo do



metraquilato (tableiro do robot), buscando material educativo online, apps,...

4. Continuar ca robótica infantil na aula a través de diferentes actividades (matemáticas, lecto,...) e apps educativas así coma outros métodos.
5. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
6. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
7. Achegar aos nosos alumnos/as á riqueza que nos ofrece o noso entorno próximo, os concellos nos que viven e que a veces descoñecen.
8. Favorecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC, facilitándolle o material necesario en cada trimestre.
9. Utilizar o ordenador, tablet ou móbil como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
10. Potenciar a comunicación cos seus iguais mediante videoconferencia entre as escolas ou mesmo outro centro.
11. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
12. Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
14. Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
15. A través da ANPA do centro, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC en xeral e deste gran proxecto en particular.

Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais. 3. METODOLOXÍA

Este Plan levará a mesma liña metodolóxica que o resto das nosas programacións de aula, e dicir, estamos a falar dunha metodoloxía baseada nunha serie de principios metodolóxicos esenciais:

1. Principio evolutivo: atenderá o desenvolvemento físico, mental, social, lingüístico, lúdico e moral de cada neno/a
2. Principio de globalización: Partiremos da realidade próxima ao neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas que buscamos.
3. Principio de actividade: Os nenos/as son activos por natureza e necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír eles mesmos/as os seus esquemas cognitivos.
4. Principio de actividade lúdica: moi en consonancia coa anterior, o xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.



5. Principio de liberdade: estará presente o respectar na medida do posible as iniciativas particulares dos nenos/as.

Principio da pedagogía do éxito: seguindo as teorías de Vigotsky, nunca debemos de propoñer actividades que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, senón que o que buscamos é que eles/as vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros.

4. ACTIVIDADES

- Emprego, actualización e colaboración para fomentar o uso da nube dentro e fóra da escola. Contamos ca nova nube que nos permite un mellor funcionamento interno de centro.

- O uso dos blogs e a páxina web do noso centro como un medio de comunicación e información, fomentando a dinamización da mesma entre a comunidade educativa do noso centro.

- Ambientación do recuncho de informática na aula tanto decoración como coñecemento dos distintos aparellos que imos traballar ó longo do curso.

- Explicación do funcionamento tanto do ordenador (que se pode facer e que non, acendido e apagado, manexo do rato,...), como da cámara dixital e o encerado dixital. * Esta tarefa estará presente ao longo de todo o curso xa que son difíciles de acadar nun curto espazo de tempo.

- Durante todo o curso, introduciremos nos ordenadores e acorde coas unidades didácticas da programación xeral, xogos e actividades adaptados ó nivel dos nenos/as, favorecendo a motivación e o aspecto lúdico da educación infantil.

O profesorado tamén elaborará, según os centros de interese de cada momento, materiais didácticos multimedia para subir "á nube" e que logo, o noso alumnado poida levalo a cabo tanto na escola como dende a súa propia casa, facendo uso do escritorio virtual co seu nome de usuario e contrasinal xa creados en cursos anteriores.

a. Introducción de apps educativas relativas como primeiro contacto coa programación.

b. Robótica infantil na aula tanto a través das tablets como de aparellos como o Robot Mouse (é un pequeno rato que se manexa cas mesmas teclas ca beebot) ou Mio Robot (clementoni).

c. Procura de información na Internet a través de buscadores: google, yahoo,...

d. Consulta do correo electrónico e emprego do mesmo para escribir e-mails ós nenos/as das outras escolas para intercambiar opinións.

e. Uso do encerado dixital para a realización e exposición de traballos levados a cabo na clase.

f. Páxina web do centro. O equipo de tics seguiremos mantendo viva a web do centro, publicando todas as novas de interese para as nosas familias, favorecendo así a relación familia-escola.

g. Blog do centro. Continuaremos coas nosas publicacións do que vai acontecendo nas escolas e de cómo levamos a cabo distintas actividades, deste xeito tamén mantemos



unha ferramenta moi importante de información para a comunidade educativa.

h.Aula Virtual. Empregarémola unicamente para almacenar información do profesorado, xa que esta ferramenta non está adaptada a idade do noso alumnado.

5. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Todos os mestres titores nas súas aulas levarán a cabo as mesmas actividades que serán plantexadas tanto pola Comisión TIC do noso Centro como polos mestres/as do centro

6. UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS EXISTENTES

A dotación informática do centro ten sobre todo un problema de antigüidade. A maioría dos nosos ordenadores de mesa son Pentium V e a maioría teñen instalado Windows XP e a pesar de que dende a Consellería nos instalan Linux para mellorar a actualización, dado que son equipos moivellos, van lentos e incluso se bloquean. Outra das carencias do noso centro é o acceso a internet que, a pesar de contar con conexión a internet en todas as nosas escolas, a velocidade coa que contamos deixa moito que desexar, sendo un serio problema á hora de querer poñer en práctica calquera actividade de intercambio, aínda que o maior problema é á hora de levar á cabo unha videoconferencia. Para facernos unha idea do estado dos recursos que posúemos este sería o noso inventario:

57

- ✓ 3/4 equipos informáticos de sobremesa con altofalantes integrados por escola
- ✓ 2/3 ordenadores portátiles por escola
- ✓ 8 PDIs con proxector e portátil
- ✓ Cámara de vídeo
- ✓ Cámara de fotos
- ✓ 7 impresoras multifunción
- ✓ 7 impresoras laser a color A4
- ✓ 1 multcopista
- ✓ Plastificadoras A3 e A4
- ✓ Escáneres
- ✓ Webcams
- ✓ 1 / 2 Tablets por escola (as cales foron renovadas según as necesidades de cada escolas)
- ✓ Algúns programas educativos multimedia tanto en lingua castelá, como en galego e en lingua inglesa.
- ✓ 6 unidades de Robot Mouse.
- ✓ 2 unidades de Mio el Robot.

Estamos á espera de recibir algúns equipos informáticos para suplir algúns moi antigos que tiñamos nas aulas.

Rentabilizárase este material pero tamén será ben dotar o noso centro polo menos do seguinte material:

- Programas de imaxe e edición.



- Xogos educativos e programas educativos.

DVDs7. ORGANIZACIÓN ESPAZO - TEMPORAL

En canto á organización dos espazos, o ser un CRA de sete unidades en cada unha delas ubicarase un recuncho específico fixo para o desenvolvemento das experiencias e o uso das TICs ao longo de todo o curso. Tamén empregaremos as bibliotecas de aula como centro de recursos multimedia para obtención de información.

Na sede do CRA., sita en Lestedo, onde existe un local de reunións do claustro, Consello Escolar,..., tamén haberá un espazo específico para este fin. Servirá como medio de transmisión entre a comunidade educativa. Tamén empregaremos a biblioteca escolar sita na sede como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe. A organización temporal será dunha sesión específica semanal de cincuenta minutos na que as tarefas a realizar serán levadas, polos mestres titores de cada unitaria. En canto a posta en marcha da robótica temos pensado que sexa realizada por un mestre/a especialista destinado en horario específico a este Plan e que actuará como coordinador, ou tamén poderá ser designado outra persoa do claustro para este cometido a cal terá asignación de horas dentro do seu horario. Así mesmo tamén se dedicará tempo dentro da titoría sempre que sexa oportuno.

Dentro da distribución grupo-aula comezaranse as experiencias en gran grupo e segundo avance o curso comezaremos a dividir en pequenos grupos, en función dos avances de cada un, xa que debemos ter en conta a diversidade do noso alumnado.

Tamén se farán tarefas de carácter individual para crear un marco comparativo e así poder apreciar os avances ou retrocesos de cada individuo/a. 8. TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

Tal e como recolleemos en tódolos documentos oficiais do centro (PXA, PEC.) a atención á diversidade é un dos pilares da educación actual e polo tanto tamén do noso CRA. Ao longo deste proxecto coidaremos este aspecto de xeito que en ningún momento se establezan diferenzas entre o alumnado por cuestións de sexo ou condición social. Ao mesmo tempo é importante establecer os medios necesarios para que todo o alumnado acade os obxectivos do proxecto.

Dentro da nosa labor como docentes a diversidade das nosas aulas e un factor presente ao longo de toda a nosa traxectoria educativa, e como tal temos que vela presente en calquera actividade formativa presente no centro.

Neste caso as novas tecnoloxías facilitan a harmonía e a convivencia da diversidade dentro da aula. Dan pé a traballar en equipo respectando as diferenzas ou similitudes que se poidan dar entre o alumnado e a comunidade educativa.

Este Plan é unha colaboración mutua entre toda a comunidade educativa, tal é como nos indicará o desenvolvemento das actividades e experiencias didácticas, axudando a crear un clima de convivencia e comprensión.

Por outra banda o alumnado que presente unhas necesidades educativas específicas de apoio educativo este traballo baseado na iconografía fará que o seu coñecemento do



mundo será máis global e comprensible.

En caso de que observemos que un ou varios alumnos/as non acaden os obxectivos propostos procederíamos, coa colaboración da mestra de A.L.e o Equipo de Orientación, a realizar os oportunos reforzos curriculares, adaptando elementos non prescriptivos do currículo (metodoloxía, procedementos de avaliación, secuenciación de contidos,...) e se fose necesario en colaboración levaríamos a cabo as oportunas adaptacións curriculares modificando os elementos prescriptivos que fosen necesarios. Potenciando deste xeito tanto as súas capacidades como respectando as limitacións do alumnado.

Así mesmo, como este Plan se basea na flexibilidade e respecto poloritmo de aprendizaxe de cada alumno/a, en caso de que observáramos de que os obxectivos estarían moi lonxe de alcanzarse ou estivesen acadados moi prontamente, decidiríamos ampliar ou retardar o programa segundo fose necesario.

9. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

Por unha banda os nenos/as autoavaliaríanse respondendo a un cuestionario onde poñerán con caras contentas e tristes o seu agrado ou desagrado de cada sesión, no caso da educación infantil e en canto ao alumnado da educación primaria valorarán de 1 a 10 a sesión recibida. Por outra banda, os mestres/as avaliaremos: si se cumpriron os obxectivos que nos propuxemos, si eran os máis adecuados, si os contidos traballados eran suficientes, si os materiais utilizados eran os apropiados,... en cada unha das actividades propostas.

Logo, trimestralmente e sempre que se considere necesario nas reunión dos martes farase unha reunión xeral, para poñer en común as nosas opinións de mellora e actuación do Plan, que na memoria final do centro quedarán reflectidas e levadas a cabo no plan do vindeiro ano.

En definitiva, constatando os nosos éxitos e erros para buscar plans de mellora para o noso proxecto.

10. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA EN XERAL

As medidas empregadas son fundamentalmente os blogs de centro, tanto o blog xeral, rukutru.blogspot.com, como o blog de biblioteca, crateca.blogspot.com.

Tamén intentamos mellorar e encher de contido a nosa páxina web do centro, con enlaces co blog do cal acabamos de falar.

Ao igual que fixemos o pasado curso, tanto o que se leve a cabo nas diferentes escolas e que o equipo docente considere oportuna subirase ao blog para que todos os que queiran, disfruten coas nosas novas e dos nosos traballos.

Este curso seguiremos a fomentar o uso da aplicación abalar móbil na súa amplitude, non só para a recepción das notas.

11. MEMBROS DA COMISIÓN TICS DO CENTRO

Integrantes:- Raquel García Fraga

- Sonia Iglesias Sánchez (coordinadora)
- M^a Elena García Iglesias
- Sabela Sanmartín Castro
- Vanesa Cabado Ferreiro



B. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR 2022-2023

No vindeiro curso contaremos con 74 alumnos/as, aproximadamente, distribuídos/as nas 6 escolas, tres no concello de Boqueixón, con aulas mixtas de educación infantil, e outras tres no concello de Vedra, dúas con aulas mixtas de educación infantil e 1º e 2º de primaria e unha con dúas aulas, unha mixta de infantil e outra de 1º e 2º de primaria.

A nosa biblioteca está situada na sede do CRA, en Lestedo, nun edificio non escolar. É agradable e acolledora pero debido a súa distancia das escolas non se fai un uso habitual da mesma. Por iso é imprescindible que esta teña un gran movemento cara ás bibliotecas de aula, que son nas que realmente se xestiona a actividade da biblioteca. Entre os obxectivos están:

- Ampliar a biblioteca con fondos útiles, interesantes, motivadores e variados. Especialmente de carácter informativo e expositivo, facendo especial fincapé no aumento de fondos en lingua galega.
- Implicar a todo o profesorado do centro na adquisición de fondos.
- Dinamizar os fondos a través de diferentes propostas para que as bibliotecas de aula se convertan en satélites funcionais da biblioteca de centro.
- Traballar en coordinación co resto dos equipos.
- Avaliar as propostas tras a súa realización, nas reunións conxuntas de todo o profesorado.
- Fomentar o tempo de lectura nas escolas.
- Continuar a traballar coas novas pautas de catalogación e préstamo de fondos.
- Empregar o OPAC Meiga como catálogo de novidades para o profesorado.
- Actualizar ao profesorado no uso do sistema Meiga.
- Levar a cabo a formación de usuarios.
- Elaborar guías de lectura en formato dixital con propostas dirixidas tanto ao alumnado como ás familias.
- Complementar as temáticas dos proxectos desenvolvidos no centro con propostas que partan do equipo de biblioteca.
- Fomentar a lectura nas familias, dende as escolas, creando puntos de intercambio de bibliografía nas propias escolas (libros, revistas, música)

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Teremos un equipo integrado por cinco persoas, aproximadamente, das cales unha será a responsable e as outras catro dinamizadoras. Contando co resto do claustro como colaborador á hora de levar a cabo as propostas, de amplialas, suxerir a adquisición de fondos, a introdución de melloras e participar na avaliación.



Faremos reunións frecuentes de dito equipo para debater propostas, melloras e comunicalas ao resto do profesorado. Estas xuntanzas deberían ter un carácter mensual como mínimo. As tarefas do equipo serán:

- Catalogación de novos fondos.
- Presentación das actividades recollidas no proxecto ao claustro.
- Publicación no blog das actividades relacionadas co uso dos fondos da biblioteca, coa xeración de gusto pola lectura, do hábito lector, coa introdución do alumnado no coñecemento de diferentes tipoloxías textuais, a alfabetización informacional e coas conmemoracións vinculadas a este equipo.
- Levar a cabo a adquisición de novos fondos tendo en conta as necesidades da biblioteca e das aulas.
- Revisar e modificar, se é o caso, os criterios de préstamo a alumnado e profesorado.
- Elaborar carteis informativos para as aulas nos que se recollan as normas de organización e uso das bibliotecas de aula.
- Diseñar o proxecto anual e a memoria final da biblioteca.
- Elaboración e/ou difusión de documentos divulgativos relacionados coa biblioteca. (lectura, escritura, ABP, alfabetización informacional..)
- Revisar o proxecto lector de centro.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS E INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO

- Elaboración de guías de lectura tanto para o alumnado como para as familias.
- Difusión das novas adquisicións de fondos a través das redes sociais.
- Uso diario da expresión oral e dos textos con diversas funcionalidades: lecer, informativa, instrutiva...
- Mochila viaxeira composta de diferentes tipos de textos de uso social, xogos e material audiovisual. E que permanecerá ao redor dunha semana en cada casa. A selección de textos realizaraa cada titoría.
- Mochila temática, con material de consulta relacionado cunha temática pactada entre todas as aulas.
- Rotación de caixas con fondos bibliográficos dun modo trimestral polas escolas. As bibliotecas de aula teñen moita importancia no noso centro debido á dispersión do mesmo. É a través delas como poñemos ao alumnado en contacto coa biblioteca de centro, facendo o empréstimo de fondos de modo manual nas mesmas.
- Propostas interaulas para levar a cabo nas conmemoracións.
- Celebración das conmemoracións específicas vinculadas á biblioteca: día das bibliotecas, día da ilustración, día de Rosalía, día da narración oral, día do teatro, día internacional do libro, semana da prensa e día das letras galegas.
- Propostas interaulas vinculadas coa temática do plan B 2022/2023.



- Estudo e elaboración na aula de diferentes tipoloxías textuais.
- Procuraremos ofrecer ao alumnado algunha actividade ao longo do curso con autores/as, narradores/as, ilustradores/as, editores/as, actores/actrices ... En definitiva, profesionais vinculados co mundo das letras en diferentes modalidades.
- Charlas informativas a cargo de especialistas en algunha das materias que esteamos investigando.
- Propostas de animación á lectura.
- Emprego da guía explicativa elaborada en cursos anteriores referente á formación de usuarios.

Ó longo do curso e dos diferentes proxectos irán xurdindo novas ideas, actividades e necesidades que serán reflectidas na memoria final.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS.

Aquí recolleamos as accións encamiñadas a promover un mellor uso dos recursos da biblioteca por parte dos seus usuarios (alumnado, familias, profesorado).

Estará a disposición do profesorado a guía de uso de Meiga e da CDU elaborada hai uns cursos. Cando nos migren ao programa Koha, elaborárase unha nova guía.

Para o alumnado

- Estratexias de coidado dos materiais e recursos.
- Facer uso do sistema de organización dos fondos nos andeis.
- Coñecer as normas de uso do préstamo de fondos.
- Recoñecer os elementos que identifican os documentos: título, autor/a, ilustrador/a, editorial.
- Identificar os elementos básicos do soporte dos textos e os datos que nelas se recollen: portada, contraportada, lombo, gardas, títulos de crédito.
- Diferenciar as funcións de autores/as e ilustradores/as.
- Recoñecer as funcións dos diferentes tipos de texto: informativo, de desfrute...
- Coñecer e saber utilizar os catálogos e indicadores de contido dos textos: sumario, índices, menús...

Para as familias

- Coñecer as normas de uso do préstamo de fondos.
- Facer uso do sistema de organización dos fondos nos andeis.
- Coñecer a existencia da diversidade de tipos de texto cos que contamos na biblioteca.
- Recibir información de interese acerca da importancia da lectura, como ler para o alumnado, como recoller información para un proxecto para que logo o poida comunicar o



alumnado...

Para o profesorado

- Manexar o sistema de búsqueda de fondos no: catálogo, ubicación e temáticas.
- Realización de préstamos individuais empregando a aplicación informática proporcionada pola propia Consellería.
- Realización de préstamos de lotes (aulas).
- Realización de prórrogas de préstamos.
- Realización de devolucions individuais.
- Realización de devolucions de lotes.
- Ter acceso virtual ás novidades adquiridas.

63

4. O PROXECTO LECTOR E O FOMENTO DA LECTURA

Principios nos que baseamos o noso proxecto lector:

- A lectura como fonte de goce e acceso á información e cultura.
- A alfabetización informacional do alumnado.
- O respecto dos ritmos individuais.
- As familias como consolidadoras do hábito lector.

Na aplicación destes principios estamos comprometidos todo o profesorado. A diario realizamos actividades que fomentan a expresión oral, a comprensión lectora e a escrita en todas as áreas do currículo.

Para levar a cabo estas actividades, deseñadas segundo as diferentes necesidades do alumnado, contamos con diversos recursos: libros, CDs, audiocontos, materiais para a PDI, audiovisuais de creación propia como contos e dramatizacións; aparte do que nos pode aportar Internet. Todo isto facémolo aproveitando que estamos razoablemente ben dotados de medios informáticos e bibliográficos; e nos esforzamos en sacarlles rendibilidade. Amosando todo o que levamos a cabo no noso blogue: crateca.blogspot.com.

5. BIBLIOTECA INCLUSIVA

Adquirir fondos de carácter bibliográfico e tecnolóxico que permitan o acceso á información e á lectura por lecer de todo o alumnado do CRA sexan cales sexan as súas necesidades específicas. Cando estas necesidades así o demanden mercarase material especializado.

6. OUTRAS ACTUACIÓNS

O equipo da biblioteca continuará coa súa formación anual. Contamos para iso cos encontros PLAMBE, as xornadas de bibliotecas escolares e formacións específicas. Valoraremos a participación, no vindeiro curso, nun PFPP con unha liña de traballo do centro vinculada á biblioteca, iniciada no curso 2018/2019. A liña de traballo estará aberta a todo o profesorado



do centro.

7. AVALIACIÓN

A avaliación estará a cargo do equipo de dinamización e será continua e formativa. Esta terá tres eixos globais deanálise:

- Faise un uso habitual dos fondos por parte do profesorado para dinamizar as bibliotecas de aula?
- O espazo da biblioteca de aula é empregado polo alumnado de modo habitual e con desfrute?
- Empréganse nas aulas materiais bibliográficos non literarios?
- Realízase o préstamo de libros desde as bibliotecas de aula?
- A biblioteca dispón de suficiente e variada bibliografía informativa e expositiva?
- As actividades propostas fomentan o coñecemento de textos variados e o gusto pola lectura?
- Foméntase a participación das familias tanto nas propostas da biblioteca central como nas das bibliotecas de aula?
- Ofrécese información á comunidade educativa acerca dos fondos da biblioteca?
- Os materiais informativos elaborados e/ou divulgados repercuten na comunidade educativa?
- As accións encamiñadas á formación de usuarios son suficientes e efectivas?

Durante o curso faremos reunións mensuais para analizar como se vai integrando o proxecto nas aulas, revisar o traballo feito e expoñer novas actividades. Iranse anotando os aspectos positivos e os mellorables da posta en práctica do proxecto a partir das aportacións de todo o profesorado tras a realización de cada unha das propostas.

Cando remate o curso farase unha avaliación na que se revisarán os obxectivos e o grado de consecución dos mesmos consultando a opinión do claustro.

8. RESPONSABLE DO EQUIPO DA BIBLIOTECA. HORARIO.

A responsable do equipo (Andrea Regueira Rodríguez) atópase de baixa neste intre, substituíndoa Mónica López Portas. Cara o vindeiro curso a responsable decidirase no claustro. O resto do equipo estará formado, se non se introduce ningún cambio o vindeiro curso, por Sonia Iglesias Sánchez, Luz Balado Ferreiro, Antonio Vázquez Turnes, Andrea Regueira Rodríguez e Mónica López Portas.

Tendo en conta que a biblioteca está na sede, só a podemos atender os martes de 16 a 18 horas e os mércores pola mañá (a cargo do equipo directivo). Ademais a responsable da biblioteca contou o curso pasado con 5 horas semanais de coordinación para desenvolver actividades, materiais.... No horario dos martes está aberta e a disposición de toda a



comunidade educativa. O profesorado pode acceder a ela cando o precise.

Mónica López Portas

Responsable substituta do Equipo de Biblioteca

C. PROXECTOS VOZ NATURA E MEDIOAMBIENTAIS

Este ano temos a novidade que as escolas de boqueixón presentan proxectos para o programa de Voz natura no que as actividades teñen un eixo común e o profesorado realiza de forma conxunta, pero como cada escola e cada horta, xunto coa parroquia teñen características moi distintas resulta moito máis factible e axeitado para o funcionamento do proxecto facelo por escolas. Por outra parte, as escolas de Vedra non se presentan ao programa de Voz Natura pero si que levarán a cabo un proxecto medioambiental no que se pasa a explicar por escolar en que consistirá cada un deles.

65

- **ESCOLA DE SARANDÓN:**

Proxecto Mediambiental da escola de Sarandón

Curso 2022-2023

O Carballo das Mentiras.

Unha memoria compartida no fio da esperanza.

Este curso na escola de Sarandón levarenos adiante un traballo de recuperación da memoria arredor do Carballo das Mentiras, árbore senlleira da parroquia, arredor da que compartimos festas, paseos, contos, músicas e foi a que o longo dos anos acolleu as mentiras nosas e doutros.

Na madrugada do 11 de agosto, cando remataba a Festa do San Campio, caeu esgazado no chan. Xa marcharan tódolos festeiros e na soedade desplomouse.

Queremos con este proxecto:

1º.- Recuperar a memoria do vivido, cunha exposición de fotografías e videos nas que apareza o Carballo das Mentiras.

2º.- Concienciar e reflexionar sobre a importancia das prantas como patrimonio afectivo e vivencial, contando e escribindo o que sentimos pola súa perda.

3º.- Apoiar un renacer da vida cunha sementeira de landras .

4º.- Nomear a outro carballo como sucesor e novo Carballo das Mentiras.

5º.- Promover a prantación en terreos comunais da parroquia e no patio da escola.

6º.- Actuar como vixiantes da saúde vexetal cando saímos de ruta pola parroquia cara ó Bosque Encantado ou cara as ribeiras do río Ulla.

7º.- Realizar recollidas de lixo durante os nosos paseos nos lugares citados.

8º.- Compoñer unha maqueta e mapas da parroquia nas que situarenos os lugares mellor e peor coidados.



Completaremos este proxecto ca sementeira de hortalizas na nova horta escolar. Un xeito de renovar a vida vexetal e incidir na importancia da agricultura como fonte de alimentación.

Todo este proxecto realizarase ca permanente colaboración do claustro do Cra, as familias da escola, veciños da parroquia e todo o alumnado da escola de San Miguel de Sarandón.

Porque a morte do Carballo das Mentiras danos un pulo para amar a vida e coidar mais a natureza.

S.XIÁN

O HORTO DE SAN XIAN

Na escola de San Xian temos un pequeno horto que aproveitaremos para sementar, seguindo o calendario das colleitas anuais.

Ademáis a intención neste curso e lograr plantar varias especies aromáticas coa finalidade de traballar sobre elas e que ademáis nos poidan axudar a protexer o resto dos cultivos.

Elaboraremos carteis cos nomes e a información relativa ás distintas especies cultivadas, e os manteremos expostos para a veciñanza.

Aproveitando o espazo exterior do centro e a carón do horto idearemos e "fabricaremos" hoteis de bichos, que ademáis observaremos e estudaremos.

Tamén poñeremos casiñas-niño nalgunha das árbores do patio, para os paxaros da zona.

Tentarase a nivel de centro, xa que estamos asociados a AMABUL, facer uns talleres sobre plantas aromáticas e que nos axuden a facer esta plantación e o seu seguemento.

- **ESCOLA DE S. FINS**

PROXECTO MEDIO AMBIENTE "UNHA MIRADA A NOSA CARBALLEIRA"

SAN FINS DE SALES

(CRA BOQUEIXÓN- VEDRA NEIRAVILAS)

CURSO 2022 – 2023





INDICE:

1. Título
2. Xustificación
3. O Contorno
 - 3.1 O Centro
 - 3.2 A Bisbarra
4. Obxectivos
5. Contidos
6. Contribución deste proxecto á educación
7. Actividades

1. TÍTULO **" Unha mirada a nosa Carballeira "**

2. XUSTIFICACIÓN

Un ano mais continuamos ca nosa horta, que tanta ilusión nos fai, sementando e prantando verdurase hortalizas para potenciar así a importancia dunha alimentación saudable.

Por outra banda, non deixaremos a un lado a importancia da reciclaxe para a coservación do noso planeta, así como axudar a eliminar os plásticos.

Neste proxecto, incluiremos a riqueza da nosa contorna: a súa flora.

A miña escola está situada nunha carballeira moi bonita, a carballeira de San Fins. Partindo disto, vamos poder investigar sobre a flora que temos no noso Concello.

A rexión posúe este tipo de flora:

- atlántico, con **bosques de carballos, bidueiros, amieiros** etc.;
- mediterráneo, principalmente nos vales interiores dos grandes ríos, con elementos significativos coma **estevas, sobreiras, érbedos** etc.;



- **continental** bastante suavizado, con elementos puntuais coma **teixos**, **acivros**, algúns **abetos** (alóctonos), piñeiros vermellos etc.;

Debido á bonanza do clima, danse tamén fácilmente especies subtropicais e mesmo tropicais: palmeiras, orquídeas etc.

Ademais Vedra, está situada no val do río Ulla, ao que van dar os ríos **Pereiro**, **Tomonde**, **Buxeiros** e **San Cristovo**.

O cumio de maior altitude é Penas Pardas, preto do **Pico Sacro**, de 449 mde altitude. O clima é temperado, con influencias oceánicas.

68

Tendo unha contorna con tanta riqueza, o eixe central do noso proxectovai ser a flora da nosa contorna.

Por todo isto, consideramos un proxecto moi enriquecedor para o noso alumnado, dende o punto de vista do coñecemento, coidado e respecto do entorno e mesmo tendo en conta a riqueza que ten esta, dende a perspectiva medioambiental.

3. O CONTORNO

3.1. O CENTRO

O noso centro é unha pequena escola situada na parroquia de San Finsde Sales que é unha das seis escolas que forman o CRA Boqueixón- Vedra.

Forman o noso claustro un total de quince mestres, 8 titores (7 de educación infantil e 1 de primaria) e 7 especialistas (FI, AL, EF, EM, Form.Relix. PT e Apoio a E.I.) e este ano temos orientadora no centro.

En canto ó número de alumnos/as da nosa escola son un total de 11, repartidos do seguinte xeito:

	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA		TOTAL
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	1º PRIMARIA	2º PRIMARIA	
SARANDÓN	1	4	2	4	0	11

3.2. A BISBARRA

A nosa escola pertence ao concello de Vedra. Este concello está situado no corazón do Val do Ulla, no límite xeográfico da provincia da Coruña, co río Ulla como fronteira natural. Os veciños concello de Santiago e Boqueixón lindan con el polo



N., A Estrada faino polo S. epolo L., e Teo polo O.

As principais vías de comunicación que atravesan o seu territorio son: a N-525 Santiago-Ourense que, en Ponte Ulla enlaza coa estrada que vai de Arzúa a Padrón (LC-241), e a Autoestrada Santiago-Ourense, que ten unha peaxe na parroquia de San Mamede de Ribadulla.

A superficie do Concello é, aproximadamente, duns 52 km², distribuídos en 12 parroquias:

San Xián de Sales, Santo André de Illobre, San Fins de Sales, Santa Eulalia de Vedra, Santo André de Trobe, San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, San Cristovo de Merín, San Pedro de Vilanova, San Mamede de Ribadulla, Santa Cruz de Ribadulla e Santa María Madalena de Ponte Ulla; nas que habitan 5.054 habitantes (censo de 2002). A capital municipal encóntrase na parroquia de Vedra, na Avda. Mestre Manuel Gómez.

Variadas empresas teñen cabida neste concello coruñés, o que favorece a creación do futuro Parque Empresarial da Gaiosa. Os avances da industria, xunto coa evolución dos sectores servizos e primario, coahorta como referente da agricultura ecolóxica e da produción integrada, son o resultado dun concello elemental como é Vedra.

RIO ULLA.

É o río máis importante que pasa polos dous concellos dos que formamos parte é o río Ulla, que tamén é o segundo máis importante de Galicia despois do Miño-Sil. O río aparece no concello de Boqueixón polas chamadas Illas de Gres na parroquia de Ponteledesma e no Concello de Vedra pola parroquia de Ponte Ulla, no paso de San Xoan da Cova. O tramo do río que pasa pola nosa zona é o tramo medio. Vedra e Boqueixón quedan na marxe dereita do río cara a súa desembocadura. Os seus afluentes que discorren polo concello de Vedra son:

- Regueiro de Tomonde (San Mamede de Ribadulla)
- Regueiro de San Gregorio (San Mamede de Ribadulla, San Pedro de Vilanova e Merín)
- Regueiro de Buxeiros (Vedra e San Pedro de Sarandón)
- Río Pereiro (San Fins de Sales, Vedra e Trobe)
- Río de Santa Lucía (San Xián de Sales e Santo André de Illobre).

Os afluentes do río Ulla que pasan polo concello de Boqueixón son os que seguen:

- Río Sanguineiras ou Carballas (Gastrar e Camporrapado)
- Río Pontillón (Sergude, Ardilleiro, O Forte)
- Río Záramo (Sergude). Este río é o Pereiro que pasa polo Concello de Vedra.



No tramo do río Ulla que pasa pola nosa zona existe un só coto de pesca, O Coto De Ximonde, no cal proximamente se ubicará unha aulade natureza. O lugar no que se asenta era antes un muíño que pertencía ao marqués de Ximonde, que o cede como refuxio de pescadores. Dende o ano 1993 estableceuse alí unha estación ictiolóxica(a única do río Ulla) na que se dedican a conservación do río e ao estudio da calidade do peixe.

- **Flora.** A vexetación da ribeira, tamén chamada vexetación "riparia" está formada por especies vexetais que de forma natural se sitúan nas marxes dos leitos dos ríos. Tódalas especies que encontramos na ribeira teñen unha función importante.
- **Fauna.** De entre as especies que existen no río Ulla destaca pola súa importancia o salmón, que é un peixe de mar que vén o río a desovar, pero tamén podemos atopar troitas, reos,escalos,anguías, lampreas.

Tamén hai outras especies fóra dos peixes de especial importancia como son: a rá ibérica, tritóns, pínegas, lontra, mexillóns de río, caracois de río, zapateiros, cabaliños do demo, libélulas, o martín pescador, o merlo acuático, a garza real...

4. OBXECTIVOS.

OBXETIVOS

- Facilitar a aprendizaxe con actividades que relacionen coñecementos previos cos novos ampliando os mesmos a partir de experiencias.
- Promover a educación ambiental na escola dun xeito interdisciplinar.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Desenvolver un plan de actividades para potenciar o descubrimento e o crecemento das hortalizas e verduras, a prantación, a sementa e o proceso que transcorre ata obter o froito do que nos alimentamos, así como promover hábitos alimentarios saudables.



- Fomentar o desenvolvemento de un uso público base fundamentalmente en actividades ligadas á educación, á interpretación ambiental e á recreación na natureza.
- Descubrir o uso da horta e da contorna como ferramenta emedio p o proceso de enseñanza- aprendizaxe dos alumn@s.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benese a hixiene e a saúde e como as prantas axudan a acadalas.
- Coñecer e descubrir a importancia da contorna do centro en xeral (a flora e características da mesma) e da horta en particular: definición de horta escolar ecolóxica, beneficios, diretrices básicas para a construción da horta escolar.
- Vivir e experimentar a natureza para sentila máis próxima e aprender a valorala e respetala. Iniciar os nen@s de que un obxecto refugallo, ao ser clasificalo pode voltar a ser reutilizado favorecendo o medio ambiente.

5. CONTIDOS.

Para acadar os obxectivos traballaremos unha serie de contidos que detallamos a continuación.

CONTIDOS

As hortalizas e verduras máis comúns e as súas características.

A importancia das hortalizas e verduras para a nosa saúde e vidadiaria.

Comportamentos humanos no coidado das prantas.

Percepción e exploración a través da manipulación das características materias diversos (auga, area, semillas...), utilización de diferer instrumentos (palas, regadeiras,...).

Disfrute e satisfacción o realizar actividades o aire libre e en contacto natureza, desenrolando actitudes de coidado. Colaboración na limpeza espazos cotidianos.



Interese por observar os elementos da natureza (terra, auga,..), animais, plantas e árbores da contorna e descubrir algunhas das súas características e beneficios.

Memoria fotográfica da nosa horta ecolóxica e a nosa carballeira

Atención, comprensión e disfrute na escoita de contos, poesías, trabalengas e rimas.

Especies foráneas e especies autóctonas da zona. Tanto dende o punto de vista da fauna como da flora.

Material reutilizable para favorecer a conservación do medio no que vivimos. A nosa horta. Sementeira, rego e coidados.

6. A CONTRIBUCIÓN DESTE PROXECTO Á EDUCACIÓN

Dende o punto de vista do currículo de educación infantil, temos que dicir que este proxecto axudará a que o noso alumnado acadese os obxectivos necesarios para a súa consecución, tanto dos obxectivos mínimos como das competencias clave. Deste xeito, este proxecto que queremos levar a cabo o vindeiro curso, favorece significativamente unha vida saudable e axuda a que o alumnado sexa competente na conciencia e expresións culturais, xa que, hai que ter en conta que imos traballar, sobre todo os contidos vinculados ao noso entorno. Tamén a competencia lingüística xa que o alumnado vai traer información da casa e a van comunicar. Finalmente, e sen dúbida van aprender a aprender, xa que: iniciando ás criaturas no pensamento científico e potenciando habilidades de investigación: formulando hipóteses, recoñecendo evidencias, observando, formulando interrogantes, descubriendo alternativas, verificando, predicando, xerando novas ideas e solucións, serán eles mesmos os protagonistas dos seus descubrimentos e de acadar a aprendizaxe.

7. ACTIVIDADES

Temos pensado facer actividades de moi diferente índole ao longo de todo o curso.

PRIMEIRO TRIMESTRE:

Actividades de iniciación :

Con respecto a flora da contorna:

. Despertar o interese dos nen@s polo tema, partindo das súas motivacións e experiencias. Faremos unha saída ao medio natural (a nosa Carballeira... e arredores) en cada estación do ano para ver os cambios e dar resposta a que sabemos? E que queremos saber?. Durante esas saídas á contorna aproveitaremos para recoller material



da natureza como: follas, pedriñas, paos... cos que posteriormente realizaremos actividades de matemáticas (conteo,operacións...), plástica (collage...).

. Observaremos os diferentes tipos de follas que atopamos para logo elaborar un pequeno album cas distintas formas que teñen as follas, así como as súas características.

. Distinguir as diferencias entre as árbores de folla peremne e folla caduca, entre árbores frutais, florais e forestais.

. Investigaremos nas diferentes fontes de información sobre a flora e fauna da zona.

. Aproveitaremos para introducir contidos como: partes dunha árbore, beneficios que nos aportan os bosques, fauna que viven neles, tipo de follas, para que se emprega a madeira das árbores

(preto do cole hai tamén un aserradeiro..), coidado dos bosques...Con respecto a nosa horta:

. Plantexaremos se queremos crear unha horta. Falaremos das hortas que coñecemos, para que serven, ferramentas que precisamos, tarefas que se fan na horta (sembrar, cavar a terra...). Anotaremos as ideas para levar a cabo a preparación da horta. (Outubro, Novembro, Decembro).

SEGUNDO TRIMESTRE :

Actividades de desenvolvemento:

Con respecto a flora da contorna:

. Nas nosas saídas sacaremos fotos, a través delas faremos un rexistro de como vai cambiando a nosa contorna ao longo das estacións, así como as súas cores predominantes.

. Elaboraremos un lapbook ca información recollida: árbores que predominan na contorna, partes dunha árbore, que necesitan para vivir, coidados que precisan, beneficios que nos aportan, fauna que podemos atopar neles...

. Montaremos un album cas diferentes follas recollidas, faremos unha clasificación según a súa forma.

Con respecto a nosa horta:

❖ Recuncho para a horta (habilitaremos un espazo no patio para a nosa horta).(Xaneiro)

❖ Prepararemos as ferramentas necesarias para levar a cabo a nosa horta.(Xaneiro).

❖ Levaremos a cabo a sementeira de hortalizas e verduras. (Febreiro)

❖ Visitaremos algunha horta dos nosos abuel@s para ver como a teñen preparada para començar a prantar.(Febreiro).

❖ Organización da horta da escola: preparación da terra, das hortalizas e verduras que saíron a diante nas nosas sementeiras: leituga, tomates... das ferramentas necesarias para o seu coidado (regadeiras, a mangueira).(Marzo).



❖ Taller para a prantación: organizaremos ca axuda das familias a horta. Falaremos da importancia que ten o coidado das ferramentas de horticultura antes de gardar para que non se deteriorenen.(Marzo- Abril).

TERCEIRO TRIMESTRE:

Con respecto a flora da contorna:

. Elaboración dun land- art con material da natureza.Con respecto a nosa horta:

- ❖ Coidado da nosa horta: regar, sacar as malas herbas..(Abril, Maio).
- ❖ Recollida das hortalizas e verduras que xa saíron.(Xuño).

74

Actividades finais:

Con respecto a flora da contorna:

. Camiñata pola contorna. Con respecto a nosa horta:

- ❖ Taller de cociña: elaboración dalgún prato cas nosas hortalizas everduras. (Xuño)
- ❖ Faremos un pequeno proxecto sobre a importancia que ten levar a cabo unha alimentación saudable (pirámide de alimentos...).

Actividades anuais: ao longo do curso traballaremos o importante que é a reciclaxe para a conservación do noso planeta (na aula reciclamos: plástico, papel e orgánico) e cómo podechegar a afectar na nosa alimentación.

ESCOLA DE CAMPORRAPADO:

A nosa pegada importa

Escola de Educación Infantil de Camporrapado

CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas

Mónica López Portas

@escolacampo





ÍNDICE

1. TÍTULO
2. CONTEXTUALIZACIÓN, RECURSOS E XUSTIFICACIÓN
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. ACTIVIDADES
6. METODOLOXÍA
7. AVALIACIÓN
8. PRESUPOSTO

75

1. TÍTULO

A nosa pegada importa

2. CONTEXTUALIZACIÓN, RECURSOS E XUSTIFICACIÓN

O centro de referencia onde se vai levar a cabo esta programación é a E.I.I. de Camporrapado, pertencente ao Cra de Boqueixón-Vedra "Neira vilas", e situada no concello de Boqueixón. O Cra conta con 6 escolas unitarias distribuídas entre os concellos de Boqueixón e Vedra.

A unitaria de Camporrapado está composta por 4 alumnos/as de 5 anos, 2 de 4 anos e 4 de 3 anos, no presente curso 2021/2022.

Encóntrase nun entorno rural, pero conta con servizos de carácter máis urbano como farmacia, ultramarinos, cafeterías, ferretería, tenda hortícola...

A escola está rodeada dun gran campo de titularidade pública cunha carballeira, campo de fútbol, gradas, pista de tenis, parque e areeiro. Unha zona do mesmo témola asignada como horta.

Xusto detrás contamos coa casa da cultura, espazo que se pode solicitar para a realización de actividades conxuntas, uso da cociña...

Un recurso de gran valor co que contamos é a colaboración da veciñanza, que nos permite participar nas súas tarefas agrícolas coma no caso da vendima. Intervenien como expertos na aula, cando temos algunha dúbida. E comparten con nós a colleita e sementes.

As familias tamén son un piar imprescindible na escola, xa que son as que nos abastecen de moito material de refugallo, colaboran coas tarefas da horta, saídas, propostas medioambientais para levar a cabo desde a casa... en xeral están moi involucradas coa escola.



Por último destacar os recursos cos que contamos no CRA, o profesorado adscrito no centro e os recursos multimedia e bibliográficos que nos aporta a biblioteca do centro. Aínda que sería necesario ampliar os fondos expositivos da mesma para poder levar a cabo traballos de investigación.

A participación da escola no Proxecto Voz Natura fundaméntase na necesidade de coñecer o entorno próximo no que nos atopamos, para aprender así a coidalo, mantelo e valoralo como un ben prezado. Paréceme moi importante que o alumnado coñeza e vivencie as labores e tradicións do rural. Que se poña en contacto coa veciñanza, especialmente cos nosos maiores. E sobre todo que adquira hábitos de respecto polo medio, especialmente no vinculado aos vertidos incontrolados e introdución de fauna e flora foránea.

76

Este curso faremos fincapé no coñecemento do entorno inmediato a través de pequenas saídas, co obxectivo de valorar o contorno próximo e poder difundir entre as familias e veciñanza a importancia da flora, fauna e etnografía arquitectónica e cultural vinculadas a estas rutas. Continuaremos traballando sobre como afectan ao entorno e sobre todo como nós podemos facer intervencións na nosa vida cotiá para axudar a mellorar o problema do emprego desmedido de plásticos dun só uso, reducir a nosa pegada ecolóxica e levar a cabo un consumo non desmedido dos recursos. O mantemento da horta seguirá sendo un pilar fundamental deste proxecto, inculcando hábitos de consumo local, autoprodución e usos de controis de pragas ecolóxicos ou non agresivos na mesma.

Moitas das actividades que se recollen aquí son repetitivas debido ás características do noso centro. É unha aula mixta, polo que todos os anos temos alumnado de nova incorporación. O cal implica que unha parte das actividades que levamos a cabo teñan un carácter recordatorio para o alumnado antigo e introdutorio para o novo alumnado.

Por outra banda, cada nova edición de Voz Natura permítenos descubrir novos horizontes que en moitas ocasións pasan a formar parte habitual do traballo da aula dun modo sistemático ou asistemático. Ampliándose ao longo dos anos algunhas das actividades permanentes que levamos a cabo na aula.

3. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Fomentar o respecto polo medio ambiente.
- Concienciar sobre os problemas relacionados co descoido do entorno.
- Xerar actitudes críticas cara os sucesos que acontecen ao noso redor.
- Provocar a sensibilización ecolóxica na escola.
- Promover hábitos de valoración do traballo rural.
- Concienciar sobre a importancia do consumo de alimentos saudables, frescos e de proximidade ou produción propia.
- Ofrecer ao alumnado actividades que lle permitan relacionarse coa vida real.
- Fomentar a participación e educación ambiental de toda a comunidade educativa.



- Reforzar o traballo en grupo.
- Alfabetizar informacionalmente ao alumnado.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- ✓ **Consumo responsable e sostible**
 - Relacionar o uso desmedido do plástico con problemas medioambientais específicos.
 - Establecer causalidades entre as nosas accións e as consecuencias para outros seres vivos.
 - Valorar a importancia de utilizar os recursos naturais dun modo sostible.
 - Identificar as 5 R da reciclaxe.
 - Aplicar as 5 R da reciclaxe.
 - Xustificar a necesidade da redución do uso de plásticos.
 - Valorar a reutilización de residuos plásticos como elemento sempre previo ao reciclado.
 - Utilizar correctamente os contedores de separación do lixo.
 - Argumentar sobre a necesidade da reciclaxe, reutilización e redución ás persoas do entorno próximo.
 - Difundir documentos informativos sobre a necesidade da reciclaxe e os danos que conleva non realizar esta acción.
 - Definir accións cotiás nas que teña cabida a redución, reutilización e rexeitamento.
 - Descubrir o impacto no noso entorno dos vertidos ilegais.
 - Identificar o concepto de pegada ecolóxica e valorar a nosa capacidade para reducilas.
- ✓ **Etnografía**
 - Identificar algunhas representacións etnográficas do entorno, de carácter material ou inmaterial.
 - Participar directamente na vivenciación do folclore da zona.
 - Adquirir actitudes de respecto, valoración e coidado das nosas representacións etnográficas.
 - Divulgar na comunidade o coñecemento e actitudes adquiridas.
- ✓ **Horta**
 - Identificar algunhas técnicas de control de plagas ecolóxicas.
 - Valorar as relacións entre as actividades humanas e as consecuencias no medio natural.
 - Identificar as fases existentes entre a produción, venta e consumo dos alimentos.
 - Iniciarse no traballo relacionado con tarefas agrícolas.
 - Empregar as ferramentas e útiles propios do traballo na horta.
 - Observar e identificar o proceso de plantación, crecemento coidados e recolección de produtos hortícolas.
 - Adquirir hábitos de alimentación saudable.
 - Observar e explorar o entorno.
 - Establecer relacións entre feitos e consecuencias.
 - Manipular elementos naturais dentro e fóra do seu contexto.
 - Plantexar hipóteses a partir da experiencia diaria.



- ✓ **Labores do rural**
 - Iniciarse en accións vinculadas con tarefas tradicionais do campo
 - Vivenciar algunhas actividades culturais relacionadas cos traballos do rural
 - Recoñecer a necesidade do coidado do campo e do monte para evitar o seu deterioro.
 - Observar e interpretar os cambios que se producen no entorno ao longo do ano

- ✓ **Fauna e flora**
 - Observar a flora e fauna do noso entorno.
 - Identificar as árbores máis características da nosa contorna.
 - Diferenciar entre flora autóctona e foránea.
 - Relacionar a introdución de flora e fauna foránea coa desaparición da autóctona e a introdución de novas plagas.
 - Informar ao entorno das consecuencias da introdución de foráneas.
 - Identificar os cogomelos como elementos de gran valor ambiental.

4. **CONTIDOS**

- Manifestacións etnográficas do entorno.
- As 5 R da reciclaxe.
- Observación dos problemas medioambientais derivados do uso do plástico.
- Descrición das 5 R da reciclaxe.
- Aplicación das 5 R da reciclaxe.
- Argumentación sobre a necesidade da reciclaxe, redución e reutilización
- Identificación dos diferentes contedores de lixo.
- Uso correcto dos mesmos.
- Interpretación de textos expositivos para obter información.
- Clasificación de informacións recabadas.
- Transmisión de información en diferentes medios.
- Produción de material informativo.
- Recompilación de accións medioambientais positivas.
- Creación de inferencias entre sucesos e causas.
- Ferramentas hortícolas.
- Uso de ferramentas hortícolas.
- O proceso de crecemento das plantas.
- As tarefas agrícolas.
- Tipos de árbores e características.
- Flora e fauna autóctona e foránea.
- Observación de sucesos naturais.
- Recoñecementos de tarefas agrícolas e participación nas mesmas.
- Plantexamento de hipóteses.
- Corroboración das mesmas.
- Modificación de ideas previas.
- Mostrar actitude de respecto cara o medio ambiente.
- Valoración negativa de hábitos alimenticios perxudiciais.
- Reflexión sobre os acontecementos que ocorren ao noso redor.



- Defensa da necesidade do cambio de hábitos medioambientais.
- Goce coas actividades e manifestacións culturais vinculadas co medio rural.
- Participación en actividades agrícolas.
- Interese polo coñecemento da flora e fauna da contorna.

5. ACTIVIDADES

➤ **Consumo responsable e sostible**

- Elaboración de utensilios para a horta con materiais de refugallo. **fe**
- Reutilización de materiais plásticos cotiás para o desenvolvemento de variadas actividades da aula (xogos, sementeira, almacenaxe...) **an**
- Elaboración de textos informativos (trípticos, dípticos, dossiers, paneis informativos...) relacionados co coidado do medio ambiente, consumo responsable e pegada ecolóxica e as 5R **an**
- Separación dos residuos da aula en papel, orgánico e plástico. **An**
- mantemento do centro de recollida de residuos na aula (tóner, pilas, móbiles, cargadores, tapóns...) **an**
- decálogo de mellora dos hábitos de consumo no centro e na casa. **an**
- elaboración de produtos de limpeza e cosméticos ecolóxicos caseiros. **An**
- catálogo con receitas para a elaboración de produtos de limpeza e cosméticos ecolóxicos caseiros. **an**
- Creación dun tríptico con información para a realización dunha reciclaxe adecuada no fogar. **an**
- Tríptico informativo sobre alternativas ao uso de materiais de un só uso. **An**
- Decálogo de comportamento axeitado nas saídas ao entorno natural. **An**
- Decálogo para a prevención de desperdicios de alimentos. **An**
- Investigación sobre o concepto de pegada ecolóxica. **An**
- Uso de calculadoras de pegada ecolóxica. **an**
- Elaboración dun ficheiro de datos de pegada hídrica. **An**
- Análise da pegada hídrica e enerxética que xeramos na nosa escola. **An**
- Calendario de produtos de temporada. **an**
- Plantación de árbores para contribuír a reducir a pegada de carbono e outros gases invernadoiro. **Feb**
- Recollida de residuos no entorno próximo. **An**
- ✓ **Etnografía**
- Realizar diferentes andainas na contorna. **an**
- Manter viva "cantar o entroido" unha tradición antiga da zona na que se saía disfrazados e cantando pola vila visitando á veciñanza. (se a pandemia o permite) **fe**
- ✓ **Horta**
- Calendario de siembra: establecer un calendario de siembra, cos principais produtos que nos plantexamos sembrar **ou/no**
- Sementeira **xa**
- Abono e tratamento da terra previo a plantación **xa/ma**
- Transplantar **ma, ab, mai**



- Plantación de flores e plantas que eviten as plagas.**ma**
- Investigación e elaboración de repelentes naturais ecolóxicos.**fe**
- Coidado da horta.**an**
- Recolección.**xu**
- Consumo da produción.**Xu**
- Elaboración de receitas saudables na aula **an**
- Iniciarnos no uso do invernadoiro. **An**
- Rego e colleita durante o verán por parte das familias por quendas semanais. **xl/ag**
- ✓ **Labores do rural**
- Realización da vendima e pisado da uva (se a pandemia o permite).**St/ou**
- Esfollar o millo e debullalo **st/ou**
- Cancións e xogos tradicionais vinculados cos oficios agrícolas.**an**
- Roteiros polo entorno para observar a rotación de cultivos.**Ou/ab**
- Observación de montes e campos traballados e non traballados.**An**

- ✓ **Fauna e flora**
- Observación das árbores do noso entorno.**Ou/mai**
- Empregar a appAndroidinvasoras.gal**ou/mai**
- Empregar apps de identificación de flora e cogomelos **ou/mai**
- Ampliación dun herbario de árbores da contorna diferenciando as autóctonas das foráneas.**an**
- Investigación sobre algún animal foráneo/autóctono que afecte especialmente aos cultivos.**an**
- Roteiro micolóxico. **ou**
- Elaboración de material divulgativo sobre os cogomelos. **Ou-xu**
- Realización de labores de extracción de plantas invasoras. **Set-xu**

Lenda do calendario de execución das actividades:

Setembro: **st**

Outubro: **ou**

Novembro: **no**

Decembro:**de**

Xaneiro:**xa**

Febreiro: **fe**

Marzo:**ma**

Abril:**ab**

Maio:**mai**

Xuño:**xu**

Xullo: **xl**

Agosto: **ag**

Anual: **an**

6. METODOLOXÍA



En xeral a metodoloxía recollida neste proxecto será **activa, participativa, experiencial e lúdica**, levándose a cabo nun clima de **afecto e confianza**.

O fundamental será partir dos **coñecementos previos** dos/as nenos/as, dos seus **intereses e motivacións**. Deste modo producirase unha aprendizaxe na que os novos coñecementos vincularanse cos que xa posúen, logrando así unha **aprendizaxe significativa e funcional**.

Outro principio relevante será o de **actividade autoestructurante**. De tal modo que lles presentaremos actividades nas que participará activamente, interaccionando co ambiente, e que lle levarán á reestructuración cognitiva.

Fomentaremos as **interaccións sociais**, de tal modo que profesores, outros adultos e grupo de iguais, intervirán na **Zona de Desenvolvemento Próximo** do alumno.

Este aspecto estará moi vinculado coa **pedagogía do éxito**, que implica reforzar positivamente ós cativos/as e presentarlles actividades que demanden deles un certo esforzo. Co cal se conseguirá a motivación e non frustración, pois serán capaces de levalas a cabo por si mesmos ou coa axuda dos demais.

Favoreceranse as interaccións que lle permitirán poñer en práctica os seus coñecementos acerca das relacións, actitudes, normas...

Outro aspecto fundamental será o **xogo**, pois é a actividade principal do neno/a nesta etapa, e un recurso moi motivante, a través do cal asegurarse a permanencia na actividade, favorecendo así a atención e concentración

Aparticipación do cativo/a será **activa**. De tal modo que a **observación, exploración, experimentación e manipulación** serán básicas. Pois este é o modo natural a través do cal o neno/a aprende, debendo aproveitar na aula esta tendencia, ó igual que a súa **curiosidade**.

Cabe aquí destacar a importancia que daremos **ó traballo dos sentidos e cos sentidos**, xa que é a través destes como o cativo/a adquire información do seu entorno. De aí que na aula sempre se dea cabida a diferentes tipos de materiais, á manipulación, clasificación.

As actividades serán traballadas en base a un **enfoque globalizador**. De tal modo que se presentarán os diferentes contidos de un modo interrelacionado, buscando a relación entre uns e outros. É dicir de un modo global. E non illadamente.

Introduciremos a metodoloxía de traballo por proxectos que nos permitirá atender aos seus intereses e inquiredanzas. Respetar o ritmo de aprendizaxe. Introducilos na búsqueda de información autónoma. No manexo das TICS. Dar cabida á súa creatividade e a expresión de sentimentos a través de diferentes linguaxes. Favorecer a construción autónoma das súas propias aprendizaxes. E **fomentar a participación activa das familias na aula**, sendo básica para o desenvolvemento dos proxectos.

Destacar finalmente a importancia que se lle dará a **aprender na natureza** a través da observación directa do entorno.

7. AVALIACIÓN

Á hora de levar a cabo a avaliación do meu alumnado terei especial coidado en evitar as comparacións entre eles para lograr un seguimento individualizado e non



comparativo. Un dos aspectos fundamentais que terei presente é o feito de que a súa evolución depende das súas propias características, e non da idade cronolóxica e grupo co que entraron na escola.

Realizarei un seguimento moi cercano e individualizado, o cal será posible grazas ao traballo continuado en grupos moi reducidos ou a nivel individual que me permite levar a cabo a organización por recunchos.

A base desta avaliación será a toma de anotacións nun diario de aula das diferentes actividades individuais e grupais que levamos a cabo na escola. Así, este tipo de documentación, permitírame ver onde estaba, onde está e que necesita traballar para continuar avanzando.

Neste diario recollerei información sobre:

- A súa socialización
- Que tipo de participación é mais acorde á súa maneira de ser : gran grupo, pequeno grupo, individual, inexistente.
- De que depende a súa participación: temática, hora do día, alumno/a que propón o tema, indiferente.
- Autonomía: precisa dun continuo recordo verbal por parte do adulto, emprega os materiais con espontaneidade, realiza espontaneamente actividades habituais, fai propostas ao grupo ou docente.
- Valores medioambientais: respecta o entorno natural no que estamos, tira lixo ao chan, rompe plantas sen motivo aparente, gusta do traballo na horta.
- Linguaxe: sabe explicar feitos ou información que vivenciou ou coñece ben.

Para levar a cabo a avaliación do proxecto, é dicir, a adecuación do seu desenvolvemento terei en conta os seguintes aspectos:

- ✓ Actividades
 - Son significativas?
 - Son reprodutivas e baleiras?
 - Axudan a acadar os obxectivos?
 - Realmente as levan eles acabo ou é a mestra?
 - As secuencias de traballo están ben estruturadas?
 - Fanse moi repetitivas?
 - Adáptanse as necesidades e características de todo o alumnado?
- ✓ Materiais
 - Están adaptados ás súas necesidades e capacidades?
 - Son suficientes ou excesivos?
- ✓ Espazos
 - Están adaptados?
 - Son seguros?
- ✓ Tempos



- Respeto os ritmos individuais?
- Dedico o tempo suficiente ás actividades vinculadas co proxecto?


8. PRESUPOSTO:

Material funxible: folios, cartolinas, cores, pegamento...	200€
Produtos hortícolas: sementes, terra, tela antiherbas...	150€
ferretería: cubos, pás, sacho, manguera, regadeiras, macetas, tornillos, bisagras, listóns, plástico invernadoiro ...	250€
Total	600€

83

Escola de Educación Infantil De Sergude

Proxecto Voz Natura



Pegadas Sergudenses

Escola de Educación Infantil
de Sergude
CRA Boqueixón-Vedra Neira
Vilas
Curso 2022/2023



NDICE

1. TÍTULO E XUSTIFICACIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN E RECURSOS
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. ACTIVIDADES
6. METODOLOXÍA
7. AVALIACIÓN
8. PRESUPOSTO

1.CONTEXTUALIZACIÓN , RECURSOS E XUSTIFICACIÓN

A escola de Educación Infantil de Sergude forma parte das 6 escolas do CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas", enmarcada no concello de Boqueixón, e na localidade de Sergude. O centro leva xa varios cursos participando do proxecto Voz Natura, e de novo decidimos facelo por escolas, para poder deste xeito adecuarnos máis ás necesidades e características propias de cada unha delas, xa que cada unha está enmarcada nunha localidade diferente, e con uns recursos e necesidades diferentes tamén.

O concello de Boqueixón está situado a 10 km escasos de Santiago de Compostela, no sur da provincia de A Coruña e no centro-oeste de Galicia. Situado na vertente dereita do río Ulla, limita cos seguintes concellos: ao norte con Santiago e o Piñeiro, ao sur con Vedra, Estrada e Silleda, ao este con Touro e Vila de Cruces, e ao oeste con Santiago e Vedra.

Conta con unha superficie total de 70 km², ao longo dos cales se distribúen as 14 parroquias que o conforman: Codeso, Donas, Gastrar, A Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sucira, Sergude, Vigo e Boqueixón, situando a capital municipal nesta última parroquia, concretamente na aldea de O Forte. A poboación coa que conta o concello de Boqueixón é dun total de 4215 habitantes (INE 2018).

A estrutura socioeconómica do concello mostra uns trazados propios dunha área rural cun importante índice de persoas adicadas á agricultura e gandería, un elevado número tamén se dedica á construción e manufacturación, quedando en terceiro lugar o sector servizos.

A escola conta este curso académico cun total de 18 nenos e nenas repartidos do seguinte xeito: 3 de 3 anos, 12 de 4 anos, 3 de 5 anos. A previsión de matrícula para o vindeiro curso escolar é a de manterse mais ou menos nun número similar.

Podemos dicir que a escola está ben dotada de materiais e recursos, tanto tecnolóxicos (EDI, ordenadores, tablets, robot), como funxibles. Quizá sí sería importante dotala con mais material



bibliográfico vinculado ó ámbito ecolóxico. Contamos tamén cos recursos que nos ofrece o CRA, en tódolos ámbitos, e en especial cos recursos da biblioteca.

Contamos con todos os mestres establecidos no catálogo para este tipo de centros. Algúns dos/as mestres especialistas fan sesións de apoio nas aulas. Ademais dos recursos persoais de profesorado, contamos coa colaboración implícita das familias do centro, xa que fomentamos unha boa relación e coordinación escola-familia, dando cabida a unha participación directa das familias nas actividades que se plantexan.

Outros recursos que empregamos son os ofrecidos pola contorna do centro, tanto naturais, como institucionais, como os servizos que se ofrecen no entorno mais inmediato á escola.

85

Centraremos este proxecto especialmente nos aspectos relacionados co medioambiente e a nosa contorna, a creación de hábitos de vida saudables e ecolóxicamente sostibles, afondando en aspectos clave da nosa comarca.

A participación da escola no Proxecto Voz Natura fundaméntase na necesidade de coñecer o entorno próximo no que nos atopamos, para aprender así a coidalo, mantelo e valoralo como un ben prezado. Paréceme moi importante que o alumnado coñeza e vivencie as labores e tradicións do rural. Que se poña en contacto coa veciñanza, especialmente cos nosos maiores. E sobre todo que adquira hábitos de respecto polo medio, especialmente no vinculado aos vertidos incontrolados e introdución de fauna e flora foránea.

Este curso faremos fincapé no coñecemento do entorno inmediato a través de pequenas saídas, co obxectivo de valorar o contorno próximo e poder difundir entre as familias e veciñanza a importancia da flora, fauna e etnografía arquitectónica e cultural vinculadas a estas rutas. Continuaremos traballando sobre como afectan ao entorno e sobre todo como nós podemos facer intervencións na nosa vida cotiá para axudar a mellorar o problema do emprego desmedido de plásticos dun só uso, reducir a nosa pegada ecolóxica e levar a cabo un consumo non desmedido dos recursos. O mantemento da horta seguirá sendo un pilar fundamental deste proxecto, inculcando hábitos de consumo local, autoprodución e usos de controis de pragas ecolóxicos ou non agresivos na mesma.

Moitas das actividades que se recollen aquí son repetitivas debido ás características do noso centro. É unha aula mixta, polo que todos os anos temos alumnado de nova incorporación. O cal implica que unha parte das actividades que levamos a cabo teñan un carácter recordatorio para o alumnado antigo e introdutorio para o novo alumnado.

Por outra banda, cada nova edición de Voz Natura permítenos descubrir novos horizontes que en moitas ocasións pasan a formar parte habitual do traballo da aula dun modo sistemático ou asistemático. Ampliándose ao longo dos anos algunhas das actividades permanentes que levamos a cabo na aula.

C. **OBXECTIVOS**



Os obxectivos que me plantexo neste proxecto fan referencia tanto ó traballo docente, como á adquisición de habilidades sociais e recursos medioambientais dos cativos. Deste xeito:

OBXECTIVOS DO PROXECTO PARA OS DOCENTES

- Fomentar o respecto polo medio ambiente.
- Concienciar sobre os problemas relacionados co descoido do entorno.
- Xerar actitudes críticas cara os sucesos que acontecen ao noso redor.
- Provocar a sensibilización ecolóxica na escola.
- Lograr avanzar na concienciación nos problemas do entorno.
- Promover hábitos de valoración do traballo rural.
- Concienciar sobre a importancia do consumo de alimentos saudables e frescos.
- Ofrecer ao alumnado actividades que lle permitan relacionarse coa vida real.
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa.
- Potenciar o traballo en equipo.
- Alfabetizar en termos de ecoloxía ao alumnado.
- Dar a coñecer aspectos vinculantes con lendas, tradicións, lugares de interese, flora e fauna da Ulla.
- Vivenciar costumes e tradicións propias da comarca.

86

OBXECTIVOS XERAIS PARA O ALUMNADO

- Identificar os problemas medioambientais orixinados polo ser humano e o cambio climático.
- Recoñecer accións específicas que pode realizar o ser humano que interfiran no desenvolvemento de outros seres vivos (positiva e negativamente).
- Establecer causalidades entre as nosas accións e as consecuencias para outros seres vivos.
- Valorar a importancia de utilizar os recursos naturais dun modo sostible.
- Xustificar a necesidade da redución do uso de plásticos.
- Valorar a importancia da reutilización, redución e reciclaxe para o coidado do medio ambiente.
- Ser quen de por en práctica as técnicas de coidado do medio ambiente (5R).
- Iniciarse no traballo relacionado con tarefas agrícolas.
- Observar e identificar o proceso de plantación, crecemento coidados e recolección de produtos hortícolas.
- Adquirir hábitos de alimentación saudable.
- Vivenciar algunhas actividades culturais relacionadas cos traballos do rural
- Identificar flora e fauna característica da nosa contorna e transmitir valores de coidado.
- Recoñecer especies invasoras relacionadas coa flora e a fauna.
- Descubrir lendas, tradicións, patrimonio histórico-artístico, romarías e gastronomía tradicionais da nosa contorna.
- Adquirir actitudes de respecto, valoración e coidado das nosas representacións etnográficas.

Estes obxectivos mais xerais, desglosarémolos nas distintas actividades a través de 5 aspectos clave



que serán a nosa base de traballo neste vindeiro curso:

- o coidado do medio ambiente
- o coidado da horta escolar
- as labores do rural
- a flora e a fauna
- tradicións e gastronomía

D. CONTIDOS

Directamente relacionados cos obxectivos que nos propoñemos, podemos establecer a seguinte batería de contidos xerais traballar:

- Respecto polo medio ambiente.
- Concienciación sobre os problemas relacionados co descoido do entorno.
- Afianzamento de actitudes críticas cara os sucesos que acontecen ao noso redor.
- Identificación de consecuencias derivadas dunha mala xestión e coidado do medio ambiente por parte dos seres humanos.
- Concienciación sobre a importancia da redución no uso de plásticos.
- Sensibilización ecolóxica na escola e dos problemas da contorna.
- Hábitos e valoración do traballo rural.
- Concienciación sobre a importancia do consumo de alimentos saudables e frescos.
- Adquisición de hábitos relacionados coa reutilización, redución e o reciclaxe.
- Posta en práctica de técnicas de coidado do medio ambiente e identificación das mesmas (as 5 R).
- Relación directa coa vida real.
- Iniciación á realización de tarefas agrícolas.
- Observación, coidados e responsabilidades adquiridas para o coidado da horta escolar.
- Adquisición de hábitos de alimentación saudable.
- Participación de toda a comunidade educativa na vida da escola.
- Afianzamento de técnicas de traballo en grupo.
- Alfabetización en termos de ecoloxía.
- Identificación de problemas medioambientais orixinados polo cambio climático.
- Recoñecemento de accións específicas que pode realizar o ser humano que interfiran no desenvolvemento de outros seres vivos (positiva e negativamente).
- Establecemento de causalidades entre as nosas accións e as consecuencias para outros seres vivos.
- Valoración da importancia de utilizar os recursos naturais dun modo sostible.
- Participación en actividades culturais.
- Adquisición de actitudes de respecto, valoración e coidado das nosas representacións etnográficas.
- Identificación de fauna e flora típica da contorna e tamén as especies invasoras.
- Investigación sobre lendas, tradicións propias, patrimonio histórico-artístico, romarías e gastronomía da comarca da Ulla.



E. ACTIVIDADES

As actividades estarán repartidas secuencialmente ó longo dos tres trimestres, e estarán vinculadas principalmente ós aspectos medioambientais que nos plantexamos traballar. Estes, aparecen recollidos na táboa de actividades cunha letra maiúscula entre paréntesis, que fai referencia a cada un dos aspectos a traballar. Deste xeito teremos:

- o coidado do medio ambiente **(A)**
- o coidado da horta escolar **(H)**
- as labores do rural **(R)**
- a flora e a fauna **(F)**
- tradicións e gastronomía. **(T)**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADE	SECUENCIACIÓN
-Adquirir hábitos de coidado e consumo dunha horta ecolóxica -Vivenciar e sentirse responsables de tarefas de coidado agrícola. -Empregar de forma autónoma as ferramentas e útiles propios do traballo na horta -Establecer relacións entre feitos e consecuencias	- A horta como recurso persoal e saudable -As ferramentas de labranza -Técnicas e coidados agrícolas -Plantexamento de hipóteses e consecuencias	Xestión e coidado da horta: sementeira, abono, transplante, rego, coidados de plagas, recollida, consumo... (H)	Anual (segundo procedendo)
-Elaborar receitas e identificar unha alimentación saudable	-Achegamento a alimentos e receitas saudables	Elaboración de receitas saudables na aula (T)	Anual (segundo procedendo)
-Degustar e valorar alimentos e produtos tradicionais da zona vencellados a algún momento	-Identificación e valoración de produtos propios e típicos da contorna	Degustación de alimentos e produtos tradicionais da zona. (T)	Anual (segundo procedendo)



tradicional ou non.			
-Valorar a reutilización de residuos plásticos	-Reutilización de materiais	Reutilización de materiais plásticos cotiás para o desenvolvemento de diversas actividades da aula (tapóns, botellas, films...) (A)	Anual (esporádicamente segundo xurdan os intereses)
-Recoñecer a necesidade do coidado medioambiental e a importancia das 5 R do reciclaxe. -Manexar e crear textos informativos sobre a necesidade do coidado medioambiental. -Definir accións cotiás nas que teña cabida a redución, reutilización e rexeitamento.	-As 5 R da ecoloxía: recoñecemento, valoración, concienciación e posta en práctica das mesmas -Uso de textos de uso social como medio de información e de transmisión de coñecementos -Adquisición de responsabilidades -Interese e respecto na concienciación do coidado do medio ambiente	Elaboración de textos informativos (trípticos, dípticos, dossieres, paneis informativos...) relacionados co coidado do medio ambiente e as 5R (A) Adquisición e asentamento de rutinas e hábitos relacionados coa reciclaxe, a reutilización, a redución... de forma autónoma. (A)	Anual (esporádicamente segundo xurdan os intereses) Anual (esporádicamente segundo xurdan os intereses)
-Adquirir competencia dixital relacionada con aspectos do medio ambiente tanto na creación de recursos como búsqueda de información. -Avanzar no afianzamento de habilidades de programación dixital (robótica)	-Competencias dixitais significativas -Programación robótica a través de contidos medioambientais	-Emprego dos ordenadores e da internet como recurso informativo e para a elaboración de recursos. (A) -Manexo de distintas apps educativas para a creación de recursos educativos (vídeos, trípticos, paneis...) (A)	Anual(esporádicamente segundo xurdan os intereses)



		-Realización de actividades de afianzamento de contidos medioambientais mediante a programación robótica (A)	
-Coñecer cancións tradicionais e vivencialas -Potenciar a memoria poética	- Cancións tradicionais - Memoria poética	Recompilación de cancións típicas da zona relacionadas con distintos oficios ou momentos agrícolas (R)	Anual (segundo vaia procedendo)
- Adquirir hábitos de concienciación de coidado do medio ambiente.	- Concienciación e coidado do medio ambiente	- Colaboración con algunha entidade ecoloxista da comarca para facer obradoiros de concienciación e coidado do medio ambiente. (A)	Anual (segundo vaia procedendo)
-Investigar sobre aspectos clave vinculados coa flora e fauna da comarca da Ulla.	-Descubrimento de aspectos relevantes da flora e fauna na comarca da Ulla.	- Búsqueda de información sobre algún elemento vencellado á flora ou á fauna que resulte de interese para o alumando (F)	1º trimestre (setembro/outubro/novembro/desembro)
-Utilizar de forma adecuada os contenedores do lixo de forma autónoma	-Uso dos contenedores de reciclaxe de xeito responsable e axeitado	Revisión e afianzamento dos paneis informativos das papeleiras de reciclaxe dentro da aula e uso das mesmas de forma axeitada (A) .	1º trimestre (setembro)
-Iniciarse no traballo relacionado con tarefas	- Tarefas agrícolas da contorna -A vendima	Participación activa na vendima e do pisado das uvas, e	1º trimestre (setembro)



agrícolas típicas da zona		elaboración de mosto. (R)	
-Adquirir hábitos de responsabilidade e coidado do medio	-Sistemas de prevención de pragas no medio ambiente	-Investigación sobre animais ou pragas que afecten ós cultivos (H) -Investigación e elaboración dun listado de plantas aromáticas e insecticidas naturais para o coidado da horta (H)	1º trimestre (outubro)
-Valorar a calidade e importancia da horta como recurso de alimentación saudable	-Recoñecemento de aspectos básicos do calendario da sembra -Adquisición de hábitos de alimentación saudable	Calendario de sembra: establecer un calendario de sembra, cos principais produtos que nos plantexamos sembrar (H)	1º trimestre (outubro)
-Valorar a importancia de compartir coñecementos e transmitirlos	-Identificación de aspectos básicos do reciclaxe	Visita de algún experto (familias) relacionados co tema do reciclaxe. (A)	1º trimestre (novembro)
-Observar e explorar o entorno	-Coñecemento do noso entorno natural e inmediato	Land art empregando produtos típicos da zona e e das distintas estacións do ano (millo, follas, landras...) (R)	1º trimestre (decembro)
-Mellorar a autonomía dixital no emprego de ferramentas TIC	-Mellora na autonomía dixital	Manexo da app PlantNet para a identificación de follas, árbores e froitos (R)	1º trimestre (decembro)



-Investigar sobre algún aspecto relevante de interese vinculado á flora e fauna da comarca da Ulla.	- Búsqueda de información sobre flora e fauna na Ulla.	Elaboración de pequenos paneis informativos vinculantes a aspectos interesantes para o alumando. (F) Visita a algún punto de interese medioambiental para a identificación da información recollida sobre o mesmo. (F)	2º trimestre (xaneiro/febreiro/marzo)
-Recoñecer árbores da contorna -Ser capaz de sinalar algunha característica típica de árbores autóctonas e identificar especies invasoras	-Coñecemento de árbores: especies autóctonas e invasoras	Herbario de árbores típicas da zona e especies invasoras coas súas características (beneficios e prexuízos) (F)	2º trimestre (xaneiro)
-Descubrir e participar de tradicións tradicionais da comarca vencelladas co Entroido.	- Descubrimento e participación en tradicións tradicionais da comarca vinculadas ao Entroido na Ulla.	- Descubrir características, peculiaridades e tradicións típicas da Entroido da comarca como son Os Xenerais da Ulla, comparsas e os seus atranques. (T)	2º trimestre (febreiro)
-Observar paxaros da contorna que aniñen no noso patio coa creación de casiñas axeitadas para eles.	-Observación e vivenciación da vida dos paxaros da contorna que aniñen no noso patio.	-Crear con materiais de refugallo casiñas para os paxaros para que aniñen, e poder alimentalos e observalos.	2º trimestre (febreiro)
-Coñecer costumes	-Recoñecemento	Visitar unha	2º trimestre



e traballos típicos da zona	de traballos vinculados ó rural na comarca	explotación ganadeira e identificar os traballos do cotiá. (R)	(marzo)
-Empregar materiais de refugallo de xeito creativo e útil en distintos espazos da escola.	-Manipulación e creación con materiais de refugallo	Creación de maceteiros con plásticos de refugallo para decoración do patio (A)	3º trimestre (abril)
-Achegarse a hábitos de coidado do medio ambiente	-Aproximación á realidade medioambiental mais próxima e participación na mesma	Elaboración dunha exposición informativa con infografías axeitadas para concienciar á comunidade educativa sobre a importancia do coidado e mantemento da flora e fauna autóctonas da comarca. (F)	3º trimestre (maio)
-Identificar e percorrer algún sendeiro mediomabiental de interese etnográfico e natural da comarca para observar contidos traballados.	-Identificación e vivenciación de contidos adquiridos.	Realizar algún sendeiro medioambiental de interese etnográfico e natural que permita a observación, comprobación e verificación de datos recompilados a través dos contidos traballados. Aproveitarase para facer recollida de lixo, de ser o caso. (F)	3º trimestre (maio)
-Recoñecer árbores autóctonas -Adquirir hábitos	-Achegamento á flora autóctona da contorna	Plantación no patio da escola dalgunha árbore autóctona (F)	3º trimestre (maio)



<p>coidado coas árbores -Recoñecer as partes árbores</p>	<p>-Coñecemento das árbores e os seus coidados</p>	<p>Realización dunha sementeira de árbores autóctonas e doalas á veciñanza (F) Solicitar ao concello permiso para reforestar con árbores autóctonas algunha área forestal que así o requira. (F)</p>	
<p>-Valorar a reutilización de residuos plásticos -Vivenciar unha instalación artística como medio de transmisión de ideas e valores -Cuestionar e facer cuestionar ós outros as prácticas sociais a través de propostas artísticas sensibles.</p>	<p>-Interese por transmitir de xeito artístico a importancia dun medio ambiente coidado -Valoración e achegamento a distintos tipos de interpretacións artísticas</p>	<p>Instalación artística materiais de refugallo</p>	<p>3º trimestre (xuño)</p>

6. METODOLOXÍA

A liña metodolóxica a traballar neste proxecto aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe, principio recollido na competencia básica de **"aprender a aprender"** e **"aprender facendo"**. Por isto levaranse á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Favorecer a aprendizaxe activa.
- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.



- Crear un clima de seguridade e confianza.
- O rol que debe asumir o profesorado será de guía e acompañante.
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen será de vital importancia.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias

Con esta metodoloxía pretendemos que os alumnos/as participen activamente, adquirindo así conciencia das súas propias capacidades, xestionando os seus propios coñecementos e optimizando a súa aprendizaxe. Buscarase fomentar así o traballo cooperativo por grupos na aula, estando sempre en contacto coa súa realidade inmediata, coas necesidades da súa contorna e en contacto directo co resto da comunidade educativa.

7. AVALIACIÓN

A avaliación deste proxecto será **global, continua e formativa**, e terá por obxecto o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as, pero tamén **tódolos elementos do proceso de ensino-aprendizaxe**:

- A implicación do equipo de mestres no proceso : a súa participación, organización e coordinación
- As relacións establecidas (entre pais, alumnos e mestres) e o funcionamento das mesmas (si foron proveitosas, conflitivas, satisfactorias...)
- As condicións organizativas:
 - planificación de tarefas e actividades: están ben estruturadas no tempo?, son acordes co momento no que se levan a cabo?, axudan a acadar os obxectivos?
 - modo de elaboración: resultan prácticas?, son efectivas?, son acordes á súa idade e intereses?
- Os recursos empregados: son suficientes?, son os axeitados?, estiveron ben distribuídos e empregados no tempo e nas distintas actividades?
- O desenvolvemento do proxecto e a posta en práctica das actividades programadas: a súa funcionalidade e o produto final foron os desexados e os esperados?, foi satisfactorio e significativo?

Entre as técnicas de avaliación máis apropiadas na educación infantil están a **observación directa** na escola e o **diario de aula**, no que recollerei os distintos aspectos a avaliar.

8. PRESUPOSTO:



Material funxible: folios, cartolinas, cores, pegamento...	150€
Material bibliográfico específico: horta, árbores, plás cultivo ecolóxico, cambio climático...	150€
Produtos hortícolas: sementes, terra, tela antiherbas...	100€
Ferramenta: cubos, pás, sacho, mangueira, regadeiras, macetas...	200€
Transporte	300€
Total	900€

*A coordinadora do proxecto,
Ariana Álvarez Fernández. Sergude, Marzo de 2022*

ECO+EDUCO= CONSUMO

Escola de Lestedo Cra de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas"
Curso 2022-23

ÍNDICE:

- 1-XUSTIFICACIÓN
- 2-CONTEXTUALIZACIÓN E RECURSOS.
- 3-OBXECTIVOS
- 4-CONTIDOS
- 5-ACTIVIDADES
- 6-METODOLOXÍA
- 7-AVALIACIÓN
- 8-PRESUPOSTO



1-XUSTIFICACIÓN

Con este proxecto pretendemos achegar ao alumnado da escola de Lestedo á realidade do consumo responsable formándoos nos principios básicos do mesmo para que sexan cidadáns críticos e responsables.

Pretendemos así forman ao alumnado no consumo responsable, sostible e respectuoso co medio ambiente, de forma que sexan conscientes do impacto ambiental do mesmo. O consumo responsable baséase en dúas máximas que transmitiremos ao alumnado: consumir menos e que o consumo sexa o máis sostible e solidario posible.

Ademáis o consumo responsable é unha actitude que tamén se pode exercer nas casas e na escola modificando hábitos de vida, interiorizando comportamentos que axuden a mellorar e coidar a contorna. Así, hábitos como aforrar electricidade, auga ou calefacción fai que melloremos a vida de todos/as.

Promoveremos o consumo responsable atendendo ás súas características:

- É un feito consciente.
- É un consumo crítico: cuestionando as condicións sociais e ecolóxicas nas que foi elaborado o produto.
- É ético.
- É ecolóxico: evitando desbotar recursos.
- É saudable fomentando un estilo de vida baseado en hábitos alimenticios sans e equilibrados.
- É solidario e socialmente xusto.

2-CONTEXTUALIZACIÓN E RECURSOS.

A escola de Lestedo é unha das 6 escolas que forma o Cra de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas". Situada na parroquia de Lestedo no concello de Boqueixón. Este centro leva varios anos participando en Voz Natura e unha vez máis decidimos participar por escolas para poder adaptarnos máis á realidade de cada unha delas: diferente número de alumnado, necesidades e características distintas, etc.

O concello de Boqueixón está situado a 10 km de Santiago de Compostela no sur da provincia de A Coruña. Situado na vertente dereita do río Ulla, limita cos seguintes concellos: ao norte con Santiago e o Pino, ao sur con Vedra, Estrada e Silleda, ao este con Touro e Vila de Cruces, e ao oeste con Santiago e Vedra.

Conta con unha superficie total de 70 km², ao longo dos cales se distribúen as 14 parroquias que o conforman: Codeso, Donas, Gastrar, A Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sucira, Sergude, Vigo e Boqueixón, situando a capital municipal nesta última parroquia, concretamente na aldea de O Forte. A poboación coa que conta o concello de Boqueixón é dun total de 4215 habitantes (INE 2018).



A estrutura socioeconómica do concello mostra uns trazados propios dunha área rural cun importante índice de persoas adicadas á agricultura e gandería, un elevado número tamén se dedica á construción e manufacturación, quedando en terceiro lugar o sector servizos.

A parroquia de Lestedo, onde está situada a nosa escola, é a máis poboada do concello de Boqueixón, cun total de 1005 habitantes (INE 2018), distribuídos en 11 núcleos de poboación, lugares e aldeas.

A escola, conta con 8 nenos e nenas de entre 3 e 5 anos distribuídos do seguinte xeito: 3 neno/a de 3 anos, 1 de 4 anos e 4 de 5 anos. A previsión de matrícula para o vindeiro curso é a de manterse nun número moi semellante.

Podemos dicir que a escola está ben dotada de materiais e recursos, tanto tecnolóxicos (EDI, ordenadores, tablets, robot), como funxibles. Quizá sí sería importante dotala con mais material bibliográfico vinculado ó ámbito ecolóxico. Contamos tamén cos recursos que nos ofrece o CRA, en tódolos ámbitos, e en especial cos recursos da biblioteca.

O noso Cra conta cos mestres/as especialistas que lle corresponden por catálogo. Estes mestres/as realizan sesións apoio nas escolas ademais de impartir a súa especialidade. Por outro lado, contamos coa colaboración ampla das familias xa que sempre se promoveu unha boa relación e coordinación entre familia e a escola.

Unha boa fonte de recursos son tamén os proporcionados pola contorna máis próxima ao centro como poden ser os institucionais e os naturais así como os servizos que se ofrecen próximos á escola.

Este proxecto abarca aspectos relacionados co medio ambiente así como coa nosa contorna, a creación de hábitos de vida saudables e ecolóxicamente sostibles, afondando en aspectos clave da nosa comarca.

3-OBXECTIVOS

Os obxectivos plantexados neste proxecto abordan tanto ó traballo docente, como á adquisición de habilidades sociais e recursos medioambientais do alumnado. Deste xeito:

OBXECTIVOS DO PROXECTO PARA OS DOCENTES

- Fomentar o respecto polo medio ambiente.
- Concienciar sobre os problemas relacionados co descoido da contorna.
- Xerar actitudes críticas cara os sucesos que acontecen ao noso redor.
- Favorecer a sensibilización ecolóxica na escola.
- Lograr avanzar na concienciación nos problemas da contorna.
- Promover hábitos de valoración do traballo rural.
- Concienciar sobre a importancia do consumo de alimentos saudables e frescos de proximidade.



- Ofrecer ao alumnado actividades que lle permitan relacionarse coa vida real.
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa.
- Potenciar o traballo en equipo.
- Alfabetizar en termos de ecoloxía ao alumnado.
- Fomentar o consumo responsable.

OBXECTIVOS XERAIS PARA O ALUMNADO

- Identificar os problemas medioambientais orixinados polo ser humano e o cambio climático.
- Recoñecer accións específicas que pode realizar o ser humano que interfiran no desenvolvemento de outros seres vivos (positiva e negativamente).
- Promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres.
- Establecer causalidades entre as nosas accións e as consecuencias para outros seres vivos.
- Valorar a importancia de utilizar os recursos naturais dun modo sostible.
- Xustificar a necesidade da redución do uso de plásticos.
- Valorar a importancia da reutilización, redución e reciclaxe para o coidado do medio ambiente.
- Ser quen de por en práctica as técnicas de coidado do medio ambiente (5R: reducir, reparar, recuperar, reutilizar e reciclar).
- Iniciarse no traballo relacionado con tarefas agrícolas.
- Observar e identificar o proceso de plantación, crecemento coidados e recolección de produtos hortícolas.
- Adquirir hábitos de alimentación saudable.
- Vivenciar algunhas actividades culturais relacionadas cos traballos do rural
- Identificar flora e fauna característica da nosa contorna e transmitir valores de coidado.
- Recoñecer especies invasoras relacionadas coa flora e a fauna.
- Adquirir hábitos de consumo responsable.

Favorecer un consumo responsable das fontes enerxéticas: aforrar auga e luz principalmente.

Estes obxectivos mais xerais, desglosarémolos nas distintas actividades a través de 5 aspectos clave que serán a nosa base de traballo neste vindeiro curso:

- o coidado do medio ambiente
- o coidado da horta escolar
- as labores do rural
- a flora e a fauna da contorna.
- o consumo responsable de recursos naturais.



4-CONTIDOS

Os contidos a traballar relacionados cos obxectivos plantexados arriba, son os seguintes:

- Respecto polo medio ambiente.
- Concienciación sobre os problemas relacionados co descoido da contorna.
- Afianzamento de actitudes críticas cara os sucesos que acontecen ao noso redor.
- Identificación de consecuencias derivadas dunha mala xestión e coidado do medio ambiente por parte dos seres humanos.
- Concienciación sobre a importancia da redución no uso de plásticos.
- Sensibilización ecolóxica na escola e dos problemas da contorna.
- Hábitos e valoración do traballo rural.
- Concienciación sobre a importancia do consumo de alimentos saudables, frescos e de proximidade.
- Adquisición de hábitos relacionados coa reutilización, redución e o reciclaxe.
- Posta en práctica de técnicas de coidado do medio ambiente e identificación das mesmas (as 5 R).
- Relación directa coa vida real.
- Iniciación á realización de tarefas agrícolas.
- Observación, coidados e responsabilidades adquiridas para o coidado da horta escolar.
- Adquisición de hábitos de alimentación saudable.
- Participación de toda a comunidade educativa na vida da escola.
- Afianzamento de técnicas de traballo en grupo.
- Alfabetización en termos de ecoloxía.
- Identificación de problemas medioambientais orixinados polo cambio climático.
- Recoñecemento de accións específicas que pode realizar o ser humano que interfiran no desenvolvemento de outros seres vivos (positiva e negativamente).
- Establecemento de causalidades entre as nosas accións e as consecuencias para outros seres vivos.
- Valoración da importancia de utilizar os recursos naturais dun modo sostible e responsable.
- Participación en actividades culturais.
- Identificación de fauna e flora típica da contorna e tamén as especies invasoras.
- Investigación sobre as consecuencias para o planeta de hábitos de consumo non sostibles e contaminantes.
- Investigación sobre modalidades de consumo e produción sostibles.

5-ACTIVIDADES

As actividades levaráanse a cabo durante os tres trimestres do curso 22-23 e centraranse principalmente nos aspectos medioambientais plantexados. Estes, están recollidos na táboa de actividades cunha letra maiúscula entre paréntesis, que fai referencia a cada un dos aspectos á traballar:



- o coidado do medio ambiente **(A)**
- o coidado da horta escolar **(H)**
- as labores do rural **(R)**
- a flora e a fauna **(F)**
- o consumo responsable de recursos naturais **(C)**.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADE	SECUENCIACIÓN
<p>-Adquirir hábitos de coidado e consumo dunha horta ecolóxica</p> <p>-Vivenciar e sentirse responsables de tarefas de coidado agrícola.</p> <p>-Empregar de forma autónoma as ferramentas e útiles propios do traballo na horta</p> <p>-Establecer relacións entre feitos e consecuencias</p>	<p>- A horta como recurso persoal e saudable</p> <p>-As ferramentas de labranza</p> <p>-Técnicas e coidados agrícolas</p> <p>-Plantexamento de hipóteses e consecuencias</p>	<p>Xestión e coidado da horta: sementeira, abono, transplante, rego, coidados de plagas, recollida, consumo... (H)</p>	Anual
<p>-Elaborar receitas e identificar unha alimentación saudable e sostible.</p>	<p>-Achegamento a alimentos e receitas saudables e sostibles.</p>	<p>Elaboración de receitas saudables na aula (C)</p>	Anual
<p>-Degustar e valorar alimentos e produtos de proximidade.</p>	<p>-Identificación e valoración de produtos de proximidade</p>	<p>Degustación de alimentos e produtos de proximidade.(C).</p>	Anual
<p>-Valorar a reutilización de</p>	<p>-Reutilización de materiais</p>	<p>Reutilización de materiais plásticos cotiás para o</p>	Anual



residuos plásticos		desenvolvemento de diversas actividades da aula (tapóns, botellas, films...) (A e C)	
<p>-Recoñecer a necesidade do coidado medioambiental e a importancia das 5 R do reciclaxe.</p> <p>-Manexar e crear textos informativos sobre a necesidade do coidado medioambiental.</p> <p>-Definir accións cotiás nas que teña cabida a redución, reutilización e rexeitamento.</p>	<p>-As 5 R da ecoloxía: recoñecemento, valoración, concienciación e posta en práctica das mesmas</p> <p>-Uso de textos de uso social como medio de información e de transmisión de coñecementos</p> <p>-Adquisición de responsabilidades</p> <p>-Interese e respecto na concienciación do coidado do medio ambiente</p>	Elaboración de textos informativos (trípticos, dípticos, dossiers, paneis informativos...) relacionados co coidado do medio ambiente e as 5R (A e C)	Anual
		Adquisición e asentamento de rutinas e hábitos relacionados coa reciclaxe, a reutilización, a redución... de forma autónoma. (A e c)	Anual



<p>-Adquirir competencia dixital relacionada con aspectos do medio ambiente tanto na creación de recursos como búsqueda de información.</p> <p>-Avanzar no afianzamento de habilidades de programación dixital (robótica)</p>	<p>-Competencias dixitais significativas</p> <p>-Programación robótica a través de contidos medioambientais</p>	<p>-Emprego dos ordenadores e da internet como recurso informativo e para a elaboración de recursos. (A)</p> <p>-Manexo de distintas app educativas para a creación de recursos educativos (vídeos, trípticos, paneis...) (A)</p> <p>-Realización de actividades de afianzamento de contidos medioambientais mediante a programación robótica (A)</p>	<p>Anual</p>
<p>-Coñecer cancións tradicionais e vivencialas</p> <p>-Potenciar a memoria poética</p>	<p>-Cancións tradicionais</p> <p>- Memoria poética</p>	<p>Recompilación de cancións típicas da zona relacionadas con distintos oficios ou momentos agrícolas (R)</p>	<p>Anual</p>
<p>- Adquirir hábitos de concienciación de coidado do medio ambiente.</p> <p>-Adquirir hábitos de consumo responsable.</p>	<p>- Concienciación e coidado do medio ambiente</p>	<p>-Colaboración con algunha entidade ecoloxista da comarca para facer obradoiros de concienciación e coidado do medio ambiente. (A e C).</p>	<p>Anual</p>
<p>-Investigar sobre</p>	<p>-Descubrimento de</p>	<p>- Búsqueda de</p>	<p>1º trimestre</p>



aspectos clave vinculados coa flora e fauna da contorna.	aspectos relevantes da flora e fauna da contorna.	información sobre algún elemento vencellado á flora ou á fauna que resulte de interese para o alumando (F)	(setembro/outubro/ novembro/deseembro)
-Utilizar de forma adecuada os contenedores do lixo de forma autónoma	-Uso dos contenedores de reciclaxe de xeito responsable e axeitado	Revisión e afianzamento dos paneis informativos das papeleiras de reciclaxe dentro da aula e uso das mesmas de forma axeitada (A e c) .	1º trimestre (setembro)
-Iniciarse no traballo relacionado con tarefas agrícolas típicas da zona	- Tarefas agrícolas da contorna	Participación activa nalgunha tarefa típica como o magosto, a vendima, etc. (R)	1º trimestre (setembro)
-Adquirir hábitos de responsabilidade e coidado do medio	-Sistemas de prevención de pragas no medio ambiente	-Investigación sobre animais ou pragas que afecten ós cultivos (H) -Investigación e elaboración dun listado de plantas aromáticas e insecticidas naturais para o coidado da horta (H)	1º trimestre (outubro)
-Valorar a calidade e importancia da horta como recurso de alimentación saudable	-Recoñecemento de aspectos básicos do calendario da sembra -Adquisición de hábitos de alimentación	Calendario de sembra: establecer un calendario de sembra, cos principais produtos que nos plantexamos	1º trimestre (outubro)



	saudable	sembrar (H)	
-Valorar a importancia de compartir coñecementos e transmitilos	-Identificación de aspectos básicos do reciclaxe e consumo responsable.	Visita de algún experto (familias) relacionados co tema do reciclaxe e consumo responsable. (A e c)	1º trimestre (novembro)
-Observar e explorar a contorna.	-Coñecemento do nosa contorna natural.	Land art empregando produtos típicos da zona e e das distintas estacións do ano (millo, follas, landras...) (R)	1º trimestre (decembro)
-Mellorar a autonomía dixital no emprego de ferramentas TIC	-Mellora na autonomía dixital	Manexo da app PlantNet para a identificación de follas, árbores e froitos (R)	1º trimestre (decembro)
-Investigar sobre algún aspecto relevante de interese vinculado á flora e fauna da contorna.	- Búsqueda de información sobre flora e fauna da contorna.	Elaboración de pequenos paneis informativos vinculantes a aspectos interesantes para o alumando. (F) Visita a algún punto de interese medioambiental para a identificación da información recollida sobre o mesmo. (F)	2º trimestre (xaneiro/febreiro/marzo)
-Coñecer costumes e traballos típicos da zona	-Recoñecemento de traballos vinculados ó rural	Visitar unha explotación ganadeira e	2º trimestre (marzo)



	na comarca	identificar os traballos do cotiá. (R)	
-Empregar materiais de refugallo de xeito creativo e útil en distintos espazos da escola.	-Manipulación e creación con materiais de refugallo	Creación de maceteiros con plásticos de refugallo para decoración do patio (A)	3º trimestre (abril)
-Achegarse a hábitos de coidado do medio ambiente	-Aproximación á realidade medioambiental mais próxima e participación na mesma	Elaboración de trípticos informativos para concienciar á comunidade educativa sobre a importancia do coidado e mantemento da flora e fauna autóctonas da comarca. (F)	3º trimestre (maio)
-Identificar e percorrer algún sendeiro mediomambiental de interese etnográfico e natural da comarca para observar contidos traballados.	-Identificación e vivenciación de contidos adquiridos.	Realizar algún sendeiro medioambiental de interese etnográfico e natural que permita a observación, comprobación e verificación de datos recompilados a través dos contidos traballados (F)	3º trimestre (maio)
-Recoñecer árbores autóctonas -Adquirir hábitos de coidado coas	-Achegamento á flora autóctona da contorna -Coñecemento das	Plantación no patio da escola dalgunha árbore autóctona (F)	3º trimestre (maio)

árbores -Recoñecer as partes das árbores	árbores e os seus coidados		
-Valorar a reutilización de residuos plásticos -Vivenciar unha instalación artística como medio de transmisión de ideas e valores -Cuestionar e facer cuestionar os outros as prácticas sociais a través de propostas artísticas sensibiles.	-Interese por transmitir de xeito artístico a importancia dun medio ambiente coidado -Valoración e achegamento a distintos tipos de interpretacións artísticas	Instalación artística con materiais de refugallo (A e C)	3º trimestre (xuño)

6-METODOLOXÍA

A metodoloxía deste proxecto enmárcase dentro dunha concepción construtivista da aprendizaxe. Partindo da competencia básica de "aprender a aprender" e "aprender facendo" teranse en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Favorecer a aprendizaxe activa.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.
- Crear un clima de seguridade e confianza.
- O rol que debe asumir o profesorado será de guía e acompañante.
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen será de vital importancia.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

Esta metodoloxía céntrase no alumndo de forma que participe activamente adquirindo conciencia das súas propias capacidades, xestionando os seus propios coñecementos e optimizando a súa aprendizaxe.



7-AVALIACIÓN

A avaliación deste proxecto será **global, continua e formativa**, e terá por obxecto o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as, pero tamén **tódolos elementos do proceso de ensino-aprendizaxe**:

- A implicación do equipo de mestres no proceso : a súa participación, organización e coordinación.
- As relacións establecidas (entre pais, alumnos e mestres) e o funcionamento das mesmas (si foron proveitosas, conflictivas, satisfactorias...).
- As condicións organizativas: planificación de tarefas e actividades, modo de elaboración das mesmas, etc.
- Os recursos empregados: son suficientes?, son os axeitados?, estiveron ben distribuídos e empregados no tempo e nas distintas actividades?
- O desenvolvemento do proxecto e a posta en práctica das actividades programadas: a súa funcionalidade e o produto final foron os desexados e os esperados?, foi satisfactorio e significativo?

Entre as técnicas de avaliación máis apropiadas na educación infantil están a **observación directa** na escola e o **diario de aula**, no que recollerei os distintos aspectos a avaliar.

8-PRESUPOSTO

Material funxible: folios, cartolinas, cores, pegamento...	100€
Material bibliográfico específico: horta, árbores, plástico, cultivo ecolóxico, cambio climático...	150€
Produtos hortícolas: sementes, terra, tela antiherbas...	100€
Ferramenta: cubos, pás, sacho, manguera, regadeiras, macetas...	200€
Transporte	150€
Total	700€

D) PLAN PROXECTA

Este ano, igual que o ano pasado, presentamos solicitude para participar no Plan Proxecta PDC (Proxecto deportivo de centro: centros activos e saudables) na modalidade XOGADE.

A coordinadora é a mestra de ED.Física Andrea Regueira Rodríguez de baixa e será substituída como coordinadora pola mestra Olalla Paz Roa.

Participaremos todos os Mestres/as do centro pois consideramos que é un proxecto que debe ser levado de xeito integral en todo o centro.



E) FOGGA:

Participaremos novamente este ano no Fogga para poder levar ás escolas froita e leite. Desdeo ano 2020-2021 apostamos por este plan e foi un gran acerto, houbo un cambio na tramitación do mesmo e complicóusenos bastante a posta en marcha do mesmo pero o consideramos moi importante e necesario para o noso alumnado, polo que seguiremos a traballar para poder levar a cabo este proxecto que ten tan boa aceptación tanto entre o alumnado como entre as familias do CRA.

F) PROXECTO INTERCULTURAL:

PROXECTO INTERCULTURAL "O MEU, O TEU, O NOSO"

C.R.A BOQUEIXÓN- VEDRA "Neira Vilas"

INDICE:

1. DESCRICIÓN DO CENTRO
2. ALUMNADO
3. PROFESORADO
4. PROXECTO
 - a) XUSTIFICACIÓN
 - b) OBXECTIVOS
 - c) CONTIDOS
 - d) SECUENCIACIÓN DOS OBXECTIVOS E DOS CONTIDOS PARA O PROXECTO
 - e) DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
5. METODOLOXÍA DE TRABALLO
6. DISTRIBUCIÓN DE RESPONSABILIDADES
7. PLAN DE AVALIACIÓN
 1. DESCRICIÓN DO CENTRO



O CRA Boqueixón–Vedra "Neira Vilas" está situado, como o seu nome indica, nos concellos de Vedra e Boqueixón limítrofes entre si, e o mesmo tempo veciños do Concello de Santiago. Do concello de Boqueixón son tres das seis escolas que conforman o noso CRA: *Camporrapado, Lestedo e Sergude..* As restantes son do concello de Vedra, sitas nas parroquias de *San Fins de Sales, San Xulián de Sales e San Miguel de Sarandón* . A escola de San Xián ten dúas unidades dende o curso 10-11.

Contamos cun local no Centro Sociocultural Camilo José Cela, sito en Lestedo, que nos acondicionou o Concello de Boqueixón en el temos a nosa sede, así coma a Biblioteca Xeral do noso centro.

Preto do noso cole hai tres centros escolares máis: o CPI "Antonio Orza Couto" no concello de Boqueixón, o CPI de Vedra e o CEIP Ortigueira, tamén no concello de Vedra. Con todos eles mantemos relacións de coordinación e colaboración.

Tanto co Concello de Vedra , coma de Boqueixón colaboramos e participamos xuntos en diversos aspectos, proba desto é a súa participación directa neste proxecto.

En canto o desenvolvemento económico destes concellos dicir que a súa poboación está repartida entre actividades do sector agrícola (con explotacións gandeiras modernas nas parroquias) e servizos (que a meirande parte da poboación activa desenrola en Santiago). A ocupación feminina alcanza un nivel elevado, coa conseguinte repercusión na organización familiar.

a) ALUMNADO DO CRA

Neste curso temos un total de 73 alumnos, 52 son de Educación infantil e 21 de educación primaria(1º e 2º cursos).

Este proxecto vai dirixido a totalidade do noso alumnado que está escolarizado do seguinte xeito:



<u>CICLOS</u>	<u>NIVEIS</u>	<u>Nº DE ALUMNOS/AS</u>
EDUCACIÓN INFANTIL	3 ANOS	14
	4 ANOS	23
	5 ANOS	15
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º nivel	11
	2º nivel	10
<u>TOTAL</u>		73

O número de nenos/as en cada escola é o seguinte:

<i>EEI de Lestedo</i>	<i>EEI de Camporrapado</i>	<i>EEI de Sergude</i>	<i>EEI de San Xiao</i>	<i>CEIP de San Fins</i>	<i>CEIP de Sarandón</i>
8	8	18	17	11	11

b) PROFESORADO DO CRA

Conforman o claustro do noso centro 15 mestres/as coa seguinte situación administrativa:

Educación Infantil:

- Eva Nieves Vieiro (E.E.I de Lestedo). Definitiva en centro.
- Ariana Alvarez Fernández (E.E.I de Sergude). Definitiva en centro.
- Sabela Sanmartín Castro (EEI. De San Xián 1). Definitiva en centro.
- Mª de la Luz Balado Ferreiro (EEI de San Xián 2). Definitiva en centro.
- Sonia Iglesias Sanchez (EEI de San Fins) Definitiva en centro
- Mónica López Portas (E.E.I de Camporrapado). Definitiva en centro.
- Marta de Dios Recamán, mestra de apoio de EI, definitiva en centro. Levará a cabo a súa labor nas unitarias de Camporrapado, Sergude e Lestedo.
- Andrea Pérez Fuentes, mestra de apoio de EI, provisional en centro. Levará a cabo a súa labor nas unitarias de San Fins, San Xián e Sarandón.

Educación Primaria:

- Antonio Vázquez Turnes (CEIP de Sarandón). Definitivo en centro.

Lingua estranxeira- Inglés: Purificación Rodríguez Otero. Definitiva en centro.

Educación Musical: Mª Elena García Iglesias. Definitiva en centro.



Educación Física: Andrea Regueira Rodríguez. Definitiva en centro. Olalla paz Roa (substituta)

Audición e Linguaxe: Vanesa Cabado Ferreiro. Cubre unha comisión do titular definitivo en centro.

Formación Religiosa: Raquel García Fraga. Definitiva en centro. Adscrita ó noso claustro

Pedagogía Terapéutica. Lorena Sanín Sánchez. Compartida co CEIP de Ortigueira o seu centro base. Ven ao noso dous días á semana.

Orientadora. Carmen M^a Vieiro Silva. Interina

5.PROXECTO

a) Xustificación do proxecto.

Xurde este proxecto cunha dobre finalidade: ofrecer aos nosos alumnos/as o abano máis amplo de coñecementos e experiencias e, por outra banda, fomentar a colaboración e axuda de tódolos compoñentes da nosa comunidade educativa (escola, pais e concellos).

O grande obxectivo deste proxecto que a continuación presentamos é favorecer actitudes e valores relacionados co apreio e o respecto a modelos de vida distintos e a aceptación das diferenzas a través do coñecemento do que outras culturas poden aportar á propia. Entender que a nosa realidade máis próxima forma parte dun mundo intercultural no que se funden miles de culturas, tradicións, costumes e linguas, dignas de coñecer e conservar, e así mesmo, darse conta da nosa propia riqueza. APRENDER A VALORAR O MEU, O TEU E O NOSO.

Durante os últimos 6 cursos levamos a cabo este proxecto intercultural cunha duración de tres semanas(as primeiras de Maio, coincidindo co Día de Europa e a Semana das Letras Galegas) no cal impartimos os nenos clases en galego,castelán, inglés, italiano, húngaro, mexicano, brasileiro, arxentino, coreano, sueco, alemán, turco, ruso, árabe(unha sesión de 60' en cada lingua en cada unha das escolas). As sesións tiñan a seguinte estrutura:

- Conto popular de introdución da nova lingua
- Xogo musicado para coñecer o nome dos nenos/as/ actividade para coñecer un pouco o pais de orixe da mestra
- Unha canción típica do pais na que os nenos/as participaban activamente, ben bailando ou representando un papel.
- Visionado de imaxes representativas do país: monumentos, cidades, tradicións, gastronomía...
- Posta en común en gran grupo sobre diferenzas e parecidos coa nosa lingua ou costumes
- Narración dunha tradición "especial" do país: a Befana italiana, o son dos animais húngaros, o baile dos paus ingléss,...
- Actividade musical de cerre e preguntas sobre o desenvolvemento da clase

A experiencia foi do máis enriquecedora para toda a comunidade educativa, de aí que este ano tentemos levar a cabo este outro proxecto que parte deste pequecho pero xa non só como coñecemento das culturas senón da situación infantil deses países.

b) Obxectivos.



- ❖ Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, alumnado e de toda a comunidade educativa nos valores educativos, sociais e culturais, que determinen un profundo interese pola educación intercultural
- ❖ Fomentar cidadáns e cidadás capaces de afrontar a convivencia nun mundo complexo e dinámico, comprometidos na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa, que ofrezca as condicións para unha efectiva igualdade de oportunidades.
- ❖ Incorporar a diversidade cultural e o respecto á diferenza na escola como un valor de enriquecemento na comunicación e interacción entre persoas e grupos.
- ❖ Recoñecer o valor doutras culturas como un modo de enriquecemento cultural.
- ❖ Favorecer o desenvolvemento dunha identidade cultural propia, tolerante cos doutras culturas, baseada nuns valores mínimos relacionados cos dereitos humanos que configuren un marco de referencia común na construción dunha sociedade pacífica libre e xusta.
- ❖ Fomentar o diálogo como capacidade de interacción coas persoas.
- ❖ Recoñecer na música unha linguaxe universal que nos achega a todas as culturas

<u>PERIODO</u>	<u>ACTUACIÓNS</u>
----------------	-------------------

facéndonos iguais nas nosas diferencias.

- ❖ Facilitar a elaboración, o intercambio e a difusión de experiencia e materiais de apoio para unha educación intercultural

c) **Contidos**

- ❖ Coñecemento dos nosos referentes de identidade cultural, achegamento a outras culturas que están presentes no noso contorno máis próximo e comprensión e tolerancia con esas culturas diferentes da propia.
- ❖ Achegamento a situación infantil deses países: tempo na escola, traballo, tipos de xogo,...de xeito que os nosos alumnos/as valoren dalgún xeito o que teñen e de que carecen outros/as
- ❖ Introducción nos distintos ritmos, instrumentos e bailes dos diferentes países que nos visitan.

d) **Secuenciación dos obxectivos e contidos para o proxecto bianual**

Neste curso queremos levar este proxecto un pouco máis alá e integralo dentro dos proxectos que se levan a cabo no centro: PLAMBE, TICS, ESCOLAS NA NUBE, MEDIOAMBIENTAL.....

O noso proxecto dedicará un ano ao coñecemento doutros países(situación xeográfica, unha visión sinxela dos resgos físicos e políticos dese país:un río importante, unha montaña,unha provincia,unha cidade,...,algún monumento importante, como chegar a eles dende Galicia, idioma, costumes,tradicións,...). Tamén veremos as festas de varios países: xeito de celebralas, música, instrumentos, bailes,customs,.. ; comparándoas coas nosas celebracións e música, que son tan importantes para nós os galegos,proba delo a grande cantidade de celebracións populares que temos e grande riqueza musical que posuímos.



1º/2 TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Aprobar o proxecto por parte do Claustro e o Consello. - Realizar actividades por parte da coordinadora para coñecer os países que nos viñeron a visitar. Visionado das fotos e os vídeos dos anteriores proxectos levados a cabo no centro. - Realizar actividades en relación cos outros proxectos do centro e dentro do PEL de centro e adxuntalo as carpetas dos alumnos/as
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Reunirse cos membros do Centro Sociocultural Don Bosco de Santiago e os Concellos de Boqueixón e Vedra para solicitarlles axuda en canto voluntariado estranxeiro que poidan formar parte deste proxecto. - Elaborar un programa de actuacións destes mestres/as estranxeiros en cada escola e máis as actividades en relación á Semana das Letras Galegas, en colaboración co EDLG do noso centro. -É o momento de levar a cabo o groso das actividades coincidindo co 9 de maio día de Europa e a Semana das Letras Galegas. - Avaliación e valoración do proxecto por parte da comunidade educativa do centro.

Dito isto a secuenciación dos obxectivos e contidos será a seguinte:

e) Descrición das actividades

ACTIVIDADES CURSO

- ❖ **IMOS DE VIAXE**: con axuda dun mapa político de Europa ou dun bloque terráqueo explicaremoslle aos nenos/as a situación xeográfica do país do que imos a falar. Miraremos en que tipo de medio de transporte podemos ir a el: barco,tren,avión,... e cal será o traxecto máis curto e máis longo á facer. Levaremos a cabo algunha actividade escrita sobre tipos de medio de transporte e sobre curto/ longo.
- ❖ **QUE FORMA TEN ESTE PAÍS**¡. Empregando un mapa físico do país que estamos a estudar ensinaremoslle aos nenos/as a forma do mesmo, as súas liñas curvas e rectas, as montañas, a cor amarela das mesetas, a azul dos ríos,... Faremos actividades das formas: cadrada, triangular, rectangular,...,curvas e rectas, curvas abertas e pechadas, ...
- ❖ **CANTAS CORES**¡. Empregando un mapa físico do país a estudar ensinaremoslle as principais cidades do mesmo así coma algún monumento que o identifique. Así mesmo explicaremos as cores que alí hai. Logo faremos actividades relacionadas coa identificación de cidades pola súa forma e tamaño (nun gran crebacabezas). Tamén faremos actividades de identificación das cores.



- ❖ **IMOS A PINTARj.** Buscaremos cadros de algunha artista coñecido ou non orixinario dese país ou outros que reflictan algunha característica do mesmo e faremos na clase de educación plástica un cadro pintado por eles imitando o orixinal. Tamén algunha escultura ou monumento (p.ex. a muralla china) e farémola con material reciclado ou funxible o noso xeito.
- ❖ **QUE TEN ESTE PAÍS?.** Axudados por vídeos, material multimedia, diapositivas,... ensinaremoslle aos nenos/as o país a traballar e logo faremos un xogo de buscar similitudes coas cousas que hai no noso contorno.
- ❖ **Ó CINEj.** Faremos visionado de películas baseadas nese país ou que apareza o mesmo (p.ex. "Mulan" de Disney para o tratamento de China), e tamén outras películas elaboradas por ONG que teñen como tratamento a interculturalidade e os dereitos dos nenos.
- ❖ **PUM,PUM, QUEN VÉN?.** É este o momento de achegamento físico do país aos alumnos/as xa que nos visitará á escola unha persoa pertencente a ese país e que nos dará unha clase, estruturada como explico na xustificación.
- ❖ **SAIDAS.** Trataríamos de buscar algunha saída relacionada co proxecto: exposicións de algún país, en algún centro comercial fan a semana dun determinado país, actuacións que houbese dalgún grupo de música, danza,... de países estranxeiros.
 - ❖ **IMOS DE FESTAj.** Axudados de material multimedia (vídeos, internet, xogos,...) ensinariámoslle os noso alumnos/as como se celebra nun determinado país unha festa típica (Halloween,...) facendo coincidir estas coa época do ano na que esteamos. Despois fariamos actividades tanto plásticas coma escritas sobre o tema.
 - ❖ **QUE SOA AÍj.** Contando coa participación das mestras de EF e miña como mestra de música do CRA descubriremos tipos de instrumentos e cantigas dos diversos países estudados e doutros que sexan de interese para os nenos/as. Logo faremos tamén un percorrido polos instrumentos, tipos de música e cancións da nosa terra e comparariámola coas demais. Faremos actividades de ritmo, discriminación auditiva das músicas e dos instrumentos, creación de outras pezas e elaboración de algún instrumento imitando o orixinal.
 - ❖ **A MOVER OS CADRÍj.** É unha actividade coma a anterior pero esta vez relacionado coas danzas, bailes,... existentes nos diversos países
 - ❖ **CANTAS CORES!.** Investigaremos para coñecer os traxes típicos de cada país as cores que teñen, as pezas das que están compostos, cal é o de muller e cal o de home,... Faremos actividades para recoñecer as cores, as formas da roupa, identificación das sombras co seu orixinal, crebacabezas, monecas/os de vestir,... e outras actividades nesa liña.
 - ❖ **UMMMMj.** Serán estas actividades para coñecer o prato/s típicos dese país, para elo veremos algún documental sobre o mesmo, elaboraremos algunha receita sinxela na aula e comprobaremos por nós mesmos se é doce, salgada, picante,...
 - ❖ **CHA,CHA,CHÁ, CHATEANDO.** Levaremos a cabo na escola a creación dunha comunidade virtual entre nenos/as e profesores/as. Contactaremos con algún colexio de fóra co que manteremos conversacións abertas tanto de intercambios de experiencias como de búsqueda de información para o noso proxecto



- ❖ **ENTRE NÚMEROS E LETRAS.** Serie de fichas elaboradas por nós baseadas nos contidos traballados nas áreas de linguaxes: comunicación e representación, lingua galega, lingua castelá, coñecemento do contorno e interacción co mundo, matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural; e adaptadas á música, baile, festas e gastronomía dos países que estamos traballando.

f) Metodoloxía de traballo

Os puntos claves da nosa metodoloxía son os seguintes:

- ❖ **Aprendizaxe centrado no alumno/a** : os nenos/as destas idades son curiosos por natureza y ademais teñen unha necesidade natural de comunicarse cos demais.
- ❖ **Aprendizaxe cíclica**: Ensinaranse os novos conceptos dun xeito cíclico e reiterativo.
- ❖ **Centrarse no significado** : o linguaxe, a través das actividades, preséntase nun contexto cercano ó alumno/a, os seus intereses e experiencias. A énfase recae no propósito comunicativo da nova lingua.
- ❖ **O aprendizaxe a través das experiencias** : canta máis variedade de experiencias teñan os nenos/as máis se enriquece o aprendizaxe.
- ❖ **Diversos niveis de aprendizaxe** : Teño en conta estes niveis de maneira que cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade ; ademais de ter en conta a aqueles alumnos/as que terminan pronto e aos que necesitan un reforzo.
- ❖ **Agrupamento de alumnos/as** : as actividades, no seu desenvolvemento requiren diversos tipos de agrupamentos : individuais, en parellas, en pequenos grupos e en gran grupo.

g) Distribución de responsabilidades

A coordinadora do proxecto será Dona *M^a Elena García Iglesias*, mestra de música do centro. As súas funcións serán as que siguen:

- Poñer en marcha o módulo de formación do profesorado e familias.
- Dotar os titores de material necesario para levar a cabo na súa aula as actividades que se desenvolvan no proxecto
- Coordinar as semanas nas que o "profesorado" (voluntarios europeos,nais,..) impartirán os nenos/as as sesións na súa fala de orixe: reestructuración dos horarios, levalos dende unha escola a outra, facilitarlles o material necesario para levar a cabo as súas sesións,..
- Realizar as reunións pertinentes cos equipos de ciclo e claustro en xeral sobre o seguimento, aportacións e avaliación deste proxecto
- Elaboración da memoria descriptiva deste proxecto bianual.

O profesorado titor así coma os especialistas serán os encargados de:

- Levar a cabo na aula as actividades propostas
- Comentar aqueles aspectos a mellorar do proxecto e dar opinión ou solución ó respecto.
- Poñer todo o seu esforzo no achegamento e sensibilización dos seus alumnos/as ante outros países e culturas.



Participarán tamén neste proxecto o Centro Cultural Don Bosco de Santiago facilitándonos a axuda do voluntariado europeo, así coma a difusión de dito proxecto e todo aquilo que para levalo a cabo precisemos.

Os "mestres" voluntarios europeos terán como función:

- Impartir unha sesión ou dúas en cada escola na súa lingua de orixe e levar a cabo cos nenos/as actividades sobre a mesma.
- Participar activamente no proxecto aportando ideas para a súa mellora ou dando opinións sobre o desenvolvemento de mesmo.

h) Plan de avaliación

O noso plan de avaliación refírese a dous aspectos: a incidencia do proxecto nos alumnos/as en primeiro lugar e no funcionamento do Cra.

Este proxecto será avaliado anualmente por todo o profesorado implicado no mesmo, valorando resultados, consecución dos obxectivos e contidos, actitudes dos nenos/as cara o mesmo. Todos os datos recollidos formaran parte da memoria final de ano do proxecto.

Así mesmo pasaráselle a cada familia unha enquisa para valorar o interese de dito proxecto e, a súa vez, farémolles unha enquisa aos alumnos/as para valorar a consecución dos obxectivos, se están interiorizando o sentido da experiencia: o valor da interculturalidade. Tamén recolleremos a opinión dos nenos/as sobre o mesmo.

G) PROXECTO GREENSEEDS

Participaremos nese proxecto por primeira vez coa intención de formar parte dunha rede de escolas europeas pequenas, que teñen como principios a protección do medioambiente e a cultura local, co fin de influir en cambios sustanciais en materia de protección do mediambiente a un nivel máis global. Este proxecto farase en colaboración co departamento de didáctica, organización escolar e métodos de investigación da facultade de CC. da Educación e do deporte da Universidade de Vigo.

H) PLAN ORIENTACIÓN

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES
DO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
2022-2023
CRA DE BOQUEIXÓN-VEDRA
CEIP DE ORTIGUEIRA





ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

ÁMBITO DE ACTUACIÓN E CONTEXTO ESCOLAR

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS

PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

- 4.1. Accións prioritarias
- 4.2. Actividades e temporalización
- 4.3. Concreción do Plan de Atención á Diversidade

RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

HORARIO SEMANAL DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

AVALIACIÓN

PLAN DE APOIO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PLAN DE APOIO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

PLAN DE APOIO A ACCIÓN TITORIAL

BIBLIOGRAFÍA

- 11.1. Referencias lexislativas
- 11.2. Referencias bibliográficas
- 11.3. Webgrafía

0. INTRODUCCIÓN

Seguindo as instrucións da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia no curso actual; a orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece o organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia _regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia_, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación a orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; demais textos legais referidos á orientación académica e profesional, así como os criterios e directrices da comisión de coordinación pedagóxica (CCP), a continuación preséntase o Plan Anual de Actividades de orientación educativa e profesional elaborado polo Departamento de Orientación do CRA de Boqueixón-Vedra e do CEIP Ortigueira, para o curso escolar 2022/2023. O presente plan segue a estrutura determinada no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998 para os plans de orientación, na que se establecen, como mínimos, os seguintes apartados:

- Xustificación contextualizada.
- Obxectivos.
- Planificación Xeral e definición de accións prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios de avaliación do plan.

Así mesmo, incluímos neste documento tamén:

A concreción do Plan de Acción Titorial, como un elemento integrador da acción educativa dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, que serve de complemento ás actividades de orientación.

A Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Plan de apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica

Plan de apoio das mestras de Audición e Linguaxe

1. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E CONTEXTO ESCOLAR



O CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" está ubicado nun entorno rural, nos Concellos de Boqueixón e Vedra, na provincia de A Coruña.

O centro está formado por 6 escolas e conta 7 unidades, 6 creadas e unha habilitada; das cales en tres delas se escolarizan alumnado de 2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria (CEIP de Sarandón, CEIP de San Fins, EEI de San Xiao) e nas tres restantes unicamente do 2º ciclo de educación infantil (EEI de Sergude, EEI de Lestedo, EEI de Camporrapado).

O CEIP Ortigueira está ubicado tamén nun entorno rural, no concello de Vedra. O centro conta con 5 unidades mixtas, dúas de educación infantil e tres de Educación Primaria.

A actividade económica dos municipios está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios e a poboación pódese catalogar de clase media.

En relación á contorna, con ámbolos dous concellos establécense lazos de comunicación fluídos e desenvolven varios proxectos de xeito conxunto.

A previsión de alumnado que precisará apoio das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe é a que segue:



CRA DE BOQUEIXÓN-VEDRA "Neira Vilas"					
ETAPA	NIVEL	Nº alumnos	DIAGNÓSTICO	ANEAE con PT	ANEAE con AL
EDUCACIÓN INFANTIL	4º	1	Descoñecemento da lingua de aprendizaxe		
	5º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación		X
	5º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación Retraso madurativo	X	X
	5º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación Retraso madurativo	X	X
	6º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe		X
	6º	1	F70 Discapacidade intelectual leve(DSM-5) Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e comunicación. Trastorno de atención(TDAH) e de aprendizaxe. Está flexibilizando no presente curso.	X	X
	6º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe		X
EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	Nº alumnos	DIAGNÓSTICO	ANEAE con PT	ANEAE con AL
	1º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe		X
	2º	1	Trastorno do desenvolvemento da linguaxe		X
	2º	1	Trastorno grave de conducta, de comunicación e da linguaxe (TEA).	X	X
	2º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación (TL).Trastorno da aprendizaxe.	X	X

21



CEIP ORTIGUEIRA					
ETAPA	NIVEL	Nº alumnos	DIAGNÓSTICO	ANEAE con PT	ANEAE con AL
EDUCACIÓN INFANTIL	4º	1	Vulnerabilidade socioeducativa Condicións persoais e de historia escolar		
	5º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
	6º	1	Atraso global grave do desenvolvemento Hipoacusia leve Atraso madurativo Blefarofimose Dismorfia facial e macrocefalia Risco de miocardiopatía Grao de discapacidade: 53% Conta con Auxiliar técnico Educativa	X	X
	6º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
	6º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
	6º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	Nº alumnos	DIAGNÓSTICO	ANEAE con PT	ANEAE con AL
	1º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
	1º	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.		X
	2º	1	Trastorno da aprendizaxe Repite 2º de EP	X	X
	2º	1	Vulnerabilidade socioeducativa Condicións persoais e de historia escolar		
	3º	1	Trastorno da aprendizaxe	X	
	4º	1	Trastorno da atención (TDAH) e da aprendizaxe	X	X



	4º	1	Trastorno da aprendizaxe	X	
	5º	1	Incorporación tardía ao sistema educativo Trastorno da aprendizaxe	X	X
	5º	1	Trastornos graves da conducta (Trastorno negativista desafiante selectivo) Trastorno da atención (TDAH) e da aprendizaxe Grao de discapacidade: 35%	X	
	6º	1	Trastorno da aprendizaxe	X	
	6º	1	Trastorno da aprendizaxe	X	
	6º	1	Vulnerabilidade socioeducativa Condições persoais e de historia escolar Trastorno da aprendizaxe Repetiu 3º de EP	X	

23

Tendo en conta os datos do curso anterior, comezamos o curso 2022-2023:

No CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas", con 11 alumnas/os.

No CEIP de Ortigueira, con 18 alumnas/os.

Todo eles/as necesitan diferentes tipos de medidas de atención á diversidade pero preveemos que o número de alumnado con NEAE que precisará apoio educativo especializado vai ir en aumento ao longo do curso.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Durante o curso 2022-2023, o Departamento de Orientación queda constituído, seguindo o Decreto 120/ 1998 do 23 de abril, no seu artigo 4, co seguinte persoal docente:

Xefa do Departamento: Carmen Mª Vieiro Silva.

Especialista en Pedagogía Terapéutica:

Lorena Sanín Sánchez (compartida co CEIP Ortigueira)

Especialistas en Audición e Linguaxe:

Adela Redondo Rendo (CEIP Ortigueira)

Vanesa Cabado Ferreiro (CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")

Coordinadoras de 2º ciclo de Educación Infantil:

Ariana Álvarez Fernández (CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")

Sonia García García (CEIP de Ortigueira)

Coordinadoras de Educación Primaria:

Mª Luz Balado Ferreiro (CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")



Directora do CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas":

María Elena García Iglesias

Director do CEIP Ortigueira:

Jacobo Jaime Furelos Vázquez

2. OBXECTIVOS XERAIS

3.1. Obxectivos referidos ao centro

- Creación, organización e funcionamento do Departamento de Orientación.
- Prestar apoio ao desenvolvemento do proxecto educativo do centro dende a perspectiva da orientación educativa e da atención á diversidade, á elaboración e revisión dos documentos normativos do centro, á formación dos docentes e ao plan de acción tutorial.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado, analizando os posibles cambios que se deban introducir.
- Analizar as conclusións sobre os resultados das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro.
- Organizar os apoios ao alumnado con NEAE.
- Optimizar os recursos humanos e materiais de que dispoña o Centro, tendo en conta as novas necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar os distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.

3.2. Obxectivos referidos ao profesorado

Identifica-las dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE concretando pautas de intervención.

Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario concretando pautas de intervención cando se considere necesario.

Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade.

Deseñar accións para a detección temperá de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e colaborar no deseño de materiais e na realización de actividades para este alumnado.

Contribuír ao proceso de avaliación de cada grupo.

Asesorar aos titores/as e ao profesorado en xeral co gallo de cumprimentar a documentación académica do alumnado, propoñendo as oportunas modificacións cando sexa necesario.

Colaborar, sempre que o precisen, co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización.

Asesorar aos equipos docentes en temas de avaliación, promoción e permanencia no mesmo curso.

. Obxectivos referidos ao alumnado



Potenciar a Orientación para todos/as.
Realizar as avaliacións psicopedagóxicas axustadas á normativa vixente.
Coñece-lo rendemento académico do alumno/a en comparación coa súa capacidade.
Facilitarlle ao alumnado do 6º nivel de Educación Primaria a toma de decisións para afrontar os momentos escolares, como é o paso á ESO (CEIP Ortigueira).
Facilitarlle ao alumnado do 6º nivel de Educación Infantil a afrontar os momentos escolares, como é o paso á Educación Primaria.
Adoptar medidas de atención á diversidade que favorezan a integración do novo alumnado e as interaccións persoais axeitadas, de cara a favorecer un desenvolvemento integral de aceptación das diferencias individuais e sociais.
Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos, participativos e integradores das diferencias.

3.4. Obxectivos referidos ás familias

Cooperar na relación titores/as-familia.
Promover a participación da familia no proceso educativo dos seus fillos/as.
Orientar ás familias na educación dos seus fillos/as.
Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.

3.5. Obxectivos referidos ás institucións

Establecer canles de comunicación cos distintos axentes sociais que teñen relación co centro (Concello, asistentes e traballadores/as sociais, psicólogos/as, pedagogos/as de gabinetes privados, etc.)
Promover actividades conxuntas con estes axentes sociais, tales como conferencias, charlas, escolas de pais, etc.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As estratexias de intervención que se propoñen dende o Departamento de Orientación, son:

Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento.
Intervir tomando como referencia o principio de inclusión.
Promover medidas preventivas e recuperadoras, se son precisas, para atender á diversidade de alumnado.
Traballar en coordinación coa comunidade educativa.

4. 1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

Neste Departamento darase prioridade, dentro do marco de funcións e organización, as seguintes liñas de actuación:

1. Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade presente no Centro educativo e, en particular ao que se refire ao alumnado con NEAE, a través da:



Identificación temperá de necesidades educativas específicas de apoio educativo do alumnado.

Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta NEAE.

Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do Centro, no que se refire aos apoios mencionados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.

Asesoramento aos equipos de ciclo e de nivel para que se contemplen nas respectivas programacións distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.

Manter a coordinación cos CPI que temos adscritos.

2. Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do plan de acción titorial, en especial o asesoramento referido a:

A colaboración cos equipos de ciclo e distintos niveis no deseño e implementación de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo de todo o alumnado.

3. Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural:

Participación na implementación de medidas para a prevención e control do absentismo escolar.

A promoción dunha integración intercultural e o establecemento de plans de acollida do alumnado.

Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima e a resolución pacífica de conflitos.

4.2. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

TABOIA I			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Organización e Funcionamento do Departamento de Orientación.	-Creación do DO , adquisición de materiais e organización dos recursos humanos e materiais. -Asistir ás reunións convocadas polo xefas/es do DO dos CPI aos que estamos adscritos. -Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias do D.O. - Concreción do Plan de Atención	DO	1º trimestre. Todo o curso. Todo o curso. 1º trimestre.



	<p>á Diversidade</p> <p>-Elaboración do Plan Anual de Orientación.</p> <p>-Presentación do Plan Anual ao centro compartido.</p> <p>-Elaboración da memoria de final.</p>		Final de curso.
-Prestar apoio ao desenvolvemento do Proxecto Educativo do centro dende a perspectiva da orientación educativa e da atención á diversidade.	-Propiciar a avaliación e revisión do proxecto educativo de centro para integrar nel as medidas de atención á diversidade, colaborando cos equipos docentes na procura dos recursos necesarios para a atención a diversidade.	DO	Todo o curso.
-Estudar as necesidades de material específico do Departamento de Orientación.	- Valorar o orzamento preciso para o DO e profesorado de apoio. - Adquisición e inventario do material e equipamento para o DO.	DO	Todo o curso.

A continuación preséntase a concreción de actividades coa súa correspondente temporalización, en relación cos obxectivos e os axentes de realización:

No referente ao centro (Táboa I).

No referente ao profesorado (Táboa II).

No referente ao alumnado (Táboa III).

No referente ás familias (Táboa IV)

No referente a outras institucións (Táboa V)



OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Asesorar e ofrecer recursos para a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares, analizando posibles cambios.	- Seguir os pasos no proceso de toma de decisións co alumnado con NEAE. - Elaboración da proposta de organización de apoios. - Proceso a seguir no centro con respecto á elaboración das ACS.	DO	Todo o curso
-Participar na recollida e actualización de datos sobre as medidas de atención á diversidade postas en marcha no Centro.	-Colaboración cos titores e co profesorado de apoio na revisión dos expedientes académicos e valorar as medidas de atención á diversidade máis axeitadas.	- DO. - Titores/as.	Todo o curso.
-Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	- Confección de horarios para o alumnado con NEAE. - Participación na elaboración do Plan de acollida. -Colaboración na adquisición de material específico.	- DO. - Titores/as	Todo o curso. 1º Trimestre Todo o curso.
-Coordinar con distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.	- Establecemento de contactos cos distintos profesionais externos ao Centro, que inciden na atención ós alumnos con NEAE (EOE., servicios sociais, centros específicos...) - Coordinación cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos.	- DO. - Titores/as	Todo o curso.
-Asesorar e ofrecer recursos no que se refire á revisión e actualización do Plan de Acción Titorial.	- Coordinación a través dos coordinadores de ciclo e nivel reunións para este fin, aportando material axeitado.	- DO. - Titores/as	Todo o curso



TÁBOA II

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Identificar as dificultades do alumnado con NEAE concretando pautas de intervención en colaboración cos Equipos de Orientación Específicos.	- Realización de avaliacións psicopedagógicas, Informes psicopedagógicos e planificación da intervención individualizada co alumnado con NEAE. -Coordinación de titores e profesores de apoio na atención do alumnado con NEAE. -Deseño, xunto co EOE, de accións de atención ó alumnado con NEAE.	- DO. -DO. -Titores/as -DO.	Todo o curso.
-Valorar as medidas de atención á diversidade de Carácter Ordinario e asesorar na cumprimentación académica.	-Establecemento das medidas de atención á diversidade de Carácter Ordinario.	-DO. -Titores/as	Todo o curso.
-Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade e asesorar na cumprimentación académica.	-Asesoramento aos titores e mestres especialistas na realización e seguemento das ACS e o resto das medidas extraordinarias de atención á diversidade que sexa necesario implementar.	-DO.	Todo o curso.
-Contribuir ó proceso de avaliación formativa de cada grupo.	-Participación nas sesións de avaliación trimestrais.	-DO.	Todo o curso.
-Revisar e/ou actualizar do Plan de Acción Titorial e Plan de Acollida.	- Desenvolvemento de accións que leven á súa revisión e/ou tramitación.	-DO. -Titores/as	Todo o curso.
-Colaborar co profesorado-titor na avaliación inicial do alumnado.	- Participación, por demanda do titor/a, na avaliación inicial, no caso de precisar dunha avaliación máis específica.	- DO.	Inicio do curso.



TÁBOA III			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Potenciar a Orientación para todos.	- Observación de xeito sistemático das diferentes das particularidades de cada alumno/a empregando diferentes técnicas e instrumentos: cuestionarios, rexistros, escalas de observación...	- DO. - Titores/as	Todo o curso. 130
-Coñecer o rendemento académico do alumno/a en comparación coa súa aprendizaxe e coa media do grupo.	- Observación sistemática de cada alumno/a. - Detección de dificultades na aprendizaxe.	- Titores. - DO.	Todo o curso.
-Adoptar medidas de Atención á diversidade ordinarias e extraordinarias.	- Aplicación de RE, apoio de mestres especialistas en Audición e Linguaxe e realización de ACS, entre outras medidas.	- DO. - Titores/as -Mestres especialistas. -Xefatura Estudos.	Todo o curso



TÁBOA IV			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Cooperar nas relacións Titores / Familias.	- Entrevistas. - Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións.	-Titores/as -Familia. -DO.	Todo o curso.
-Orientar as familias na educación dos seus fillos/as.	- Pautas referidas a hábitos de estudio, hixiene, autoestima, convivencia, respecto ás diferenzas, educación en valores...	-DO. -Titores/as	Todo o curso.
-Informar e asesorar as familias do alumnado con NEAE.	- Informar aos pais sobre resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas. - Asesorar ás familias sobre as medidas a tomar con respecto o alumnado con NEAE.	-Titores/as -DO.	Todo o curso.

TÁBOA V			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Establecer canles de comunicación cos distintos axentes sociais que teñen relación co centro.	- Reunións periódicas e establecemento de liñas de traballo conxunto cos distintos axentes sociais implicados na vida do centro a fin de establecer unha boa coordinación que redunde en beneficio do alumnado.	- DO. - Titores/as	Todo o curso

4. 3. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)

Partindo de que cada alumna e alumno son distintos e singulares, cómpre diferenciar, polo menos, dous tipos de atención:

► ATENCIÓN EN XERAL ATENDENDO Á SINGULARIDADE

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada nena/o, levando a cabo unha



flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnas/os que requiran exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as aos que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, no empeño de cada quen vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme as súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, é necesario que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado que imparte docencia ao seu grupo-clase; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento ao Departamento de Orientación, etc.

► **ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE).**

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias. Na resposta educativa á diversidade priorízanse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores ou por resultaren estas insuficientes.

- MEDIDAS ORDINARIAS-

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:



Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Desdobramentos de grupos.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Programas de enriquecemento curricular.

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Programas de recuperación.

Programas específicos personalizados.

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Programas de habilidades e competencias sociais.

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS ORDINARIAS

A aplicación das medidas ordinarias non necesitará de autorización para levalas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

Estarán dirixidas a aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden segui-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Serán planificadas e impartidas polo mestre/a que imparte a área ou materia na que o alumnado as necesita no contexto escolar ordinario, coa colaboración, se é necesaria, do profesorado con dispoñibilidade horaria, e co coñecemento do titor ou titora quen llo comunicará ao equipo directivo e á familia do alumno/a.

Si é precisa a colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria no centro, a principios de curso celebrarase unha reunión entre a xefatura de estudos e a xefatura do departamento de orientación na cal se fará unha valoración inicial da situación e se determinaran as horas de apoio que pode recibir cada curso. Así, concretaranse a relación de mestres/as con dispoñibilidade horaria e o número de horas das que dispoñen, o número de alumnos/as e o tipo de necesidades que manifestan así como o curso ao que pertencen. A xefatura de estudos de acordo coa xefatura do departamento de Orientación distribuirá ao profesorado de apoio nas clases que o precisen unha vez que o departamento de orientación xa teña marcados os apoios dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Quedarán reflexadas no expediente do alumnado.



- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS-

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Como medidas extraordinarias de atención á diversidade están:

Adaptacións Curriculares.

Agrupamentos flexibles.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Flexibilización da duración do período de escolarización.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Grupos de adquisición das linguas.

Grupos de adaptación da competencia curricular.

Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

Atención educativa ao alumando pertencente a familias itinerantes.

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Para a aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade propostas teranse en conta os criterios que a continuación se expoñen:

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, previo informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación (informe de avaliación psicopedagóxica do orientador/a do centro educativo, informe do Equipo de Orientación Específico ou ditame de escolarización) que debe recoller a conveniencia de levar a cabo ditas medidas. Se non existe ningún dos citados



documentos (alumnado que se escolariza por primeira vez ou alumnado que ata ese momento recibiu medidas ordinarias que resultaron insuficientes) e se presupón a necesidade de recurrir á medidas extraordinarias de atención á diversidade, deberá solicitarse a realización dunha avaliación psicopedagóxica á Xefatura do Departamento de Orientación. Esta solicitude poderá proceder dos titores/as do grupo clase, dos pais ou titores legais do alumnado ou do equipo directivo do centro. Para solicitar a avaliación hai que cubrir de maneira íntegra e o máis detalladamente posible o documento acreditado para tal fin que figura nos anexos deste plan xeral de atención á diversidade.

Quedarán reflexadas no expediente do alumnado.

Priorizarase a atención ao alumnado con NEE, é dicir, o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento, sen prexuízo de que se atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. RECURSOS

5.1. Recursos humanos:

5.1.1. Internos

Profesorado Titor

Mestres especialistas de Lingua estranxeira, Educación Física e Relixión Católica.

Os membros do Departamento de Orientación.

Auxiliar Técnico Educativa (CEIP Ortigueira).

Persoal de limpeza e comedor (CEIP Ortigueira).

5.1.2. Externos

- EOE
- Servizos Sociais do concello.
- Servizo de Atención Temperá do CHUS.
- Gabinetes Psicopedagóxicos e entidades coas que a Consellería de Educación ten convenios de colaboración.
- SERGAS.
- CFR.

5.2. Recursos materiais:

- Aulas de PT e AL.
- Probas Psicopedagóxicas.
 - Expediente do alumno/a.



- Material escolar e de reforzo.
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Lexislación educativa.
- Folletos informativos.
- Ordenadores.
- Aplicacións informáticas.

5.3. Recursos organizativos:

Para atender á diversidade do alumnado deberanse tomar medidas a nivel de centro e aula. A nivel de centro e tal e como indica Marchesi (1990) haberá que contar cun Proxecto Educativo (PE) que recolla a especificidade de ditos alumnos/as no Planxeral de Atención á diversidade e defenda o principio de inclusión. Tal e como sinala Silvestre (1998), para que un centro estea preparado para atender alumnado con NEAE, é necesario: Contar cun PE que inclúa nos seus obxectivos a integración de alumnos/as; Adoptar medidas de atención á diversidade e incluílas no PE, PXA e PA; Actitudes positivas cara a integración; Organización e distribución das funcións dos distintos profesionais; Coordinación e flexibilización dos horarios; Organización dos recursos materiais; Organización dos espazos; Estratexias educativas a seguir cos alumnos con NEAE.; Coordinación e planificación dos servizos de perfeccionamento e especialización; e, Coordinación e planificación das relacións coa comunidade educativa.

6. HORARIO SEMANAL DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No presente curso escolar 2022-2023 acudirei dous días (luns e mércores) ao CEIP Ortigueira, centro compartido, e os tres días restantes (martes, xoves e venres) acudirei ao centro base, CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas".

CEIP de Ortigueira					
CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas"					
Mañá	LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
1ª sesión					
2ª sesión					
3ª sesión					
4ª sesión					
5ª sesión	Itinerancia			itinerancia	itinerancia
Tarde					



De acordo coa normativa vixente, o Departamento de Orientación coordinarase semanalmente coas especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (os martes co CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" e os mércores co CEIP de Ortigueira) e reunirse mensualmente, os martes en horario de 17.00-18.00h.

A xornada escolar do CRA de Boqueixón-Vedra é continuada, con horario de 9:00 a 14.00 horas. Este centro está adscrito ao CPI de Vedra e ó CPI Antón Orza Couto a efectos de acceso á E. Primaria e ESO.

A xornada do CEIP Ortigueira é de 9.30 a 14.30h. Este centro está adscrito ao CPI de Vedra a efectos de acceso á ESO.

137

7. AVALIACIÓN

A avaliación enténdese coma un proceso global e continuo que se vai de levar a cabo ao longo de todas as etapas do plan, é dicir, ao inicio do proceso para establecer un punto de partida, durante o mesmo para que se poidan facer as modificacións oportunas e ao final, cando remate o curso, farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos e a eficacia e coherencia do plan. Dos datos que se obteñan extraeranse as conclusións que se recollerán na memoria final, e esta servirá de punto de partida para a elaboración do plan do vindeiro curso.

Os puntos básicos que se avaliarán son:

O grado de consecución de cada un dos obxectivos previstos.

En que medida se desenvolven as accións deseñadas.

Implicación e participación da comunidade educativa no plan.

Suficiencia e aproveitamento de recursos.

A efectividade e coherencia do propio plan.

A propia práctica docente. Posto que a avaliación, enténdese como un proceso de investigación-acción (Stenhouse, 1987 e Schön, 1992), para a mellora da propia práctica docente, realizada por un profesional docente que investiga sobre a súa propia práctica.

Para a realización da avaliación dos aspectos mencionados, empregárase a observación directa sobre o funcionamento diario do centro ,como principal técnica, e instrumentos como: escalas de observación, cuestionarios e o intercambio de impresións e información cos membros do Departamento de Orientación, os titores/as, profesorado especialista, familias e servizos externos ao centro e, en definitiva, coa totalidade da comunidade educativa.

8. PLANS DE APOIO DAS ESPECIALISTAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Este curso académico 2022-2023 contamos cunha mestra de Pedagogía Terapéutica no centro compartida co CEIP Ortigueira.

Mestra de PT: Lorena Sanín Sánchez



INTRODUCCIÓN

A Programación de apoio de PT para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) é un documento que elaboramos para cada curso académico partindo das necesidades do alumnado, do centro e do contexto. O seu obxecto é proporcionar un ensino personalizado e dar resposta e atención ás características e dificultades de cada un dos nosos alumnos, que son diversos e diferentes.

Este documento inclúe unha serie de medidas de tipo curricular e organizativo, encamiñadas a dar resposta ás necesidades educativas de toda a comunidade educativa en xeral, e dos alumnos/as que o precisen de xeito máis específico. Será o suficientemente flexible como para poñer atención nas necesidades educativas que poidan xurdir ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE), coma "as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar".

Neste mesmo documento, tamén se define ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) coma aquel alumno/a "que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento".

Finalmente, esta mesma normativa tamén indica que a atención integral a este alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que a devandita necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

CONTEXTUALIZACIÓN

No noso centro educativo as necesidades do alumnado, centro e contexto atopadas son:



Necesidades do alumnado:

Promover o coidado e hixiene persoal.

Incrementar posibilidades comunicativas e habilidades sociais.

Mellorar a adquisición de aprendizaxes, habilidades e competencias.

Adquirir hábitos de autonomía persoal e adaptación social.

Concienciar o alumnado no respecto e conservación de medio que o rodea.

Inculcar a necesidade de compartir estas actitudes e valores coa súa comunidade.

Fomentar a convivencia baseada na tolerancia e respecto.

Educar na solidariedade, a colaboración e a comprensión ante a diferenza.

Necesidades do centro:

Evitar a discriminación en función das capacidades, razas, sexo ou relixión.

Conseguir o respecto mutuo da comunidade educativa.

Conseguir que o centro sexa un lugar de intercambio de experiencias e innovacións educativas.

Crear un clima de convivencia que propicie o traballo en equipo.

Necesidades do contexto:

Fomentar a convivencia e integración no contexto social.

Estimular a participación de familias, alumnado e institucións co centro.

Favorecer a comunicación entre a comunidade educativa, a administración e o resto das institucións.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento das súas capacidades.

Obxectivos específicos:

Crear un ambiente relaxado e adaptado aos alumnos/as con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), sinalizando con pictogramas diferentes zonas do centro.

Establecer nexos entre a aula ordinaria e a aula de apoio.

Coordinarse cos mestres/as especialistas cando as NEAE así o precisen.

Reforzar e mellorar o desenvolvemento do alumnado dentro do proceso de Ensino-Aprendizaxe (E-A).

Orientar á familia sobre hábitos e liñas para traballar paralelamente co centro.

Intercambiar opinións e información co Departamento de Orientación.

Asesorar ós mestres/as, tanto titores/as como de área, no proceso de elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas (ACS) daqueles alumnos/as que as precisen.

Intervir directamente co alumnado que o precise para acadar os obxectivos propostos.



Debemos adecuar os obxectivos e as competencias clave (xa que permiten maior respecto á diversidade e serven de base para o desenvolvemento dos conceptos, destrezas e actitudes), primando aqueles que sexan máis significativos para o alumnado e adaptándoos ás peculiaridades de cada aula. Así mesmo é importante introducir obxectivos referidos ao nivel dos alumnos e alumnas con NEAE.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave constitúen o eixe vertebrador a acadar durante a educación básica, sendo o referente que guían a nosa práctica educativa. En Educación primaria, seguindo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia estas son:

Competencia en comunicación lingüística: refírese á utilización da linguaxe con pictogramas como instrumento de comunicación, sendo clave para aprender a aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: é a habilidade para utilizar os números e as operacións básicas (xuntar ou separar) para resolver problemas da vida cotiá.

Competencia dixital: consiste en dispoñer habilidades para buscar información, e usar diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

Aprender a aprender: iniciándoos na aprendizaxe autónoma, mediante a experimentación con novas actividades.

Competencias sociais e cívicas: fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir resgos e planificar e xestionar proxectos.

Conciencia e expresións culturais. permite vivir e convivir nesta sociedade plural, comprender a realidade social do mundo en que se vive, ca explicación de normas mediante pictogramas.

Co alumnado de Educación Infantil, teremos en conta as Competencias Clave recollidas no artigo 8 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, moi semellantes ás establecidas para a Educación Primaria:

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia plurilingüe (CP).

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).



Competencia dixital (CD).
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
Competencia cidadá (CC).
Competencia emprendedora (CE).
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Adequaremos os contidos seleccionados nas programacións do ciclo ás peculiaridades das diferentes aulas e de xeito especial ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) que poidan existir ao longo de todo o curso. Ademais, estruturaremos os contidos de modo que sexan abordables polo alumnado da aula que presente as NEAE.

Os contidos a traballar, e que veñen determinados polos obxectivos propostos, son:

Hábitos de hixiene e desinfección.
Expresión de sentimentos e emocións.
Competencias comunicativas.
Adquisición de habilidades de comprensión, razoamento e percepción.
Desenvolvemento da memoria e estratexias de organización e análise da información.
Reorganización da estrutura cognitiva mediante a adquisición de novos patróns de comportamento e pautas de conduta.
Adquisición de maior autonomía persoal.
Adquisición de estratexias de control do ámbito e de autocontrol.
As habilidades sociais.
Contidos das materias instrumentais para os seus cursos de referencia, sempre que sexa posible.

ACTIVIDADES

Elaboraremos actividades que traballen os contidos previamente mencionados e que sexan susceptibles de seren abordadas con diferentes niveis de competencia en función das características e necesidades do alumnado. Seleccionaremos actividades para cada contido, de xeito que as poidan facer os alumnos e alumnas con NEAE e deseñaremos actividades que supoñan o traballo cooperativo do alumnado con diferentes niveis de competencia. Finalmente promoveremos actividades en diferentes contornas físicas.

ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA NO CEIP ORTIGUEIRA.

Tendo en conta as necesidades do centro, neste curso o alumnado que será obxecto prioritario de actuación pola miña parte coma mestra de PT é o seguinte:

3º Curso:



Alumno/a 1: Estudante con dificultades de aprendizaxe, especialmente na adquisición da lectoescritura e os Procesos Psicolóxicos Básicos (PPB, atención, memoria, concentración...).

Os obxectivos de traballo neste curso centraránse no reforzo da lectoescritura, a comprensión e o incremento dos PPB.

4º Curso:

Alumno/a 2: Discente con dificultades de comprensión e aprendizaxe. Tamén amosa unha disfunción nos seus PPB, especialmente na atención e concentración.

Durante este curso, centrarémonos en darlle un apoio que contribúa á mellora da capacidade de comprensión, concentración e atención, o que repercutirá positivamente nas dificultades de aprendizaxe.

5º Curso:

Alumno/a 3: Alumno/a diagnosticado cun trastorno grave da conduta e un trastorno da atención, que derivan tamén en dificultades de aprendizaxe.

Os obxectivos primordiais a traballar con este alumno/a céntranse no autocontrol, nas habilidades sociais, nas autoinstrucións, na relaxación, nos PPB (especialmente a atención e concentración) e nos contidos instrumentais do curso ao que pertence.

6º Curso:

Alumno/a 4: Estudante con dificultades de comprensión, lectoescritura e razoamento. Aмосa dificultades na xestión do espazo e nos signos de puntuación. As súas dificultades resúmense nunha sospeita de dislexia.

Os obxectivos a traballar céntranse no ámbito comunicativo-lingüístico, nas matemáticas, nos Procesos Psicolóxicos Básicos (PPB) e na autoestima.

Alumno/a 5: Estudante con dificultades de concentración, razoamento e nos PPB. Tamén ten dificultades na linguaxe escrita (moitas faltas de ortografía) e na lectura. Semella ter baixa autoestima e cústalle manter o ritmo de traballo. En probas realizadas amosa risco alto de dislexia.

Os obxectivos a traballar céntranse na autoestima e autoconcepto, na atención, na memoria, no razoamento, e no ámbito comunicativo-lingüístico.

Alumno/a 6: Alumno que presenta NEAE por condicións persoais e de historia escolar, que se traduce en dificultades de aprendizaxe, falta de constancia e hábitos de traballo, así coma ausencia de normas e de atención.

Con este alumno, o obxectivo prioritario é traballar pautas de relación social, hábitos de hixiene e autonomía, os PPB (sobre todo a atención), os contidos básicos do curso e adquirir hábitos de traballo e estudo.

Ademais, tamén imparto apoio nas aulas de 5º/6º (matemáticas) e 3º/4º (matemáticas e lingua castelá).

ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA NO CRA DE BOQUEIXON-VEDRA "NEIRA VILAS.



Tendo en conta as necesidades existentes no centro, no presente curso académico 2022-2023 o alumnado que será obxecto prioritario de actuación pola miña parte coma mestra de PT é o seguinte:

Escola de Sarandón

2º de Educación Primaria:

Alumno de 7 anos diagnosticado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).

Ausencia de comunicación funcional, aínda que si que é quen de emitir algunhas palabras (principalmente nomes de animais ou frases da "Patrulla Canina"). Non mantén o contacto visual e ten dificultades nos procesos psicolóxicos básicos (especialmente na atención e concentración) así coma na autoregulación. Ausencia de xogo simbólico e social.

Ademais ten boa memoria visual e comprende ordes sinxelas. Tamén se observou certa capacidade de clasificación de obxectos. Os seus centros de interese son pintar, a patrulla canina, mirar libros e a música.

Os obxectivos con este alumno céntranse na adquisición da comunicación (oral ou a través dun SAAC), a mellora da atención, o aumento do contacto visual, a autoregulación das emocións, a relaxación e o autocontrol.

Escola de Lestedo

6º de Educación Infantil

Alumno diagnosticado con atraso do desenvolvemento global leve.

Alumno que flexibiliza. Presenta dificultades na comunicación, na motricidade fina e nos procesos psicolóxicos básicos, en especial na atención e a memoria. Ausencia de conceptos básicos previamente traballados. Tamén tivo durante o curso pasado un retroceso no control de esfínteres. É un neno moi sociable e os seus centros de interese son os vehículos.

Con este alumno, os obxectivos prioritarios son a potenciación dos PPB, a mellora da linguaxe e comunicación, incremento da capacidade de atención e comprensión, control de esfínteres e aumento da autonomía e da intención comunicativa.

Escola de San Xián

2º de Educación Primaria:

Alumno diagnosticado de Trastorno Específico da Linguaxe (TEL).

As súas dificultades céntranse polo tanto nos aspectos comunicativos e na lectoescritura. Ademais, tamén ten dificultades nos PPB (principalmente na atención). Semella ter unha boa memoria visual.

Os obxectivos a traballar céntranse na comunicación, a lectoescritura, os PPB, a concentración e a expresión oral.

Escola de San Fins

5º de Educación Infantil



Alumno cun atraso madurativo e trastorno do desenvolvemento da linguaxe. Tamén semella ter dificultades na motricidade fina e nos PPB (especialmente na atención e concentración, sendo un neno ademais moi movido).

Este alumno aparentemente ten boa comprensión, pero non é quen de comunicar eficazmente (tanto a nivel de contidos coma de pronunciación) aínda que no curso pasado mellorou algo.

Os obxectivos a traballar con este alumno céntranse na comunicación e expresión oral, a motricidade fina e os PPB.

Escola de Sergude

5º de Educación Infantil

Alumno con atraso madurativo e dificultades no desenvolvemento da linguaxe e a comunicación. Tamén presenta dificultades físicas (emprega corset por problemas de espalda).

Este alumno non controla esfínteres e só se comunica con holofrases. A súa pronunciación tampouco é axeitada (p.e. "teta" para "chaqueta"). Ademais no traballo diario amosa pouca comprensión e non é quen de finalizar as tarefas que comeza, tendo que indicarlle os pasos a seguir. A nivel contidos é dispar, xa que en ocasións sorprende con certos coñecementos (pero exprésaos sen falar).

Os obxectivos primordiais a traballar con este alumno son a comunicación e expresión oral, os PPB, a autonomía, o control de esfínteres e as autoinstrucións e autocontrol para regular as propias accións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais de ter en conta o que se menciona nas programacións das aulas dos nenos e nenas aos que apoiamos, a avaliación realízase ao longo do proceso educativo e ten como finalidade verificar que a ensinanza se adapta convenientemente ás características e necesidades dos alumnos/as, servindo para introducir as adaptacións e medidas de mellora oportunas.

Para a avaliación utilizarase un modelo integrador que teña en conta non só as características dos alumnos, senón tamén as do contexto onde se leva a cabo o proceso educativo. Distinguiranse varios niveis de análise:

Avaliación dos alumnos: Poden servirnos indicadores deste tipo:

Expresa os seus sentimentos e emocións.

Presenta os traballos limpos.

Amosa menos condutas disrutivas.

Relaciónase cos seus compañeiros.

Ten autonomía no colexio.

Acepta as normas de comportamento.

Aumenta a duración dos períodos de atención.

Mira á cara da persoa que lle fala.

Mellora a comunicación cos mestres e demais persoal do centro.



Participa en xogos cooperativos.
Participa en actividades en grupo.
Relaciónase con outros rapaces no recreo.
Avaliación do entorno: Na avaliación do contexto "Aula" terase en conta:
Relacións que se favorecen na aula.
A forma de elaborar a programación e de levala á práctica.
A organización de espazos e tempos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación deste alumnado será:

- Inicial para todos os alumnos/as para saber o punto de partida do traballo que se vai levar a cabo con eles.
- Continua e baseada na observación sistemática.
- Contrastada e comparada co seguimento do alumno/a na aula ordinaria realizada polo seu mestre/a titor/a.

Dentro da aula de PT os contidos traballados avaliaranse tendo en conta a observación sistemática así coma as producións do alumnado.

En canto aos estándares de aprendizaxe avaliábeles, estándares mínimos para a promoción e os criterios de promoción, teremos en conta os reflectidos na programación de aula dos nenos e nenas aos que apoiamos.

METODOLOXÍA

En canto á metodoloxía, temos en conta tres niveles de intervención:

- Apoio ao Centro, concretado en:

Colaboración co resto de profesionais que actúan en relación ao alumnado adscrito á atención da aula de apoio: Orientador, mestres de Audición e Linguaxe, Asistente social,...

Elaboración dos horarios dos alumnos e alumnas con NEAE en colaboración cos titores e titoras.

- Apoio aos titores e ás titoras:

Colaboración co fin de orientar as respostas pedagóxicas ás diferentes NEAE. Asesoramento na elaboración das adaptacións curriculares e reforzo educativo.

Apoio metodolóxico e bibliográfico.

- Apoio aos alumnos e ás alumnas:

Intervención directa proporcionando as intervencións específicas nas condicións que se establezan oportunamente nos informes psicopedagóxicos, nos documentos de adaptación e reforzo e nos proxectos educativos.

Avaliación da evolución do alumno ou alumna en colaboración con titor ou titora.

Información ás familias.

Os métodos pedagóxicos ou estratexias metodolóxicas estarán baseadas nos seguintes aspectos:



Centros de interese.

Aportar estratexias psicolóxicas e instrumentais para que o alumno/a vaia incorporando e interiorizando.

Actuar como mediador no proceso E-A .

Aprendizaxe significativa.

Apoios e axudas por parte da mestra cando a dificultade así o requira; sendo reducidos e eliminados segundo os progresos acadados.

Adaptarse aos tempos, ás veces moi lentos, que precisen os alumnos/as.

Reforzar os logros acadados e/ou os pasos intermedios acadados.

Participación activa do alumno/a na realización das actividades.

Funcionalidade das aprendizaxes.

Vivencias multisensoriais; sempre que sexa posible implicar os distintos sentidos e facer uso de diversos canles para achegar a información.

Adestramento autoinstruccional.

Intentar conectar o proceso E-A coa realidade máis próxima ao alumno/a.

Seleccionaremos métodos pedagóxicos ou estratexias didácticas que beneficien aos alumnos e ás alumnas que presentan NEAE e resulten beneficiosas para o conxunto da clase. Deste modo, priorizaremos estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión por parte dos alumnos e alumnas; potenciaremos a cooperación entre o alumnado con NEAE e aqueles e aquelas que non teñan necesidades; presentaremos os contidos mediante diversas linguaxes, de xeito que permitan chegar con facilidade aos alumnos ou ás alumnas que presenten NEAE; empregaremos estratexias con forte motivación intrínseca e abundantes reforzos e daremos máis prioridade ás estratexias docentes que centran a atención da actividade escolar no grupo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

MATERIAIS:

Libros de texto dos alumnos, encerado, internet, ordenador, ábacos, fichas, láminas, lotos de imaxes, material multisensorial, material didáctico (libros, contos, material de lectoescritura, material de cálculo,...), material gráfico (carteis, láminas, tarxetas), pictogramas, fotos, impresora, axendas, carteis etc.

A elección e organización dos recursos didácticos e materiais deberá facerse cos seguintes criterios:

Manexables.

Doado recoñecemento.

Que sexan utilizados con constancia e coherencia adaptados á idade cronolóxica.

Que dean información sobre a actividade que se lles pide.



Que teñan unha disposición na aula debidamente sinalizada.
Non utilizar moitos ó mesmo tempo, etc.

HUMANOS:

Como recursos humanos internos ao centro contamos co titor/a, profesores especialistas, eu como PT (compartida co CRA Boqueixón- Vedra "Neira Vilas") e unha AL con afín PT. Neste curso contamos con orientadora propia, cuxo centro base é o CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas". En canto ós recursos externos temos as asociacións, especialistas en logopedia, os centros aos que van os nosos nenos en escolarización combinada e o EOE da provincia.

ORGANIZATIVOS:

En canto á organización espazo - temporal, os apoios realizaranse sempre que sexa posible dentro da aula ordinaria, en coordinación co titor/titora, e nas Aulas de Apoio en casos puntuais e debidamente xustificados.

TEMPORALIZACIÓN

Acudirei a este centro os luns, mércores e xoves, e ao CRA os martes e venres, para a desenvolver a miña función coma PT. No CEIP Ortigueira e no CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" o meu horario distribúese da seguinte maneira:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Alumno/a 4	CRA	Apoio aula 5º/6º	Apoio aula 3º/4º	CRA
Alumno/a 6		Alumno/a 3	Alumno/a 1	
Alumno/a 2		Alumno/a 5	Alumno/a 5	
Alumno/a 1		Apoio aula 3º/4º	Itinerancia	
Alumno/a 3		Alumno/a 4	Itinerancia	

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CEIP ORTIGUEIRA	E. Sarandón	CEIP ORTIGUEIRA	CEIP ORTIGUEIRA	E. Sarandón
	E. Lestedo			E. Lestedo
	E. Sergude			E. S. Fins
	E. S. Xián		Itinerancia	E. S. Xián
	E. S. Xián		Itinerancia	Itinerancia



PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Ao comezo de cada proceso de ensino-aprendizaxe realizaremos avaliacións iniciais tratando de indagar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Isto permitiranos coñecer ao final de curso os logros e fracasos do noso alumnado.

En todo momento seleccionaremos instrumentos de avaliación variados que resulten axeitados ao contexto e ás NEAE que no centro se presentan. Así mesmo introduciremos a autoavaliación entre compañeiros e compañeiras e deseñaremos actividades nas que a propia realización por parte dos alumnos e alumnas implique a avaliación dos aprendizaxes feitos.

En definitiva, a avaliación responderá a dous aspectos: os resultados que cada alumno/a vaia adquirindo (o que permite tomar medidas de carácter inmediato) e a avaliación de conxunto da programación (ao rematar se valora se a evolución foi a desexada, para intentar obter conclusións sobre como mellorar a planificación e desenvolvemento en anos sucesivos).

148

9. PLAN DE APOIO DAS ESPECIALISTAS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE

Este curso académico 2022-2023 contamos con 2 mestras de Audición e Linguaxe no Departamento de Orientación:

Mestra de AL 1: Vanesa Cabado Ferreiro (CRA de Boqueixón-Vedra)

OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental deste plan é o de axudar a todo alumnado, especialmente ao alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), a acadar o máximo desenvolvemento posible, potenciar todas as súas capacidades e tratar de compensar parcial ou totalmente as circunstancias que xeren desigualdade, baixo un clima de respecto, igualdade, equidade e integración, do que se responsabiliza ao total da Comunidade Educativa.

En colaboración mutua e coordinación directa entre todos e todas, desenvolveremos actuacións específicas encadradas dentro dos programas de intervención, na aula ordinaria ou fóra da mesma, dependendo das características do caso e por un período que non exceda a terceira parte da xornada escolar. Dende o noso rol, afondaremos en tratar de axudar a acadar o desenvolvemento da competencia comunicativo-lingüística (aspectos fonolóxicos, semánticos, gramaticais, morfosintácticos e pragmáticos), tanto a nivel oral como escrito, e traballaremos sobre as áreas cognitiva, motriz e afectivo-social.

Entre os obxectivos do presente Plan de Apoio destácanse:

En referencia ao alumnado:



Potenciar a competencia comunicativo-lingüística.
Favorecer o desenvolvemento adecuado da linguaxe como medio de interacción social.
Previr, detectar e identificar precozmente posibles alteracións da linguaxe.
Elaborar programas específicos de actuación de AL, tendo en conta as características individuais, co fin de propiciar unha resposta educativa axeitada que contribúa ao desenvolvemento das súas capacidades.
Enriquecer as compoñentes da linguaxe (fonético-fonolóxica, morfosintáctica, léxico-semántica e pragmática).
Iniciar, reforzar e/ou afianzar o proceso de lectoescritura.
Estimular as bases anatómico-funcionais da articulación (discriminación auditiva, habilidade motora dos órganos bucofonatorios, respiración e sopro).
Traballar os procesos cognitivos básicos (memoria, atención, razoamento, percepción...).

Potenciar a autoestima e autoconcepto.

149

En relación ao centro:

Establecer canles de colaboración directa e continua coa titoría, resto do profesorado e equipo directivo, e coordinación puntual e estreita co DO.
Participar na implementación do Proxecto Educativo, dende a realidade desta especialidade, asesorando e concretando as cuestións relacionadas coa linguaxe.

Participar na elaboración e revisión periódica das ACIs das áreas lingüísticas.

Referidos ao contexto:

Manter unha coordinación constante coas familias, fomentar a súa participación activa na vida escolar e mantelos regularmente informados e asesorados sobre a evolución do alumnado.

Manter unha boa coordinación e colaboración con axentes externos ao centro (asociacións, servizos sociais, gabinetes...).

Estar á disposición das necesidades ou cuestión que as familias manifesten na atención dos nenos e nenas.

COMPETENCIAS

Os obxectivos formulados contribúen a formar as competencias, a nosa fin última. Segundo o Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que se establece o currículo de E.P. na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias clave a acadar nesta etapa, son: 1º Comunicación Lingüística (CCL), 2º Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT), 3º Competencia dixital (CD), 4º Aprender a aprender (CAA), 5º Competencias sociais e cívicas (CSC), 6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e 7º Conciencia e expresións culturais (CCEC).



Este plan incide de xeito especial na procura da adquisición da primeira (CCL), cuarta (CAA) e quinta (CSC), máis perséguese o tratamento de todas elas de forma integrada, en maior ou menor grado.

ACTUACIÓN DA MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Xustificando lexislativamente o traballo dentro da aula, segundo a ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, como mestra de Audición e linguaxe teremos como principais funcións as seguintes:

Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DE APOIO

Inicialmente atenderanse a 10 alumnas e alumnos de Educación Infantil e Educación Primaria.



NIVEL	ALUMNADO	NEAE	Nº sesións
5º EI	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación. Retraso Madurativo.	2
	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación. Retraso madurativo.	2
	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación	3
6º EI	1	Discapacidade intelectual leve (DSM-V) Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación Trastorno de atención (TDAH) e de aprendizaxe. Está flexibilizando no presente curso.	3
6º EI	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe	(2) 1/2
6º EI	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe	(2) 1/2
1º EP	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe	(2) 1/2
2º EP	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe	(2) 1/2
	1	Trastorno grave de conducta, de comunicación e da linguaxe (TEA)	4
	1	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe e da comunicación (TEL) Trastorno da aprendizaxe.	3

Ademais deste alumnado, temos que ter en conta que ao longo do curso irán aparecendo máis casos de NEAE, o que provocará cambios no horario actual. É importante ter en conta a flexibilidade dende diferentes perspectivas ao deseñar as actividades a realizar en AL, é dicir, que a atención ao alumnado dependerá de múltiples factores que se terán en conta como poden ser : as necesidades específicas de cada discente, a súa idade, curso, materia, modalidade de apoio, dispoñibilidade horaria...

En canto ao mencionado con anterioridade no tratamento da linguaxe oral, a intervención será tanto indirecta (relaxación, respiración,...) como directa (colocación precisa da posición correcta dos órganos de articulación). O traballo de lectoescritura comprenderá as 3 dimensións da linguaxe (forma, contido e uso) tanto na expresión coma na comprensión.

En calquera caso, e de forma xeral, se pretenderá que a actividade sexa o máis lúdica e interactiva posible, que parta dos intereses e dos coñecementos previos dos nenos e nenas. Deben ser suxestivas para provocar no suxeito o interese pola comunicación. Ademais, débese establecer un clima de confianza e seguridade co discente tendo en conta as



deficiencias ou dificultades que puidese presentar, o cal condicionaría a nosa proposta de actividades.

RECURSOS

Materiais

- Material de atención e memoria: quebracacholas, imáns de diferentes debuxos, memorys, buscar diferenzas...
- Material de respiración e sopro: globos, mata-sogras, plumas e pompóns, pelotas de ping-pong, pompeiros, muiños...
- Material de mobilidade de órganos buco-fonatorios: espello, depresores linguais, láminas ilustrativas, debuxos con praxias, palliñas...
- Material para a articulación: Rexistro Fonolóxico Inducido de Marc Monfort, Fonodil, lotos fonéticos...
- Materiais para a comunicación: letras móbiles, lotos, secuencias, bloques lóxicos...
- Material para a comprensión oral e escrita: pictogramas, fichas de contido, murais temáticos... entre outros.

Humanos:

- Internos: titorías, xefatura do Departamento de Orientación, especialistas en PT, especialistas en AL, equipo directivo e, en xeral, todo o claustro do profesorado. Asemade, tamén é importante sinalar compañeiros de aula.
- Externos ao centro: familias, EOE, Inspección Educativa, Equipo de Atención Temperá, CFR, SERGAS, Asociacións...

Organizativos: documentos de centro. Actividades de ensino e aprendizaxe.

AGRUPAMENTOS

Realizaranse diferentes tipos de agrupamentos en función das características, intereses e necesidades do alumnado, como: actividades coordinadas coas titorías na aula ordinaria, de forma individualizada ou en pequeno grupo na aula de AL coa finalidade de que dita intervención sexa o máis eficiente posible.

Como criterios principais de agrupamento serán considerados o nivel evolutivo e a similitude das alteracións.

HORARIO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º	AL	AL	AL	AL	AL
2º	AL	AL	AL	AL	AL
3º	AL	AL	AL	AL	AL
		Itinerancia			
4º	AL	AL	AL	AL	AL
5º	Itinerancia	AL	Itinerancia	Itinerancia	Itinerancia



TEMPORALIZACIÓN

A temporalización será adaptada ás necesidades e posibilidades de cada caso concreto, así como tamén aos horarios dos especialistas do Departamento de Orientación e dos mestres titores/as, procurándose facer coincidir as sesións de apoio de AL con sesións de lingua galega ou castelá na aula.

Fundamentalmente, as intervencións consistirán en sesións completas de 50 minutos ou medias sesións de 25 minutos, terán unha distribución semanal equilibrada e non excederá da terceira parte dos períodos lectivos semanais e en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.

153

AVALIACIÓN

De modo xeral, levarase a cabo unha avaliación inicial coa finalidade de determinar o nivel de desenvolvemento curricular e as necesidades educativas que servirán de base na elaboración dunha programación de atención axeitada a cada caso; unha avaliación continua ao longo de todo o proceso de ensino e aprendizaxe para axustar a metodoloxía e os contidos educativos, así como as decisións de apoio adoptadas por todos as/os especialistas; e unha avaliación final para determinar o grao de adquisición dos obxectivos propostos.

Mestra de AL 2 (Afin PT): Adela Redondo Rendo (CEIP ORTIGUEIRA)

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está deseñada para ser levada a cabo pola mestra de Audición e Linguaxe (en adiante AL), no CEIP de Ortigueira durante o curso 2022/2023, os cales previa avaliación por parte do Departamento de Orientación, precisan apoio por presentar necesidades específicas de apoio educativo. Cabe destacar que este curso escolar este centro contará cunha mestra de AL a tempo completo, que desenvolverá unha función afin a Pedagogía Terapéutica (en adiante PT). Ademais contará cunha mestra de PT 2 días á semana.

O marco legal no que se sustenta este Plan de intervención é o seguinte:

Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade.

Orde do 8 de setembro do 2021, polo que se desenvolve o citado decreto de atención á diversidade.

Orde 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación da EP.

Decreto 105/ 2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo na etapa de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de EI.

Orde 25 xuño de 2009, pola que se regula a avaliación en EI.



Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS:

Clasificarei os obxectivos en xerais e específicos:

XERAIS:

Axustar a resposta educativa atendendo ás necesidades do alumnado.

Colaborar na planificación e organización educativa do centro.

Dotar á aula de AL do material necesario para atender ao alumnado.

Orientar ao profesorado que imparta docencia ao alumnado con NEAE, así como a eles mesmos e ás familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

Contribuír á eliminación de barreiras estruturais, cognitivas, comunicativas, sociais e curriculares.

Entre os obxectivos do presente Plan de Apoio destácanse:

En referencia ó alumnado:

Potenciar a competencia comunicativo-lingüística e favorecer o desenvolvemento adecuado da linguaxe.

Previr, detectar e identificar precozmente posibles alteracións da linguaxe.

Elaborar programas específicos de actuación de AL, tendo en conta as características individuais, co fin de ofrecer unha resposta educativa axeitada que contribúa ó desenvolvemento das súas capacidades.

Enriquecer os compoñentes da linguaxe (fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático).

Iniciar, reforzar e/ou afianzar o proceso de lectoescritura.

Estimular as bases anatómico-funcionais da articulación (discriminación aduditiva, habilidade motora dos órganos bucofonatorios, respiración e sopro).

Traballar os procesos cognitivos básicos (memoria, atención, razoamento, percepción...).

Potenciar a autoestima e autoconcepto.

En relación ao centro:

Establecer canles de colaboración directa e continua co titor/a, resto do profesorado e equipo directivo, e coordinación puntual e estreita co DO.

Participar na elaboración e revisión periódica das ACIs da área de lingua.

Colaborar cos mestres no seguimento do proceso de E-A.

Apoiar a actuación dos mesmos proporcionándolle información sobre recursos, medidas e estratexias de actuación.

Referidos ó contexto:



Manter unha coordinación constante coas familias, fomentar a súa participación activa na vida escolar e mantelos regularmente informados.

Manter unha boa coordinación e colaboración con axentes externos ao centro (asociacións, servizos sociais, gabinetes...).

COMPETENCIAS CLAVE.

Segundo o D.105/ 2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de E.P. na CAG, as competencias clave a acadar nesta etapa, son: 1º Comunicación Lingüística (CCL), 2º Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT), 3º Competencia dixital (CD), 4º Aprender a aprender (CAA), 5º Competencias sociais e cívicas (CSC), 6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), e 7º Conciencia e expresións culturais (CCEC). Este plan incide de xeito especial na procura da adquisición de: Nº1(CCL), 4º (CAA) e 5º(CSC), perseguindo o tratamento de todas elas de forma integrada, en maior ou menor grado.

ACTUACIÓNS MESTRE AL

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o D.229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, como mestras de AL teremos como principais funcións as seguintes:

Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

Prestar atención docente directa ao alumnado NEE e NEAE.

Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

ALUMNADO CON NEAE.

Segundo a Orde do 8 de setembro do 2021 de atención á diversidade, o alumnado NEAE será aqueles alumnos e os alumnos que requiren unha



atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Segundo esta definición e tras estudar os informes finais do curso 20-21, realizouse unha avaliación do alumnado susceptible de precisar apoio por parte da mestra de AL e/ou PT, a partir da cal se recollen 18 casos NEAE, dos cales eu atenderei a 5 de EI e 5 de EP.

Alumno/a	Curso	NEAE	Recursos empregados
1	5º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
2	6º EI	Atraso global grave do desenvolvemento e da linguaxe. *Grao de discapacidade: 53%	AL/PT/PAC
3	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
4	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
5	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
6	1º EP	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
7	1º EP	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	AL
8	2º EP	Trastorno da aprendizaxe *Repite 2º de EP	PT/AL
9	4º EP	Trastorno da atención (TDAH) e da aprendizaxe	PT/AL
10	5º EP	Incorporación tardía ao sistema educativo	PT/AL



ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E APOIOS:

As intervencións poden organizarse de forma individual ou en pequeno grupo e están vinculadas sempre ao currículo de referencia do curso no que se atopan escolarizados. Poderán levarse a cabo tanto dentro como fóra da aula de referencia segundo as características do alumnado e/ou o traballo a realizar.

Os apoios están dirixidos a reforzar principalmente as aprendizaxes instrumentais, sen prexuízo de que o uso de materiais de áreas diversas redunden no éxito do alumnado.

Procurar que os tempos de apoio nunha determinada materia se correspondan co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.

Será fundamental a coordinación titor- mestre de apoio-orientadora.

O horario e número de apoios será determinado polo departamento de orientación, sendo flexible en función das necesidades do alumnado, da súa evolución e da dispoñibilidade de horario por parte das especialistas.

As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra da aula) é adoptada polo XDO, en colaboración cos titores e coas mestras de apoio.

METODOLOXÍA

Amparándome na LOMLOE e no D. 105/2014 do 4 de setembro que establece o currículo de E.P e no D. 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da E.I, os cales fomentan o uso de estruturas de traballo cooperativo, todas as aprendizaxes estarán baseadas nunha aprendizaxe significativa fomentando o traballo en grupo baseado na construción colectiva de coñecemento. En relación coas estratexias programadas para a atención do alumnado, en todo momento tentarase adaptar o proceso de E/A ás necesidades, co fin de promover o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Por tanto, á hora de programar os ensinados debemos ter en conta os principios metodolóxicos básicos, ensinar partindo dos coñecementos previos do alumnado, traballar na zona de desenvolvemento próximo e procurar que as aprendizaxes sexan funcionais e significativas. Promoverase o desenvolvemento dos mesmos contidos para todo o alumnado mediante actividades multiniveladas. A intervención segue unha metodoloxía global, activa, lúdica e funcional, para conseguir que alumno acade unha aprendizaxe significativa.

O plan conta con actividades de distintos graos de realización e complexidade (Taxonomía de Bloom), todas están planificadas anteriormente, polo tanto, botarei man de metodoloxías como a aprendizaxe



cooperativa, a gamificación, que a maiores de desenvolver as competencias, potencia as habilidades cognitivas e emocionais; o visual-thinking para afianzar os coñecementos mediante mapas mentais ou o método TEACCH, o cal predomina unha aprendizaxe de maneira visual. Cómpre destacar, a maiores, as técnicas de modificación de conducta, tendo en especial relevancia o reforzo positivo ou a economía de fichas, posto que son coas que traballarei. Partirase en todo caso da metodoloxía DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe), un modelo de ensinanza que ten en conta a diversidade do alumnado, e que ten como obxectivo lograr a inclusión do alumnado, minimizando todo tipo de barreiras.

Levaranse a cabo estratexias metodolóxicas para conseguir marcos de colaboración e cooperación con outros profesionais e cos familiares dos alumnos. En relación cos familiares, é competencia do mestre de AL informar e orientar ao pais/nais sobre cuestións de interese en relación cos aspectos comunicativo- lingüísticos, para o que se dedicará unha hora semanal para a atención dos pais/nais dentro do horario non lectivo. Tamén se realizarán ao longo de todo o curso escolar reunións coa finalidade de ofrecer pautas de actuación e recomendacións, así como información relevante sobre o desenvolvemento dos seus fillos/as. É fundamental establecer unha comunicación fluída cos mestres que lles imparten docencia e cos profesionais externos que os atenden con finalidade de intercambiar información e tomar as decisións máis favorables para cada alumno/a.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS:

Alumno/a	Curso	NEAE	Sesións
1	5º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	1+1/2
2	6º EI	Atraso global grave do desenvolvemento e da linguaxe. *Grao de discapacidade: 53%	5
3	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	3/25'
4	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	3/25'
5	6º EI	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	2/25'
6	1º EP	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	2/25'



7	1º EP	Trastorno de desenvolvemento da linguaxe.	3/25'
8	2º EP	Trastorno da aprendizaxe *Repite 2º de EP	4
9	4º EP	Trastorno da atención (TDAH) e da aprendizaxe	4
10	5º EP	Incorporación tardía ao sistema educativo Trastorno da aprendizaxe	4

É importante ter en conta a flexibilidade ó planificar as actividades a realizar en AL , é dicir que a atención ós alumnos/as dependerá de múltiples factores que se terán en conta como poden ser : as necesidades específicas de cada alumno, a súa idade, curso, materia, modalidade de apoio, dispoñibilidade horaria...

En canto ó mencionado con anterioridade no tratamento da linguaxe oral, a intervención será tanto indirecta (relaxación, respiración,...) como directa (colocación precisa da posición correcta dos órganos de articulación); e o traballo de lectoescritura, comprenderá as 3 dimensións da linguaxe (forma, contido e uso) tanto na expresión coma na comprensión.

Os agrupamentos son de especial relevancia, terémolos en conta á hora de elaborar o horario, tentando favorecer a socialización e o traballo cooperativo (Pere Pujolás) agrupando ó alumnado en función das características que presenten. Ó longo do desenvolvemento dos programas de intervención levaranse a cabo diferentes agrupamentos, sendo o de pequeno grupo o máis destacado debido as características da nosa especialidade e as do alumnado que precisa apoio, e tamén se fará un traballo individualizado coa axuda da figura do alumno titor xa que favorecerá a aprendizaxe dos contidos expostos.

No relativo ós recursos:

Materiais: Funxibles (libros, papel/folios, cartulinas, lápices, pegamento, cores, gomets, plastilina, etc).Utilizarase material fotográfico e pictogramas como apoio a linguaxe así como manuais para a intervención como o CICERON. En canto a libros comerciais utilizaremos o "Enseñame a hablar", "lotos fonéticos", entre outros. A parte dos manuais tamén se empregarán materiais manipulativos de elaboración propia (encaixables, xogos de construción, material de psicomotricidade, etc). Outro punto forte da intervención serán as TIC: vídeos, secuencias, Speechwiever. Algunhas das direccións web que se empregarán son as seguintes: <https://arasaac.org/>, <https://www.soyvisual.org/> e <https://www.fundacionorange.es/> e axudas técnicas (ordenador).



Profesionais: Recursos internos XDO, PT, AL, a persoa titora, os diferentes especialistas que apoian no grupo-clase, así como a persoa auxiliar coidadora (PAC). Como recursos externos contamos co equipo específico (EOE) de orientación, Inspección educativa, gabinetes psicolóxico-logopédicos. SERGAS e asociación como a ONCE.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización será adaptada ás necesidades e posibilidades de cada caso concreto, así como tamén aos horarios dos especialistas do Departamento de Orientación e dos mestres titores/as, procurándose facer coincidir as sesións de apoio de AL con sesións de lingua galega ou castelá na aula do alumno/a. Fundamentalmente, as intervencións consistirán en sesións completas de 50 minutos ou medias sesións de 25 minutos, terán unha distribución semanal equilibrada e non excederá da terceira parte dos períodos lectivos semanais e en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.

160

AL	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30-10:25	Alumno 2	Alumno 2	Alumno 1 Alumno 7	Alumno 9	Alumno 5
10:25-11:20	Alumno 9	Alumnos 3/4	Alumno 8	Alumno 10	Alumno 10
11:20-12:10	Alumno 10	Alumno 8	Alumnos 3/4	Alumno 2	Alumno 2
12:10-12:40	RECREO				
12:40-13:35	Alumno 8	Alumno 9	Alumno 2	Alumno 8	Alumnos 3/4
13:35-14:30	Alumnos 6/7	Alumno 10	Alumno 9	Alumno 1	Alumnos 6/7

AVALIACIÓN

A avaliación réxese polo recollido na O. de 9 xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa E.P na CAG e a O. do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de E.P, da ESO e de bacharelato, así como polo recollido na Orde do 25 de xuño de 2009 no relativo á El.

De modo xeral, levarase a cabo unha avaliación inicial coa finalidade de determinar o nivel de desenvolvemento curricular e as necesidades educativas que servira de base na elaboración dunha programación de atención axeitada a cada caso; unha avaliación continua ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe para axustar a metodoloxía e os contidos educativos, así como as decisións de apoio adoptadas por todos os especialistas. Esta avaliación ten unha función reorientadora, é unha valoración continua do plan; e unha avaliación final, realizada cando xa remata o proceso, e ten unha función informadora ou acreditativa, xa que



que forma unha análise e reflexión sobre os datos recollidos para determinar o grao de adquisición dos obxectivos propostos.

Farase unha avaliación do alumnado con diferentes técnicas e instrumentos como escala de observación, rexistro anecdótico, diario de clase, producións orais, xogos de simulación e dramáticos ou probas estandarizadas como o RFI ou o PAF, entre outros. Por outra banda tamén se avaliará a práctica docente mediante unha rúbrica de autoavaliación docente.

ITEMS	4	3	2	1
Recursos materiais utilizados	Os recursos materiais son moi diversos, motivadores, innovadores e están adaptados ás distintas características e necesidades educativas do alumnado.	Os recursos materiais son variados e axustados a cada caso.	Os recursos materiais son escasos e non responden a todas as necesidades educativas do alumnado.	Os recursos materiais son moi limitados e non se axustan ás necesidades..
Actividades a realizar en función dos obxectivos propostos	Son variadas, innovadoras, específicas e axustadas aos obxectivos/contidos/ competencias clave na intervención contexto/centro/alumno. Presentan unha secuenciación clara e coherente.	Son variadas e globais. Non fan referencia ós tres ámbitos de intervención (alumnado, centro e contexto).	As actividades son moi escasas e xerais. Teñen unha secuenciación pouco coherente.	As actividades non se axustan ao programa de intervención.

Os obxectivos propostos	Os obxectivos son xerais e específicos e están relacionados coas competencias clave. Son variados, co fin de atender ás diferentes necesidades que se presenten.	Os obxectivos son xerais e específicos, pero non son moi variados.	Os obxectivos non están relacionados coas competencias clave.	Os obxectivos non están en relación con el programa de intervención.
A metodoloxía empregada	As metodoloxías son variadas e adaptadas ás características do alumnado. Están axustadas á consecución dos obxectivos/contidos e competencias clave. Alternanse distintos tipos de agrupacións. Empréganse diversos canais de acceso á información. Proporcionanse múltiples formas de expresar os coñecementos.	As metodoloxías son variadas, pero non teñen en conta á totalidade do alumnado. Teñen en conta os obxectivos/contidos e competencias, pero non están moi axustadas ás mesmas. Non sempre se utilizan diversas canles de acceso á información nin múltiples formas de expresión de coñecementos.	As metodoloxías non son variadas. Teñen en conta obxectivos/contidos e competencias, pero non están axustadas. A veces utilízanse diferentes formas de acceso á información e de expresión de coñecementos.	Metodoloxías pouco variadas. Non están axustadas a consecución de obxectivos/contidos e competencias. Non se utilizan diferentes formas de acceso á información e de expresión de coñecementos.



Avaliación	Os criterios de avaliación enúncianse dun modo adecuado e relaciónanse totalmente cos obxectivos.	Enúncianse os criterios de modo adecuado.	Enúncianse criterios pouco adecuados.	Non se enuncian, ou confúndense con criterios de cualificación.
Emprego das TIC	O emprego das TIC favoreceu de forma substancial a aprendizaxe.	O emprego das TIC contribuíu ao aprendizaxe.	O emprego das TIC non supuxo unha melloría substancial da aprendizaxe.	O emprego das TIC dificultou a aprendizaxe.
Contidos	Todos os contidos resultan eficaces para lograr las habilidades fixadas.	A maior parte dos contidos resultan eficaces para o logro das habilidades.	Os contidos son insuficientes para lograr as habilidades fixadas.	Os contidos establecidos entorpeceron o desenvolvemento das habilidades fixadas.

10. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial (PAT) destaca, principalmente, as tarefas relativas a orientación e apoio ao alumnado tanto de forma individual como grupal, da figura do titor/a. O PAT do CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" e do CEIP Ortigueira proporciona as actuacións específicas para lograr o bo funcionamento das titorías indicando os obxectivos das mesmas e os axentes (docentes, alumnado, profesorado, nais/pais) implicados en cada unha delas.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS TITORIAS

No decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e primaria, establécense as funcións titoriais (Art. 81º) que se poden resumir en:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental: calendario escolar, horarios, horas de atención ós pais, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.
- Coñecer as características persoais de cada alumno.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomenta-las participación nas actividades do centro.
- Orientar os alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ó equipo de profesores das características do grupo de alumnos.



- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación.
- m) Organizar e presidir as sesións de avaliación.
- n) Coordinar a avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión referente a promoción.
- ñ) Atender ós alumnos nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional.
- p) Colaborar cos demais titores no marco do proxecto educativo do centro.
- q) Orientar as demandas e inquiredanzas e mediar ante o resto de profesores, alumnos e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais.
- r) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- s) Exercer a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós pais e o xefe de estudos.
- v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio, á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- w) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

OBXECTIVOS , ACTUACIÓNS E AXENTES

Tendo en conta o referido anteriormente, co Plan de Acción Titorial preténdense levar a cabo os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS e AXENTES
A NIVEL DE CENTRO	
Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.	Creando a programación de aula e programas educativos para o alumnado con NEAE. (Docentes e DO.)
Fomentar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.	A través de proxectos de centro. Toda a comunidade educativa (docentes, alumnado e familia)
A NIVEL DE ALUMNADO	
Acoller ao novo alumnado de incorporación ao centro seguindo as actuacións acordadas	Visita de novo alumnado en xuño. Docentes e DO.



dende este.	
Seguimento do período de adaptación na etapa de E. Infantil.	<p>Visita dos pais e do alumno/a ós centros antes do comezo das actividades lectivas.</p> <p>Reunión inicial de curso cos pais e nais para informar do funcionamento do centro e do curso.</p> <p>Levar a cabo actividades de presentación na aula para facilitar o coñecemento dos alumnos/as novos.</p> <p>Observación e seguimento do neno/a no período de adaptación.</p> <p>Docentes e DO.</p>
Contribuír á personalización dos procesos de ensino- aprendizaxe (medidas de atención á diversidade).	<p>Coñecendo ao alumnado a través de revisión de expedientes, avaliación inicial,...</p> <p>Docentes e DO.</p>
Detección precoz dos trastornos de linguaxe	<p>Observación e avaliación do alumnado de 5º e 6º de E.I e 1º e 2º de Primaria pola xefatura do departamento de orientación e a mestra especialista en AL para a detección de posibles dificultades de fonético-auditivas.</p>
Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.	<p>Realizando actividades grupais, de cohesión social, habilidades sociais... (Docentes e, de ser necesario, DO)</p>
Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e realizar os apoios e/ou actividades axeitadas.	<p>Docentes: a través das respectivas avaliacións rexistros de aula, probas,...</p> <p>DO participando nas avaliacións.</p>
Coidar o proceso de transición á seguinte etapa educativa para garantir unha continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.	<p>Visitar co alumnado que remata no noso centro os centros aos que están adscritos.</p> <p>Remitir expediente do alumnado aos centros receptores.</p> <p>Compartir información que consideremos de interese para garantir unha continuidade nas intervencións, sobre todo dos alumnos/as con NEAE .</p> <p>(Docentes e DO.)</p>
Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.	<p>Aplicando metodoloxías activas (Docentes)</p>
Desenvolver programas de adquisición de habilidades, estratexias de aprendizaxe,	<p>Débense realizar actividades de aula encamiñadas ao logro deste obxectivo.</p>



encadradas no propio currículo.	(Docentes e colaboración do DO.)
Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.	A través da observación e rexistro dos docentes e a observación, avaliación e informe psicopedagóxico da orientadora.
Fomentar, no alumnado, as actitudes cooperativas no centro e no seu entorno sociocultural.	A través de actividades complementarias e promovendo as actividades extraescolares. (Docentes e comunidade educativa).
A NIVEL DE PROFESORADO	
Coordinarse profesor-titor, profesorado de apoio de alumnos/as con NEAE e a orientadora, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.	Titor/a, DO, mestres con dispoñibilidade horaria e de apoio.
Participar no proceso de avaliación formativa de cada grupo e informar ás familias e ao alumnado.	Participará todo o profesorado que imparta docencia no grupo e a orientadora. A información transmítea o titor/a, a través dos boletíns, reunións, ...
Planificar, desenvolver e avaliar o propio traballo.	Cada docente.
A NIVEL DE FAMILIA	
Establecer contactos coas familias de forma individual ou colectiva coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.	A través de reunións, abalar, notas informativas, ... Docentes e DO.
Informar e asesorar ás familias de todo o alumnado.	Docentes e DO.
Fomentar a participación dos pais nas actividades do centro.	Creando actividades nas que poidan participar as familias. Docentes e DO.
Asesorar ás familias nos conflitos e situacións problemáticas que se poidan presentar.	Realizando reunións e entregándolles pautas de actuación. Docentes e DO.
Solicitar a colaboración das nais e pais nas actividades de reforzo e apoio escolar, que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos e/ou fillas.	O/a titor/a realizará reunións individuais para explicar os obxectivos a acadar e como poden axudar dende o fogar. O DO colaborará co/a titor/a.



METODOLOXÍA

A principal estratexia a seguir polo titor/a é a de actuar como facilitador: respecto ós pais, comunicación co centro, cos alumnos, cos procesos de aprendizaxe previstos, co equipo docente. O titor/a debe ser o coordinador propiciando un traballo cooperativo no desenvolvemento deste Plan de Acción Titorial.

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos/as implicados/as no mesmo. Para este fin realizaranse as reunións oportunas entre os diferentes axentes da comunidade educativa.

166

SEGUEMENTO E AVALIACIÓN

Ao longo do curso, o equipo de titores/as de cada ciclo/nivel realizará o seguemento do desenvolvemento do PAT.

Ao finalizar o curso escolar farase unha avaliación e elaborárase unha memoria final sobre o seu desenvolvemento. Nesta memoria recollerase de xeito sintético as observacións realizadas polos titores/as e outros axentes implicados, sobre aqueles aspectos funcionaron, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que será preciso modificar. As conclusións obtidas teranse en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no curso seguinte.

11. BIBLIOGRAFÍA

11.1 REFERENCIAS LEXISLATIVAS:

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de Educación Infantil.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).

Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10/07/2009)

Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 27 de Abril de 1998)

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG de 31 de outubro de 1998)

11.2.REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

AA.VV. (2004): "Diccionario enciclopédico de didáctica". Málaga. Aljibe.

Aguado, G. (1999): "Trastorno Específico del Lenguaje. Retraso del Lenguaje y disfasia". Málaga. Aljibe.

Ainscow, G. (1995): "Necesidades especiales en el aula: Guía para el profesorado". Madrid. UNESCO-Narcea.

Chevrie-Muller, C e Narbona, J. (1997): "El lenguaje del niño. Desarrollo normal, evaluación y trastornos". Barcelona. Masson.

Francisco Salvador (coord.) (2001): "Enciclopedia psicopedagógica de necesidades educativas especiales". Málaga. Aljibe.

Gallardo, J.R. e Gallego, J.L. (2003): "Manual de logopedia escolar. Un enfoque práctico". Málaga. Aljibe.

Jiménez Torres, M. e López Sánchez, M. (coord.) (2003): "Deficiencia auditiva. Evaluación, intervención y recursos psicopedagógicos". Madrid. CEPE.

Muntaner, Joan (2001): "A figura do profesor de apoio no proceso de atención á diversidade" en Revista Galega do ensino núm. 32.

Parrilla Latas, Ángeles (2001): "O longo camiño cara a inclusión" en Revista Galega de ensino núm. 32.

Peña-Casanova, J. (2001): Manual de logopedia. Barcelona. Masson.



Soriano, V. (Editora) (2007): "Jóvenes Voces: Encuentro sobre Diversidad y Educación. Tratado de Lisboa." Dinamarca. European Agency for Development in Special Needs Education.

Tamarit, J. e Arbea, L. (2003): "De la capacitación a la autorrealización: Hacia una nueva conciencia profesional". Pamplona. Congreso de Educación Especial. CREENA.

Torres Monreal, S. E cols. (2000): "Deficiencia Auditiva. Aspectos psicoevolutivos y educativos". Málaga. Aljibe.

Watkins, A. (Editor) (2007): Assessment in Inclusive Settings: Key Issues for Policy and Practice. Dinamarca. European Agency for Development in Special Needs Education.

Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2007): "Orientacións e respostas educativas. Alumnado con discapacidade auditiva".

11.3.WEBGRAFÍA:

www.edu.xunta.es

www.inclusion-europe.org

www.european-agency.org

www.espaciologopedico.com

www.feaps.org

www.centros.educación.navarra.es/creena

<http://sid.usal.es/>

8. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Tal como recolle ao Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, pasámoslle aos pais/nais dos nenos matriculados neste curso o cuestionario para recoller a lingua materna dos alumnos/as. O resultado obtido foi de que dos 14 nenos/as matriculados, 14 elixían o galego como lingua materna e 1 o castelán. Deste xeito, a lingua predominante no noso centro é o **galego**.

As dúas linguas oficiais serán empregadas no centro tanto en EI como en EP, neste etapa impartiranse en lingua castelán as áreas de matemáticas, lingua castelán e educación musical. En lingua inglesa impartirase a área de expresión plástica e inglés e as restantes en lingua galega.

Somos tamén centro Plurin infantil e temos seccións bilingües pois impartimos a materia de plástica en inglés en Primeiro e segundo de primaria. O proxecto pode verse no apartado 14 desta P.X.A

Contábamos este ano con auxiliar de conversa pero non se incorporou ao centro na data prevista, o 30 de setembro. Deste xeito, estamos á espera dunha solución por parte do organismo de Auxiliares de conversa.



PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.



CRA BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS"



1.INTRODUCCIÓN:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega ao ensino. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Neste contexto, e froito da actual normativa, constitúese no CRA de Boqueixón-Vedra o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) que é un órgano colexiado cunha estrutura e funcións claramente orientadas a promover no conxunto do profesorado experiencias formativas en prol do uso, dignificación e normalización da lingua galega co obxectivo de que incidan directamente sobre o alumnado.

Neste curso o EDLG do CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas, está constituído polas seguintes mestras:

Marta de Dios Recamán (coordinadora)

Andrea Pérez Fuentes

Carmen María Vieiro Silva

Antonio Vázquez Turnes

Como ven sendo habitual, o EDLG colabora con diversas institucións e asociacións en múltiples actividades de promoción da nosa lingua.

• CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas está situado, como o seu nome indica, nos concellos de Vedra e Boqueixón limítrofes entre sí, e ao mesmo tempo veciños do Concello de Santiago.

Do concello de Boqueixón son tres das seis escolas que conforman o noso CRA: *Camporrapado, Lestedo e Sergude*, as restantes son do concello de Vedra, sitas nas parroquias de *San Fins de Sales, San Xulián de Sales e San Miguel de Sarandón*.

Neste intento de perfilar o contorno sociolingüístico sinalar que, a maioría do alumnado, pertencen ás parroquias nas que se sitúan as escolas, polo que a organización social responde a unha estrutura claramente rural na que a poboación pensa, exprésase e fala en lingua galega.

Existe tamén unha variable a ter en conta que é, que a bisbarra sitúase no campo directo de influencia da Capital de Galicia, Santiago de Compostela, na que se sitúan a meirande parte dos postos de traballo que ocupan ás nosas familias, polo que supón un reforzo para o obxectivo de normalización en todos os estratos sociais.

Cómpre analizar outro factor que é a recente chegada de persoas doutras zonas de Galicia e doutras comunidades autónomas e a súa incorporación no



CRA. Isto introduce unha situación de coexistencia das dúas linguas oficiais nas nosas aulas, que polo de agora produciuse baixo un clima de perfecta harmonía. Estas saídas da poboación do seu núcleo habitual de residencia non introducen cambios nin de costumes, nin culturais, nin tampouco lingüísticos.

A maioría das familias son galegofalantes, tal como se reflicte no Plan Lingüístico de Centro, este galego non soe ser normativo e conta con características propias como a gheada e o seseo.

Ainda así, existen en tódalas escolas casos nos que a lingua materna é o castelán. A representación do castelán como segunda lingua non chega a un 10% da totalidade e constatouse que estas familias castelanfalantes, entendían e comprendían perfectamente o galego.

171

• SITUACIÓN DO ALUMNADO

En canto á situación do alumnado sinalar que a inmensa maioría (90%) usa na súa relación co resto da clase e có profesorado o galego. A porcentaxe de alumnos e alumnas que se expresa normalmente en castelán é moi baixa, e non presentan dificultade para entender o galego. Normalmente estes alumnos/as que veñen de casa utilizando o castelán como lingua vehicular, acaban adquirindo o galego como lingua de comunicación nas aulas e no patio.

• SITUACIÓN DO PROFESORADO

O claustro está formado por un total de 14 membros definitivos e 1 provisional. Todas elas estimulan o uso do galego en todas as expresións da vida do centro. Teñen un bo dominio do galego, tanto na fala como na escrita e utilízanlo a diario nas conversas oficias e na actividade docente. Así mesmo, comparten unha mesma meta que é a de promover a consecución no alumnado dunha competencia lingüística plena, tanto en galego como en castelán.

• SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O centro redacta todos os comunicados escritos e os documentos de carácter administrativo a outras institucións e organismos autonómicos en galego, exceptuando as comunicacións con outras comunidades autonómicas ou con outros países.

As reunións de coordinación dos órganos colexiados do CRA e as de nais e país, son en galego, así como as cartas e as circulares informativas.

Todos os proxectos que se levan a cabo no centro estanse a desenvolver en galego o mesmo ca revista do cole e os nosos blogs Rukutrú, Crateca, Draboque e Cousas da lingua (este específico para compartir materiais e información entre o profesorado do CRA).



Polo tanto, tomaremos as medidas didácticas e organizativas que estean en consonancia con esta realidade.

2-OBXECTIVOS:

B.Relativos ao contorno sociolingüístico do centro

- 1.-Brindar ocasións para a mellora da competencia lingüística da comunidade educativa, coa utilización da lingua en diferentes situacións de comunicación.
- 2.-Participar en actividades normalizadoras promovidas por outras institucións: concellos, asociacións, Secretaría Xeral de Política Lingüística...

172

C.Relativos á situación do profesorado

- 1.- Coñecer e valorar a riqueza léxica e as tradicións da comarca.
- 2.- Confeccionar diferente material en galego como apoio didáctico, nas diferentes áreas.
- 3.-Lograr a colaboración dos distintos órganos colexiados do centro nas actividades de dinamización lingüística: equipo directivo, equipos de ciclo, comisión da biblioteca, equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo das TICs....
- 4.-Apoiar o uso das TICs nas actividades de dinamización lingüística, participando no mantemento dos blogues do centro.

C. Relativos á situación do alumnado.

- 1.- Coñecer e valorar a riqueza léxica e a cultura oral popular da comarca.
- 2.- Promover o uso do galego nas actividades lúdicas en xeral e as relacionadas coas Tics en especial.
- 3.- Valoración positiva do xogo como método de aprendizaxe da lingua, especialmente os tradicionais.
- 4.- Valorar a importancia da nosa lingua, facilitando os intercambios entre o noso alumnado e o doutros centros do mesmo ou distinto nivel, en actividades normalizadoras a través do correo electrónico
- 5.- Fomentar a súa participación en actividades de emprego da lingua oral e escrita mediante contos, entradas ao blogue...
- 6.- Potenciar a lectura en xeral e en galego en particular.
- 7.- Suscitar o gusto por escoitar diferentes tipos de relatos.
- 8.- Valorar as invencións literarias propias.

D.Relativos á situación lingüística do centro.

- 1.- Normalizar o galego nos medios audiovisuais.

6.ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A.Relativas ao contorno sociolingüístico do centro.



1.- Relato de experiencias en relación a diversas temáticas: vendima, emigración galega en América, magosto, Entroido, xogos populares... por parte de familias, alumnado doutras promocións, veciños e veciñas...

2.- Traballaremos e buscaremos información sobre o tema escollido para participar no programa Voz Natura que leva por título "Unha ollada ó Val da Ulla" Dende as escolas elaborárase diverso material en soporte papel e dixital, en galego. Esta temática tamén se abordará dende o Proxecto da Biblioteca.

B) Relativos á situación do profesorado.

1.- Realización de material didáctico en galego normativo para usar nas aulas co apoio do encerado dixital.

2.- Lograr a colaboración dos distintos órganos colexiados do centro (equipo directivo, equipos de ciclo, comisión da biblioteca, equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo de Medioambiente, equipo das TICs,...) nas actividades planificadas polo equipo de dinamización da lingua galega:

* Actividades de posta en valor da cultura galega, reivindicando actividades como o magosto, a vendima, a colleita do millo, etc.

*Samaín: deseñárase unha actividade na que se profundice sobre as raíces celtas desta celebración. Farase unha exposición de cabazas decoradas polos alumnos/as. Recuperación de xogos tradicionais con carozos de millo e obradoiro de monstros cos mesmos.

*Mes de novembro adicado a Neira Vilas: actividades deseñadas para que o alumnado coñeza o autor que dá nome ao noso centro, a partir da súa obra "Quique na aldea".

*Día Mundial Contra a Violencia de Xénero: seleccionárase un conto que verse sobre esta temática e elaboráranse algunhas actividades para abordala en galego.

*Nadal: faremos unha recopilación de panxoliñas de nadal típicas da zona do Ulla.

*Día da Paz: bailaremos e cantaremos o poema musicado "Cantarela dos nenos" de Xosé Neira Vilas.

*Entroido: actividades para dar a coñecer a celebración do entroido na nosa comarca e noutros lugares da nosa comunidade.

*Día de Rosalía: promoveremos o coñecemento da figura desta autora mediante o traballo na aula con algún dos seus poemas.

*Día da Muller: concurso de adhesivos con lemas sobre a coeducación e a igualdade a partir do conto Elas de Cecilia Alfonso Esteves.

*Semana Cultural das Letras Galegas: actividades para dar a coñecer a labor realizada por Florencio Delgado Gurriarán en prol da lingua galega e traballar algunha das súas obras.



CI) Relativos á situación do alumnado.

- 1.- Realización do proxecto "emocionalmente saudables" no cal o alumnado aprenderá a coñecer as súas emocións.
- 2.- Participación en todas as actividades lúdicas propostas polo EDLG, utilizando a lingua galega de forma axeitada.
- 3.- Co gallo da Semana das Letras Galegas, desenvolveranse diversas actividades de promoción da lingua e cultura galega.
- 4.- Elaboración de materiais en formato papel ou dixital, por parte do alumnado, en relación coas distintas conmemoracións e ou actividades.
- 5.- En colaboración co Equipo de Biblioteca, traballaremos a obras escritas por autoras e autores galegos, mediante unha actividade conxunta de todas as escolas do CRA.
6. Entradas aos blogues do Centro para a presentación de diversas actividades realizadas polo alumnado.
7. Promocionar entre o alumnado a escoita de música en galego e dar a coñecer os seus autores/as.
8. Realización de saídas culturais con itinerarios que valoren a nosa historia e xeografía.

D) Relativos á situación sociolingüística do centro.

- 1.- Ó final de curso publícase a revista Rukutrú, que recolle as actividades máis sobresaíntes realizadas polas escolas, en formato xornal, enlazándoo coa celebración da Semana da Prensa.
- 2.- Durante todo o curso participarase nos blogues do CRA: Rukutru, Crateca e Draboque, así coma o inicio do blog de consulta e información, "Cousas da lingua".

IMPACTO DO PROXECTO NA COMUNIDADE EDUCATIVA

O CRA recibe o apoio incondicional de toda a comunidade educativa que sempre colabora na realización de todo tipo de actividades que contribúan ao desenvolvemento integral das nenas e dos nenos e ao fomento da lingua galega.

Coa intención de continuar coa normalización do galego na vida do centro e o seu entorno, que é unha prioridade para nós, presentamos este proxecto.

Esperamos ademáis mellorar a valoración do galego, dende o coñecemento da súa riqueza e expresividade, presentando divertidas e innovadoras actividades que ao abeiro dun ambiente positivo posibilite aprendizaxes significativas.

Vº e PRACE

A directora

A coordinadora:

Asdo.: Mª Elena García Iglesias

Asdo.: Marta De Dios Recamán



9. TAREFAS EXTRAESCOLARES

As pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares nos dous cursos de ed. primaria que temos nas escolas de San Xián, San Fins e Sarandón de empregarse nalgún momento do curso escolar, realizarase sempre seguindo o adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

Teremos sempre en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a axeitada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de ocio do alumnado. Ao mesmo tempo, fomentarase a responsabilidade dos alumnos/as na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

175

10. MODIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA E IGUALDADE

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA, E CO BENESTAR EMOCIONAL DA COMUNIDADE EDUCATIVA.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:
 - 5.1 Organización do centro.
 - 5.2 Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
 - 5.5 Fomento do benestar emocional tanto do alumnado como da comunidade educativa no seu conxunto.
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se sinala na LOMLOE, ou de xeito máis detallado no Decreto de EI, a finalidade de dita etapa é contribuir ó desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións; física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia. Deste xeito non debemos pasar por alto a importancia do Plan de convivencia, igualdade e benestar emocional. Por outra banda como ben dí o Plan



de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mútua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero, levando a cabo en todo momento una convivencia positiva, baseada no respecto e decatando a importancia do benestar emocional.

176

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as escolas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

Desde o noso centro elaboramos este Plan para a convivencia, igualdade e benestar emocional co fin de manter e mellorar o traballo realizado por todo o profesorado e Comunidade Educativa, levando a cabo una convivencia positiva atendendo tanto a familias como alumando, e tratando de participar e colaborar en diversas actividades tanto co concello de Vedra como de Boqueixón. Potenciando así una convivencia baseada na armonía e entendendo en todo momento a educación como una tarefa compartida entre todos os membros da comunidade educativa.

Así pois formamos parte da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero promovida polo Concello de Boqueixón. Esta iniciativa encádrase dentro do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón (2018-2022).

Entre as súas funcións atópase a de fomentar o principio de igualdade e desenvolver accións para a prevención e eliminación da violencia exercida sobre a muller.

Nesta Mesa local temos como principal obxectivo "promover a nivel local actuacións para erradicar a violencia de xénero, así como contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións para tratar de eliminar a violencia machista e ofrecer unha mellor atención ás vítimas".

Está presidida polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, ou o/a concelleiro/a en quen delegue. A Secretaría está a cargo da directora do CIM boqueixanés, Cristina Carbajales, e conta con oito vogalías:

A propia concelleira de Servizos Sociais e Igualdade boqueixanesa;



Persoal do CIM

Persoal dos servizos sociais de Boqueixón, Touro e Vedra

Representante da Garda Civil

Representante da Subdelegación do Goberno

Representantes dos centros educativos (CPI Antonio Orza Couto; CRA Boqueixón-Vedra *Neira Vilas*; CPI Plurilingüe de Vedra; CEIP Ortigueira e CPI Fonte Díaz de Touro)

Representantes dos Centros de Saúde.

Ademais desta proposta, no día a día dentro da aula, estamos a fomentar os valores baseados no respecto, ofrecendo ó alumnado unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos, atendendo á igualdade e á mellora das relacións sociais, levando a cabo en todo momento unha convivencia positiva, prestando gran atención ó benestar emocional do alumando, tendo en conta as importantes repercusións que a COVID trouxo consigo nos pequenos/as.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

- Normativa:

- Instrucción do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020.
- Plan de Benestar emocional a disposición dos centros educativos con 24 actividades para previr e atenuar a influencia da pandemia. (Xunta de Galicia)
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero.
- Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a lei orgánica 2/2006 de 3 de maio.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Declaración dos Dereitos da Infancia.
- Orde 8/ setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.



- Do centro:

O noso centro (entre moitas outras) ten unha peculiaridade moi especial, xa que pertencemos a dous concellos limítrofes entre si, de xeito que para ubicarnos imos a describir as principais características dos concellos de Boqueixón e Vedra.

O Concello de Boqueixón está situado a 10Km. escasos de Santiago de Compostela.

A poboación coa que conta o Concello de Boqueixón é dun total de 4.470 habitantes, unha densidade de poboación de 63,28 hab./Km.

A estrutura socioeconómica do concello mostra uns trazados propios dunha área rural cun importante índice de persoas dedicadas á agricultura e gandería, un elevado número tamén se dedica á construción e manufacturación, quedando en terceiro lugar o sector servizos.

O Concello de Boqueixón conta cunhas paraxes naturais de extraordinaria beleza, de feito o gran interese que esperta Boqueixón como destino turístico atópanse estreitamente ligado coa natureza e a paisaxe.

O Concello de Vedra está situado no corazón do val do Ulla, no límite xeográfico da provincia da Coruña, co río Ulla como fronteira natural.

Importantes redes de estradas e liñas férreas atravesan o municipio, unindo a capital galega e Ourense. As boas vías de comunicación e a aposta por un crecemento sostible, amparado nos principios do Plan Xeral de Ordenación Municipal, fan das terras vedresas un lugar idóneo para residir.

Pero ademais das modernas vivendas, numerosas e variadas empresas teñen cabida neste concello coruñés, o que favorece a creación do futuro Parque Empresarial da Gaiosa. Os avances da industria, xunto coa evolución dos sectores servizos e primario, coa horta como referente da agricultura ecolóxica e da produción integrada, son o resultado dun concello elemental como é Vedra.

O noso centro trátase dun centro público encadrado dentro dos Centros Rurais Agrupados de Galicia. Contamos con seis escolas e sete unidades en funcionamento. 3 delas situadas no Concello de Boqueixón e catro en Vedra. Dispoñemos de 6 escolas, xa que na escola de San Xián hai dúas unidades e estas complétanse coas unidades de Camporrapado, Sergude (en Boqueixón) e San Fins de Sales (en Vedra), e Sarandón (Vedra). Cada unhas das escolas ten uns espazos e materiais diferenciados.

Os nosos **valores** cabe destacalos pois recollen o eixo dinamizador deste plan, e o xeito de entender a educación dentro do CRA.

- **Xerais:** os valores xerais que intentamos promover desde o CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" son os valores na tolerancia (tanto ideolóxica, étnica como relixiosa), respecto aos dereitos humanos, solidariedade e inclusión.



- **Normas sociais, cívicas e de conduta:** respecto e coidado das dependencias do centro, respecto ás regras de organización colectiva, valores relacionados coa saúde e hixiene, cos traballos e a comunicación na aula, normas de uso dos materiais de traballo.
- **Transversalidade:** traballamos os diferentes valores de xeito transversal, aproveitando calquera momento ou suceso que ocorra na aula, evitando deste xeito o currículo oculto, e sendo clave para o desenvolvemento integral do noso alumando, así pois atendemos: á educación para a saúde e calidade de vida, a igualdade entre sexos, a paz, o lecer, educación ambiental, educación viaria...
- **Coeducación:** A coeducación neste centro supón, entre outros compromisos orientar a actividade cara unha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos. Propoñemos unha metodoloxía que trate de superar roles tradicionais do home e da muller, xa que no ámbito rural onde se sitúan as nosas escolas estes están aínda bastante arraigados. Ofrecendo una educación na que non existan estereotipos nin prexuízos sociais, evitando comportamentos e actitudes que non sexan igualitarias, e fomentando o respecto pola diversidade afectiva- sexual.
- Todo este traballo en valores enténdese como unha acción conxunta onde TODO o centro ten que remar na mesma dirección, entendendo que o equipo directivo e claustro deben consensuar, asumir e á súa vez proxectar os valores que crean positivos cara toda a comunidade educativa.

A nivel de Obxectivos de Centro, no noso PE xa aparecían e aparecen os seguintes obxectivos:

A nivel de alumnado:

- Crear nas aulas e nas actividades conxuntas un clima de respecto e confianza onde o alumnado se sinta totalmente seguro e respectado, fomentado deste xeito o benestar emocional de todos e cada un deles.
- Lograr que o centro sexa un lugar agradable no que os alumnos e alumnas se sintan queridas, aceptadas e necesarias.
- Dar a coñecer a súa realidade máis próxima e tamén outras moi diferentes ó que coñecen.

A nivel de profesorado:

- Conseguir que todo o profesorado que forme parte do centro de forma provisional ou definitiva asuma as sinais de identidade aquí presentadas e forme parte activamente de tódolos proxectos e actividades desenvoltas polo centro.



- Realizar os esforzos necesarios para adaptar as programacións ás necesidades dos noso alumnos/as.
- Colaborar cos profesionais externos que brinden o apoio e recursos necesarios nun momento dado (p.ex. Departamentos de Orientación)
- Incluír ás familias do alumnado dentro do proceso educativo diario, non só informando de todo o que sucede nas escolas, senón facéndoos partícipes da programación de aula.
- Potenciar o réxime de coeducación de xeito que se evite calquera discriminación.

A nivel de pais/nais:

- Transmitir confianza plena no centro.
- Informar continuamente de todos os procesos educativos e proxectos que se levan a cabo no centro.
- Intentar que á hora de tomar decisións importantes sexan tidos en consideración, se sintan informados e con opción de participar.
- Conseguir que os pais e nais sexan un membro máis da comunidade escolar.
- Artellar os procedementos axeitados para que contén coa información suficiente en relación coas actividades docentes e rendemento académico do alumnado.
- Potenciar a estreita colaboración coa ANPA e establecer liñas de actuación conxunta.

A nivel de Equipo directivo:

- Tomar as decisións máis equilibradas e xustas posibles para toda a comunidade educativa.
- Informar a tódolos membros da comunidade educativa en relación ás tomas de decisións adoptadas.
- Buscar as canles necesarias para defender os puntos de vista dos alumnos/as, pais e nais e dos órganos de participación e representación.
- Servir de canle de comunicación e información entre a administración e o centro en ámbolos dous sentidos.
- Estar actualizado e en constante formación, para facilitar o desenvolvemento do proceso de ensinanza.

Potenciaremos que o alumnado experimente e interaccione co medio e todos os seus elementos, que adquiren a capacidade de analizar as súas relacións, prestando atención á autoestima e á intelixencia emocional, incorporando progresivamente as pautas adecuadas de comportamento, mellorando as súas habilidades sociais amosando disposición para compartir e para resolver conflitos mediante o diálogo atendendo de xeito especial á relación entre nenos e nenas, fomentando un vínculo baseado no respecto e empatía.



Os Mestres e mestras deste centro deberán:

- Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios:
 - Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
 - Informar ao equipo de profesores e profesoras do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
 - Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado:
 - Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

No tocante ao Plan de Acción tutorial, cabe destacar en referencia a este Plan os seguintes puntos:

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Recollida inicial de información sobre o	1- Entrevista cos pais 2- En caso de alumnado novo:	- Documento de rexistro de entrevista inicial.	



alumnado	<p>petición e revisión de expediente e contacto co centro de procedencia.</p> <p>3- Nos casos nos que se considere oportuno, contactar coa traballadora social do Concello</p>		<p>No mes de xuño de setembro e/ou</p>
2. Facer a previsión de recursos ou medidas de atención á diversidade en caso de escolarizar a alumnos con N.E.A.E.	<p>1- Recoller datos iniciais do alumno (historial médico, información do D.O, entrevista coa familia, etc)</p> <p>2. Informar ao D.O</p>	<p>- Documento da entrevista.</p> <p>- Informes médicos ou psicopedagóxicos se existen.</p> <p>- Folla de derivación.</p>	<p>- No momento da matrícula.</p> <p>- Ao longo do curso</p>
3. Seguimento do período de adaptación	<p>1- Visita dos pais e do alumno/a á escola antes do comezo das actividades lectivas.</p> <p>2- Reunión inicial de curso cos pais e nais para informar do funcionamento do centro e do curso.</p> <p>3. Levar a cabo actividades de presentación na</p>	<p>- Guión da reunión cos aspectos a tratar consensuados.</p> <p>- Xogos de presentación para</p>	<p>- Na xornada de convivencia en xuño</p> <p>- En setembro antes do inicio do curso escolar.</p> <p>- En setembro</p>



	<p>aula para facilitar o coñecemento dos alumnos novos.</p> <p>4- Observación e seguimento do neno/a no período de adaptación</p>	<p>os nenos/as.</p> <p>- Documento rexistro da observación do neno/a durante este período.</p>	<p>- En setembro</p>
<p>5. Seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para a detección precoz de dificultades</p>	<p>1-Observación directa na aula para a detección precoz de dificultades.</p> <p>2- Derivación ao D.O daqueles casos que presenten sinais de alarma.</p> <p>3- Contactar coas familias para informar das dificultades, recoller información e pedir a súa colaboración.</p> <p>4- Posta en marcha das medidas de atención deseñadas, se é o caso.</p> <p>5- Seguimento da evolución do alumno/a e coordinación de todos os profesionais que incidan sobre el.</p>	<p>- Folla de derivación para o D.O</p> <p>- Programa de intervención elaborado en colaboración co D.O onde constan os obxectivos, medidas e recursos a empregar.</p>	<p>-No mes de setembro</p> <p>- No mes de setembro e/ou primeiras semanas de outubro</p>
<p>6. Promover o contacto continuo coas</p>	<p>1- Establecer contactos periódicos coas</p>	<p>- Reunións grupais co equipo docente e as</p>	<p>- Unha vez ao trimestre</p>



familias	<p>familias para informar e promover unha intervención coordinada familia-escola</p> <p>2- Informar regularmente ás familias dos progresos e dificultades no proceso educativo</p>	<p>titoras/es.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reunións de coordinación entre profesor titor, especialistas, A.L. e D.O. - Entrevistas máis ou menos formais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Durante todo o curso
8. Cumplimentar os documentos de avaliación en E.I e E.P	1- Elaboración dos informes de avaliación segundo a Orde do 25 de xuño de 2009.	<ul style="list-style-type: none"> - Informe trimestral de información ás familias. - Informe de avaliación anual de final de curso. - Informe de avaliación final de etapa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao remate de cara trimestre. - Anual.
9. Coidar o proceso de transición á seguinte etapa educativa ou curso de Primaria para garantir unha continuidade no proceso de aprendizaxe	<p>1- Visitar co alumnado que remata no noso centro os centros aos que están adscritos.</p> <p>2- Remitir expediente do alumnado aos centros receptores previa petición dos seus secretarios.</p> <p>3- Compartir información que consideremos de</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Visita organizada aos C.P.Is de Vedra e Antonio Orza Couto en Boqueixón. - Expedientes dos alumnos/as que deberán contar co documento de avaliación inicial, o informe de avaliación anual e o informe de avaliación final. - Reunión de 	<ul style="list-style-type: none"> - Mes de xuño - Mes de xuño - 1ª semanas de setembro



	interese para garantir unha continuidade nas intervencións, sobre todo dos alumnos/as con N.E.A.E.	para unha dos con	coordinación cos tutores de 1º e 3º de Primaria e o D.O se fose necesario	
--	--	-------------------	---	--

En relación á convivencia e tal e como se recolle nas NOFC, levaranse a cabo accións encaminadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a non discriminación e a prevención de violencia de xénero, atendendo en todo momento ó benestar emocional do alumando.

As ensianzas dentro do CRA, irán encaminadas a contribuir ó desenvolvemento integral do alumando, creando dentro da aula un clima cálido e acolledor, que permita unha convivencia positiva, respectando en todo momento as liberdades fundamentais, contemplada nos seguintes aspectos:

- Desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e creativas, fomentando hábitos de estudo e traballo persoal.
- Desenvolvemento das súas capacidades físicas e adquisición de capacidades psicomotrices, fomentando hábitos de orde, limpeza, deportividade...
- Desenvolvemento de actitudes para a convivencia, fomentando hábitos de cooperación e respecto mutuo, fomentando o benestar emocional do alumando, familias e equipo docente.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto, conservación e mellora do medio ambiente.

Pretendemos, coa colaboración de tódalas partes implicadas, acadar un marco de convivencia e autorresponsabilidade, de xeito que faga innecesario a adopción de medidas disciplinarias. De todos os xeitos, cando estas sexan inevitables, as correccións deberán ter un carácter educativo e contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno e/ou alumna. Este documento pretende ser un reflexo de cómo cremos que debe funcionar o noso centro, establecendo as bases de participación, colaboración e funcionamento dos membros da comunidade educativa"

No noso Plan de Convivencia tamén facemos referencia a accións orientadas a fomentar esta igualdade e prevención de violencia:

Deberes do profesorado:

- Participar en actividades de Perfeccionamento e Reciclaxe co fin de estar actualizado en todo momento.



- Convocar entrevistas cos PAIS/NAIS de alumnos/as dentro do horario previsto para isto.
- Crear un ambiente dentro da aula de axuda, colaboración e respecto cara os demais compañeiros, creando o principio de igualdade entre todos/as independentemente de cal sexa a cor da nosa pel ou se somos nenos ou nenas.

Controlar a asistencia do seus alumnos/as a clase e evitar o absentismo escolar na medida do posible.

Dereitos do alumnado:

- Os alumnos teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- A formación á que teñen dereito axustarase aos fins e principios contidos na LOMLOE.
- Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento sexa avaliado con obxectividade.
- Tódolos alumnos/as teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral, e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
- Os alumnos teñen dereito a participar no funcionamento e actividades organizadas polo colexio, de acordo coa súa idade e capacidade.
- Os alumnos/as teñen dereito a ter acceso aos mesmos recursos materiais, así coma os mesmos contidos curriculares independentemente de cal sexa á escola do CRA na que estean escolarizados.
- Os alumnos teñen dereito á liberdade de expresión, respectando os dereitos de tódolos membros da comunidade escolar.

Deberes do alumnado:

- Respetar o dereito ao estudo dos seus compañeiros, e á dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros do centro.
- Respetar e coidar aos seus compañeiros/as independentemente de cal sexa a súa raza, sexo, ...
- Axudar e non discriminar a aqueles compañeiros/as que teñan calquera deficiencia sexa física ou psíquica, ou que por calquera motivo pareza débil ou presente retraso en comparación con nós mesmos.

Dereitos e deberes de pais/nais:

Os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos:

- a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme os fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de autonomía e nas leis educativas.



- d) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos.
- e) A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos.
- f) A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.
- g) A ser oídos naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles:

- d) Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.
- e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros.
- f) Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.
- g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa, creando un ambiente de igualdade entre todos sen mirar raza nin sexo, nin condición física ou psíquica

Neste Plan de Convivencia, igualdade e benestar emocional do centro tamén recolleemos cuestión relacionadas coa igualdade e a non violencia no seu concepto xeral:

Así pois, toda a comunidade educativa do CRA. Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" consideramos que é de suma importancia "aprender a convivir", non só no eido educativo senón na sociedade en xeral. Aínda que o noso centro ten alumnado de infantil e 1º ciclo de primaria, tramos educativos onde a violencia é practicamente inexistente por parte dos nenos/as, tamén é certo que é a etapa onde os rapaces/as están máis receptivos para escoitar e acoller valores democráticos e de cultura da paz, que logo empregarán cando sexan maiores. Con este plan de convivencia e igualdade e benestar emocional propiciará cambios positivos na organización escolar do noso centro, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral do CRA. O noso obxectivo prioritario é a mellora da convivencia dentro do noso centro xa non só de portas para dentro senón en todo o contexto no que os nosos alumnos/as crecen e se desenvolven.

É o noso un centro no que non hai ningún tipo de conflitos de convivencia en todos os estamentos da comunidade educativa: mestres/as, alumnos/as e pais/nais. Non temos alumnado que presenten no seu contorno, polo menos que nos teñamos coñecemento ou que algunha vez percibísemos, violencia física, psicolóxica, doméstica ou de outro tipo. Tampouco no CRA se viviu



nunca un caso de agresión ou acoso ós nenos/as por parte dos seus compañeiros/as, ben tamén pola idade do noso alumnado e polo número de rapaces/zas en cada centro, que nos permite unha atención personalizada e individualizada. Ata o momento non se viviron situacións de comportamentos sexistas, xenófobos ou de marxinação no centro, todo o contrario, xa que contando con alumnado de outras razas ou con caracteres máis fortes, tanto os mestres/as coma os pais/nais infundimos nos nenos/as unha actitude de respecto, tolerancia e civismo, que nos tamén levamos a cabo. Procuramos tamén reflexionar sobre os diferentes estilos docentes, buscando a nosa propia mellora individual e a colectiva, tratando en todo momento que espertemos nos nenos/as unha actitude positiva cara si mesmo e cara os demais. Dentro das Normas de Organización e Funcionamento temos reflectidas unhas normas de conduta, así como os deberes dos mestres/as, alumnos/as e pais/nais. Así mesmo levamos a cabo numerosas actividades no centro en atención á igualdade entre mulleres e homes, centradas na convivencia positiva e no respecto polas diferenzas, valorando a diversidade de xieto enriquecedor. Na educación emocional, tratando de solventar os conflitos de xeito pacífico empregando as palabras para tratar de mediar nos problemas, fomentando así hábitos e actitudes baseadas no respecto e aceptación das individualidades de cada un.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN Á IGUALDADE DE XÉNERO, VIOLENCIA DE XÉNERO, COA LGTFOBIA, E CO BENESTAR EMOCIONAL.

O noso centro ten como eixo vertebrador do seu funcionamento a educación por e para a igualdade, fomentando unha convivencia positiva, e atendendo deste xeito ó benestar emocional do noso alumando. Sendo realistas e traballando con nenos e nenas de tan curta idade non se plantexan nas escolas situacións de violencia de xénero, conflitos, discriminacións por raza, sexo... todo o contrario. A idade do noso alumnado permítenos darnos conta día a día que a idades tan tempranas non teñen interiorizado ningún tipo de diferenza por ningún tipo de motivo entre os seus compañeiros/as. Pero por desgraza os estereotipos están presentes na sociedade, o que nós leva a que dende as aulas se traballe de maneira constante a igualdade, para tratar así de educar de xeito libre, tratando de eliminar os esterotipos e prexuízos sociais presentes na nosa sociedade. Sendo este un dos nosos fins da educación, ofrecéndolles estratexias e reforzando actitudes e comportamentos para que sexan capaces de identificar situacións non propicias e poder buscar solución dun xeito adecuado, e para o cal teremos en conta de ser necesario o Protocolo educativo para garantir a igualdade a non discriminación e a liberdade de xénero, publicado pola Xunta de Galicia.

Por esto mesmo adicaremos unha boa parte dos nosos esforzos en axudarlles a entender e identificar esta violencia de xénero, facendo chegar a



eles a necesidade dunha sociedade igualitaria así como a importancia do benestar emocional, para poder desde o centro axudar na medida do posible.

No tocante á representación de profesorado nos distintos órganos de decisión, comentar que só temos un mestre en centro, as catorce restantes son mestras polo que conseguir unha equidade de xénero no noso caso é imposible.

Tamén destacar que nas familias do alumnado hai unha participación total tanto por parte dos pais como por parte das nais. Esta participación dun membro ou outro ben determinada polo traballo e posibilidade que ten cada persoa de poder conciliar a súa vida familiar.

En relación ó benestar emocional, a pesar do duro da pandemia, temos un alumando que se atopa en situacións familiares favorables, o que fai que esta presión á que estivemos sometidos non acarree demasiadas consecuencias. Con todo estamos presentes no día a día ante calquera situación ou suceso que estes relaten, para ser coñecedoras de como se atopan emocionalmente e traballar neste ámbito de xeito máis detallado. Tendo en conta que prestamos atención de xeito transversal dentro das nosas aulas.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

As nosas aulas son mixtas, nenos e nenas de varias idades e etapas están xuntos na mesma aula polo que a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas non dependerá dun reparto equitativo se non da cantidade de nenos e nenas que naceran nese ano pois están todos xuntos no mesmo espazo, 4º, 5º 6º de infantil e 1º e 2º de primaria.

Os nosos principios orientadores e obxectivos en relación á igualdade, convivencia e benestar emocional, deben incluír desde o uso da linguaxe con perspectiva de xénero nos documentos do centro ata o desenvolvemento de acción de prevención e erradicación da violencia de xénero.

A) Principios orientadores:

- Igualdade entre homes e mulleres.
- Non discriminación de ningunha opción.
- Respeto polos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes.
- Transversalidade na educación.
- Educar na diversidade.
- Participación.
- Corresponsabilidade.
- Uso de materiais non sexistas.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Identificación e recoñecemento de emocións e sentimentos propios e alleos.

B) Obxectivos:

Xerais:

- Integrar o principio de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través da realización de actividades.



- Educar en igualdade alonxándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e do home nun entorno igualitario.
- Garantizar a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Velar porque o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Recoñecer emocións e sentimentos propios e alleos.

Específicos:

- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro escolar.
- Favorecer na nosa Comunidade Educativa unha linguaxe inclusiva na relación interpersoais entre iguais e adultos.
- Visualizar a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento personal.
- Substituír estereotipos por imaxes reais na que os homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido, e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.
- Identificar as emocións e sentimentos propios e alleos en diferentes situación, empregando a linguaxe en todas as súas manifestacións como medio de comunicación.
- Establecer un reparto equitativo para o uso e disfrute dos espazos común e xogos por parte dos nenos e das nenas.
- Fomentar formas de estar e convivir baseadas no respecto, o diálogo e o coidado.
- Traballar na prevención de situacións de violencia.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1 Organización do centro.

Somos 15 mestres/as no centro, dos cales un é home e o resto son mulleres.

No Consello Escolar contamos con outra muller, a representante do Concello de Boqueixón . Formándoo un total de 6 mulleres e 3 homes. Medidas a levar a cabo:

- Nomearemos este ano unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de convivencia, igualdade e benestar emocional. Sendo esta: Dona Raquel García Fraga.
- Difundirase este Plan e as súas medidas de actuación entre todos os membros da Comunidade educativa a través da Páxina web e o correo electrónico corporativo.



- Promoveremos a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, convivencia e benestar emocional.
 - En todas e cada unha das actividades do centro empregárase unha linguaxe inclusiva e igualitaria.
 - Colaboraremos con outras entidades na realización de actividades coeducativas, como xa estábamos a facer.
 - Concretaremos actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar, e fora delas tamén, de xeito breve sinalar:
 - 25 de novembro.- No cal traballaremos de cheo o día internacional contra a violencia de xénero, a través da lectura de diversos contos como " Artur e Clementina", " Nin un bico á forza"... dando a coñecer diferentes tipos de violencia, e facendo fincapé no estado emocional do noso alumandao, identificando e recoñecendo as diferentes emocións, así como a importancia do termo NON.
 - Ó 28 deste mesmo festaxeremos o pasabodeghiñas, unha festa da parroquia de Sarandón na cal levaremos a cabo unha xornada de convivencia entre todo o CRA, tratando de mellorar esta e realizando entre outras porpostas un obradoiro de xogos tradicionais, evitando deste xeito a transmisión de esterotipos e prexuizos sociais.
 - 10 de Decembro.- Día da declaración universal do dereitos humanos. Celebrarémolo nas escolas con actividades varias, recoñecendo os nosos dereitos e tamén deberes.
 - 30 de Xaneiro.- Como día escolar da non violencia e da Paz, tamén celebraremos antes, durante e despois da data actividades relacionadas con este tema como sempre viñamos facendo. Fomentando en todo momento unha convivencia positiva baseada no respecto.
 - 8 de marzo.- Xa chegando a esta data decidiremos as actividades a tratar a nivel de centro. Levando a cabo deste xeito un traballo coordinado entre todo o CRA, atendendo á importancia dunha convivencia positiva e baseada no respecto.
 - Revisaremos todo o material educativo con perspectiva de xénero.
 - Participaremos en programas específicos de igualdade de xénero, ou amoldaremos os nosos proxectos de centro para que a igualdade de xénero, a non violencia, e a coeducación.
- Ademais destas actividades, levaremos no día a día outras que se coordinaran cos demais equipos, colaborando así co EDLG, con Extraescolares e por suposto co Equipo de Biblioteca.

5.2 Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisaremos as nosas programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisaremos o material didáctico empregado na aula (valores, normas,



representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades)

- Realizaremos actividades de sensibilización na aula, como xa viñemos facendo anos anteriores, individualmente en cada escola, coa participación e proposta dos concellos ou como centro completo, en saídas e talleres varios.
- Realizaranse actividades de sensibilización e información coas familias.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promoveremos lectuaras coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisarase a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisarase a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Xestionaranse, en caso de necesidade, as actividades do patio para favorecer a inclusión.
- Promoverase a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado...

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promoverase o respecto e bo trato entre mulleres e homes.
- Promoverase o coidado entre persoas, do medioambiente..., como xa estamos a facer desde anos anteriores.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero, facendo fincapé no benestar emocional.
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.
- Seguir formando parte da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de Xénero promovida polo Concello de Boqueixón.

5.5 FOMENTO DO BENESTAR EMOCIONAL TANTO DO ALUMANDO COMO DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CONXUNTO.

Atenderemos no día a día dentro da aula ó benestar emocional do noso alumnado, tratando de respectar os seus ritmos e necesidades, creando un clima cálido e acoledor no que se sintan seguros. Facemos fincapé na educación emocional e o desenvolvemento de dita competencia, tratando que sexan capaces de identificar e recoñecer tando as emocións propias como alleas, sendo quenes de expresalas e desenvolver a empatía, atendendo así a importancia da verbalización dos setimentos. Prestaremos tamén importancia á intelixencia interpersoal así como intrapersoal, tal e como defendía Howard Gardner. Contaremos cos bancos da amizade, proposta levada a cabo nos cursos pasados para a solución de conflitos de xeito pacífico, tratando de levar a cabo a proposta dos buzóns das palabras fermosas elaborados por todos membros das diferentes escolas e nos cales só se



poderán deixar palabras ou debuxos de agarimo, achegando así ó alumnado a unha convivencia positiva, e fomentando un ambiente emocional positivo. Fomentaremos a importancia da saúde mental, tema que segue a ser tabú na nosa sociedade, atendendo de maneira global a diferentes temas transversais que repercuten nesta; alimentación, actividade física, descanso, relaxación, relación co grupo de iguais... En definitiva sinalar a importancia do benestar emocional dentro das nosas aulas, o cal se tratamos con coidado e delicadeza.

6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento deste Plan realizarase trimestralmente e anualmente, tanto no Claustro coma no Consello Escolar de Centro.

A súa memoria de actividades aparecerá tamén na memoria final de centro e valorarase positivamente se fose o caso ou buscaríamos melloralo, completalo ou reconducilo se o resultado non fose satisfactorio.

É fundamental que despois de cada actividade ésta se evalúe e que a persoa responsable do Plan de convivencia, igualdade e benestar emocional vaia elaborando pouco a pouco a memoria.

11. PLAN ANUAL DE LECTURA

A nosa biblioteca está situada na sede do CRA, en Lestedo, nun edificio non escolar. É agradable e acollidora pero debido a súa distancia das escolas non se fai un uso habitual da mesma. Por iso é imprescindible que a biblioteca debe ser o motor de cara as bibliotecas de aula e un organismo vivo ao servizo das aprendizaxes.

Durante este curso contaremos con 7 bibliotecas de aula que terán que dinamizarse a través de propostas da biblioteca central e das propias de cada titoría e/o especialista.

Durante o curso 2022/2023 un dos eixos de traballo primordiais nas nosas escolas será ovinclado coa temática do coñecemento todas as escrituras que están e se constrúen nas nosas bibliotecas.

Por iso dende a biblioteca a nosa tarefa xirará en torno á dotación da mesma con fondos de investigación vinculados coa temática e de texto literario que nos acheguen ao seu coñecemento.

OBXECTIVOS

- Introducir a lectura como fonte de goce e acceso á información e cultura.
- Iniciar/afianzar a alfabetización informacional do alumnado.
- Respetar os ritmos individuais.
- Potenciar o apoio das familias como consolidadoras do hábito lector.
- Ampliar a biblioteca con fondos útiles, interesantes, motivadores e variados. Especialmente de carácter informativo e expositivo.



- Dinamizar os fondos a través de diferentes propostas para que as bibliotecas de aula se convertan en satélites funcionais da biblioteca de centro.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

En cada aula existirá unha biblioteca dotada con fondos da biblioteca central e outros provintes do entorno de cada escola.

Buscarase que sexan espazos tranquilos que chamen a un uso da biblioteca en calma. Os tempos de traballo de cada biblioteca dependerán da organización das titorías ou especialistas que fagan uso dela.

Todas as escolas contarán cun espazo de audiocontos dotado de reproductor de CD de parede e unha silla mecedora. Estes fondos foron adquiridos no curso 2019/2020 co presuposto de atención á diversidade. A través deste espazo acolledor preténdese favorecer o acceso á lectura do alumnado e a volta á calma cando así o precisen. No curso 2021-22, equipáronse as bibliotecas das escolas con mobiliario adaptado ás necesidades e función das bibliotecas de aula, intentando crear un espazo acolledor e relaxado que invite ao disfrute da lectura.

194

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN E ACTIVIDADES

- Elaboración de guías de lectura. (DECEMBRO E XUÑO)
- Difusión dos recursos a través das redes sociais. (TODO O CURSO)
- Uso diaria da expresión oral e dos textos con diversas funcionalidades: lecer, informativa, instrutiva... (TODO O CURSO)
- Libro viaxeiro. Cada escola terá o seu e viaxará unha semana a cada casa. Con todo o recollido elaborárase un dossier informativo de centro. (TODO O CURSO)
- Mochila viaxeira composta de diferentes tipos de textos de uso social, xogos e material audiovisual. E que permanecerá ao redor dunha semana en cada casa. A selección de textos realizárase cada titoría. (TODO O CURSO)
- Mochila temática, con material de consulta relacionado cunha temática pactada entre todas as aulas. (TODO O CURSO)
- Rotación de caixas con fondos bibliográficos de un modo trimestral polas escolas. As bibliotecas de aula teñen moita importancia no noso centro debido á dispersión do mesmo. É a través delas como poñemos ao alumnado en contacto coa biblioteca de centro, facendo o préstamo de fondo de modo manual nas mesmas. (TODO O CURSO)
- Propostas interaulas para levar a cabo nas conmemoracións. (TODO O CURSO)
- Celebración das conmemoracións específicas vinculadas á biblioteca: día da biblioteca, día da ilustración, día de Rosalía, día mundial da poesía, día mundial da narración oral, día internacional do teatro, día das artes galegas, día internacional do libro, semana da prensa e día das letras galegas. (TODO O CURSO)
- Propostas interaulas vinculadas coa temática do plan B 2022/2023. (2º E 3º TRIMESTRE)



- Estudo e elaboración na aula de diferentes tipoloxías textuais.(TODO O CURSO)
- Procuraremos ofrecer ao alumnado algunha actividade ao longo do curso con autores/as,narradores/as, ilustradores/as, editores/as, actores/actrices ... En definitiva, profesionais vinculados co mundo das letras en diferentes modalidades.(TODO O CURSO)
- Charlas informativas a cargo de especialista en algunha das materias que esteamos investigando.(TODO O CURSO)
- Caixas de animación á lectura rotativas. (TODO O CURSO).
- Propostas de animación á lectura.
- Emprego da guía explicativa elaborada o curso anterior referente á formación de usuarios.

Ó longo do curso e dos diferentes proxectos irán xurdindo novas ideas, actividades e necesidades que serán reflectidas na memoria final.

FORMACIÓN DE USUARIOS.

Aquí recolleamos as accións encamiñadas a promover un mellor uso dos recursos da biblioteca por parte dos seus usuarios (alumnado, familias, profesorado).
Elaborarase un plan de formación de usuarios (TODO O CURSO)

Para o alumnado

- Estratexias de coidado dos materiais e recursos.(TODO O CURSO)
- Facer uso do sistema de organización dos fondos nos andeis.(TODO O CURSO)
- Coñecer as normas de uso do préstamo de fondos. (INICIO DE CURSO)
- Recoñecer os elementos que identifican os documentos: título, autor/a, ilustrador/a,editorial.(TODO O CURSO).
- Identificar os elementos básico do soporte dos textos e os datos que nelas se recollen:portada, contraportada, lombo, gardas, títulos de crédito.(TODO O CURSO)
- Diferenciar as funcións de autores/as e ilustradores/as.(TODO O CURSO)
- Recoñecer as funcións do diferentes tipos de texto: informacional, de disfrute...(TODO O CURSO)
- Coñecer e saber utilizar os catálogos e indicadores de contido dos textos: sumario, índices,menús...(TODO O CURSO)

Para as familias

- Coñecer as normas de uso do préstamo de fondos. (INICIO DE CURSO)
- Facer uso do sistema de organización dos fondos nos andeis.(TODO O CURSO)
- Coñecer a existencia da diversidade de tipos de texto cos que contamos na biblioteca.(TODO O CURSO)



- Recibir información de interese acerca da importancia da lectura, como ler para o alumnado, como recoller información para un proxecto para que logo o poida comunicar o alumnado...(TODO O CURSO)

Para o profesorado

- Manexar o sistema de búsqueda de fondos na aplicación informática proporcionada pola Consellería: catálogo, ubicación e temáticas.(INICIO DE CURSO)
- Realización de préstamos individuais no programa informático organizador dos fondos, e proporcionado pola Consellería(TODO O CURSO)
- Realización de préstamos de lotes (aulas)(TODO O CURSO)
- Realización de prórrogas de préstamos(TODO O CURSO)
- Realización de devolucións individuais.(TODO O CURSO)
- Realización de devolucións de lotes(TODO O CURSO)
- Ter acceso virtual ás novidades adquiridas(TODO O CURSO)

RUTINAS DE LECTURA

En todas a aula levaranse a cabo lecturas diarias de diferentes tipoloxías textuais enmarcadas na lectura por desfrute ou para a adquisición de información.

Nas aulas de primaria levarase a cabo a hora de ler, cunha duración mínima de 15 minutos. Fomentarse que en todas as aulas se leven a cabo polo menos unhas actividade de lectura en familia ao trimestre.

RECURSOS HUMANOS

Teremos un equipo integrado, a priori, por 5 persoas das cales unha será a responsable e as outras 4 dinamizadoras. Contando co resto do claustro como colaborador á hora de levar a cabo as propostas, de amplialas, suxerir a adquisición de fondos, a introdución de melloras e participarna avaliación.

Faremos reunións frecuentes de dito equipo para debater propostas, melloras e comunicalas ao resto do profesorado. Estas xuntanzas deberían ter un carácter mensual como mínimo.

As tarefas do equipo serán as seguintes:

- Catalogación de novos fondos.(TODO O CURSO)
- Presentación das actividades recollidas no proxecto ao claustro.(INICIO DE CURSO)
- Publicación no blog das actividades relacionadas co uso dos fondos da biblioteca, coa xeración de gusto pola lectura, do hábito lector e coas conmemoracións vinculadas a este equipo.(TODO O CURSO)
- Levar a cabo a adquisición de novos fondos tendo en conta as necesidades da biblioteca e da aula.(TODO O CURSO)
- Revisar e modificar, se é o caso, os criterios de préstamo a alumnado e



profesorado.(TODOO CURSO)

- Elaborar carteis informativos para as aulas nos que se recollan as normas de organización e uso das bibliotecas de aula.(INICIO DE CURSO)
- Deseñar o proxecto anual e a memoria final da biblioteca.
- Elaboración e/ou difusión de documentos divulgativos relacionados coa biblioteca. (lectura, escritura, ABP, alfabetización informacional..)(TODO O CURSO)
- Elaboración do plan de formación de usuarios (TODO O CURSO)
- Posta ao día do blog (TODO O CURSO)
- Deseño de pautas de catalogación e empréstimo (INICIO DE CURSO)
- Pautas de organización de lectura en familia. (INICIO DE CURSO)

197

O equipo da biblioteca continuará coa súa formación anual. Contamos para iso cos encontros PLAMBE, as xornadas de bibliotecas escolares e formacións específicas. Plantexarase a principio de curso a participación nunha liña de traballo no PFPP do centro vinculada á biblioteca, iniciada no curso 2018/2019. (Interrumpida este ano).

AVALIACIÓN

A avaliación estará a cargo do equipo de dinamización e será continua e formativa. Esta terá tres eixos globais de análise:

- Faise un uso habitual dos fondos por parte do profesorado para dinamizar as bibliotecas de aula?
- O espazo da biblioteca de aula é empregado polo alumnado de modo habitual e condesfrute?
- Empréganse nas aulas materiais bibliográficos non literarios?
- Realízase o préstamo de libros desde as bibliotecas de aula?
- A biblioteca dispón de suficiente e variada bibliografía informativa e expositiva?
- As actividades propostas fomentan o coñecemento de textos variados e o gusto pola lectura?
- Foméntase a participación das familias tanto nas propostas da biblioteca central como nas das bibliotecas de aula?
- Ofrécese información á comunidade educativa acerca dos fondos da biblioteca?
- Os materiais informativos elaborados e/ou divulgados repercuten na comunidade educativa?
- As accións encamiñadas á formación de usuarios son suficientes e efectivas?

Durante o curso faremos reunións mensuais para analizar como se vai integrando o proxecto nas aulas, revisar os traballos feitos e expoñer novas actividades. Iranse anotando os aspectos positivos e os mellorables da posta en práctica do proxecto.

Cando remate o curso farase unha avaliación na que se revisarán os obxectivos e o



grado de consecución dos mesmos consultando a opinión do claustro.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

As actividades que propoñemos, serán regulares e continuas e estarán incluídas nos proxectos curriculares.

En educación infantil farase especial énfase na animación á lectura, no descubrimento dos libros e da biblioteca, así como na implicación das familias na adquisición do hábito lector.

No primeiro ciclo de educación primaria buscarase afianzar o hábito lector, descubrir a biblioteca como fonte de documentación e animación así como o coñecemento de outros ámbitos de lectura e documentación. Terán un carácter globalizado afectando a todas as áreas.

Iniciación da creación dun pequeno espazo de intercambio de bibliografía (revistas, libros e música), no que poderán participar o alumnado e as súas familias, así coma o propio profesorado. Procurando colaborar así no fomento da lectura entre toda a comunidade educativa

SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES. CALENDARIO DE ACTUACIÓN.

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
- Ampliar fondos da biblioteca, tanto de material bibliográfico como audiovisual	DURANTE TODOCURSO

- Levar a cabo a mochila viaxeira, na que os alumnos e alumnas levan para a casa textos diferentes dos que teñen na aula.	DURANTE TODOCURSO
- Realizar a actividade da maleta viaxeira, que vai de escola a escola cada 2 meses con diversos contos, marionetas e material audiovisual.	DURANTE TODOCURSO
- Rotación de caixas con fondos bibliográficos de un modo trimestral en escolas.	DURANTE TODOCURSO

As bibliotecas de aula teñen moita importancia no noso centro de dispersión do mesmo.
É a través delas que como poñemos ao alumnado en contacto coa biblioteca do centro,



facendo o préstamo de fondo de modo manual nas mesmas.		
- Sesións de lectura diarias en infantil e primaria cunha duración non mais de 15 minutos.		DURANTE TODO CURSO
- Emprego dos encerados dixitais para actividades de lectura visionado de contos, facer actividades delectoescritura...		DURANTE TODOCURSO
- Realizar diferentes contos dixitais nas PDI's.		DURANTE TODOCURSO
- Subir ó Blog da biblioteca, CRATECA, tódalas actividades realizadas relacionadas con contos, obras de teatro...		DURANTE TODOCURSO
- Propostas de lecturas temáticas nas diferentes conmemoracións		DURANTE TODOCURSO
ACTIVIDADES		TEMPORALIZACIÓN
- Realizar un libro viaxeiro Cada semana un alumno ou alumna leva para a casa o libro.		DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE
- Mochila temática con material expositivo para buscar información sobre a flora e fauna.		DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE
- Representar obras de teatro con marionetas.		DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE
- Facer representacións de diferentes contos lidos na aula.		DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE
- Elaboración por parte das familias dos burros de entroido .		DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE
- Día de Rosalía.	DURANTE O PRIMEIRO SEGUNDO TRIMESTRE	
- Celebrar a semana da prensa	DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE	
- Día da poesía	DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE	
- Realizar saídas a algunha obra teatral.	DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE	
- Recomendacións lectoras interaulas con motivo do día do libro.	DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE	
- Celebración do día das letras galegas	TERCEIRO TRIMESTRE	
- Día do Medio Ambiente (recomendacións lectoras para concienciar e fomentar o interés polo coidado do medio ambiente)	TERCEIRO TRIMESTRE	



12. PLAN DIXITAL

Índice do Plan Dixital

Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

200

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

Introdución

Datos básicos do centro

Datos do centro:

Denominación: **CRA Boqueixón – Vedra "Neira Vilas"**

Domicilio: **Centro Sociocultural Camilo José Cela. Vilar s/n– 15881 Lestedo (Boqueixón)**

Tlf/Fax: **616440471**

Páxina web: **<http://www.edu.xunta.gal/centros/cra.boqueixonvedra/>**

Correo electrónico: **cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es**

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- O horario de atención ao público na Sede do CRA en Lestedo é: - Setembro.- Todos os días antes do inicio do curso, en horario de 9 a 14. O resto do curso é os martes de 15 a 16 e mércores de 9 a 14. En xuño e xullo, durante o período non lectivo, a atención será de 9 a 14 h de luns a venres.



NÚMERO DE UNIDADES EN FUNCIONAMENTO:

Actualmente o CRA ten sete unidades por catálogo e 7 unidades, 6 creadas e unha habilitada; das cales en tres delas se escolarizan alumn@s de 2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria e nas tres restantes alumnado unicamente do 2º ciclo de educación infantil.

ESCOLAS	UNIDADES	ALUMNADO
CEIP DE SARANDÓN(4ºE.I a 2ºPrimaria)	1	10
CEIP DE SAN FINS(4ºE.I a 2ºPrimaria)	1	11
EEI DE SAN XIAO(4ºE.I a 2ºPrimaria)	2	10+14
EEI DE SERGUDE(4º E.I a 6ºE.I)	1	18
EEI DE LESTEDO(4º E.I a 6ºE.I)	1	12
EEI DE CAMPORRAPADO(4º E.I a 6ºE.I)	1	10

201

PROFESORADO: 14 mestres: 7 titores/as, 2 mestras de apoio e 5 especialistas

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A. CONTORNO ESCOLAR

Xeograficamente os centros que compoñen este CRA están situados nos concellos de Boqueixón e Vedra: 3 escolas no primeiro concello, nas parroquias de Lestedo, Sergude e Camporrapado; e 3 escolas no concello de Vedra, nas parroquias de San Fins de Sales, San Xulián de Sales e San Miguel de Sarandón.

A actividade económica dos municipios está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios, agricultura e gandería, na que se ocupa gran parte da poboación activa. Tamén cabe destacar a existencia de importantes industrias manufactureiras nas que moitos dos pais e nais de alumnos/as están traballando, destacando á escola de Camporrapado.

A poboación pódese catalogar de clase media. A finais dos anos 90 comezaron a construírse urbanizacións nas que viven persoas de clase media-alta. As profesións que predominan son funcionarios, seguido de obreiros e asalariados.

En relación á nosa relación co contorno, dicir que con ámbolos dous concellos establecemos lazos de comunicación fluídos e ademais realizamos varios proxectos en conxunto como poden ser o proxecto intercultural, a semana da ciencia e a celebración do día do libro.

B. ESPAZOS E MATERIAIS



Cada unha das escolas ten uns espazos e materiais diferenciados polo que a continuación pasaremos a explicar os recursos materiais dos que dispoñemos en cada unha das escolas así como na sede administrativa do centro.

- **EI de Camporrapado:** A escola de Camporrapado ten unha unidade na planta superior na están alumnos/as de 3, 4 e 5 anos. Na aula da planta inferior é onde se levan a cabo as especialidades de EF e os recreos a cuberto cando chove moito, pois desde o curso pasado contamos cunha cuberta no patio da escola que nos permite facer os recreos fóra cando chove. Contamos cun pequeno almacén no que se gardan materiais de psicomotricidade, mobiliario excedente e os xogos do patio. Precisamente en relación ao patio dicir que contamos cun patio cuberto por un teito colocado no curso 2020-2021 de amplas dimensións no que están situados un areeiro, uns columbios e unha casa de madeira, o cal foi renovado e acondicionado no curso 2015-2016. En canto ás aulas as dúas contan con conexión a internet, material didáctico vario (quebracabezas, regretas, libros, construcións...), unha PDI, unha biblioteca de aula e o mobiliario oportuno para desenvolver a actividade docente. Estas características fanse extensibles ao resto das escolas do CRA. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente.

- **EI de Sergude:** esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. O patio é exterior, o cal foi acondicionado polo Concello no curso 2009-2010 e consta de columbios, bambán, tobogán e areeiro. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto fachada exterior, carpintería, acabados, calefacción,..

- **EI de Lestedo:** esta escola conta con 2 aulas, nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas. A planta de abaixo conta cun pequeno almacén onde se gardan os xogos do patio e o material de limpeza, un baño e tamén hai outro local o cal lle solicitamos o Concello a súa rehabilitación para empregalo como patio cuberto e tamén para impartir a clase de EF. O patio exterior foi acondicionado polo Concello con chan de cortizo, bambáns e areeiro fai varios anos pero no curso 2020-2021 engadíronlle un teito para poder baixar ao patio cando chove. Esta escola foi totalmente rehabilitada no curso 2016/2017 nun Proxecto de Mellora dentro do PAS tanto exterior coma interiormente

- **EI de San Xiao:** dende fai sete cursos nesta escola temos unha unidade de infantil e outra de primaria, ademais conta cun patio exterior, que no curso 2009-2010 foi acondicionado cun pequeno espazo con xogos exteriores.

Dicir que esta aula sufriu un cambio notable fai tres cursos, xa que se levou a cabo unha remodelación e acondicionamento da mesma. No ano 2014 o Concello solicitou unha desafectación das vivendas desta escola e propuxo un proxecto de mellora para a escola. Renováronse os baños e o recibidor. Fai dous cursos remataron as obras na parte de arriba polo que dedde o pasado curso xa está a disposición da escola. Deste



xeito unha das aulas superiores empregariámola como aula de psicomotricidade e Educación Física e tamén contamos alí cos despachiños para A.L e P.T

- EEI de San Fins: Conta con dúas aulas: nunha delas desenvólvense as actividades de psicomotricidade e educación física e actividades puntuais diversas, mentres que na outra aula é onde se desenvolven a maioría das actividades educativas da titora e dos mestres/as especialistas Esta escola ademais conta cun patio exterior. Este patio foi acondicionado polo Concello no curso 2014-2015. A segunda aula desta escola foi reformada no curso 2020-2021, e a parte desta reforma se nos cedeu o uso da sala social que está na parte traseira da escola, bastante máis ampla e donde agora se realizan as clases de EF e psicomotricidade.

CEIP de Sarandón: esta escola conta cunha unidade con cinco niveis e unha segunda aula donde se realizan actividades de psicomotricidade e educación física. Conta tamén cun patio exterior dotado con diferentes xogos nos que os pais e nais da escola estiveron moi implicados por conseguir xunto co centro e o concello. Deste xeito, hai tres cursos estrearon patio novo, ademais de acadar melloras como as portas e as fiestras na parte de arriba da escola. O ano pasado por mor da Covid e a necesidade de ventilar as escolas, abríronse ventanas novas na aula de abaixo

B CONTRIBUCIÓN DO PD AO PROXECTO EDUCATIVO

- Este proxecto dixital ten como obxectivo principal dinamizar e mellorar tanto o traballo dos docentes como do alumnado do CRA e a relación tanto coas familias coma cos Concellos e outras entidades externas ao centro dun xeito máis reglado.
- En todos os ámbitos escolares os e as docentes somos referentes e facilitadores de aprendizaxe pero máis se cabe nas idades do noso alumnado. Coa nosa dedicación ao ensino necesitamos unha competencia dixital xeral e tanto para a vida como para o ensino
- Xa contamos cunha boa dinámica dixital no centro pois a maioría das escolas dispoñen de conta de instagram propia, empregamos a páxina web do centro de xeito informativo con toda a comunidade educativa ao igual que o Abalar móvil. Contamos tamén con blogs propios como o Rukutrú e o Crateca no que colgamos as actividades realizadas nas escolas e pertencemos a "Rede escolas Conectadas", a nosa NUBE, coa que dispoñemos dun espacio propio para o traballo do profesorado e un espacio propio e seguro para que o alumnado poda acceder a aqueles contidos dixitais que consideramos máis axeitados en cada momento educativo. En todas as escolas contamos tamén con robots para traballar na programación e realizar distintas actividades ao longo do ano en función dos proxectos que se está na realizar no centro e empregamos tamén as tics para apoiar a atención á diversidade na aula ofrecendo actividades adaptadas ao nivel de competencia, intereses e necesidades de aprendizaxe de cada alumno/a
- . Toda esta actividade dixital que se está a realizar ten carácter educativo e formativo de cara ao alumnado e ás familias, pois pretendemos que



aprendan a empregar as novas tecnoloxías dun xeito seguro para todos e todas.

- De cara ao vindeiro curso, este Plan Dixital pretende conseguir unha maior e mellor formación docente e discente en tics, aplicación de edición de videos, incorporarnos a novas comunidades en rede educativas e colaborativas, mellorar a funcionalidade dos nosos equipamentos tanto desde o propio centro nun primeiro momento como de xeito externo no caso de que sexa necesario e sempre mirando cara o mellor aproveitamento destas novas tecnoloxías por parte do noso alumnado e conseguir unha maior formación e aproveitamento delas na aula para a súa aprendizaxe.

Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do



proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

205

Proceso de elaboración

Desde o inicio deste proceso, xuntámonos un equipo de 5 mestras para formarnos, debatir e poder levalo a bo fin.

A directora, como coordinadora do equipo, foi a encargada de manter contacto directo co Asesor Adix da nosa zona para a elaboración de dito Plan.

Iniciamos tamén a liña do Plan Dixital dentro do PFPP de Centro conformado polas mesmas persoas que o equipo do Plan Dixital de Centro e participamos en todas e cada unha das formacións que se nos ofreceron.

1. Rexistro en Selfie e elaboración dos cuestionarios.
2. Resposta do profesorado e equipo directivo a este cuestionario
3. Test CDD.- Realizado para coñecer o nivel de competencia dixital de cada mestre do centro.
4. Elaboración do DAFO a partir dos resultados do SELFIE
5. A partires do DAFO realización do Plan de Acción cos obxectivos a realizar para o vindeiro curso.
6. Elaboración do Plan Dixital do Centro con toda esta información.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro está conformado por seis escolas e sete aulas de ámbito rural. A conexión a internet é por fibra desde o ano pasado.

Somos o CRA do que xurdiu a "Rede de Escolas Conectadas" da Xunta, pois nun principio foi un proxecto pioneiro dunha nai dunha das nosas escolas cando aínda non existía o whatsapp. (Rural School Computingo do Cesga).

Estivemos varios anos loitando para conseguir unha mellor conexión e aínda que se conseguiu, nalgunha das escolas pola súa ubicación a conexión é moi variable como ocorre na escola de San Xian na que case non hai cobertura móvil.

- En xeral a nosa infraestrutura dixital componse por ordenadores de mesa, portátiles, tablets, , cámaras web, cañóns e pizarras dixitais en todas as escolas, algún do 2009. Tamén contamos con ordenadores nas escolas cedidos polas familias, tablets mercadas pola Anpa que resultaron de moi



mala calidade, portátiles, tablets, lectores de dvd externo mercados polo centro. En todas as escolas contamos con fotocopiadora e impresora a cor mercadas polo propio centro.

- A maioría dos ordenadores de mesa para o alumnado está obsoleto e non poden coas aplicacións que queremos empregar ou tardan medio día en abrir ou fan un ruído tan forte que é case imposible traballar nel concentrados.
- En todas as escolas contamos con móbiles cedidos polos Concellos pero que non contan con capacidade xa nin de almacenamento para poder empregar aplicación educativas neles nin tan sequera capacidade para o whatsapp da escola.
- Contamos con conexión por cable en todas as escolas e por wifi a través de edu.xunta.es, pero moitos dos portátiles non poden con esta e non podemos empregar internet neles.
- Contamos con ordenadores de mesa para dirección e secretaría así como un portátil específico tamén para biblioteca. Na sede contamos tamén a nivel administrativo cunha fotocopiadora, impresora multifunción enviada pola Xunta no ano 2021 e outra a cor mercada polo centro.
- O propio profesorado se encarga do mantemento dos materiais e do seu funcionamento. Axudámonos entre todos/as ata donde podemos e despois comunicámonos coa UAC abrindo as incidencias pertinentes. Como parte do material informático que temos non foi enviado pola Consellería senon que se mercou cos cartos dados polo seguro despois dun roubo en dúas escolas, e este non é atendido pola UAC, tivemos que pedir axuda externa técnica para poder arranxar os problemas cando non podíamos facelo desde o centro.
- Servizos dixitais educativos:
 - Páxina web do centro empregada para manter informada á Comunidade educativa
 - Blog do centro: Rukutrú, onde colgamos as actividades xerais do Cra e individuais das escolas, das especialidades, do Proxectos dos que formamos parte como o Plan Proxecta
 - Rede de Escolas Conectadas,- A nosa nube, na que o profesorado comparte e move toda a súa documentación pois é un recinto pechado e seguro, e o alumnado pode traballar e divertirse de xeito seguro tanto desde a escola como desde as súas casas nos escritorios creados para eles e coas actividades que se colgan neles cada certo tempo
 - 4 das 6 escolas contan con Instagram
 - Páxina de Facebook que empregamos para compartir información importante como os períodos de admisión, matrículas, actividades extraescolares
 - Abalarmóbil.- Emprégase tanto para enviar as cualificacións ás familias como para enviar información corporativas de interese para as familias, comunicación das faltas, incidencias...
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:



- Plan de continxencia.- <http://www.edu.xunta.gal/centros/craoqueixonvedra/?q=taxonomy/term/99>
- Plan TICS.- <https://escolasnube.edu.xunta.gal/desktop/#/>

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Neste cuestionario participou o 100% do equipo directivo e o 100% do profesorado. O noso alumnado non pode participar por ter menos de 8 anos.

207

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	2				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					

Test CDD: Amosamos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	13	61,5%
PROVISIONAL			
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	4	4	100%
DESPRAZADO			



2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,8	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I	<u>96,2</u>	<u>Integrador/a</u>	66,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRIM.	<u>67,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	77,3	<u>Integrador/a (B1)</u>

208

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	46,2%
B1	4	30,8%
B2	2	15,4%
C1	0	0
C2	1	7,7%
TOTAL	13	100,1%

Dos 13 docentes que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 6 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 46,2%
- 4 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 30,8%

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.



INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza	Insuficientes dispositivos para o alumnado
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer	Falta a reflexión sobre o aprendizaxe e a autoavaliación
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais	Non disposición de dispositivos para o alumnado
	FAMILIAS	Rápida adaptación ás modificacións dixitais realizadas	Falta de tempo, medios e dunha conexión axeitada
	OFERTA	O centro educativo ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados	O profesorado ten escasa participación en redes profesionais
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Empregamos novas modalidades de ensino. O profesorado colabora dentro da escola para o uso da tecnoloxía dixital	Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación nos seguintes aspectos: autoavaliación e avaliación entre iguais, destrezas dixitais, autoaprendizaxe, competencias, actitudes, uso e licencias abertas e software libre



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural	Non temos asistencia técnica eficaz
	LEXISLACIÓN	Sí se coñecen os dereitos de autor	Insuficiente tempo para trasladar á aula os cambios metodolóxicos
	CONTORNA	O centro mantén unha comunicación moi activa, regular e ben organizada coas familias e a contorna	Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet
	ANPA	Disposición para axudar no que sexa necesario deixándonos equipos, mercando tablets..	Non existen extraescolares no centro xestionadas pola Anpa. Realízase a través do Concello
	OUTRAS ENTIDADES	Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente	Non existen repositorios en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe (no momento de responder este cuestionario)

210

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Unha vez obtidos os resultados da análise do DAFO, o Equipo do Plan Dixital e do PFPP reúnese para estudialo, analízalo, debatilo e poder así establecer as áreas prioritarias e establecer os obxectivos que queremos conseguir os cales terán que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal

Con estes obxectivos pretendemos chegar a un 100% de éxito o cal terá se reflexa nos indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Determinamos as acción a levar a cabo para conseguir cada obxectivo, eliximos os responsables das mesmas e acordamos unha temporización e determinamos os recursos necesarios

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Pertencendo a Rede de Escolas Conectadas cabe destacar que a nosa infraestructura de datos podémola considerar como moi boa, sobretodo tendo en conta que estamos no rural.

De car á telefonía móbil, dependemos par esta cuestión dos concellos de Vedra e Boqueixón pois somos un CRA.



De cara ao vindeiro curso termeos que solicitar aos Concellos unha mellora nos dispositivos móbiles das escolas pois os mesmos non disponen de memoria suficiente e nos están a dar bastantes problemas.

As Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, están reflectidas nas táboas abaixo indicadas e canalizarémolas a través da UAC, formarémonos no PFPP do centro para poder mellorar e ter unha mellor visión das posibilidades de mellora e actualización.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

211

Área/s de mellora: C- Infraestructura e equipos						
OBXECTIVO 1: (1)	Actualizar os dispositivos dixitais do CRA (C8*)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Porcentaxe de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados					
Valor de partida: (3)	0% de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados					
Valor previsto e data: (4)	75% de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados		21/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIBIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN (9)		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades de cada equipo	Persoa coordinadora das TIC	1/11/2022	Tempo no horario do docente		Realizada Aprobada Pendente	
AO1.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos	Persoa coordinadora das TIC. Persoa	15/12/2022	Tempo no horario do docente		Realizada Aprobada Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 2:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida:	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)					



Valor previsto e data:	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)	30/6/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A02.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Equipo directivo	31/10/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Equipo directivo	31/5/2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente

rea/s de mellora: C- Infraestrutura e equipos					
OBXECTIVO 3:	Establecer unha liña de formación no PFPP sobre edición de vídeo utilizando programas de código aberto				Acadado
Responsable:	Dirección-Xefatura de Estudos/Secretaría				Non
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	PFPP con liña de formación en edición de vídeo con código aberto.				
Valor de partida: (3)	0 liñas de formación en edición de vídeo con código aberto.				
Valor previsto e data: (4)	1 liña de formación en edición de vídeo con código aberto	21/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA	
				VALORACIÓN DA	ESTAD
AO3.1: Formarnos en GT ou seminario para coñecemento de aplicación editores	Dirección/Profesorado	31/10/2022	Solicitud ao CAFI do PFPP		Realiz
					Apraz
					Pend
AO3.2: Aprender e valorar as aplicación e as súas posibilidades na	Equipo Tic/Dinamizadores do Plan	31/05/2023	Docentes do PFPP Predisposición dos titores e Mestres a aprender		Realiz
					Apraz
					Pend
AO3.3: Usar sistematicamente o software escollido	Todo o claustro e o alumnado	21/06/2023	Dispositivos, internet, aplicacións, responsabilidade e		Realiz
					Apraz
					Pend



Área/s de mellora: C- Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 4:	Mellorar a asistencia técnica				Acad	
Responsable:	Dirección-Xefatura de Estudos/Secretaría				Non	acad
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Establecer protocolo					
Valor de partida: (3)	0 incidencias resoltas					
Valor previsto e data: (4)	1 incidencia resolta por escola		21/06/2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN (9)		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Debater sobre a necesidade de resolver as incidencias técnicas	Mestres/as /especialistas	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Redactar un protocolo	Equipo Directivo/ Titores/Especialistas	Decembro 2022	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3:Aplicar o protocolo	Todo o claustro e o alumnado	21/06/2023	Registro realizado nas escolas e cos especialistas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Valoraremos o logro dos obxectivos como se indica nas táboas e realizaremos as pertinentes propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital darase a coñecer en primeiro lugar ao Claustro e ao Consello Escolar no derradeiro Claustro e Consello do Curso e integrarase tanto no PEC como na Programación Xeral anual pois será de obrigatoria revisión anual.

Darase a coñecer ás familias e a toda a Comunidade educativa a través da nosa Páxina Web e do Abalarmóbil, ao igual que na primeira reunión xeral que se ten a principio de curso con todas as familias para darlles a coñecer as liñas de traballo,



as normas de organización e funcionamento do Centro e todos os nosos Proxectos Educativos

13. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS ESPECÍFICAS DO PLAN DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

No anterior punto 7 apartado D) xa facemos mención de que participamos no **Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable, na submodalidade Xogade**.

Este Proxecto, converteuse na nosa principal fonte de inspiración para converter ao noso centro e toda a súa comunidade educativa nun CENTRO SAUDABLE, e por iso o noso PFPP titulábase así "Emocionalmente saudables".

214

INTRODUCCIÓN

No CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" consideramos que para favorecer un correcto desenvolvemento do noso alumnado, a adquisición de hábitos saudables como a adopción dunha dieta equilibrada ou a realización de actividade física diaria son fundamentais.

A través das áreas de Psicomotricidade e Educación Física encargámonos de transmitir esta mensaxe e de facer propostas para garantir o seu tratamento, pero somos conscientes de que a súa carga horaria é limitada e que, debido á súa importancia, estes contidos deben ser tratados de maneira global quedando implicadas todas as áreas do currículo.

Así mesmo, a implicación de toda a comunidade educativa será fundamental para garantir a súa continuidade fóra da escola. Por este motivo consideramos interesante continuar participando no Proxecto de Vida Activa e Deportiva pertencente ao Plan Proxecta e na súa modalidade XOGADE neste curso 2022/2023. Aportándolles información de interese e diferentes recursos que amplíen o seu espectro de xogos e posibilidades de práctica de actividade física, pretendemos que o noso alumnado adquira unha certa autonomía e seguridade para enriquecer o seu tempo de lecer con prácticas saudables.

Favoreceranse as relacións interpersoais traballando de xeito coeducativo e evitando estereotipos sexistas, mellorando a súa autoestima, a afectividade e a capacidade para solucionar os conflitos que poidan xurdir, contribuíndo desta maneira ao desenvolvemento de competencias coma a CSIEE, CCEC, CSC ou CAA, sen esquecer a Competencia Motriz.

OBXECTIVOS

1. Coordinar a todo o profesorado para garantir o tratamento da adquisición de hábitos de vida saudables en todas as áreas do currículo.
2. Informar e implicar ás familias para que se corresponsabilicen na adquisición de hábitos saudables das súas fillas e fillos.
3. Aumentar o tempo de práctica de actividade física diaria do alumnado no centro.



4. Acadar que o alumnado enriqueza o seu tempo de lecer coa práctica de actividade física e deportiva.
5. Desenvolver hábitos de alimentación saudables.
6. Fortalecer as capacidades de autonomía e iniciativa persoal do alumnado a través da adquisición de hábitos de vida saudables.
7. Facilitar o coñecemento por parte do alumnado dun amplo abano de xogos, deportes e actividades como recurso para enriquecer o seu tempo de lecer.
8. Coñecer as posibilidades de práctica deportiva ou de actividade física da contorna.
9. Afondar nas nosas raíces culturais a través da busca e práctica de xogos populares e danzas tradicionais galegas.
10. Impulsar a función inclusiva e de cohesión social do deporte e da actividade física, mellorando así a convivencia no centro.
11. Dotar ao alumnado dunha competencia motriz necesaria que lle permita adaptarse a diferentes situacións de práctica lúdicodeportiva, así como outras da súa vida diaria.
12. Desenvolver as diferentes competencias clave a través das accións levadas a cabo neste proxecto.

ORGANIZACIÓN

Todas as escolas do CRA participarán activamente neste proxecto coordinado pola mestra de Educación Física. As mestras especialistas dende as súas áreas tamén favorecerán o desenvolvemento do mesmo.

Todas as actividades complementarias e extraescolares ao igual que as realizadas na clase deberán ter un carácter "saudable en toda a amplitude do seu significado. De maneira máis concreta aproveitaremos tanto as sesións de Psicomotricidade e Educación Física coma os recreos, a través das parvas e dos patios lúdicos, para fomentar a adquisición de hábitos de vida saudable por parte do alumnado, aportándolles recursos variados que lles permitan enriquecer o seu tempo de lecer así como pautas para poñelos en práctica de xeito autónomo e seguro.

Fomentaremos a participación do noso alumnado de primaria no programa XOGADE nas modalidades deportivas de campo a través e atletismo en pista para dar a coñecer novas posibilidades de práctica deportiva e facilitar a posibilidade de vivir novas experiencias ao redor deste deporte, se as restricións pola situación sanitaria que estamos a vivir permiten a súa realización.

Así mesmo colaboraremos coas entidades deportivas dos concellos onde se atopan situadas as escolas do CRA para dar a coñecer á nosa comunidade educativa a súa oferta e tentar aumentar desta maneira o tempo de práctica de actividade físico-deportiva fóra da escola.



Aproveitaremos a presenza dos hortos escolares para introducir información arredor da importancia de adoitar unha dieta equilibrada e dos beneficios do consumo dos alimentos de produción ecolóxica.

Nesta mesma liña buscaremos a colaboración das familias na realización das parvas saudables aumentando na medida do posible o consumo de froita, reducindo o de alimentos procesados e eliminando o consumo de bolos industriais. Ademais continuaremos participando no programa de froita e leite na escola FOGGA debido ao éxito acadado o ano pasado.

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase trimestralmente facéndoa coincidir coa do final do mesmo para así poder valorar as actividades realizadas e ter en conta posibles melloras para vindeiras ocasións.

Ao final do curso realizarase unha memoria sobre o proxecto no que se reflectan os obxectivos acadados e as modificacións necesarias para conseguir unha maior efectividade do mesmo na nosa comunidade educativa.

Para avaliar este proxecto, teremos en conta os seguintes criterios:

1. Grao de motivación e sensibilización do alumnado pola incorporación de hábitos de vida activa e saudable.
2. Mellora da inclusión e da convivencia no centro a través da práctica deportiva.
3. Grao de participación do alumnado no programa de Xogos Deportivos Galegos en Idade Escolar (XOGADE), así coma o desenvolvemento de actividades paralelas dentro do horario lectivo para incorporar, no día a día, os hábitos de vida activa e saudable.
4. Difusión das actividades do Proxecto de Vida Activa e Deportiva do centro a toda a comunidade educativa empregando diferentes tipos de formatos físicos e tecnolóxicos.
5. Calidade e adecuación das actividades propostas ás idades e intereses do alumnado e ao traballo das Competencias Clave.
6. Participación e colaboración das mestras e mestre do centro.
7. Adquisición e logro dos obxectivos propostos dirixidos tanto ao alumnado, como ao profesorado e ás familias.

14. CENTROS PLURILINGÜES

Somos un CRA Plurin infantil, o primeiro CRA en ser Plurin infantil dende que se iniciou a andaina do Plurilingüismo en Galicia.

Tamén somo centro con seccións Bilingües en Primaria, pois contamos no centro con alumnado de primeiro e segundo de primaria.



PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL PARA O 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (SECCIÓN BILINGÜES)



217

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

1. PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE
2. OBXECTIVOS PROPOSTOS
3. OS CONTIDOS E A SÚA SECUENCIACIÓN
4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS
5. A CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS
6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
7. EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS
8. RECURSOS
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
10. ACTIVIDADES
11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
12. UNIDADES DIDÁCTICAS



1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O Claustro de profesores do Centro, de acordo coa Orde do 12 de Maio do 2011, decidiu impartir en inglés os contidos correspondentes á disciplina non lingüística de Ed. Artística, e máis en concreto da área de Plástica.

Dado que neste centro aplicouse o proxecto de anticipación da lingua inglesa dende o curso escolar 2006 ata a aprobación do currículo de educación primaria xogamos coa vantaxe de que os nenos xa teñen certa familiaridade co idioma, de feito xa coñecen o vocabulario da maior parte do material e expresións que se poden empregar nesta materia posto que temos feito actividades deste tipo nas sesións de Inglés, sendo a experiencia altamente positiva. Polo que a finalidade do proxecto sería reforzar a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás en dita lingua, co fin último de garantir unha formación integral que contribúa o pleno desenrolo da personalidade dos alumnos e preparalos para o uso correcto e fluído da lingua inglesa en situacións cotiás da mesma. Así mesmo tamén se levou a cabo no centro un proxecto intercultural que leva por título "*O meu, o teu, o noso*". Coa axuda devoluntarios europeos achegouse aos alumnos/a a outros países, a outras linguas e a outras culturas, co obxectivo de que valoren as diferenzas culturais que temos no mundo, valorando así mesmo a súa propia. Este proxecto, que foi levado a cabo pola mestra de Música e directora do centro no curso 2018-2019, non puido desenvolverse nestes últimos cursos debido as medidas adoptadas para evitar a propagación do COVID 19.

A elección da área de Plástica para o ensino do inglés está motivada porque ao tratarse dunha materia de carácter manipulable e creativa, á que o alumnado asisteben predisposto, crease unha atmósfera de traballo relaxado e agradable que favoreceas situacións comunicativas e daquela o uso do inglés.

Este tipo de aprendizaxe, asociada a actividade manual está especialmente vinculada aos primeiros ciclos da Ed. Primaria polo que os nen@s ampliarán de maneira progresiva e do mesmo xeito que interiorizaron a língua materna o uso da nova lingua nun ámbito educativo cheo de sentido.

2. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE DURANTE O CURSO 2022 - 2023

2.1 PROFESORADO

Profesorado participante:

Purificación Rodríguez Otero

Coordinadora do proxecto:

Purificación Rodríguez Otero, mestra de lingua inglesa do centro

Este ano contaremos coa colaboración dunha auxiliar de conversa de



nacionalidade india.

2.2 ALUMNADO

Participarán no proxecto 21 alumnos/as de 1º ciclo de EP, 11 de 1º curso e 10 de 2º, coaseguite distribución por escolas:

- Escola de Sarandón: 8 alumnos/as, 3 de 1º curso e 5 de 2º.
- Escola de San Xian: 9 alumnos/as, 4 de 1º e 5 de 2º.
- Escola de San Fins: 4 alumnos/as de 1º

219

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de

acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos,

que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as

persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá así como a lingua

cooficial da nosa Comunidade Autónoma, o galego, e desenvolver hábitos de lectura.

- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa

básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e dese

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na



resolución de

problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer e valorar a súa contorna natural, social e cultural, así como as

posibilidades de acción e coidado.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico diante das mensaxes que recibene elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o

desenvolvemento persoal e social.

- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos

prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3.2 Obxectivos específicos da área

Usando o inglés como chave principal neste proceso de ensino - aprendizaxe, propoñemos como obxectivos os seguintes:

- Distinguir a cor: tonalidades, matices, combinacións
- Distinguir na forma: tamaño, dimensións, proporcionalidade
- Recoñecer as seguintes figuras xeométricas: círculo, triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e elipse.
- Trazar liñas curvas e liñas rectas
- Empregar instrumentos, técnicas (Recorte, picado, pegado, modelado, ensamblaxe) e materiais plásticos.
- Empregar esquemas para debuxar.
- Adquirir nocións espaciais
- Aplicar procesos na elaboración de obras plásticas



- Aplicar distintas técnicas (Recorte, picado, pegado, modelado, ensamblaxe)
- Manipular materiais diversos.
- Coñecer o vocabulario relativo á clase en inglés: coloured pencils, wax crayons, felt tip pens, glue,..., así como o relativo aos contidos a tratar: people and places,

animals and habitats, flowers, parts of the body,...

- Debuxar a figura humana, animais, cousas, plantas e o entorno natural (vales, mar, montañas, ríos)
- Comprender as indicacións que se dan en inglés. Paint, draw, colour in, cut out, glue, complete, copy, find, look at, trace, label, classify, work with a partner,

work in groups, make, decorate

- Esforzarse por crear formas cada vez máis personais
- Mostrar interés e respecto por outras producións artísticas (pintores famosos, compañeiros)
- Coñecer e expresar as emocións a través da arte.
- Coidar os materiais
- Mostrar respecto por outras culturas e pola lingua inglesa
- Desenrolar habilidades e destrezas plásticas.
- Favorecer a actividade grupal e o traballo cooperativo.
- Desenrolar hábitos de disciplina e orde nas producións plásticas.
- Valorar a importancia da linguaxe plástica como medio de comunicación.
- Distribuir de maneira adecuada os elementos plásticos nunha composición tendo en conta as relacións de medida entre as figuras e as formas que aparecen e

incorporando diferentes materiais.

4. OS CONTIDOS E A SÚA SECUENCIACIÓN

Respecto aos contidos, estes correspóndense cos específicos propios da Ed. Plástica, como as formas xeométricas, as cores, a luz e a sombra, a paisaxe, a figura humana, modelaxe con barro e plastilina,... A secuenciación e temporalización destes contidos poderán variar segundo a marcha do curso para adaptarnos aos traballos e proxectos propostos no centro, aos distintos temas tratados noutras áreas ou as celebracións (Nadal, Magosto, Entroido...) propostas como actividades extraescolares.



1º trimestre:

- Observación da obra de pintores famosos.
- O corpo humano
- O outono e o inverno
- Observación da representación das emocións en cuadros de pintores famosos.
- O Nadal
- Figuras xeométricas: círculo, triángulo, cadrado e rectángulo
- A cor: tonalidades, matices, combinacións.
- Misturas das cores amarelo e vermello para obter as cores do outono: laranxa e marrón. Emprego de cores claras e escuras.
- Vocabulario en inglés relativo á clase de plástica: coloured pencils, wax crayons, felttip pens, glue, colours, makers, brush,...
- Vocabulario en inglés: parts of the body, everyday things, materials,...
- Creacións relacionadas coa vida cotiá baseadas en figuras xeométricas
- Debuxo da figura humana
- Tamaños grande e pequeno
- Liñas curvas e rectas
- Estampados
- Diferentes materiais para collages
- Dereita e esquerda
- Texturas

2º trimestre:

- Observación da obra de pintores famosos.
- A primavera
- Animais: partes do seu corpo, hábitat, ...
- Plantas: partes, tipos, ...
- Diferentes hábitats: selva, granxa, bosque, mar,... Elementos naturais dos mesmos: deserto, río, montaña, océano, ...
- Emocións-
- O Entroido: carautas, antifaces, ..



- ☒ Medidas de lonxitude(long, short)
- ☒ A cor: tonalidades, matices, combinacións
- ☒ Mistura de cores co branco e o negro para obter tonalidades claras e escuras
- ☒ Recoñecer as seguintes figuras xeométricas: círculo, triángulo, cadrado, rectángulo erombo.
- ☒ Igual e diferente
- ☒ Preposicións: in, on, under, behind
- ☒ Formas xeométricas
- ☒ Collage
- ☒ Liñas curvas e liñas rectas
- ☒ Comprensión das indicacións que se dan en inglés. Paint, draw, colour in, cut,...

3º trimestre:

- ☒ Observación da obra de pintores famosos.
- ☒ O verán.
- ☒ As emocións-
- ☒ Técnicas: raiado, puntillismo, serigrafiado, goteo, estampado, composicións de debuxos con papeis,...
- ☒ Recoñecer as seguintes figuras xeométricas: círculo, triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e elipse.
- ☒ A forma: tamaño, dimensións, proporcionalidade
- ☒ A cor: tonalidades, matices, combinacións. Cores cálidos
- ☒ Emprego de esquemas para debuxar
- ☒ Adquisición de nocións espaciais
- ☒ Clasificación das formas naturais e artificiais do entorno.
- ☒ Liñas curvas e rectas
- ☒ Creación de mosaicos

5. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Tal e como se observa no epígrafe anterior, os contidos distribúense trimestralmente, abarcando aproximadamente catro ou cinco unidades didácticas



en cada trimestre, dependendo do número de horas lectivas de cada un. Concretando, sinalar que a duración de cada unidade didáctica será de 2 ou 3 sesións, sendo un tempo flexible para adaptarse ao desenvolvemento do grupo de alumnos e alumnas.

É necesario crear na aula un clima que facilite e propicie a aprendizaxe, polo que deben existir fluídas relacións de comunicación que contribúan a desenvolver actitudes positivas cara á aprendizaxe.

A organización do tempo será outro elemento a ter en conta dentro deste deseño ambiental que se realice da contorna educativa. É básico respetar os principios do desenvolvemento cognitivo e socio-afectivo, mantendo unha organización do tempo omáis natura posible, sen forzar o ritmo da actividade e mantendo determinadas constantes temporais.

A metodoloxía adoptada por min, como mestre, atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe, ás estratexias máis idóneas para cada contido, a súa propia preparación e aos recursos dos que dispoña, actuando sempre con flexibilidade.

6. A CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia Matemática

Esta competencia inicia aos alumnos nas habilidades matemáticas básicas, que lles permitirán construír o seu pensamento lóxico necesario para o desenvolvemento progresivo desta competencia. Os alumnos serán capaces de:

- Asociar conceptos matemáticos a situacións cotiás.

Empregar/seleccionar as operacións matemáticas para resolver un problema.

Realizar operacións de cálculo.

Realizar actividades de razoamento e de desenvolvemento da atención

- Utilizar os coñecementos de formas xeométricas para describir obxectos coñecidos.
- Manexar conceptos básicos nunha situación real

Autonomía e iniciativa persoal.

Esta competencia baséase no coñecemento de si mesmos que van construíndo os nenos a través da súa interacción co medio, cos seus iguais e cos adultos e na súa capacidade para actuar por iniciativa propia como:

Expresar gustos e preferencias.

Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emoción.

Realizar actividades nas que os nenos traballen en equipo, cooperen, dialoguen...

Competencia Social e cidadá.



O proceso de socialización condiciona a construción do seu autoconceito, que irá formando en gran medida a partir das valoracións que os demais fagan deles, tanto sobre as súas capacidades coma sobre o seu comportamento. Así tamén é unha maneira de desenvolver a competencia social e cidadá e de interacción co mundo físico.

- Elaborar e interiorizar normas de convivencia
- Resolver conflitos.
 - Utilizar a lingua como destreza para a convivencia e o respecto
 - Coñecer as emocións e os sentimentos en relación cos demais

225

Competencia en comunicación Lingüística

A través de intercambios comunicativos desenvólvese a comunicación lingüística

Esta competencia está relacionada co desenvolvemento e uso adecuado das destrezas básicas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. Tendo en conta isto, tratarase de realizar actividades que traballen sobre todo o uso da linguaxe verbal, apoiándose noutras linguaxes, coma neste caso o inglés, por tratarse dunha asignatura dentro das seccións bilingües.

- Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Ler diversos textos e comprendelos.
- Escribir de forma adecuada empregando as regras ortográficas.
- Implicarse activamente na conversa e adoptar unha actitude dialogante.
- Participar activamente en actividades orais que comprendan ambas linguas, o galego e o inglés.

Competencia no Coñecemento e interacción co mundo físico.

Esta competencia pretende que os alumnos amplíen os seus coñecementos das persoas, os obxectos e doutros elementos que conforman o mundo que nos rodea, desenvolvendo as habilidades e destrezas necesarias para interpretar a realidade como:

- Realizar actividades que fomenten a sensibilidade ante a conservación do medio físico máis próximo e a actitude crítica ante as condutas inadecuadas.
- Contribuír e valorar a importancia de coidar o medio.
- Realizar actividades que continúan a recoñecer e interiorizar hábitos de vida saudables.
- Relacionar as figuras xeométricas con imaxes e obxectos do día a día



-Identificar formas xeométricas nas sinais de tráfico

-Recoñecer diferentes tipos de texturas en obxectos da vida cotiá, así como cores e formas.

Tratamento da información e Competencia dixital.

Esta competencia fai referencia ao inicio do desenvolvemento de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

Actividades que exerciten as destrezas necesarias para que os nenos busquen e seleccionen información, tanto en fontes tradicionais como en aplicacións multimedia. Reforzar con actividades manipulativas a motricidade fina implicadas no manexo do ordenador.

Iniciar a súa actitude crítica á hora de buscar e seleccionar información con actividades que inviten aos nenos á reflexión e ao descubrimento de técnicas de debuxo dixital.

Invitar a os nenos ao uso do ordenador para que aprendan aspectos básicos da súa utilización.

Aprender a aprender

A adquisición desta competencia supón unha mellora na capacidade de aprender de forma autónoma, xa que permite apoiarse en aprendizaxes e experiencias anteriores co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades en distintos contextos como:

- Reflexionar sobre que e como se aprendeu.
- Expresar o gusto polas creacións propias ou polas dos compañeiros.
- Desenvolver estratexias de atención.
- Expresar oralmente e por escrito a aprendizaxe adquirida.
- Comprender, analizar e resolver problemas.
- Favorecer a participación dos nenos no funcionamento e organización da clase.
- Repartir en partes iguais manipulando obxectos.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía adoptada na aula caracterízase por ser activa e por favorecer o desenvolvemento da autonomía do neno/a así como o seu espírito de observación e reflexión, intentando facer atractiva a asignatura facendo que participen activamente na súa aprendizaxe.

En canto ás orientacións metodolóxicas, pátense do nivel de desenvolvemento do alumno/a tendo en conta as súas capacidades, ademais de coñecer as posibilidades de cada neno/a sempre cunha orientación positiva, destacando as



súas posibilidades para superar as dificultades.

Outra tarefa a pór en práctica consiste en promover unha intensa actividade por partedo pequeno/a, posto que é o propio neno/a quen constrúe e modifica os seus esquemas, isto é, sen a súa actividade non hai aprendizaxe. A través da acción e experimentación o neno/a descobre o mundo que lle rodea. Para iso, o primeiro paso é a motivación.

Cabe destacar outro principio o cal consiste en crear un clima de seguridade e confianza, concretándose no coidado da relación persoal co neno/a.

O centro educativo e a familia deben comunicarse para asegurar unha coordinación entre ambos.

Todas as actividades presentarán idéntica estrutura, o que facilita unha forma de traballo máis sistemática, necesaria nun alumnado de tan curta idade.

O primeiro que fago é amosarlles o que imos facer, que eles teñan un modelo real do resultado final da actividade, a continuación preséntolle o soporte lingüístico necesario en tres pasos, apoiándome en "flashcards" ou debuxos que colocarei na parede, de tal modo que non teña que recurrir a lingua materna en ningún caso; moito deste vocabulario xa é coñecido polos nenos pois o traballamos na materia de Inglés:

1. Presentación do vocabulario relativo aos conceptos da actividade (as cores, as partes do corpo, os elementos da natureza, aspectos relacionados coas distintas festividades: Halloween, Nadal, Magosto.).
2. Presentación do vocabulario relacionado co material que imos empregar (ceras, punzóns, pintura de dedos, plastilina, pinceis.)
3. Asegurado o coñecemento do vocabulario básico, explicamos as instrucións da actividade (corear, recortar, dobrar, pegar..)

Repetimos unha segunda vez a explicación dos pasos da actividade, apoiándonos de novo nos debuxos expostos na parede ou recurriendo se é necesario a mímica, técnica que lles resulta familiar e ademais axuda a captar a súa atención.

Os debuxos ou "flashcards" permanecerán na parede o tempo que dure a actividade, se algún neno nalgún momento ten algunha dúbida ou non sabe o que hai que facer, simplemente sinalaremos o debuxo dicíndollo en inglés.

Aínda que nun primeiro momento os nenos poden amosar certo medo ou receo, a situación cambiará en poucas sesións, pois gran parte do vocabulario e estruturas comunicativas repítense en moitas das actividades o que lle dará máis seguridade e motivación para acadar unha boa competencia nas destrezas de expresión e comprensión oral.

8. EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Creemos na importancia de empregar este recurso que tanto xogo nos dá para as nosas clases.

- Empregaremos o buscador de Google para achar distintos recursos para a nosa clase (imaxes, vídeos, ...) de forma conxunta e colaborativa.



- Sacaremos fotos coa tablet das nosas producións e colaboraremos na revista ouxornal dixital con unha sección en lingua inglesa..
- Empregaremos recursos online para aprender máis, xogos para pintar, misturar

cores,- - Faremos vídeos empregando a tablet, ben explicativos sobre o noso traballo como sobre producións, saídas (se é posible realizalas),... empregando para elo a lingua inglesa.

9. RECURSOS

9.1 MATERIAIS

- ☒ Material didáctico elaborado polo profesorado en inglés
- ☒ Bloques lóxicos, cordas, plastilina, bólas de cores
- ☒ Elementos da vida cotiá
- ☒ Cds, DVD, pizarra dixital, tablet
- ☒ Rede
- ☒ Cancións en inglés relacionadas coa asignatura
- ☒ Bólas de cores, lapis,... Explicacións sinxelas e reiterativas
- ☒ Exercicios prácticos
- ☒ Plastilina
- ☒ Figuras xeométricas de distintos materiais e cores
- ☒ Flash cards
- ☒ Realización de debuxos
- ☒ Lápicos de cores
- ☒ Pegamento
- ☒ Acuarelas e pinceis
- ☒ Froitas, esponxas, para estampar
- ☒ Cadros dos pintores a traballar e outros.

9.2 PERSONAIS

Aínda que o traballo deste proxecto recaerá sobre todo na mestra de lingua inglesa, tódolos mestres do claustro tanto titores e especialistas colaborarán en todas as actividades desenroladas como así o manifestaron no claustro polo que se aprobou asolicitude da sección bilingüe.



Este curso por primeira vez contaremos con auxiliar de conversa que se incorporará ao centro a partir de outubro. Así mesmo tamén contaremos coa colaboración de pais/nais do centro que están relacionadas coa lingua estranxeira, por ser nativos ou mestres, e tamén coa arte.

10. ACTIVIDADES

Son a forma activa e ordenada de levar a cabo as experiencias de aprendizaxe. O desenvolvemento das actividades de forma adecuada é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos e a asimilación dos contidos. Á hora de estruturar as actividades debemos ter en conta unha serie de criterios: Do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral.

Como criterios para seleccionar e deseñar as actividades señálanse os seguintes: A súa articulación cos contidos, obxectivos e metodoloxía, que sexan motivadoras, variadas, que se empreguen recursos e métodos variados e a previsión do tempo para a súa realización.

En relación coa secuenciación das actividades adóitanse a determinar diversos tipos, que adoitan seguir a seguinte orde: De introdución: sirven para averiguar as ideas previas dos alumnos. Deben ser motivadoras para espertar o interese para aprender novas cousas. De desenvolvemento: para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe. De consolidación: sirven para afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas. De reforzo: con elas afianzaremos os coñecementos aínda non adquiridos (para aqueles alumnos/as con dificultades, para os que non asimilaron suficientemente os contidos, etc.). De ampliación: permiten, aos alumnos/as que asimilaron os contidos de forma satisfactoria, acrecentar o aprendido. De avaliación: a través destas comprobaremos o grao de asimilación dos contidos propostos.

Empregaránse explicacións sinxelas, introducindo o inglés progresivamente en:

- Xogos e cancións en inglés relacionados coa plástica
- Ordes curtas dramatizadas e repetición sistemática das mesmas
- Práctica de vocabulario bilingüe mediante xogos e actividades divertidas
- Desenvolvemento da autoestima e da confianza nas propias posibilidades á hora de expresarse en inglés
- Xogos e cancións en inglés sobre os movementos
- Representación de liñas curvas
- Exercicios orais na lingua inglesa
- Creación dun boneco articulado
- Realización de formas xeométricas con diferentes materiais



- ☒ Aplicación das distintas tonalidades
- ☒ Emprego de diversos materiais para realizar collages
- ☒ Emprego de figuras geométricas para axudar na realización dun debuxo
- ☒ Apreciación de cadros de pintores

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

É importante que lles axudemos a ter unha *visión artística* do entorno e que esa visión sexa contrastada coa dos seus compañeiros, así todos aprenderán a respectar os distintos puntos de vista.

Importante tamén traballar a percepción das diversas facetas artísticas na vida cotiá ea orden na que se deben facer as cousas para obter un bo resultado. Os que teña máis dificultades serán axudados por os compañeiros, profesores de apoio ou horas de reforzo fóra da aula.

No momento de traballar por grupos integrados os alumnos que teñan máis destrezas axudarán aos demais.

Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación).
Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequenogrupos e individual.

Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.

Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas...).
Estableceranse segundo as vías de coordinación co departamento de orientación do centro a metodoloxía e recursos específicos para os alumnos con discapacidades específicas.

12. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

12.1 Avaliación da programación.

A programación docente enténdese como un proceso, xa que se desenvolve ao longo do espazo e do tempo.

Ainda que os posibles tipos de avaliación son casi interminables, nos centraremos nos que consideramos máis significativos para entender o plantexamento que actualmente se realiza da avaliación no noso sistema educativo:

Avaluación inicial cunha función diagnóstico e có obxectivo de detectar cales son as necesidades educativas dos nosos alumnos, sobre a que se basará a nosa programación (axustar o programa de partida). Nela intervirá un equipo multidisciplinar (os/as titores/as, o equipo docente e o DO se fose necesario...), empregando os instrumentos de avaliación axeitados aos obxectivos propostos. Esta avaliación realizarase ao longo do mes de setembro.



As conclusións desta avaliación inicial recóllense nun informe no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do grupo, a concreción das súas nee, e si é o caso, a proposta curricular ou tipo de apoios que se poden precisar.

Avaliación continua cunha función orientadora. É a que permite a retroalimentación do proceso, por unha parte indica a situación do alumno e por outra indica cómo se desenvolve o proceso de ensino-aprendizaxe. Rexistrárase nun DIARIO.

Este modelo ofrece a posibilidade de realizar as modificacións do programa a cortoplazo atendendo ás necesidades do alumnado.

Priorízase a cooperación interprofesional facilitando a información oportuna aos pais. Trimestralmente realizaranse informes por escrito a disposición de titores e pais. O último informe realizado archivarase no expediente escolar do alumno. Trimestralmente realizarase unha reunión de avaliación e seguimento cos profesionais que participan na labor educativa do alumnado, incluíndo os aspectos recollidos na orde de avaliación. Así mesmo informarase trimestralmente á familia sobre programación e aspectos a traballar cós seus fillos e levaranse a cabo entrevistas a través das titorías, que permitan coñecer os avances do alumnado.

Avaliación final cunha función de control e informativa. Ten un carácter sumativo e inclúe a todas as anteriores. A súa finalidade é informar dos logros acadados e dos procesos seguidos e así orientar futuros procesos quedando reflexado na memoria final de curso. Nela estarán implicados todos os profesionais que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe,

Para levar a cabo o proceso da avaliación deseñárase un programa que avalíe a programación didáctica, é dicir, que non só avalíe ao alumno/a senón tamén ao procesode ensino-aprendizaxe que se levou a cabo. O obxectivo será comprobar, en que medida, os recursos son axeitados e eficientes. Ao mesmo tempo, o seguimento e a avaliación da programación farase para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe levado a cabo.

Os elementos a ter en conta no seguimento- avaliación serán:

- Contexto (social, familiar, escolar) no que se desenvolve a programación.
- Colaboración familiar: nº de reunións, continuidade, actitude familiar...
- Materiais cós que se contou.
- Colaboración e traballo en equipo: reunións de ciclo, participación na elaboración deACS...
- Avaliación inicial do alumno, proceso seguido e resultados finais.
- Incidentes acaecidos durante o proceso.
- Adecuación do currículo proposto ao alumno.
- Problemas detectados: proceso reflexivo e proceso de investigación-acción.
- Criterios de avaliación (indicadores sobre si os obxetivos se van conseguindo ou



non)

- Instrumentos de avaliación
- Síntesis e propostas de mellora: avaliación do alumno e do programa en sí mesmo.

Os documentos de todo o proceso de avaliación quedarán reflexados nos distintos documentos do centro:

- Expediente do alumno: elementos que fagan referencia directa ao mesmo. Ten especial significancia a información que se transmite á familia trimestral e anualmente.
- Libro de actas do Equipo Docente o de Ciclo no que está o alumno, como resultadodas reunións mantidas.

12.2 Memoria final de curso. Este Progarmación docente avaliarase quedará plasmado, ao finalizar o curso nun informe donde se reflexan as propostas de mellora, fruto da reflexión e das respostas dadas aos distintos problemas atopados.Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación:

12. Observación das respostas do alumnado, adquisición de contidos.
13. Observación da actividade diaria: nivel de participación e esforzo nas actividades propostas, organización e limpeza, coidado dos materiais, finalización das tarefas, utilización das distintas técnicas e instrumentos, precisión no trazo e na aplicación da cor, precisión nos movementos.
14. Observación do comportamento e actitude cara a materia: cumprimento dasnormas de clase e actitude de colaboración e respecto hacia a mestra e os compañeiros, interese polas actividades plásticas e por coñecer as obras de distintos artistas.

Os criterios de calificación que se seguiron foron como sigue:

15. Observación das respostas: 10%
16. Actividade diaria : 60 %
17. Observación do comportamento e a actitude: 30%

Instrumentos de avaliación

Follas de rexistro de datos.

12.4 Criterios de avaliación relacionados coas competencias básicas



contempladas encada un deles.

☒ Lee comprende diferentes tipos de textos (relacionado coa competencia lingüística).

☒ Utiliza a linguaxe oral para formular e responder preguntas, formular hipóteses,

propoñer ideas e dar opinións. Relacionado coa competencia lingüística, competencia social e cidadá, competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia de aprender a aprender.

☒ Practica as normas básicas necesarias para a comunicación oral

☒ Recoñece diferentes formas xeométricas, competencia aprender a aprender,

interacción co mundo físico e matemática.

☒ Adquire unha percepción apropiada do espazo físico no que ten lugar actividades da vida cotiá, competencia de interacción co mundo físico.

☒ Ser consciente das diversas manifestacións culturais e artísticas como unha fonte de enriquecemento e pracer, competencias cultural e artística, interacción co mundo físico, social e cidadá.

☒ Disfruta coa realización de traballos manuais, competencia de iniciativa persoal,

cultural e artística.

☒ Disfruta coa interacción da lingua inglesa nas actividades diarias, competencia

lingüística, competencia de iniciativa persoal.

☒ Mostra interese por cadros e por os pintores dos mesmos, competencia cultural e

artística.

☒ Recoñece as partes da cara en diferentes pinturas, retratos..., competencia lingüística, iniciativa persoal.

13. UNIDADES DIDÁCTICAS PARA O CURSO 2022 – 2023



UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
1. Back to school			Setembro e 1º semana de outubro
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> · B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes · B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. · B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (, encher, colorear con distintos materiais.). · B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. · EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. · B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> · EPB1.5.1. Practica con precisión o recheo coloreando con ceras duras ou brandas e rotuladores. · EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. 	<p>CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
Actividades			
<p>Deseñar unha placa co seu nome inspirándose no alfabeto de Romero Britto.</p> <p>Observar imaxes de retratos de Andy Warhol, fixándonos nas cores que usa. Facer unha foto de sí mesmos coa tablet, utilizar unha aplicación para transformar a súa foto no debuxo do seu retrato, colorear ese retrato con acuarelas imitando as cores utilizadas por Warhol.</p> <p>Deseñar a súa mochila.</p>			



UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
. 2. It's autumn time.			Outubro
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			CCEC CSC CSIECAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> · B1.1. Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). · B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. · B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. · B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. · B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. · B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. · B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> · EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. · EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes cores e texturas. · EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. 	
Actividades escoitar unha canción sobre o outono. escoitar unha rima sobre o outono. observación da paisaxe de outono, cores, tonalidades, texturas. recollida de follas, landras e outros elementos para realizar un Land Art no patio do colexio. impresión de follas con distintas formas para realizar unha composición sobre un fondo, que pintarán con ceras brandas ou pasteis, o que lle poñerán un título. debuxar e colorear ou pintar paisaxes de outono. decoramos camisetas para participar no “Pasabodeghiñas”, actividade extraescolar no que tamén se celebra o magosto.			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
3. Mix it up!			1ª e 2ª semanas de novembro
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			CCEC CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> · B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. · B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. · B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. 	<ul style="list-style-type: none"> · EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes cores e texturas. · EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as 	



<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. 		<p>cores.</p> <ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. 	
<p>Actividades</p>			
<p>Lerlle aos nenos o libro de Herve Tullet "Mix It Up". Facemos unha reflexión sobre como se misturan as cores primarias para obter cores secundarias. Escoitar unha canción sobre as cores e como as cores primarias se mesturan para obter outras cores. Practicamos mesturando cores coa seguinte actividade: https://www.youclevermonkey.com/2015/01/easyplayidea-6.html</p>			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
4. How are you today?			Novembro, 2ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana. B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<p>CCCEC CSC</p> <p>CSIEE CAA</p>
<p>Actividades</p>			
<p>Observar como se representan distintos sentimentos en retratos e outras obras de pintores famosos. Fixámonos sobre todo na obra do pintor noruego Edvar Munch, "El Grito". Fixámonos na expresión da figura humana que se representa e tamén nas cores que utiliza. Escoitamos cancións sobre os sentimentos.</p>			



<p>ferentes texturas e formas.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<p>ras.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<p>ferentes formas, cores e texturas.</p> <ul style="list-style-type: none"> EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<p>CSIEE CAA</p>
---	--	---	----------------------

Actividades

Coincidindo co mes no que se celebra o Día da Paz e da non violencia propoño realizar un proxecto que ten como finalidade o concienciar ao alumnado da necesidade de respectar aos demais, as súas características e circunstancias porque no esencial todos os seres humanos somos iguais e temos as mesmas necesidades básicas. Lectura do libro "We are different, we are the same" de Bobbi Jane Kates.

Despois os nenos debuxarán personaxes ficticios con distintos características, cor, xénero, forma xeométrica, tamaño para realizar uns pequenos monicreques cos que realizaremos unha pequena representación que despois trataremos de gravar en vídeo se dispoñemos de tempo.

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
7. Winter time			3ª semana de xaneiro e 1ª de febreiro
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras 	



<p>encartados, ilustracións etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<p>coas técnicas aprendidas.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<p>bidimensionais e tridimensionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p>
<p>Actividades</p> <p>Observar como se representan las estaciones en distintas obras de arte. Fijarse en los colores que se usan (<i>cool colors vs warm colors</i>).</p> <p>Elaborar copos de neve con papiroflexia.</p> <p>Debuxar e colorear ou pintar paisaxes invernaís.</p>			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
8. Everybody loves Carnival			Febreiro, 2ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a 	<p>CCEC</p> <p>C</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p>



<ul style="list-style-type: none"> · B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. · B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. · B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. · B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. · B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. 	<p>B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais</p>	<p>consecución dun fin colectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> · EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. 	
<p>Actividades</p> <p>Escoitar unha canción sobre o Carnaval. Buscar información sobre a celebración do Carnaval en distintas partes do mundo. Deseñar máscaras ou os disfraces que lles gustaría levar.</p>			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
9. Picasso loves shapes.			Marzo, 1ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> · B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. · B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. · B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana 	<ul style="list-style-type: none"> · B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. · B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. · B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo 	<ul style="list-style-type: none"> · EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. · EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. · EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. · EP2.8.1. Amonesta interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<p>CCEC CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p>



<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais 			
Actividades			
<p>Lectura do libro “Picasso loves shapes” Observación dalgunhas obras de Picasso. Seguir as instrucións dun vídeo para realizar un autorretrato inspirándonos nalgúns cadros cubistas de Picasso.</p>			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
10. Easter			Marzo, 2ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, cola B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume. B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	CCEC CSC CSIEE CAA
Actividades			
<p>Visualización dun vídeo para debuxar un ovo de Pascua sorpresa: “How to Draw an Easter Egg Folding Surprise”. Seguimos as instrucións para debuxar un ovo de Pascua. Debuxar o coello de Pascua. Colorear, recortar e pegar para realizar unha manualidade relacionada coa Pascua. (Krokotak worksheets)</p>			



UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
11. Spring Time			Abril
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> · B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes · B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. · B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (, encher, colorear con distintos materiais.). · B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. · EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. · B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> · EPB1.5.1. Practica con precisión o recheo coloreando con ceras duras ou brandas e rotuladores. · EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. 	CCEC CSC CSIEE CAA
Actividades Escoitamos unha canción sobre a primavera. Observamos a primavera en láminas e na obra de pintores famosos. Debuxamos xirasoles inspirándonos na obra de Van Gogh. Debuxamos e coloreamos ou pintamos paisaxes de primavera. Elaboramos flores de papel con papiroflexia. Coloreamos, recortamos e pegamos para realizar manualidades en 3D sobre a primavera. Krokotak worksheets.			

242

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
12. The city			Maio, 1ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> · B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). · B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). · B1.9. Exploración de distancias, percorridos 	<ul style="list-style-type: none"> · B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. · B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. · B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). · B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais se- 	<ul style="list-style-type: none"> · EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. · EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. · EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. · EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. · EPB2.3.1. Practica con precisión o recor- 	CCEC CSC CSIEE CAA



<p>e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes 	<p>gundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.</p>	<p>te e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. 	
<p>Actividades</p> <p>Realizar un collage sobre o seu pobo ou a súa cidade.</p>			

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
13. I love animals			Maio, 2ª quincena
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, cola B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume. B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<p>CCEC CSC</p> <p>CSIEE CAA</p>
<p>Actividades</p> <p>Visualización dunha presentación na que se explica o que son os mosaicos. Observamos distintos mosaicos nos que se representan os animais. Estes animais poden ser da época romana, do Modernismo de Parque Güel, ...</p> <p>Elaboramos un mosaico no que se representen animais. Primeiro os alumnos/as pasarán un modelo do animal que queiran representar a unha cuadrícula. Recortan as teselas de papel de cores e colócanos para facer o mosaico.</p>			



Debuxar, colorear ou pintar animais de xeito autónomo ou seguindo tutoriais ou observando imaxes de animais en distintas obras.
Recortar, colorear e pegar para realizar unha manualidade relacionada cos animais. Krokotak worksheets.

UNIDADE DIDÁCTICA:			TEMPORALIZACIÓN
14. A sea free of plastic			Xuño
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA
SEGUNDO			
<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (, encher, colorear con distintos materiais.). B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.5.1. Practica con precisión o recheo coloreando con ceras duras ou brandas e rotuladores. EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CSIEE CAA
Actividades			
Visualización de vídeos sobre a illa de plástico e de como os animais marinos se ven afectados pola presenza deste material no mar. Visualizar o corto "A whale's tale". Debuxamos animais marinos. Creamos manualidades en tres D sobre animais marinos.			

15. AVALIACIÓN E APROBACIÓN DA PXA

1. AVALIACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR

Esta Programación Xeral de Centro foi informada e avaliada favorablemente en sesión telemática por CISCO WEBEX, o 5 de outubro de 2021.

A secretaria do Consello Escolar
Asdo. Raquel García Fraga
Vº. Pce

A directora do CRA e presidenta do Consello Escolar
Asdo. Mª Elena García Iglesias



2. APROBACIÓN POLO CLAUSTRO

Esta Programación Xeral Anual de Centro, foi informada e avaliada favorablemente polo Claustro en xuntanza presencial na sede do CRA, en Lestedo o pasado 4 de outubro do presente curso.

A secretaria do Claustro
Asdo. Raquel García Fraga
Vº. Pce
A directora do CRA e presidenta do Claustro
Asdo. Mª Elena García Iglesias

245

3. APROBACIÓN POLA DIRECCIÓN DO CENTRO

O pasado 4 de outubro, martes, esta Programación xeral de Centro foi aprobada pola dirección.

A secretaria do Centro
Asdo. Raquel García Fraga
Vº. Pce
A directora do CRA
Asdo. Mª Elena García Iglesias